

*CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO*  
(XXXIII)



*Epistolario*  
*Ricardo Carballo Calero*  
*Ramón Piñeiro*  
*(Historial dun libro)*



CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO  
(XXXIII)

*Epistolario*  
*Ricardo Carballo Calero*  
*Ramón Piñeiro*  
*(Historial dun libro)*

Edición de:  
**Luís Alonso Girgado**  
**Luís Cochón**  
**Nuria Rouco Aneiros**  
**Xurxo Martínez González**

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO  
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

**Directores:**

Luis Alonso Girgado  
Xosé Luís Cochón Touriño  
Ramón López Vázquez

**Consello asesor:**

Xesús Ferro Ruibal  
Anxo González Fernández  
Ramón López Vázquez  
Segundo Pérez López  
Manuel Quintáns Suárez  
Anxo Tarrío Varela  
Andrés Torres Queiruga

**Edita:**

Xunta de Galicia  
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

**Secretario Xeral de Política Lingüística:**

Valentín García Gómez

**Coordinador científico:**

Manuel González González

**Directora Técnica de Literatura:**

Blanca-Ana Roig Rechou

**Ilustración da cuberta**

Xulio García Rivas

© das cartas, familias de Ricardo Carballo Calero e Ramón Piñeiro López.

© do limiar e nota de edición, os editores literarios.

**Maquetación e impresión:**

**ISBN:**

978-84-453-5205-2

**Depósito legal:**

C 2209-2015

## ÍNDICE

Limiar .....	9
Nota de edición.....	21
Cartas.....	29



### **Agradecementos**

A nosa gratitude ás familias de Ricardo Carballo Calero e Ramón Piñeiro; á Editorial Galaxia, á Biblioteca Carballo Calero do Parlamento de Galicia e á Biblioteca Penzol pola súa xenerosa colaboración na publicación deste epistolario.

(Os editores literarios)





*Limiar*



- I. *Non é a de agora a primeira vez que edito cartas de Ramón Piñeiro, hogano, as enviadas a don Ricardo Carballo Calero, antano, a Isidoro Millán ou a Fermín Penzol, por dicir. Coñezo moitas máis misivas, inéditas aínda ou publicadas: a summa recompilatoria das habidas de parte a parte, entre Piñeiro e Basilio Losada, como desmesura, senón memorial de agravios veniais, ós candos.*

*Milleiros de cartas ó longo de cinco décadas (1940-1990) tiveron ó de Láncara como remitente ou destinatario. En innúmeras ocasións téño visto pasar, puntual e clandestino de si propio, cara ás bocas dos leóns de bronce ou fundición que tragaban a correspondencia na posta compostelá da rúa do Franco, número 4 ou mellor, no mesmo edificio, na Travesa de Fonseca: unha boca para España, outra para Estranxeiro, terceira para Urxente.*

*Epistológrafo avant la lettre consumado, amais de ensaísta –estou con Piñeiro–, editor, intelectual orgánico, político, iluminado, factótum, dialéctico, austero, pobre e circunspecto. Practicante en política dun certo liberalismo que non chega a ser esquerda nin no antifranquismo que sufriu e padeceu mesmo no cárcere.*

*Propiciou un galeguismo culturalista do que foi apóstolo, por propagador homilético, na forma de xesuíta avezado disposto a crer ata na propia falacia, ínsita na desaparición da praxe política no canto dese culturalismo de salón desprendido de ideoloxía que perpetuou a ditadura, a resultas. Ningún dos novos catecúmenos de Piñeiro no santuario cívico de Xelmírez 15, 4º, discretamente controlados pola Brigada Político Social (BPS), pasou pola Falcona, que así se chamaba a comisaría, porque sabía a policía que adoutrinaba pero nunca en comunista nin en nacionalista nin menos en separatista. (Dos tres pecados fun eu acusado e mandado, con petición do fiscal de sete anos, ó Tribunal de Orde Público, TOP, na modalidade especial sumarísima).*

*Sometido a xuízo público, nas Salesas de Madrid, sede única centralizada para todo o país, e exonerado de todos os cargos polo tribunal, tras retiralos o fiscal, saín inocente.*

II. Nos primeiros anos universitarios, participei do cenáculo piñeirista, polo que tiven con el trato cordial bastante. Vénme á memoria aquel remate da carta<sup>1</sup> que lle dirixiu Cunqueiro(Vigo, 1 outono 1971):

*Perdóame iste desafogo [Ramón], e que me confese contigo agora mesmo, pro a túa carta chegóume cando eu cismaba nisto, e no que eu aínda poido dar en galego. Ademais, ti non eres un mal confesor.*

*Vén isto dicir que nun intre preciso, do 64 mediado, afasteime para sempre daquel camiño sen saída, que, ó meu ver, Ramón Piñeiro transitaba oracular. Ausencia de trato e opción ideolóxica marcadamente distinta, foron apagando a simpatía que algunha vez houbo entre nosoutros. Unha nota autógrafa súa, cariñosa, que acompañaba o libro co que don Manuel Rodríguez Lapa me agasallou, dedicado, facendo acordanza daquel milagroso seminario que o filólogo de Anadia impartiu, no P. Sarmiento, sobre o trobador don Lopo Lías, a un grupiño de mozotes de Filosofía, escollidos por Piñeiro. Non conservo a nota autógrafa que recibín, pasados dous anos, na mili, en Colmenar Viejo.*

*Da deriva moi posterior de Ramón Piñeiro en clave política dá conta el propio na súa derradeira carta neste epistolario: Realidade Galega, do 77, con Carballo Calero, por certo, e o fatigado coro de amigos incondicionais. Non podo deixar de lado o parágrafo da carta de Piñeiro a Sixto Seco (12-VII-81) [Cadernos Ramón Piñeiro (XI). Cartas ..., Xunta de Galicia, 2009. páx. 47]:*

*“Tamén te quero informar da conversa co amigo de Meis. Foi estrictamente persoal e reservada. O que realmente quería era convencerme dos inconvenientes da miña participación nas eleccións. Eu expliqueille con toda sinceridade as razóns morais que eu tiña para participar nesta ocasión. Comprendeulle e respetou a miña actitude.”*

*A conversa foi certamente reservada: nunha habitación do Hostal dos Reis Católicos, en Santiago. O amigo de Meis era Pío Cabanillas Gallas, que viña de estrenar no concello pontevedrés un flamante pazo de nova planta. Que tiña que lle explicar Ramón Piñeiro, mesmo as razóns*

---

<sup>1</sup> *Epistolario lugués*, en Cuadernos Ramón Piñeiro (XV). Santiago. Xunta de Galicia, 2010.

*morais, ó ministro de Franco, traspasado agora á UCD, ministro outra vez, nesta ocasión? Piñeiro, galeguista histórico, ía obter acta de deputado no Parlamento de Galicia, acobillado nas listas do PSdeG-PSOE, como independente, e despois, primeiro Presidente do Consello da Cultura Galega.*

III. *De don Ricardo Carballo Calero fun difusamente alumno en Románicas, cando cadraba por libre e en setembro –por iso mesmo e só por iso– ciccateábame as calificacións, e todo por mor do meu servizo militar, ó que me vin impelido ou precipitado pola militancia clandestina contra a ditadura. Anos despois, polo 77, profesor de literatura no Rosalía de Castro (onde tiven como compañeira de claustro a dona María Ignacia, esposa de don Ricardo), escollín para o doutoramento o curso “A prosa do pre Rexurdimento” que impartía aquel ano Carballo. Ós seis ou sete alumnos que asistíamos, todos antigos alumnos do ferrolán, todos profesores de literatura (pasada a oposición ou non), fíxonos traballar arreo, asistir a todas as clases, a todas as leccións, adxudicarnos a cada un traballo de investigación propia de non menos de vinte páxinas, a máquina e a dous espazos. Cando lle entraba o dómine –que o tiña e moito– preguntábanos sobre a lección do día ou de días pasados.*

*Colgoume o comentario dun soneto de Xoán Manuel Pintos para que traballara nel. –Pero non era a prosa do período o que había que estudar? –Como se fixo vostede co diccionario de Antenor Nascentes? –Facilitoume Filgueira. –Xa, porque vostede é pontevedrés, non? Púxonos un exame extenso e completo. Vixiábanos el e as súas axudantes. Ó nos dar por último as papeletas coa nota obtida, o meu sobresaliente común non aparecía. –Deixaría a no despacho. Por favor acompañeme a por ela. Xa sos os dous, sen máis palabra, puideron ler sobresaliente con honra.*

*Se acaso no verán do 87, coincidimos ambos no mosteiro de Poio, ponentes os dous en senllos congresos: no de Castelao, el; no de Valle-Inclán, eu. Foi o caso que me ofrecín a traelo en coche a Santiago, unha viaxe longa de hora e media a gusto, que dou para franqueármonos e ficar amigos. –E non tería vostede algún outro Ramón máis prósimo que Valle-Inclán? Conteille, na conversa distendida, da primeira imaxe que eu tiña del, cando postrado el na cama en Xelmírez 15, 2º andar, e entregándolle eu a Piñeiro uns libros que lle tiña, ó dar as doce, Piñeiro, que atendía á*

*medicación de Carballo, dime: –Vén comigo que vas coñecer o que será teu profesor. Baixamos dous andares, e o mestre doente, recibiu como puido a aquel anónimo rapaz visitante. O curioso da escena era que ó redor do leito andaba Fole pillando moscas coa gorra, sumido na súa guerra. Mal sabía eu por entón que trinta e seis anos pasados, no leito do sanatorio, volvinlle recordar o caso de antes, agora xa sen Fole polo medio.*

- IV. *O epistolario que hoxe publicamos, constitúe en extenso o corpus –polo de agora– exhaustivo<sup>2</sup> das cartas remitidas ou recibidas, de un a outro, de Carballo a Ramón Piñeiro. As deste último, xa aparecidas en pequena parte nesta colección [Cadernos Ramón Piñeiro (V). Cartas a Ricardo Carballo Calero. Xunta de Galicia, Santiago, 2004], traense novamente a lévedo, co criterio razonado da unicidade do total respecto dunha parte que poidera quedar inconexa.*

*A Nota de Edición traza os temas –ben que sumarios–, motivos, aconteceres, abirtas, novas confirmadas ou non, os traballos e os días, afáns e esperanzas dun labor incansable, angueiras perseguidas e proseguidas sen repouso por dúas persoas laboriosas de vez. Moi boa parte do ocorrido entre nós –en Galicia– no terceiro cuartel (1950-1975) do século XX, plásmase nesta correspondencia, polo menos aquilo que interesa ós comunicantes.*


*Heime fixar especialmente naquilo que máis me portén, por oficio e por gusto e admiración: o historial ou memorial dun libro único, a Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936), I. Vigo. Ed. Galaxia. 1963. De cabo a rabo, ou no dicir do autor, do incipit ao explicit, comezo e acabo. Memorial contumaz, todo está nas cartas de quen de cando en vez confésase con Piñeiro e confésase con nós: “a Historia está en ser”; de vez en cando déixase invadir pola impotencia e o desespero: “con todo isto, a grande e xeneral historia non adianta moito”.*

*O libro que eu teño, primeira edición, tomo I, leva no alto dunha das follas de garda, escrita a lapis a data 26 de maio 1963, na que o merquei, e a miña sinatura en letra que tamén cambiou, pero que me recoñezo aínda nela. Non ten o prezo que llo paguei ó representante da editora, aquel*

---

<sup>2</sup> Por máis que advertimos ó confrontar as cartas e correspondelas varias perdas: no correo, por desleixo ou negligencia do recipiendario, algunhas, antes ou despois, perdidas adrede como quen expurga documentos e testemuños.

*amigo de tantos, Antón Moreda, que algo nos quitaba do custo. Teño tamén na desorde das miñas bibliotecas, que foron ou seguen a ser, a segunda edición (primeira completa) de 1975, e a terceira (e última en vida do autor que se debe considerar, pois, como canónica). Veño de repasar e revisar os prólogos á segunda, esclarecedor, e terceira edicións (a primeira non leva). De confrontar os colofóns (sobre todo da primeira e da segunda, do que algo se dirá). Da disparidade entre as datas dos prólogos e dos colofóns respectivos (algunha vez cerca de dous anos).*



*Se cada libro ten a súa historia, a deste –día, mes e ano– vén detallada no epistolario. Así mesmo as carencias aparecen explícitas: a bibliografía que non se dá atopado. A busca, o rebusco, a procura, meter os cans na bouza das bibliotecas, ou o presunto prestatario non disposto a soltar peza. A probidade de don Ricardo a non dar por bo algún dato non confirmado, mesmo de viso: libro ou folleto foron escudriñados para anotalos na Historia. Ningún historiador antes que el leu, reparou, cavilou, consultou tanto a estatura da nosa historia literaria.*

- V. *Non todo é carteo. Cousas que as cartas non din porque antes foron conversa ou encontro persoal. Cando non silencio: non todo se conta e menos por correo. Xa che direi cando nos vexamos. Piñeiro foi mestre en planificar os silencios. En deixar para despois. Nada en demasía: ne quid nimis. “Home de entusiasmos frío”, adoitaba dicir de Piñeiro, Cabanillas.*

*Nunca se fala de números, de cartos. Pagoulle algo ou nada Galaxia a Carballo por todo ese traballo copiosísimo? Nunca imos ter, debullado, o número de edicións (ou reimpresións) dos nosos libros maiores? Cantos exemplares se publicaron? Cal o monto dos dereitos de autor? Tense dito a lenda urbana aquela que en Galaxia tan só cobraba Cunqueiro. Na carta a Piñeiro que citei antes, do 71, Álvaro, desminte: “...ti sabes que eu din os*

*meus libros gratis et amore a “Galaxia”, e sin percibir cáseque nin un pataco. Así están as cousas”. Soamente en intres de verdadeiro apuro Cunqueiro conseguiu da editorial, Del Riego mediante, mil pesetas no 1954 polo Merlin e familia, e mil cincocentos, no 1959, por Escola de menciñeiros e polo Sinbad. Ninguha outra ocasión. As cartas de Del Riego dan fe.*

*Carballo e Piñeiro, persoas de carácter, seguros de si, moi intelixentes, rexos e cabales, pensaban o que dicían –da recíproca non estou seguro. En todo caso, amigos que se entenderon: «Teño visto [Carballo] unha carta de Pondal na que iste escribe que il e don Manuel Murguía poden ‘regañar’, pero non reñir». Algo que se pode predicar dos nosos amigos: pensar distinto ou pensar diferente, e nalgún sentido pensar tamén que o contrario victorio poidera ser verdade:*

*“Pol-o que se refire [a Pimentel], percibo nas tuas verbas un tono que nunca empregaches connigo e que, se ben non me produz ningunha contrariedade, porque non revela malevolencia persoal, senón resulta oposición de criterio, non deixa de me sorprender algo, en canto supón o abandono das formas de convicción ou de discusión habituás en ti, que soen ser tempradas, e a substitución por xuicios apodópticos que refuxan toda concesión ao preopinante. Isto faime creer que dás á custión un valor emotivo, é decir, subxetivo; [...] fanme temer que coas miñas verbas, escritas corrente calamo e como comentario desprovisto de intención aleiciadora, houbera ferido algunha corda da túa sensibilidade persoal e formado imprudentemente en ti un movemento de cólera. [...] Caerás na conta de que non había n-elo nengunha censura pra ti, e, inda que a houbera, houberase tratado dun problema de política cultural, i esposto precisamente nunha carta dirixida a ti mesmo, sería cousa normal e amistosa, pois non se pode negar a quen dalgún xeito –por moi modesto que sexa– colabora na cultura galega, o dereito de crítica sobre a dirección disa cultura”.*


*Háseme disimular a cita longa, pero esencial nesta correspondencia, na medida que é a misiva máis extensa e de calado maior, verdadeiro*



punto fulcráceo. De aí a teimosía carballeira: “E con isto, abundaría do asunto. Pero como teño pouco tempo, quero perdelo e facercho perder a ti aproveitando a ocasión para puntualizar a miña posición sobre varios extremos relacionados co que disentimos; o que pol-o menos, servirame de expansión, xa que falar sen coidados é sempre un conforto pra quen soe vivir silenciosamente”.

A carta, íntegra, non ten desperdicio. Na base, o exemplo de Pimentel, e a lingua na que escribe a súa poesía de “máisima pureza lírica”. Carballo descre de que a primordia os poemas pimentelianos se fixeran en galego, pero si traducidos ó castelán por mans de amigos que axudaron a tal tradución. “[...] Ao que son enteiramente hostil [...] é a que circulen como orixinás poemas traducidos [...]” e, “ao se apoiar n-unha base falsa, ou nun silencio equívoco, presenta un flanco moi vulnerable á crítica ouxetiva da nosa política cultural, que pode sere acusada de fabricar poetas. Puido ter iso xustificación –vou concedelo e me custa moito– nun principio, pra impulsar ao home a seguir polo seu pe o camiño; pero o sostimento disa táctica como fin en si mesmo, seméllame confundir o camiño coa meta”.

VI. Na primeira edición. –Na portada: Ricardo Carballo Calero. Historia da literatura galega contemporánea, I, Galaxia. Vigo [1963] Na cuberta (ou tapa): suprímese do título o de “contemporánea” substituída por “1808-1936”. Non aparece mención do autor relegado ó lombo do volume, CARBALLO CALERO, sen o nome. (No mesmo lombo unha estrela de oito puntas, indica o Tomo I. E máis abaixo GALAXIA). Tapas e lombo en cartón duro, de cor azul mariña, e, sobre el senllos rectángulos en branca, onde se imprimen título, apelidos do autor e a estrela, todo en caracteres dourados. O libro vai cosido (nas posteriores, non). 566 páxinas máis colofón. Caixa de páxina: 18 por 12,6 cms. Cuberta: 24,5 por 17 cms. Non leva prólogo.



*As edicións segunda e terceira, xa completas, nun só tomo, son de 1974 (prólogo do autor, en Santiago, 20 de decembro de 1973) e de 1981 (prólogo do autor, tamén en Santiago, 27 novembro de 1979). Esta derradeira, a terceira en vida do autor, hase considerar a definitiva. Ata hoxe non houbo ningunha máis. Nas segunda e terceira, nome e apelidos do autor consígnanse, como é de razón, en primeiro lugar, de arriba a abaixo, tanto na capa como no lombo, e restitúese nas dúas o adxectivo “contemporánea” ó título. As datas 1808-1936 fíronse á portada ou entrada do libro.*

*O dos prólogos (segunda e terceira) esclarece os propósitos do autor con consideracións moi oportunas para o lector que ha atender en cada caso, corrixida ou aumentada, que intentou na medida do posible. Dá, Carballo, no prólogo á terceira, o ano 1953 como inicio da obra —“se non me trabuco”—. O caso é que xa no 51 (carta, 6-11-1951) Piñeiro faille saber paladinamente o seu convencemento de que ha ser Carballo quen escriba a Historia: “Urxe que a acometas ti [...]. Estou convencido de que hoxe en día é Carballo Calero o único que pode facer unha valoración da nosa literatura, pol-o menos da contemporánea, de acordo co-as atuais eixencias críticas. Folgaríame moito, moitísimo, de que ti o comprenderas así”.*

PRÓLOGO A TERCEIRA EDICIÓN

Aquí, en Santiago, o 20 de decembro de 1973, firmaba o autor o prólogo á segunda edición desta obra.  
A primeira comprendía oito capítulos, e estaba concebida como o volume inicial dos dous proxectados. Saliu en 1963. Mais cando, des anos despois, o traballo facía conclusión, achábanse espado o volume que se publicara, e pareceu oportuno imprimir uns 86 todo o texto.

Nesta edición de agora, tense conservado a estrutura da segunda, e somente aquí e alí anotáronse algunhas cousas: unha data de falecemento do escritor vivo en 1973, un importante libro publicado posteriormente por outro. Fora dito, só corraxímonos algunha noticia menos exacta, as grañas de impresión e algunhas coxobas que fan preferible outro aspecto na rápida evolución do galego escrito.

Mais, como se dixo no prólogo da segunda edición, explicando a persistencia nos primeiros capítulos de formas lingüísticas que aparecen recifionadas nos últimos, estimamos que unha revisión sistemática nesta orde de cousas non resultaría económica no momento actual, dada a fluidez do proceso idiomático e o tempo e o esforzo que se tería de suporter unha reedición xeral, cando as nosas disponibilidades de días e de anos son pobres.

Cada libro fan a súa historia, e non está mal que ésta se reflicte nas súas páxinas, do incipit ao explicit.

Desde o día do ano de 1953 —se non me trabuco— en que Ramón Piñeiro me titulou en Finqu para solicitar de min formalmente que puzese —como inmediatamente o fizen— mans a esta obra, a historia da literatura galega, a historia da lingua galega, a historia de Galicia e a miña propia humilde historia atravesaron por tantos días e traballos que, para ben ou para mal, non poden menos de afectar á realización deste empeño en relación coa imaxe que o autor hoxe posúe do que sería o esquecemento da tarefa.

Pois razóns arriba indicadas, non pretendín poñer o libro ao día, senón retocalo simplemente naqueles poucos puntos onde era máis deseñable e posible unha certa revisión.

Que ésta non sexa, pois, unha edición totalmente corrixida e aumentada, non tampouco unha simple reimpresión da edición anterior, non significa outra cousa senón que o autor acepta o cometido que, dentro das súas posibilidades, lle pareceu máis ridel.

Oída o autor que a forma que agora reveste este libro mellora en algo as anteriores, e con iso conséntase —até onde cabe— suficientemente xustificada.

RICARDO CARBALLO CALERO  
Santiago, 27 novembro 1979

VII. Algo prometín antes verbo dos colofóns. Sobre todo do da primeira edición. Os editores fan cadrar a saída do prelo co corenta cabodano de D. Manuel Murguía, mestre que Galaxia quer como guieiro do seu labor, ata o punto de iniciar con este libro a Colección Murguía da editora. Esquécense, no ano 1963, primeiro centenario de Cantares gallegos, non apareza mención

*ó poemario nin tampouco a Rosalía, autora e esposa do tan louvado Murguía. Quen primeiro se decatou desa ausencia imperdonable foi o propio Piñeiro –por escrito–: “Resulta confortador, fondamente confortador, que xusto ós cen anos de teren aparecidos os “Cantares Gallegos”, poidase escribir unha obra coma esta. ¡Cómo se estremeceran de gozo as cinzas de Rosalía e de Murguía!”.*

*Menos mal que no colofón á segunda edición Rosalía de Castro desprega o seu nome sobre a nosa literatura. “Chamaremos [di Carballo] renacemento pleno á época que se estende dende a publicación dos Cantares gallegos ate a morte de Pondal”.*

#### CODA E FINAL

*Acórdome, noctámbulos e licnobios, con Luís Mariño –ó cabo xente do 68– da celebración e festa pola Historia de don Ricardo. Alegría e satisfacción por dispoñer dese glorioso manual, en galego, cando só as literaturas románicas máis empetoutadas podían presumir de tal valioso compendio, grand précis, feito entre nós e de autor de noso, laborioso eremita, titán teimudo que alumeou o mellor camiño Ad Gallaeciae Maiorem Gloria.*

Acabóuse de imprimir nos talleres de “Faro de Vigo” iste primeiro volume da *Historia da Literatura Galega Contemporánea* o día 2 de febreiro de 1963, cuadrazésimo aniversario do pasamento de D. Manuel Murguía, Patriarca da Renacemento de Galicia. A Editorial Galaxia, ao servizo das mesmas arelas culturais que ateigaron a vida do venerable mestre, quer honrar a súa memoria inaugurando co presente tomo a súa **COLECCIÓN MURGUÍA**, na que se agruparán tratados sobre todos os aspectos que constituiron a exemplar adicación do xurdio polígrafo. Sexa a data da súa morte incorporación a nova vida de nome tan alto e de tan inmarcesible lembranza.



## *Nota de edición*



Este libro, que fai o número XXXIII da colección Cadernos Ramón Piñeiro, impulsado polo CRP, constitúe na súa integridade o epistolario habido entre Ramón Piñeiro e Ricardo Carballo Calero; epistolario que reproducimos agora. Un primeiro e parcial avance aparecía como número V dos citados Cadernos en 2004. Nas páxinas prologais precisabamos:

Trátase dun conxunto de 49 cartas. A súa cronoloxía vai do ano 1950 (24-IV-1950 é a data primeira) ata 1977 (a derradeira ten data de 5-III-1977). A súa extensión en xeral é breve, aínda que existen tres ou catro que podemos considerar longas, sen chegar, desde logo, a amplitude das misivas epistolares que aparecen reunidas en *Olladas no futuro* (1974). A secuencia temporal destas cartas é certamente irregular polo discontinua e isto é claro se repasamos as datas. Temos entón: 3 en 1950, 3 en 1951, 1 en 1960, 10 en 1961, 10 en 1962, 8 en 1963, 9 en 1964, 4 en 1965 e 1 en 1977. Son, pois, os anos 1961-64 os de máis intensa e frecuente comunicación. Aínda que fora Galaxia o terreo de encontro común, son ben poucas as cartas datadas na primeira década da xeira da editorial. No entanto a correspondencia faise moito máis habitual cando Carballo Calero traballa na súa *Historia da literatura galega contemporánea* (1963) e na *Gramática elemental del gallego común* (1966), que verán a luz en Galaxia, ou cando colabora en *Grial*, que comezaba a súa andaina en 1963.

Agora, este importante *corpus* epistolar complétase en moi alto grao con novas achegas que publicamos cruzadas, respectando rigorosamente a cronoloxía. Cuantitativamente temos un total de 226 cartas; as de Carballo Calero suman 104 e 122 as de Piñeiro. Cronoloxicamente, as de Carballo van do 4-XI-1951 ata o 7-X-1982; as de Piñeiro, do 24-IV-1950 ata o 5-III-1977. A intensidade desta comunicación epistolar está condicionada polo traslado de Carballo Calero a Santiago en 1965. Deixa o Fingoi lugués para se facer cargo das clases de Lingua e Literatura galegas na Facultade de Filosofía e Letras (sección de Filoloxía Románica) da Universidade de Santiago de Compostela, cidade na que Carballo e Piñeiro serán conveciños ata o seu pasamento en 1990. A veciñanza de residencia é a causa da desaparición do nexa epistolar.

O asunto do primeiro bloque de cartas é de natureza cultural, bibliográfico moi especialmente, e de signo inequivocamente galeguista. A pedra angular do entramado é a Editorial Galaxia, da que 1950 é o ano fundacional e ano no que se datan as tres primeiras cartas de Piñeiro ao seu amigo, que pasaría a década 1950-1960 afincado en Lugo como profesor do Colexio Fingoy. Galaxia era o eficaz instrumento para a praxe da política posibilista dun galeguismo cultural que Piñeiro practicaba co seu exemplo, sempre en conexión cos “galaxios” de Vigo (Xaime Illa Couto, Xosé Luís Franco Grande e, sobre todo, Francisco Fernández del Riego, familiarmente “Paco” para Piñeiro). Algúns datos concretos da problemática epistolar son:

- 1) Éxito de *A xente da Barreira* (1951), que terá dúas edicións posteriores (1982 e 1984 respectivamente) con notables cambios na grafía.
- 2) Valoracións e comentarios suscitados polas historias da literatura galega de Fernández del Riego (1951) e Carballo Calero (1963). Futura publicación da *Gramática elemental del gallego común* de Carballo Calero (1966).
- 3) Creación –anos 1963-64– da sección de Románicas na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela e dotación das cátedras de Lingüística Románica e mais Lingua e Literatura galegas.
- 4) Primeiros pasos da *Colección Grial* (1951) e nacemento de *Grial* (1963).
- 5) Referencias espaxadas a distintos libros de Carballo Calero e a diferentes publicacións de Galaxia, en particular o *Diccionario* de Eladio Rodríguez González.

O segundo feixe de material epistolar que agora ve a luz reitera algúns datos e feitos do primeiro, mais tamén os amplía, prolonga e enriquece. Continúa Galaxia como elemento troncal que se constitúe no soporte do devir publicístico de novas voces: Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco Amor, na narrativa; Luís Pimentel, Xosé María Díaz Castro, Uxío Novoneyra, na lírica. Ademais, Méndez Ferrín, Franco Grande, Xohana Torres, López Nogueira, Fernández de la Vega (en eidos como o teatro e o ensaio algúns deles) e a poderosa sombra de Otero Pedrayo ocupado no terreo da contística. A colección Illa Nova é novidade, como tamén o renacemento de *Grial* en 1963, agora como revista. Concrétanse os primeiros proxectos



de relevancia: o *Diccionario* de don Eladio, a *Historia da literatura galega contemporánea*, de Carballo Calero e algunhas relevantes traducións como a de Martin Heidegger, a da poesía céltica de Jules Pokorny ou estudos rosalianos procedentes de Portugal, Francia, Estados Unidos ou Inglaterra.

Mais reparará de contado o lector que é a intrahistoria da *Historia da literatura galega contemporánea* de don Ricardo o eixe ou clave destas novas cartas: unha empresa que levou ao catedrático ferrolán un total de dez anos (1953-1963) e que puxo a proba a súa paciencia e dotes de investigador, a súa capacidade de sacrificio, o seu rigor bibliográfico e a súa loita contra todo tipo de atrancos: dende a carencia de materiais bibliográficos ata o escaso tempo libre que lle deixaba o seu apretado horario docente en Lugo. Amén dunha incómoda situación política que tiña pendente co réxime de Franco e que solventou cumprindo as súas obrigas burocráticas ante as novas autoridades.

Carballo escribe a súa *Historia* (un fito na nosa historiografía literaria) a petición expresa de Piñeiro, intermediario eficaz entre o autor (Carballo) e Galaxia (Fernández del Riego). As procuras bibliográficas son unha constante e unha rémora. Don Ricardo sacrifica as súas vacacións no labor de localización e consulta. Piñeiro necesita “templar gaitas” porque don Ricardo non se prega a certas cuestións nas que discrepa abertamente co lugués. A carta de Carballo Calero (con data do 30 de outubro de 1956) non deixa lugar a dúbidas, como tampouco certas puntuais disensións. A súa frialdade para con Fernández del Riego non pasa desapercibida, e iso se repite e aumenta no caso de Valentín Paz-Andrade. Non son casos únicos.

Manexamos para esta edición fotocopias das cartas orixinais depositadas na Fundación Penzol e na Biblioteca Carballo Calero do Parlamento de Galicia. A nosa gratitude a estas dúas institucións e tamén á Editorial Galaxia, posuídora dos dereitos de edición dos escritos de Ramón Piñeiro. Fomos particularmente respectuosos cos orixinais, manuscritos ou mecanoscritos, non sometidos a ningunha normativa oficial, aínda que, no caso de Piñeiro, a súa escrita non é allea a certas normas que promoveu Galaxia para as súas publicacións. Corriximos unicamente as grallas e, entre corchetes, completamos a onomástica reducida: [José Luís] Varela, Paco [Fernández del Riego] etc. Na transcripción dos manuscritos, a claridade da

letra no caso de Piñeiro –de oceánica produción epistolar– e a homoxeneidade caligráfica de don Ricardo evitaron calquera tipo de problemas.

Respecto das notas, probablemente algunhas resulten innecesarias, mais estimamos que era mellor pecar por exceso que por defecto, tendo aínda en conta que a tecnoloxía informática é un instrumento rápido e eficaz para a consulta informativa. O contexto no que xorden estas cartas é común para os seus autores, que manexan así unha linguaxe en situación que permite unha referencialidade cómplice, expresivamente reducida e tanxencial, concretada nun dicir elusivo ou alusivo.

Temos a convicción, e tamén a esperanza, de que a publicación deste material epistolar, froito da relación persoal e profesional de dúas significadas personalidades da cultura galega do pasado século XX, ten que contribuír a un máis preciso coñecemento de aspectos, circunstancias e cuestións de índole ben diversa (económicas, ideolóxicas, de censura, institucionais) que pesaron no devir histórico e, sobre todo, intrahistórico da recuperación da nosa cultura en décadas de moitas carencias e non poucos atrancos.

Luís Alonso Girgado



Ramón Piñeiro e Carballo Calero na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela



*Cartas*



**1950-1951**





## I

(Lugo, 24-4-1950)

Meu querido amigo:

Xa te podes maxinar canta ledicia me produxo o fallo do “Concurso de novela gallega”. Foi unha dobre ledicia: pol-o trunfo persoal do amigo e pol-o trunfo comun que así lle podemos chamar das letras galegas; despois do resoante trunfo académico de Otero o teu trunfo literario veu a ser coma un podente aturuxo que pregoa o rexurdir das letras galegas. E así foi como o entendeu a xente, pois moitos que non te conocen persoalmente mostrábanse moi satisfeitos do resultado do concurso “por ser a única das presentadas que estaba escrita en galego”. Entre os que te conocen foi unanime a alegría, mesmamente como si foras d-eiquí e viviras eiquí decote.

Fai un mes estivo en Lugo Álvaro Gil<sup>1</sup> e xa me anunciou as primeiras impresións que tiña recolleito do Cabanillas e do Otero. Tamén falamos do asunto de Magoi ou Fingoi, que inda non teño comprobado a cal pertence o edificio e mostrouse ausolutamente confiado en que a cousa chegue ó final. Dentro de unha semán conto co-il, co Cabanillas e co Penzol, que os tres me teñen anunciada a visita para primeiros de mes. No caso de que recolla algunha nova impresión encol do asunto xa che comunicarei.

De volta de un viaxe que fixen a Ourense e á miña casa atopeime co teu libro “Trinitarias”. Demoreime en acusarche recibo porque decidin agardar o fallo de “Bibliófilos”<sup>2</sup> co-a esperanza de poder ó mesmo tempo felicitarte como trunfador. Agora fólgame moito de podelo facer así.

---

<sup>1</sup> Álvaro Gil Varela (Lugo, 1905- Madrid, 1980). Cofundador da revista da vangarda luguesa *Ronsel*. Enxeñeiro técnico de montes, importante empresario e mecenas da cultura galega. Pertenceu ao Partido Galeguista e axudou xenerosamente ao Museo de Lugo, Fundación Penzol, Museo Carlos Maside e outras institucións.

<sup>2</sup> Editorial de los Bibliófilos Gallegos (Santiago de Compostela, 1949-1994), fundada por Xosé Filgueira Valverde e Francisco Javier Sánchez Cantón para mellorar a case inexistencia de libros galegos e editalos con respecto polos seus orixinais. Foron os seus primeiros libros: *Camiños no tempo* (1949), de Ramón Cabanillas; *Descripción del Reyno de Galiza* (1949), de Bartolomé Sagrario de Molina; *El Pórtico de la Gloria* (1949), de Ángel del Castillo López; *El Museo de Pontevedra* (1950), de F. J. Sánchez Cantón. Promoveu un

Onte pasou por eiquí Cunqueiro camiño de Madrí. Díxome que xa lle publicaron na “Benito Soto” o seu libro “Dona do corpo delgado” e que lle anunciaron a inmediata publicación de un teu.

Xa temos autorización de Heidegger pra traducir ó galego un traballo filosófico seu e incluso trataremos de que lle faga, si pode ser, un prólogo especial. Así combatiremos a lenda insidiosa de que “o galego soio sirve pra facer versos e pra falaren os labregos”. O teu trunfo tamén lles lembrará que sirve pra facer novelas.

Saúdos á tua familia e unha aperta pra ti de

Piñeiro

## II

(Lugo, 5-5-1950 )

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta o mesmo día que eu che tiña votado unha pra ti. Dínllela a ler a todol-os teus amigos.

Istes días estivo aquí o Cabanillas de camiño pra Samos. Tamén estiveron Álvaro e Milucho<sup>3</sup>, que falaron con Fernández<sup>4</sup>. Todo sigue igual que ti sabes, pois non modificou ningún elemento do plan que tiña trazado. Sigue pensando en que comence a funcionar no curso que ven.

---

premio de novela galega que gañou en 1950 Carballo Calero con *A xente da Barreira*, citada neste epistolario.

<sup>3</sup> Trátase de Emilio Gil Varela, irmán do citado Álvaro.

<sup>4</sup> Antonio Fernández López (Lugo, 1903-1971), citado con frecuencia por Carballo Calero nestas cartas, foi un moi activo empresario e un importante mecenas da cultura galega. En 1950 fundou o colexio Fingoy, de Lugo, que funcionou (e funciona) de acordo coas normas da Institución Libre de Enseñanza e os principios pedagóxicos de Giner de los Ríos. Foi protector do Museo de Pontevedra e cofundador de Galaxia e da Fundación Penzol. (Véxase ao respecto: Avelino Pousa e V. Arias, *Antonio Fernández López. Empresario, reformador e filántropo*, Vigo: Ir Indo, 2001).

Otero Pedrayo escribume dous dias despois do concurso de “Bibliófilos” e quéroche copiar un dos párrafos da súa carta: “Gran cousa fixemos o 22 en Sant-Iago dándolle a Carballo Calero o premio de Bibliófilos Gallegos. Con ser pra case todos a millor novela, había outras boas e certos perigos. Ó rematar as votacións co trunfo de “Xente da Barreira” sentín unha das grandes ledizas da miña vida”. Verbas parecidas díxome eiquí o Cabanillas, que estaba moi satisfeito do trunfo da tua novela.

Xa vexo que os de “Benito Soto” tamen se dispoñen a publicar axiña “Anxo de terra”, así que iste ano 50 vai a ser o da tua plena reincorporación a vida cultural galega.

O Anxel Xohan rematou a súa serie de sonetos galegos, que por certo che adica a ti.

Saudos á tua familia e unha aperta para ti do teu amigo

Piñeiro

### III

(Santiago, 22-5-1950)

Meu querido amigo:

Onte viñeron algúns exemplares d-iste libríño de versos e como supoño que non-o conoces mándoche un exemplar. A historia do autor\*<sup>5</sup> cicais a conozas xa: era de Tuy, foi músico en Vilagarcía e morreu tuberculoso en Buenos Aires, pol-o visto a causa da fame. A min gústame. Sin dúbida pertence á escola que ti denominaches de “poesía románica”. Ten un senso moi puro do idioma, cousa que che resultará grata.

O Bouza chegará eiquí a fins d-ista semán pra embarcar o día 5 de S. Xoán camiño de B. Aires. Vai a botar varios meses por aló, pois ten que arreglar non sei que choios hereditarios.

---

<sup>5</sup> Manuel Prieto Marcos (Tui, 1905-Buenos Aires, 1954). O libro é o poemario *Versos en gama de gaita* (1943) editado polas Mocidades galeguistas da capital arxentina, onde se reeditou en 1970.

Xa salíu o libro de Cabanillas<sup>6</sup>, que quedou ben editado. Tamén salíu o primeiro número da “Colección Grial”, que está editado con gran modestia con miras a facilitar a súa difusión con un precio módico. A Historia da Literatura Galega xa se está imprentando (en castelán) e Otero entregaranos no vran un libro de viaxes –o libro do seu viaxe á América– pra publicalo na colección literaria que inaugura Cabanillas.

O domingo fomos Á Cruña a facerlle unha visita a D<sup>a</sup> Gala, que sigue vivindo na casa onde vivíu o pai. Alí hai cousas interesantes. A min impresionoume o despacho de Murguía, que inda o conservan tal como il o deixou. A súa mesa de traballo está aínda sin abrir. Non se sabe que será o que ten nos caixóns, que están cheos de papeles. Tamén vin un retrato de Rosalía cando era moza recién casada que non se publicou nunca.

A novidade máis importante de por eiquí é que onte destituiron a Goñi<sup>7</sup> da dirección do “Correo” e de “La Noche”<sup>8</sup> por un artigo que publicou defendendo a liberta-de de prensa.

Otero está tan animoso coma sempre. Anda a traballar na historia do XIX.

Supóñote enterado de que o Centro Gallego de Buenos Aires estableceu cinco premios anuais de catro mil pesos cada un. Tamen o

---

<sup>6</sup> Vid. máis adiante a nota de Bibliófilos Gallegos.

<sup>7</sup> José Goñi Aizpúrua (San Sebastián, 1908-Madrid, 1964). Xornalista de ideario carlista que dirixiu *El Pensamiento Alavés*, xornal tradicionalista. Foi o gran impulsor do xornalismo santiagués, fundador e director de *La Noche* (1946-1967) e director d’*El Correo Gallego*. Convidou a moitos galeguistas a colaborar nos dous xornais que el modernizou no que á maquinaria se refire. Traballou arreo a carón de Borobó naquelas páxinas per-tinentes, nos dous casos, á Editorial Compostela.

<sup>8</sup> *La Noche* (Santiago, 1946-1967). Xornal vespertino compostelán fundado por José Goñi Aizpúrua. Substitúe a *El Compostelano* (1920-1946). Con Goñi e Borobó (Raimundo García Domínguez) impulsou a presenza do galeguismo cultural e literario e deu lugar á chamada “Xeración de La Noche”. Ramón Piñeiro fai referencia constante a artigos de Aquilino Iglesia Alvariño, Otero Pedrayo, Ánxel Fole, Carballo Calero, Borobó, Manuel Rabanal, Fernández del Riego publicados naquel xornal onde Otero Pedrayo publicou a serie “Parladoiro” (toda en lingua galega) e Borobó os seus “Anacos”. Iniciativa histórica foi o *Suplemento del Sábado* (1946-1949) de gran significación galeguista.

de La Habana convocou tres premios de 500 pesos (que equivalen a 500 dólares) pra conmemorar o centenario de Curros.

Moitos saudos a María i-ás nenas e ti recibe unha aperta do teu amigo

R. Piñeiro

#### IV

(Santiago, 31-5-1951)

Meu querido amigo:

Onte recibín a túa carta e onte mesmo tiven ocasión de comprobar o que tiña ocorrido co traballo do noso amigo Usero. Otero recibíuno i-entregoullo no “Derby” ó Borobó, que quedou en publicalo n-aquiles días. Agora ben, precisamente n-aquiles días ocorriron na Redacción de “La Noche” varios acontecementos importantes que perturbaron a normalidade interna do xornal: marchouse o Landeira<sup>9</sup> pra o Brasil (como foi en avión xa está enviando crónicas dende aló); morreulle a nai a Pola, o redaitor xefe, que con motivo da súa doenza estivo ausente un mes; destituiron fulminantemente a Goñi da dirección do “Correo” e máis de “La Noche” por mor dun artigo que publicou pedindo a liberdade de Prensa, destitución gubernativa, craro está, pois a Empresa conserva a Goñi como xerente. Como quedou o Borobó soio pra facer os dous xornás tivo que traballar de día e de noite e as cousas desorgaizáronse bastante, tanto que algúns artigos de Paco [Francisco Fernández del Riego] e d-outros colaboradores trasapeláronse. A mesma sorte correu o de Usero, que o Borobó non ten idea de donde o poñería. Con todo, agora que xa comenzan a ordear novamente as cousas non tardará en aparecer e xa o publican.

<sup>9</sup> José Landeira Yrago (Santiago, 1922-Vigo, 1995). Importante xornalista, redactor de *La Noche* e tamén de *Faro de Vigo*, do que foi director. Colaborou nos xornais *Madrid* e *La Vanguardia* e nas páxinas de *Grial*. Estudoso da literatura, foi responsable do volume “Dos devanceiros ao dezaioito” (1975), da *Antoloxía da poesía galega*, así como de *Federico García Lorca y Galicia* (1986) ou *Sobre fugas de Cunqueiro* (2011), e traballos sobre Eça de Queirós, Cervantes ou Camões.

A segunda consulta que me fas, relacionada co Barros, trasladareina o domingo ós de Vigo, pois é case seguro que ise día vaia aló. Anticipareiche os datos que eu teño sobre iste asunto e que poden condicioar a resposta. Trátase de que cada número de “Grial” esteña consagrado fundamentalmente a un tema cultural galego. O primeiro foi mais ou menos filosófico, o segundo estará adicado “á Pintura galega”, o terceiro a Curros coincidindo co seu centenario, o carto a temas economico-sociás, etc. Cada un d-iles responderá, en principio, a un esquema previo de temas, que se lle irán encargando ós colaboradores máis relacionados co-iles. Xa se sabe que ista pretensión de rigor sistemático non se acadará totalmente, porque a xente non gusta moito de axustarse a tal maneira de facer as cousas, pro na medida en que seña posibel faremos por levar así as cousas. Agora ben, o número 2, está como che dixen, adicado precisamente á nosa pintura. N-ise número xa se estuda a pintura de Díaz Pardo, xunto co-a dos outros cinco compañeiros que concurrirán co-il á exposición colectiva do Centro Gallego de Buenos Aires (Laxeiro, Maside, Minguillón, Pesqueiras e Prego). Pra facer iste estudo tivo que se trasladar a Vigo o amigo Anxel Xohan, que é o crítico a quen se lle encomendou iste traballo o fundamental, xunto con outro de Maside, do número 2. Ademais de que se estude a pintura de Díaz Pardo, xunto ca dos outros cinco, o propio Díaz Pardo espón as suas opinións en col da pintura galega “e da sua estética persoal”. ¿Non che parece que mentres non pase certo tempo sería un pouco raro insistir en tratar da “pintura de Díaz Pardo”? O que ti persigues é moi interesante –atraguer á xente nova de valía– e todos coincidimos no mesmo empeño: Paréceme que no caso do Barros, de cuia valía non dubido pol-as cousas que ti me tes dito dil, poderíase enfocar d-iste xeito: si il está en París como sospeitas, cando leve ahí algún tempo e se teña orientado por aló pódesele pedir algunha nota sobre o movemento pictórico en París ou sobre algunha cousa de por alí que resulte interesante para a seición europea de “Grial”. Máis ben notas que traballos longos, pois co-ista xente nova compre ter algo de precaución porque adoitan a ter uns criterios que non sempre coinciden co que nós nos propoñemos facer. Por exemplo, as opinións poéticas do mesmo Barros, tendo en conta os xuicios que che manifestou en col dos libros de “Benito Soto”, non deixan de ser un pouco raras (pol-o menos na parte que eu conozo). Naturalmente que istas cousas que che digo son puros comentarios persoales. Eu falareilles en Vigo do asunto e logo xa te informarei.

Non me asombraron moito as anomalías que se produciron no Concurso lugués. A xente ten uns hábitos de obrar pouco severos.

Celebro que esteñas entregado á actividade literaria. A novela que escribiches agora paréceme extraordinaria, a xuzgar pol-os datos que me das. Eu nunca escribín ningunha e teño lido moi poucas, así que a miña iñorancia e case absoluta n-istes problemas. Por ista razón espero que non te rías de min por ista pregunta que se me ocorre facer: ¿Pódese escribir unha “verdadeira novela” en tan pouquiño espacio? Volto a insistir na miña total impericia e na sinceira inxenuidade da miña pregunta.

Estou conforme co reproche que lle fas ó primeiro número de “Grial” en canto á inconveniencia de incluír varios traballos de un mesmo autor. Eu mesmo son un dos responsables de tal falta. E pódoches asegurar que xa participaba da mesma opinión deantes de que se dispuxese o número. Foron máis ben motivos de tipo concreto os que diron lugar ó fallo. Ten en conta que nos vimos precisados a improvisar metade do número “en catro días”. Por outra banda, como aspiramos a que salia un número cada tres meses, axiña se verá que non hai tal pobreza de colaboradores porque todos irán desafiando oportunamente. As ouservacións que ti fas e as que fixeron outros amigos son moi interesantes para ter en conta nos números sucesivos. As impresións que levamos recollido son espléndidas. A xente acolleu “Presencia de Galicia” con sorpresa e con entusiasmo. Recibíronse moitas cartas, algunha dende París, manifestando unha alentadora adhesión. Por curiosidade direiche que un dos que se quedaron fondamente impresionados foi o propio Euxenio Montes, que axiña dixo que il tiña un poema longo adicado a Rosalía.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

## V

(Santiago, 30-10-1951)

Sr. Don Ricardo Carballo Calero  
Lugo

Meu querido amigo:

Supóñote moi atafegado co-a posta en marcha da Academia e mais co-a mudanza de casa, que istes días andaredes co-ila.

O domingo fixo oito días que se celebrou eiquí a xuntanza do Consello de Administración de Galaxia. Asistiu tamén Cabanillas, como segretario do Consello Asesor. Acordaron que se celebre a Xunta Xeral de aicionistas o día 29 de Nadal en Pontevedra, que é o día que se celebrará o ingreso de Iglesias Vilarelle na Academia Gallega (xa sabes que agora vai a Academia a recibir ós académicos no seu lugar de residencia) e con tal motivo acudirán alí bastantes aicionistas de Galaxia.

Encomendáronme a min que celebre unha xuntanza co Consello Asesor para preparar un programa de edicións que será despois sometido á aprobación do Consello. Eu penso incluír aquí libro do que xa temos falado ti e mais eu: A “Historia da Lírica Galega Moderna”. Como non supón un compromiso a prazo fixo e como contarías co-a nosa axuda pra procurar o material bibliográfico que che fose preciso, supoño que non desistirás de facelo.

Xa salíu a “Historia da Literatura Gallega” de Varela Jácome. Ten 470 páxinas pouco mais ou menos, así que é bastante extensa. Incluí a cantos escritores naceron en Galicia fose cal fose a língoa empregada.

¿Fixéchesme a nota crítica encol do Pastor Díaz? Non te esquezas de ma enviar canto antes poidas.

O Cabanillas irá para Madrid dentro de poucos días. O sábado pasará por eiquí de camiño para a Coruña, onde collerá o tren pra Madrid.

O Bouza chegou fai dous días eiquí a Santiago, pro eu inda non-o vin.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro



## VI

(4/XI/51)

Meu querido amigo: En resposta á túa carta do 30 último, comenzo por che mandar a nota sobre a “Égloga” descuberta por A. Blázquez. Xa coidaba imposible hachar tempo pra argalladas, pois ando atafegado ata o indecible; mais ao me lembrar ti o meu compromiso quixen cumprilo e ahí van as cuartelas.

É unha tentación demasiado forte pra min a de facer un labor sobre a poesía, ou a literatura galega contemporánea. Verdadeiramente non séi cómo podería facelo. A xornada de traballo co Colexio é pra min de once horas diarias, máis que por esixencias da labor docente, por esixencias da dirección. Endebén, non me resolvo a desistir de realizar unha labor que é necesaria. Non pode esixírseme prazo e haberá que facilitarme todo o material que pida. Non será moito, pois renuncio a toda erudición. Pra isto está o Dicionario de Couceiro. Temos que discutir máis de vagar o contido da obra, e a qué público irá dirixida. Dende logo, despois do derradeiramente feito, creo que non debe ser unha minuciosa historia da poesía contemporánea, sería un libro de crítica dereita e persoal sobre as grandes figuras da literatura galega contemporánea. Habería que percurar un tiduo que espesara o concepto subraiado. Porque eu non quero tratar máis poetas que Rosalía, Curros, Pondal, Noriega, Cabanillas, Amado Carballo, Manuel Antonio e Bouza Brey, todos xa pasados, mortos ou conclusos, e todos excelentes. Cicáis resultara un tomo algo breve, e por iso gustárame engadir tres figuras máis: Castelao, Risco e Otero. Curros, Amado e Otero están xa perfilados (*Grial, Lar, Seara*).

Xa vin a Historia de Varela Jácome<sup>10</sup>. ¡Qué desgraciados somos cos historiadores da nosa literatura. E o peor é que despois das historias

---

<sup>10</sup> Carballo Calero rexeita con absoluta claridade as dúas obras panorámicas da literatura galega que precederon á súa *Historia*. O reparo fundamental é a súa carencia de rigor crítico. A primeira delas foi a *Historia de la literatura gallega* (1951), de Benito Varela Jácome; a segunda, o *Manual de historia de la literatura gallega* (1951), de Francisco Fernández del Riego. Con este último semella ser máis transixente Ramón Piñeiro, mais non Carballo Calero.

recentemente publicadas non hai lugar no mercado pra ningunha boa ate que pasen moitos anos. É un desastre que historien a nosa literatura os que a historian, bos homes incapaces de sacramentos estéticos. Se as editorías estiveran ben orientadas houberan encomendado isa labor a Aquilino, o único capacitado.

Apertas

R. Carballo Calero

## VII

(Santiago, 6-11-1951)

Querido Ricardo:

Recibín o teu comentario sobre Pastor Díaz, que estimo moi ouxetivo. Así deberán ser no sucesivo todos os comentarios que se fagan en “Grial”. D-isto xa falarei contigo na primeira oportunidade que teña de ir a Lugo, que supoño será axiña.

Agradézoche moito a franqueza de xuício ó falar, con motivo das recentes “Historias da Literatura”, da errónea orientación das editorías. Como n-unha d-elas cábeme unha responsabilidade parcial de orde “orientador”, e como o teu criterio, en materias de literatura, é para min respetabilísimo, sinto certa necesidade xustificativa. Dende logo, a min paréceme inxusta a depreciación tan radical que se fai por algunha xente do “Manual de Historia da Literatura Gallega” que publicou “Galaxia”. Cónstame que, n-algúns casos, o xuício negativo vai máis dirixido contra o autor que contra a obra mesma. E isto por motivos moi diversos e non todos aceptábeles. Naturalmente que o caso teu é completamente distinto, posto que ti eres da casa e non te move mais preocupación, como decote nos teus xuícios, que a pura ouxetividade. Penso, n-embargantes, que é un problema de nivel. Ti querías unha “Historia” que fixese unha valoración fina e cabal da nosa evolución literaria. A min tamén me gustaría, mais comprendo que no estado aitual dos nosos estudos literarios non se pode pretender iso n-un Manual de divulgación como son os manuales de Galaxia. O manual de

“Historia de Galicia” que está a preparar Risco é, do mesmo xeito, unha exposición descriptiva dos feitos. Non son libros para especialistas senon para o público vulgar que carece de instrumentos informativos sinxelos sobre os distintos aspectos da cultura galega e compre poñelos ó seu alcance. ¿Tan lonxe está d-ista finalidade o “Manual” que escribú o del Riego? A min paréceme honradamente que non está tan lonxe. Aínda máis: coído que hoxe en día é o que millor cumpre isa finalidade introductoria. Repito que me cabe certa responsabilidade na súa publicación, mais tranquilizoume un pouco a conciencia –abatida por tantas críticas– o xuicio de certas persoas con calidade inteleitoal e literaria superior á miña que comparten a mesma opinión. Así, por exemplo, Rafael Dieste, que ademáis pediu exemplares para a Universidade de Oxford. E Rodrigues Lapa, cuio rigor e independencia de criterio está ben acreditado. O que ocorre é que istes e outros con iles coincidentes valoran o libro tendo en conta “o que é”, o que “se propón ser” e non dende o punto de vista “do que debería ser”. Faltan aínda moitos estudos críticos sobre figuras, períodos e sobre tendencias da nosa literatura pra poder facer un Manual sintético de divulgación que seña, ó mesmo tempo, unha perfecta táboa de valores das nosas letras. Calquera que se poña a facer unha historia xeneral da nosa literatura con isas pretensións –chámese Aquilino ou chámese de outra maneira– deberá pasar varios anos estudando primeiro toda a nosa literatura dende os comezos medievais deica hoxe. O Filgueira leva 25 anos traballando na materia e aínda se non estreveu a facela. Cousa distinta é o dispoñer orgánicamente os datos que se saben sobre a nosa literatura n-un manual informativo.

A laboura crítica compre facela con máis calma e parcialmente. Urxe, n-embargantes, acometela. E aínda che vou a decir máis: urxe que a acometas tí. Dígocho eu e coído que cho podó decir, pois considérome bastante capaz de pensar as cousas ouxetivamente. Estou convencido de que hoxe en día é Carballo Calero o único que pode facer unha valoración da nosa literatura, pol-o menos da contemporánea, de acordo co-as atuais eisixencias críticas. Folgaríame moito, moitísimo, de que ti o comprenderas así. Pol-o de pronto déchesme unha inmensa alegría ó non desbotar a suxerencia d-ise libro encol da lírica galega moderna. Os materiás e o tempo que precisés sería todo bó de arranxar.

Non preciso de che decir que as longas consideracións que che fixen sobre a “Literatura” publicada por Galaxia non responden pouco nin moito a suspicacia algunha. A min agradoume a tua sinceridade ó espresarme o teu xuício e non fixen mais que decirche, co-a mesma sinceridade, todo o que eu penso. Ben sabes que non son tan parvo como habería que ser pra entender mal o teu xuício ¿Non é verdade, meu amigo?

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

P.D: Xa puxeron á venda a tradución que fixo Aquilino dos “Carmina” horaciáns. Costa 45 pts. Paréceme algo cara.



Ramón Piñeiro, falando para as ondas



1954





## I

(Compostela, 23-II-54)

Querido Ricardo:

Veleiqué unha novedá importante: a revista literaria “Ínsula”<sup>11</sup>, que tí ben conoces, prepara un número especial adicado ás letras galegas. Por razóns de comodidade, queren ultimar os preparativos do número sin lle dar publicidade ó proeiro. Como é natural, nós estamos totalmente dispostos a cumprir o encárrago e non comunicar a iniciativa a non ser ós chamados a participar na súa realización. Con isto xa te decatrás do ouxeto desta carta. Coidamos que tí debes colaborar. Sabemos da tua falla de tempo e dos trafegos preparatorios da tesis. De ahí que che teñamos escollido un traballo de doada realización para tí: “A persoalidade literaria de Otero Pedrayo”. Compréndese xa que se trata da súa persoalidade literaria nas letras vernáculos. O traballo que fixeras para “Seara Nova”<sup>12</sup> sírveche moi ben de base. Como non se trata de un ensaio senón de un artigo, non ten por qué levar aparato bibliográfico.

As razóns de che propoñer ise tema son istas tres: a), que conoces perfectamente a figura que se trata de “presentar” ós lectores de “Ínsula”; b), que xa traballaches repetidas veces no tema e lévache menos tempo que outra cousa calqueira; c), que sería moi do agrado do interesado que señas ti quen faga a súa semblanza e valoración. Somentes falta que seña tamén do teu agrado o facelo. Espero que así será.

---

<sup>11</sup> *Insula*, “Revista bibliográfica de Letras y Ciencias Humanas”. Madrid, 1946. Fundada por Enrique Canito e José Luis Cano. O número dobre, 152-153, xullo-agosto de 1959, e dedicado ás Letras Galegas. Nas primeiras páxinas aparecen os artigos citados de Carballo Calero e Celestino Fernández de la Vega sobre Otero Pedrayo e Valle-Inclán respectivamente. A revista continúa a súa xeira na actualidade dirixida polo profesor Víctor García de la Concha. Anualmente dedica un número ás letras galegas, catalás e vascas.

<sup>12</sup> *Seara Nova*. Semanario de “doutrina e crítica” que xorde en 1921, en Lisboa, e contribúe a divulgar significativamente a literatura e a cultura galegas en Portugal. Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo, Fermín Bouza Brey, Carballo Calero, Castelao e Risco, entre outros, figuran como colaboradores nas súas páxinas. No presente 2015 tiraba o número 1732 da súa moi longa xeira.

Co traballo compre que me envíes tamén unha poesía inédita tua.

Hoxe mesmo escribollo a Celestino e máis a Fole pra lles pedir a cada un seu traballo. A Celestino unha adaptación do seu “Perfil galego de Valle-Inclán” e a Fole un sobre “El paisaje en la lírica de Noriega”.

Unha aperta moi forte do teu amigo.

Ramón Piñeiro

## II

(Fingoy, 26, febreiro, 1954)

Querido Ramón: na túa carta do 23 non fas ningunha referencia a outra miña na que che pedía me indicaras canto che debía con motivo dos gastos que efectuaches nas xestións que che encomendéi. En vista do teu silencio xiríche dúascentas pesetas pra atender a isas atencións. Xa me dirás se os gastos escederon esa cantidade e debo facerche novo xiro.

Envíoches o traballo que me pediches. Vai manuscrito porque se agardara a mecanografiálo cicáis haberían pasar meses. Disculpa a mala presentación. Supoño que o traballo tería que ir en castelán. Se ten un fundamento anterior a túa afirmación de que será moi do agrado do interesado que seña eu quen faga a súa semblanza e valoración, tal feito éncheme de confusión, porque nas condicións de atafego e faterna en que traballo, iste non pode menos de estar moi por debaixo do que merecería a persoalidade de Otero e ises sentimentos pra min tan honrosos e amistosos, que a Otero lle atribuío.

Agora veréi se atopo unha poesía inédita pra incluír n-iste envío. Hai moitos meses que ando arredado das musas.

Recibe apertas do teu amigo.

R. Carballo

1.

La personalidad literaria de Ramón Otero Pedrayo<sup>13</sup>

Ramón Otero Pedrayo es el escritor más fecundo que conocen las letras gallegas. Podría pensarse, ante la abundancia de su producción, que esta se había iniciado en la extrema mocedad. Es notable el hecho de que no sea así. Sólo hacia los treinta años de su edad, el nombre de Otero comienza a aparecer al pie de trabajos literarios en las revistas de Galicia. Eran los años inmediatos al desenlace de la primera guerra mundial. Por entonces se iniciaba una renovación de la literatura gallega. Esta, que en el terreno de la poesía había tenido una tan espléndida floración medieval, había renacido bajo el signo del movimiento romántico, después de largos siglos de postración. Los nombres de Rosalía, Curros y Pondal ilustraban aquel renacimiento. Tres grandes maestros del verso. La prosa, de escasa tradición en el medievo, no fué cultivada de modo importante por los escritores gallegos del siglo XIX. Pero hacia 1918 un grupo de hombres llenos de vitalidad y osadía, introdujo en las letras gallegas un nuevo espíritu. Dotados de una cultura verdaderamente europea, acometieron la ambiciosa empresa de incorporar su tierra, culturalmente, a Europa, superaron el ingenuo folklorismo de los precursores, estudiando el folklore con rigor científico. Osaron colonizar para el gallego regiones literarias inexploradas hasta entonces. Todos los géneros les parecieron a propósito para ejercitar el gallego en su dominación. Así, crearon la prosa moderna en la literatura del noroeste peninsular, rebasando el pintoresquismo sentimental que algunos creían ser el único modo posible de enfocar la temática gallega.

El bagaje intelectual en que se presentaban estos escritores procedía, en el orden estético, del simbolismo, cuyas últimas manifestaciones son contemporáneas de la juventud de aquellos. Pero en el espíritu de los mismos se había operado un proceso de derivación hacia la preocupación gallega, a cuyo sentimiento aportaron los métodos de realización artística que su cultura les proporcionaba. Y así, su obra en parte continúa y en parte rectifica las obras de los precursores. De un modo decisivo, ampliaron los horizontes de la cultura gallega.

---

<sup>13</sup> Escrito citado na carta número II.

Entre estos hombres, Ramón Otero Pedrayo destaca su personalidad con relieve prominente.

2.

Ramón Otero Pedrayo nació en Orense en el año de 1888. En 1910 se doctoró en Filosofía y Letras. En 1911 se licenció en Derecho. Primero, catedrático de instituto, obtuvo por oposición en 1950 la cátedra de Geografía que luego explica en la universidad de Santiago.

Otero se acerca a los cuarenta años de su edad cuando se decide a publicar libros. Empieza su carrera literaria en el momento de la vida humana en que tantos otros se resignan a retirarse de las letras, reconociendo el irremediable fracaso. Otero, sin prisa, ha sabido esperar. La prehistoria de su obra denota una sosegada labor de filtración, de sedimentación, de asimilación y elaboración de materiales. Cuando toda esa riqueza atesorada se ha fundido en el crisol de su espíritu, el artista la deja fluir y, sin pausa, el río de su producción avanza caudaloso y aun desbordante.

Es preciso tener esto muy en cuenta para explicarnos la seguridad de los trazos, cosa que, desde el primer momento, va Otero Pedrayo bosquejando en su obra. Conjugado con su fino, profundo y amplio temperamento creador, ello explica su poder verbal, su original estilo, su capacidad para traducir a James Joyce y a Georges Chennevière, su igual clarividencia para lo pequeño y lo grande, para lo actual y lo histórico. Escenas de aldeanos, exquisitas cortesías en los pazos barrocos, la cabalgata de Gelmírez a través de la Europa medieval, la pompa de la liturgia católica encandilando los ojos de Zacarías Werner en la Roma del papa prisionero de Bonaparte. La vida se presenta a nuestro artista como una espléndida criatura de cambiante gesto, de voluble ánimo, de rica matización en la cálida voz. Es bella toda, porque a los ojos del amor todo es bello. El escritor nada desdeña, porque todo es materia de arte para quien sabe informar con sus propias categorías estéticas la insobornable realidad de la vida.

3.

Lector infatigable y apasionado, la formación literaria de Otero Pedrayo hunde sus raíces en las letras de todos los pueblos y de todos los

tiempos. Esta amplitud de su cultura, y la generosa riqueza de su espíritu determinan la complejidad de su obra literaria, lo mismo en el campo ideológico que en el estilístico. Un gran juego de tensiones dinamiza la obra del escritor. En el orden ético, la concepción artística de Otero Pedrayo está dominada por la tensión que podemos llamar priscilianista y que resulta de la combinación de las mismas fuerzas que, según el pensamiento de Teixeira de Pascoaes, engendra la saudade, ese puro sentir tan connatural al espíritu galaico-portugués. Los priscilianistas gallegos eran, sin duda, fervorosos y sinceros cristianos; pero el viejo sentimiento céltico de una naturaleza animada por oscuras y fatales potencias, hermosas y venerables, aun en su indeterminación ética, teñía su cristianismo con colores extraños a los ojos de gentes menos imaginativas y más lógicas. En Otero se da también este drama del catolicismo celta, artúrico, donde al lado del ángel está el hada, el mago junto al obispo, el bosque cabe la catedral. La grandiosa tragedia báquica A lagarada, de una poderosa belleza, en su absoluta amoralidad de fuerzas ciegas y elementales, se equilibra, así, con muchas páginas del escritor donde la emoción de la piedad cristiana alcanza una fuerza conmovedora.

Relacionada con esta tendencia está también la oscilación entre romanticismo y naturalismo que se da en Otero. Son casi plenamente románticas sus novelas históricas, A romeiría de Xelmírez, Fra Venero. Sus narraciones campesinas son, en general, de un admirable realismo. Muy interesante a este respecto es su obra Os camiños da vida, donde hay realmente dos novelas yuxtapuestas, una romántica y otra naturalista, cada una con sus personajes propios, aunque aparezcan en relación. Toda la historia de los emigrados en París, de los amores de Adrián Soutelo con la irlandesa Edith, que viene en morir como monja en Santa Clara de Santiago, es completamente romántica. “Quién podría sospechar que la mano que la trazó” sería capaz de presentarnos con implacable verismo el derrumbamiento del linaje de los Doncos, culminando en aquella abrumadora página en que se nos describe al viejo amo, envilecido, idiotizado y tullido, recibiendo como una bestia [ilexible] y ultrajes de la mano de un criado desvergonzado y beodo?

Se tiene a Otero por un gran lírico, y ciertamente lo es. Pero la parte realista de Os camiños da vida es épica a la manera que es épico Tolstoi. Y en A lagarada hay la fuerza dramática de Las bacantes del trágico griego.

Ahora bien, Otero como todos los grandes inspirados, es demasiado espontáneo y fecundo para organizar con un perfecto equilibrio la economía interior de sus obras. Algunas de ellas acusan dificultades en el dominio de la composición, porque el autor no ha conseguido reducir a unidad y vertebración los materiales acumulados.

Una de las pruebas de la capacidad épica de Otero es su facultad creadora de personajes. Le viene del romanticismo su tendencia a la novela autobiográfica, como la inclinación a la novela de protagonista; pero cuanto más presenta personajes que menos reflejan al propio autor, tanto más vigorosas son las figuras.

Como ya he indicado, la complejidad de Otero Pedrayo puede explicarse como tensión entre centros de atracción relativamente contrarios. No hay personalidad sin tensión, porque solamente hay síntesis cuando hay tesis y antítesis. Pero la síntesis, que es armonía de los contrarios, esencia lograda, idea atemporal y aespacial, caracteriza al escritor clásico. En Otero Pedrayo, las fuerzas en colisión están a menudo lejos de la resultante. Sus impulsos crean un equilibrio inestable, dinámico, barroco.

Se pueden provisionalmente, con un sentido relativo y parcial, señalar algunas parejas de estas fuerzas. Idealismo-realismo; providencialismo-animismo; europeísmo-galleguidad; lirismo-epicismo; tradicionalismo-contemporaneidad; aristocratismo-popularismo; esteticismo-naturalismo; gravedad-humorismo.

#### 4.

Otero Pedrayo posee un estilo absolutamente personal. Se presenta desde sus primeras publicaciones lleno de madura seguridad. Los ensayos agraces, los rasgos de desgarbada adolescencia, en vano los buscará el crítico en la obra de este escritor. Pero a lo largo de la misma pueden observarse inflexiones de aquel estilo. En la novela corta Pantelas, home libre (1925), su prosa es relativamente sobria. El ornato va creciendo luego. A Romeiría de Xelmírez (1934) presenta un estilo extraordinariamente rico en imágenes y caracterizado también por el periodo largo y la sintaxis complicada. En obras posteriores, el uso de las imágenes se hace más moderado, y se tiende a un menor predominio de la subordinación sobre la coordinación

en la composición de oraciones. Con frecuencia la prosa llana, y a veces descuidada, convive, cuando el tema lo justifica, con la prosa poética.

No puede decirse que el talento estilístico de Otero sea un talento retórico. La profusión de imágenes viste siempre una vigorosa arquitectura ideológica o emocional. En suma, no hay en Otero, de modo alguno, una pobreza de contenido enmascarada en un ornato de forma. Lo que hay es simplemente una magnificencia imaginativa que informa el pensamiento con su maravillosa generosidad.

Sentido musical de la palabra no se percibe en esta prosa: no tiene medida ni ritmo material. Otero no cuida la cláusula. Las frases terminan en palabras de un número indiferente de sílabas; no hay preocupación por la asonancia o la aliteración.

Un periodo de Otero Pedrayo se puede representar esquemáticamente como un árbol, o como un río. El tronco o la corriente fundamental constituye la oración principal; pero constantemente, ramas y afluentes se presentan en el curso de la exposición. Otero los recorre utilizando oraciones subordinadas. Pero, a su vez, hay brotes y subafluentes que requieren una subordinación de segundo grado. Después de recorrer todo el sistema de dependencias del primer elemento subordinado, Otero desciende a la oración principal y la sigue hasta que surge un nuevo sistema lateral, que exige una nueva detención; y así hasta llegar a la desembocadura de la idea. Si esta se expresa ya originariamente mediante un periodo compuesto de prótesis y apódosis, el conjunto puede ser de extrema longitud y complicación. Se explican así algunos macizos párrafos de Otero que llenan páginas enteras. Al lado de esta sintaxis arborescente o fluvial, tenemos la enumeración de elementos análogos en una misma oración; recurso especialmente usado para la caracterización descriptiva.

Anotaré finalmente, como manera típica de este autor, el escalonamiento de genitivos. Varios sustantivos se enlazan de forma que el primero lleva un complemento determinativo que es otro sustantivo en genitivo, el cual a su vez es determinado del mismo modo. La idea desciende por terrazas de genitivos como los ríos de Suecia corren al Báltico por mesetas escalonadas.

5.

Estudiar concretamente la obra literaria de Otero Pedrayo en sus diversas manifestaciones –aun prescindiendo de la manifestación didáctica–, nos llevaría demasiado lejos. Novelista, ensayista, poeta, conferenciante, su labor es extraordinaria y de una significación relevante dentro de las letras gallegas. Su influencia precisa en los escritores más jóvenes de Galicia ha sido escasa, pues resulta muy difícil de asimilar su estilo, producto a la vez de una amplísima cultura y de una riquísima imaginación. Pero como un gran viento cordial, cargado de generosas fragancias, el soplo de su espíritu ha penetrado toda la cultura gallega de hoy en día, ilustrada y ennoblecida por su ubicua personalidad.

R. Carballo Calero

III

(Compostela, 2-III-1954)

Meu querido amigo:

Acabo de recibir a tua carta co fermoso traballo sobre Otero e máis co poema que che pedira. Onte recibín o traballo do Celestino. Estou moi ledo de que foran as colaboracións luguesas as primeiras en acudiren á cita “insular”.

Cando recibín o teu xiro coidei que sería pra algún encárrago e agardei a ver si chegaba carta acrarando o que precisabas. Pol-a carta que agora recibín vexo que era pra abonar os dereitos do teu traslado de expediente universitario. En vista diso, hoxe mesmo remitireiche, tamén por xiro postal, as cento noventa e duas pesetas que sobran. Costoume oito pesetas. Si non me preocupe de che escribir comunicándoch e o importe foi mesmamente pol-a súa insiñificanza, pois non me parecía necesario que te molestaras en xirar tan pequena cantidade, sobre todo porque nos vemos con relativa frecuencia ahí en Lugo e xa teríamos ocasión de a liquidar.



Comprendo que che produza algún desacougo o feito, absolutamente veraz, de que Otero sítase moi compracido de que señas tí quen se ocupe díl. Sempre se lle producen a ún ises temores en situacións semellantes. Con todo eu quero decirche que, polo menos asegún a miña maneira de ver, non hai motivo ningún pra que teñas inquedanza. O teu traballo recolle e define todos os valores fundamentais da obra –e da persoa– de Otero vistos precisamente polo seu lado positivo. Nise orde de cousas non creo que ninguén, nin siquiera os que convivimos íntima e prolongadamente co-íl, poideramos engadir nada “esencial” ó contido do teu traballo. E o día que se faga o libro que a figura de Otero reclamará na valoración da nosa cultura distes tempos, coído que se completarán en detalle os xuícios teus, mais tamén terán que aparecer os seus fallos, moitos dos cales nós non podemos percibir por razón da contemporaneidade. O traballo teu responde perfectamente a finalidade que nos interesa.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

#### IV

(Fingoy, 6, setembro, 1954)

Meu querido amigo: Pol-a túa carta entéirome de que foi presentada a documentación na Universidade. Como a burocracia é un país de camiños moi complicados, quixera asegurarme de que esa documentación, que é a que eiquí no Instituto consideran axeitada, é considerada axeitada según o foro de ise municipio; pois sería ben lamentable que por falla de algún papel non se conseguira o ouxetivo. Así que che rogo que, xa directamente, ou ben ao traveso de algún amigo a quen escoiten na Segredaría, te enteires de si a documentación está en régoa perfecta, é decir, si é tal como queren que sexa pra tomar en consideración o pedido. Con iste mesmo gallo, sería ben que persoa condigna, si de ela dispós, fixera aceno de se interesar pol-a concesión do solicitado, pois inda que

o dereito é incuestionable, segundo todo o mundo o ve eiquí, o *ius soli*<sup>14</sup> pode cambiar ao pasarmos da conca do Miño á do Ulla.

Recibín os xornás. Por certo que inda non tiven tempo de leelos totalmente. Antre o que leín figura o traballo teu, escelente, e tamén o de Otero, que considero asimesmo cheo de acerto e interés. Cando Otero fala de un grande escritor é sempre un gran crítico.

Istes días, derradeiros das vacacións, estiven ordeando os versos que teño inéditos, pois iniciado o curso non teréi ocasión de voltar sobre eles. Como despedida da tempada de liberdade relativa, agromóume un fragmento que che envíu pra que o leas, non por outro motivo senón lembrando que n-unha das derradeiras conversas nosas cambeamos unhas verbas sobre Xelmírez. O Arcebispo, cangado de anos e traballos, rube por derradeira vez á *turris signorum*<sup>15</sup> pra se despedir da cidade.

Co que eu me despido de ti.

R. Carballo

## V

(Fingoy, 22, setembro, 1954)

Meu querido amigo: Supoño no teu poder unha carta que che enviéi interesándome por que averiguaras se a documentación que presentamos pra outer matrícula gratuita pra Magalí estaba corrente. Como o prazo de solicitala, entre tanto, esgotouse, creio que, se recibiches a carta, o teu silencio siñifica que non houbo obstáculo ningún. Non embargantes, como xa está aberto o prazo pra formalizar a matrícula, é o diñeiro e documentación que temos que mandar. Supondo que o prazo rematará a fin de mes, en todo caso agradeceríache unha pronta contesta.

Pedíndoche mil perdóns por gravarche coa cárrega de istas molestias burocráticas, tan alonxadas de toda meditación sobre a saudade, cárrega que

---

<sup>14</sup> Dereito de solo.

<sup>15</sup> Torre con campás.

cango nos teus fros sinxelamente porque teño máis confianza contigo que con calquer outro veciño de Compostela, despídome, en agarda das túas novas, con lembranzas pra Isabel e os demais amigos. Ti recibe a cordial aperta do teu sempre

R. Carballo Calero

## VI

(Fingoy, 14/X/1954)

Meu querido Ramón: Eiquí estóu, de novo, mergullado no meu traballo decotío. Denantes de que o decorrer dos días me arrinque o tempo de o facer, desexo che dar as gracias, así como a Isabel, pol-as moitas atencións que tivéchedes connosco domente a nosa estancia en Santiago, atencións que se suman ás múltiples con que nos tendes favorecido en ocasións anteriores.

Hoxe escribirei a Del Riego<sup>16</sup>, de quen non recibín aínda mensaxe algún.

Tampouco tiven carta de Cabanillas. Dinme que debe atoparse agora en Cambados. Continúo traballando nas páxinas que temos convido lle consagrar.

Antonio Hernández díxome que xa tiña recibido o libro de Fole.

Recíbide saúdos moi cordiás de todos nos.

Teu amigo

R. Carballo Calero

---

<sup>16</sup> O papel de Fernández del Riego na elaboración da *Historia* de Carballo Calero é o de “conseguidor bibliográfico”, que se move a instancias das peticións de Ramón Piñeiro de acordo coas necesidades do autor da obra. En efecto, don Ricardo aproveitaba aínda as vacacións escolares para acudir as bibliotecas da Real Academia Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para completar a bibliografía que Fernández del Riego non lle podía fornecer.

## VII

(Compostela, 8-XI-54)

Meu querido amigo:

O sábado estiven en Vigo e alí, repasando as listas das colaboracións solicitadas pol-os de Caracas pra o número-homenaxe a D. Ramón da revista GALICIA<sup>17</sup>, atopámonos que a tí solicitámosche a colaboración por partida dobre, pois escribiuche Paco e tamén eu, ambos pedindo a mesma cousa. Igual duplicidade prodúxose con Fole, a quen lle escribimos tamén os dous. Todo isto, afortunadamente, non daña nada os nosos fins, pois supoño que máis ben vos animará a cumprir o encárrago. Cando o teñas feito, pódeshlo xa enviar directamente a Paco.

Xa están preparados os deseños dos sete poetas pra incluír no teu libro. O sábado leveilles un Amado Carballo que me fixo o Maside e que era o único que faltaba.

Unha aperta moi forte do teu amigo.

Ramón Piñeiro

## VIII

(Fingoy, 16-XII-1954)

Meu querido amigo: Recibín dúas cartas túas, ás que non respondín denantes porque propiamente non requerían resposta, se non execución das encárragos que nelas se facían, os que cumprín, e, ademáis, eran os derradeiros tempos de preparación da miña viaxe a Madrid, preparación que houben de facer sen deixar o meu traballo no Colexio.

---

<sup>17</sup> *Galicia*, de Caracas. Aparece o 25 de xullo de 1952. Tira dez números unicamente e remata en 1954. O impulsor da revista foi Silvio Santiago. Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego, Domingo García-Sabell, Ánxel Fole, Camilo J. Cela ou Ramón Luguís colaboraron naquelas páxinas.

O estudo sobor de Cabanillas está xa en poder de Del Riego. Cicáis o teñas visto.

Dos “Sete poetas” enviáronme dúas veces probas, que decontado correxín.

O 7 saín pra Madrid. O 9 comparecín ante Sánchez Cantón, Maldonado, Dámaso Alonso, Fernández Pousa e Montero pra facer o meu grado de Doctor. Como agardaba, Dámaso defendéu a Bécquer contra Rosalía. Eu ía moi preparado pra ista eventualidade, que consideraba segura. Respondinlle, pois, con moita decisión. Il parecía soste que eu non valoraba debidamente as influencias de outros autores sobor de Rosalía. Sen dúbida leú a tesis con precipitación, porque eu, como sabes, falo de isas influencias; o que ocorre é que non insisto sobor do que xa está debidamente acrarado. Pol-o demáis, tributóume loubanzas estremosas e ofrecéume publicar o traballo. Respeito a isto, Montero ten poderes meus pra decidir. Coido que será editado pol-o Instituto Cervantes, por Gredos, pol-a Facultade ou pol-a Universidade.

Sánchez Cantón houbera querido que incluíse no meu traballo a dona Emilia e a Valle Inclán; é dicir: que non me reduxera a escritores en galego. Ademáis, fíxome algunhas ouservacións sibilinas de abondo encol de Castelao e Otero. Xa falaremos de todo isto.

Contra o que eu quixera, acodiron á lectura Cabanillas, Santalices e outras persoas.

O 10, pol.-a tarde, na Facultade, din a primeira conferencia, e o 11 a segunda. Foron tres xornadas en prol da cultura galega que, segundo creio, contribuirán a difundir o intrés pol-as nosas letras. As conferencias tamén serán publicadas pol-a Facultade.

Dinme que virás por eiquí en data próisima. Percura axiña contacto connigo pra que falemos de istas e outras cousas. Fraguas entregóume o único traballo presentado ao concurso de Bibliófilos, no que, ao parecer, voltamos a ser xueces.

Mandéi a Del Riego o traballo sobre Otero pra Caracas.

Lembranzas a Isabel e apertas de teu amigo.

Ricardo

## IX

(Compostela, 18-XII-54)

Meu querido amigo:

Acabo de recibir a tua carta e por ela vexo que xa estás de volta en Lugo. Inantes de cousa ningunha quérote felicitar de todo corazón pol-a batalla que ganaches pra o prestixio das nosas letras. E tamén quero felicitarte, naturalmente, pol-a brillante e merecida calificación que lle diron á tua tesis, pois inda que tí nada dis eu ben sei que a calificaron coa nota de Sobresaliente con oución a mérito. Seguíñ con todo detalle a sorte da tua tesis. Por iso soupen decontado a calificación, e tamén a aitude dos distintos membros do Tribunal. Ben sabía que Dámaso sacara a relucir a Bécquer, sin deixar por iso de reconocer que a tesis contiña suxerencias moi valiosas pra ulteriores traballos que fagan máis comprensíbele a literatura galega; tamén sabía que Maldonado establecera relación entre a saudade, as vaguedás de Rosalía e máis os acordes de Heidegger, e que declarou a súa opinión de que Rosalía é a primeira poetisa hispánica; igualmente tiña noticias da ansiosa aitude de Cantón, abogado de D<sup>a</sup> Emilia e de Valle, estou seguro que por razóns extra-literarias, e tamén das suas misteriosas insinuacións respeito da cronoloxía literaria de Castelao. Como podes supoñer, alegreime profundamente cando soupen todo isto. A tua tesis foi, como si dixéramos, a presentación “oficial” da literatura galega nas esferas universitarias de Madrid. Todos estamos satisfeitos e orgullosos do resultado. E si non mo tomas a mal, direiche que eu inda estou un pouco máis orguloso que os demáis, porque, en certa maneira, correspóndeme algunha responsabilidade –moi honrosa– en ter encomendado á tua atención co tema da tesis, inda que con finalidade distinta.

Teño mentes de que vaiamos nuns días a Lugo agora no Nadal. Estamos agardando o permiso de Isabel. En canto chegue, chamareite. Teño moitas ganas de falar contigo e de che dar unha aperta de felicitación.

Sei que o traballo encol de Cabanillas xa está en poder de Paco e tamén o artigo sobre Otero. Inda non tiven ocasión de os ler porque fai un mes que non vou por Vigo.

Sáudos a todol-os teus de Isabel e meus. Unha forte aperta pra ti do teu amigo.

Ramón Piñeiro



Ricardo Carballo Calero, pronunciando unha conferencia





1955



## I

(Compostela, 10-II-55)

Querido Ricardo:

Onte atopei a Magalí<sup>18</sup> e díxome que estabas doente. Pol-o visto incruzo tiveron que che facer unha pequena operación quirúrxica, se non grave pol-o perigo, sí penosa pol-as molestias. Coido que arestora xa estarás ben.

Non che mandei inantes as conferencias –que por certo gustáronme francamente– porque tiña mentes de che acompañar unhas notas tomadas do traballo aparecido na “Revista Hispánica” sobre Rosalía. Ocurríume, con todo, que non tiven aínda vagar por ir ó P. Sarmiento a tomar as notas. Esta tempada resultoume abondo laboriosa, complicado iso con varios viaxes que tiven que facer (estiven tamén uns días en Madrid) e que me retrasaron máis ó labor. Niste mes teño que mandar a Braga a ponencia filosófica que lles prometín e inda non comencei a facela.

D. Ramón xa regresou de Madrid. Atopouse co-a nai doente e pasou un bó medo. Agora xa está ben, mais como é tan velliña íl sempre está a tremer.

Eiquí estivo Rof Carballo, que pronunciou dúas fermosas conferencias, unha en Santiago e outra en Vigo. O viernes derradeiro tamén pronunciou eiquí unha brillantísima conferencia o amigo Sabell.

O Cunqueiro enviou a Galaxia parte do seu “Merlín”<sup>19</sup>. Dixéronme que é moi bonito e singularmente meritorio no tocante ó idioma. Eu non-o conozo aínda.

Moitos saudos a todol-os teus e que te millores axiña.

Unha aperta do teu amigo.

Ramón Piñeiro

---

<sup>18</sup> Margarita Carballo Ramos. A primeira filla de don Ricardo. Foi profesora titular de Física e Química no INEM Juan Montes de Lugo.

<sup>19</sup> *Merlín e familia* (Vigo: Galaxia, 1955).

## II

(Fingoy, 19,3,55)

Querido Ramón: Atopéi onte a Fole pol-os camiños de Fingoy<sup>20</sup>, e informóume de que estiveras adoecido, ou estábalo aínda. As súas novas non semellaron moi concretas. En todo caso, fago os máis sinxelos vodos pol-a túa saúde.

Recibín os traballos que che prestara e ti me remesaches. Xa sabes que Montero Díaz quedouse en Madrid coas dúas conferencias que din na Facultade, pra publicalas. O traballo sobor de fontes de Rosalía tamén o escribín por desexo de il, i estaba destinado a serlle enviado asimesmo pra a súa publicación. Pero dende que viñen de Madrid, e despóis que escribín a Montero, como aos demáis membros do tribunal do doutorado, a pouco de regresar, non volvín a ter ningunha noticia de il. Non sei, pois, en qué estado se atopa a custión da publicación das conferencias e da tese, que ficaron no seu poder.

Moi de tarde en tarde recibo probas dos “Sete poetas”. Sinto ben non poder engadir ao texto aprobado pol-a censura as moitas ideas e ouservacións novas que se me ocorriron ao elaborar a tese, e que farían máis completo e actual o traballo.

Con lembranzas pra Isabel, recibe unha aperta do teu amigo.

R. Carballo

## III

(Lugo, 2, abril, 1955)

Meu querido amigo: Recibín a túa carta do 24. Moitas gracias por todos os informes que me das encol de min mesmo. Sobre as perspectivas

---

<sup>20</sup> As queixas constantes de Carballo Calero, “atafegado” un día e outro polo seu traballo no Colexio Fingoy, son un lugar común nas súas cartas. Nalgún caso fala de once horas de traballo ao día, aínda que teñamos que pensar que non todas serían horas de clase, pois don Ricardo chegou a ocupar o posto de director do colexio.

de un curso en Madrid na cadeira “Rosalía” e sobre os meus progresos pol-o camiño da miña academización. En Fingoy nunca sabe un cómo lle vai a un. Vexo que te sumas á xente que anda a decir que a nova cadeira mesmo semella creada pra min. E, verdadeiramente, mesmo semella. O mao é que a miúdo o destino ábrelle a un o camiño dempóis de lle ter aserrado as pernas. De todos xeitos, xa que pol-o que se ve tes recollido en Madrid algunhas novas intresantes pra a cultura nosa, gostaráme departir contigo encol de elas, o que cicáis poda ser en breve, pois en fin de contas non estaremos lonxe de nos reunir pra resolver o concurso de Bibliófilos.

Desexo moito recibir as “Musas alleas”<sup>21</sup>. En primeiro termo, Cabanillas é un dos poucos poetas vivos cuia lectura é pra min soaz e non traballo. Ademáis o libro marca un fito na nosa literatura, pois ven encher un oco. Unha antoloxía tan copiosa de poesía allea, realizada por un versificador tan elegante e fino, é algo enteiramente novo.

Recibín, enviado por ti sen máis espricacións, o traballo de Viola sobor de Pascoli. Agradézoche moito a proba de atención e intrés que supón cara min ise envío. ¿Qué relación xurídica era a túa intención estabrecer antre min, como suxeto de dereito, e isa obra, como ouxeto? Ocorre que eu xa pedira isa obra, e me fora enviada. De xeito que dime qué queres que faga co exemprar que debo á túa amabilidade.

Xa sabes o que eu opino sobre as “vaghezze” de Pascoli e as “vagedás” de Rosalía<sup>22</sup>. Coido que as “vagedás” distan de ser clave esencial na interpretación de Rosalía –da nosa Rosalía de hoxe–. En fin de contas, a poesía de Rosalía non é ensoñadora, senón lúcida e vixiante. No traballo meu que liches sobre fontes literarias de Rosalía xa toquei concretamente iste ponto. Por certo que continúo sen noticias de Montero, a cuio rogo fixen iste traballo pra non sei qué publicación de Madrid. Non cheguéi a llo enviar, en vista de que nada me comunicóu sobre a publicación da tese

---

<sup>21</sup> Título provisorio do que despois sería *Versos de alleas terras e de tempos idos* (Bibliófilos Gallegos, 1955). Leva un “portal” do presidente da editorial, Francisco Javier Sánchez Cantón.

<sup>22</sup> Estudiosos de Rosalía procedentes de áreas filolóxico-literarias non peninsulares foron, entre outros, Mary P. Tirrell, Mario Pinna, E. Allison Peers, D. Briesemeister, Kathleen Kulp ou Claude Poullain.

e das conferencias, pol-o que tiña mostrado grande intrés; pois parecúeme que dirixirme novamente a él era aburalo un pouco como reclamándolle o cumprimento das súas ofertas. Non deixa de sere un tanto misterioso pra min o seu silencio; pero xa estou ben hachado cos misterios e nunca me impaciente por desvelalos.

Lembranzas a Isabel e apertas do teu vello amigo,  
Carballo Calero

#### IV

(Lugo, 17, Xulio, 55)

Meu querido amigo: Non logréi ver o número de “Galicia emigrante” que publicou o meu traballo sobor de Daniel. Paco fai moito tempo que non me escribe. Dixérame que xestionaría que mo enviaran, pero non soupen máis do asunto.

Estiven en Madrid, onde falei con Montero. Iste deume unha carta de Dámaso Alonso na que se falaba da publicación da miña tese pol-a editorial “Gredos”. Dixome tamén que as conferencias que pronunciei en Madrid imprimiránse inmediatamente. Xa falaremos de todo isto. Montero ficou en pasar iste vran por Lugo. Cicáis atópese agora en Santiago, porque me dixo que arredor do 10 viría a Galicia en avión.

De cando en cando recibo probas dos “Sete poetas”. Agora falta por correxir o capido relativo a Manuel Antonio e as páxinas finás.

Istas son todas as noticias que poido darche. En tanto que as reciba túas ou nos vexamos, recibe un saúdo pra Isabel e os amigos. Unha forte aperta de

R. Carballo

## V

(Compostela, 20-VII-55)

Meu querido amigo:

Acabo de recibir a tua carta. Alegráronme moito as novas que me dás da tua conversa con Montero, novas que axiña poderemos comentar con folganza porque o 6 ou o 7 de agosto iremos a Lugo nós.

Direille a Paco, a quen verei dentro de tres días, que non tes recibido o número de “Galicia emigrante” que trae o teu traballo sobre Daniel. Lémbrome que saíu nun dos primeiros.

Fai seis ou sete días estivo eiquí Xaime Illa e faloume da marcha tipográfica dos “Sete poetas galegos”<sup>23</sup>. Estaban compoñendo xa o de Amado Carballo. En cambio, queixábanse de que enviaran por dúas veces probas a correxir –repetindo o envío– e non-as tiñan recibido correxidas. Eu díxenlle a Xaime que iso seguramente debérase a que tí estiveras fora ó frente de unha excursión do Colexio. Tamén lle dixen que no colofón ou nunha nota especial fixérase constar a distancia das datas entre a redaición dos ensaios e mail-a súa publicación, pra xustificar os obrigados “retrasos” bibliográficos. Niso quedamos. Dixéronme que o libro sairía de contado si as probas se non demoraban.

Tamén os libros de Novoneyra<sup>24</sup> e de Cunqueiro están moi adiantados. Istes tiveron a ventaxa de se imprentaren no “Faro”.

Moitos saudos nosos pra todol-os teus e unha aperta moi forte para ti do teu amigo.

Ramón Piñeiro

---

<sup>23</sup> Galaxia, 1955.

<sup>24</sup> Refírese a *Os eidos* (Galaxia, 1955), prologado polo mesmo Ramón Piñeiro.

## VI

(Fingoy, 29, xullo, 1955)

Querido Piñeiro: Recibín cartas de Dámaso Alonso e Montero Díaz sobor da publicación por Gredos da miña tesis<sup>25</sup>. Semella que pra animar aos editores a publicar o libro procede asegurarlles a venda en firme de unha cantidade de exemplares. Montero dou a garantía da colocación de un centenar en Madrid, e desexan, segundo Dámaso “que una editorial o librería gallega (o de La Habana, etc.; o una del uno y otra del otro sitio) se comprometiera a tomar en firme un número de ejemplares: 500, 400, 300”. Montero indicóume a comenencia de que Galaxia o fixera, i eu, pol-a presente, fago chegar a Galaxia isa suxestión. Xa sei que non és ti o encargado de isas custións, pero non sei esactamente a quen competen, e inda que supoño que é alguén que reside en Vigo, pol-o que podía escribir a Paco, iñoro se íste pasa o vran fora, pol-o que aproveito a carta que de todos xeitos tiña que te escribir facéndochे outros pedidos, coidando que tamén és persoa adecuada pra realizar isa xestión. A min intrésame moito dar a Gredos ista facilidade, e facilitar así a labor de Dámaso. Íste dime que non é que crea que sen ise compromiso vanse negar á publicación, pero sí que lle conviña frente a eles, “comerciantes”, presentarse con isa ventaxa; pol-o que ten en suspenso a presentación do orixinal en agarda da xestión referida. Agradeceríache moito que levaras a bó e rápido termo iste asunto, facendo o que poideras en prol da publicación da tesis, que non quixera se malograra, desexo que coido compartes.

A miña conferencia sobor da poesía galega do século XX foi mandada xa á empresa por Sánchez Cantón. A outra tena Montero, que di prepara a súa publicación allur.

Respeito das probas dos “Sete” é certo, como di Illa, que dúas veces me enviaron probas repetidas; pero no primeiro caso eu mandara inmediatamente correxidas as primeiras, que se deberon perder no camiño ou na emprenta. No segundo, cando chegou o material repetido xa enviara eu o primitivo, certo con menos dilixencia do que acostumo, pero os asuntos do Colexio ás veces impédenme atender aos meus. Xa está correxido todo o testo. Non sei se me mandarán os índices. Considero

---

<sup>25</sup> *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea* (Madrid: Gredos, 1955).



esencial o índice de nomes, que supoño terán feito con esatitude. Eu dinlles os nomes: non teñen máis que poñer as páxinas onde se citan. Atinxe 150 páxinas, aprosimadamente. Se o papel ten corpo, pode resultar un volume equilibrado, de unha corpulencia semellante á do de Fole. O tipo de letra é moito máis miudo que o de íste; inda que ten moito máis testo o meu.

Estóu facendo un traballo sobor das ideas fundamentás respeito do mundo e a vida na poesía subxetiva de Rosalía. Non se trata de un comentario filosófico, senón apenas de unha labor de ordeación de textos por motivos, e siálamento dos principás. É unha simple sistematización do pensamento de Rosalía, un idearium de Rosalía ao traveso dos seus textos. Un índice alfabético por ideas. Pero cando o remate coñeceréi ben a ideoloxía rosaliana, e o que o lea poderá tamén enteirarse sen o traballo de concordar persoalmente os textos. É só unha sinopsis. Quixera consultar, pra iste traballo, as seguintes obras:

- 1).- A tesis firmada por Mary Pierre Tirrell.
- 2).- O traballo de Bouza sobor de Rosalía, pubricado en “Cuadernos” do P. Sarmiento<sup>26</sup>, citado por Prado Coelho en “7 ensaios”.
- 3).- O ensaio do portugués que fala da “queda” de Rosalía, do sátiro de Padrón, etc., e do que me falaches ti mesmo.

E por tanto rógoche:

- 1).- Que merques n-unha librería de Santiago o libro da freira<sup>27</sup>.
- 2).- Que pidas a Bouza a separata do seu traballo, se a ten, ou que fagas que Cordero Carrete ma envíe, ou o fascículo en que se contén. Podo abonar o importe a reembolso.
- 3).- Que me facilites o prometido estraito do traballo do portugués.

O Tirrell podes traguermo cando veñas. Se me envías noticia do que val, xíroche o importe.

Lembranzas pra Isabel. Apertas de

Ricardo

---

<sup>26</sup> Creados en 1944, o seu primeiro director foi F. J. Sánchez Cantón, que tamén dirixía o Instituto Padre Sarmiento, que publicaba os citados *Cuadernos*.

<sup>27</sup> Correspóndese á tese de Mary Pierre Tirrell.

## VII

(Compostela, 13-X-55)

Meu querido amigo:

Onte recibín unha carta de Antonio Lorenzo Sánchez acompañando un traballo sobre o humorismo. Fálame dos tres derradeiros libros de Galaxia, que vai comentando un por un. Quéroche transcribir o que dí do teu libro: “Sete poetas” é un libro certán, de criterio. Sin paxareirías, terá de consultarse no sucesivo. Persiste na tónica seria e madura de outros traballos devanceiros de Carballo Calero que, hastra o de agora, pol-o menos antre o publicado, é a única firma nosa con aitalidade e categoría no análise da espresión poética. Paréceme encontrar no seu linguaxe un certo retroceso en comparanza cos seus libros de mozo, como si coidara que n’eles fora demasiado avante”.

En xeneral, o teu libro espertou verdadeiro interés e aprobación. Que eu seipa, somentes García Martí se mostrou discrepante, doéndose –¡meu pobre, o que fai a senilidade!– de que se presenten agora como novedás “cousas que xa dixo il fai corenta anos”. Pol-o visto, todo o que dís no teu libro xa o tiña il dito antes de tí naceres... Cousa semellante pasou co ensaio que eu escribín sobre a saudade, do que García Martí fixo o mesmo comentario que agora fixo sobre “Sete poetas”: que todo aquilo xa o tiña dito il fai corenta anos. O que ocorre é que istes comentarios que il fai no café modéraos moito cando fala co interesado.

O José Luis Varela pediu urxentemente “Sete poetas” pra consultalo antes de entregar o seu “Lírica y regionalismo”, que tamén lle vai editar Dámaso en “Gredos”. Como en “Gredos” tamén van editar o “Curros”, de Gamallo<sup>28</sup>, e tamén a tua tesis, levan camiño de crearen unha verdadeira biblioteca de estudos galegos.

Istes días está por eiquí Anxel Fole.

Unha aperta moi forte do teu amigo.

Ramón Piñeiro

---

<sup>28</sup> Dionisio Gamallo Fierros (Ribadeo, 1914-Madrid, 2000), profesor e polígrafo galego, autor de obras como *Páginas abandonadas de Bécquer* (1948), *Vida y obra de Ramiro de Maeztu* (1953), *¿Luz sobre la Negra Sombra?* (1975) ou *La Regenta, a través de cartas inéditas de la Pardo Bazán a Clarín* (1984), entre outras.

## VIII

(Fingoy, 30, X, 55)

Meu querido amigo: recibín a túa carta cando encetaba o novo curso, e, xa mergullado no maremagnum de problemas que teño que conlevar, non puiden ate hoxe me dispor a contestala. Agora estou no leito, aturando unha gripe, ou o que sexa, e aproveito a miña inmovilidade pra dictar esta carta, inda que a tos ríllame a gorxa cando falo. Agardo estar pasadeiro i en pe pra dentro de dous días.

Agradézoche as noticias que me das sobor das reaccións de algunhas persoas perante os meus “Sete poetas galegos”. É de supor que se teñan producido algúns outros comentarios interesantes mais o meu isolamento é tan grande que non me enteiro de nada. Non sei sé se publicóu algún artigo máis que o de Fole encol da miña obra. Cunqueiro díxome que faría e me mandaría un; pero nada recibín.

Non sei si sabes que Sánchez Cantón mandóume as probas de unha das conferencias que pronunciei en Madrid. Correxidas, envieinas ao impresor e non volvin a saber máis do asunto. O meu vencello dos derradeiros tempos con Madrid, que era Montero Díaz, está de novo roto. Despois de me escribir denante o vran varias cartas, caíu nun silencio que se vai prolongando. E iso que tiña que me dar instrucións pra optar o premio extraordinario do Doutoramento. Se non da mostras de vida perderéi esa oportunidade. Ben puidera ser que, de sócato, tornara a se facer presente.

Abonda xa. Apertas do teu amigo.

R. Carballo Calero

## IX

(Compostela, 3 do Samartiño de 1955)

Meu querido amigo:

Pol-a tua carta soupen que estabas no leito con unha doenza gripal, tributo que tí e máis eu adoitamos de pagar todol-os invernos. A min, pol-o

de agora, inda non me tocou o turno. Confío en que tí xa o deixarías atrás, con total-as suas molestas adherencias.

Como eu non leo máis xornás que os de Compostela, desconozo os comentarios que os das demais vilas terán publicado en col do teu libro. Penso informarme cando vaia a Vigo, pois en Galaxia procuran arquivalos. Sei, iso sí, que na páxina que os xoves fan os estudantes na “Noche” teñen mentes de publicar un artigo de Mourullo falando de “Sete poetas”. Cando saia, mandareicho. O que sí é certo é que teño ouvido moitos comentarios verbás plenamente aprobatorios do libro.

Fólgome de veras que salian as conferencias que pronunciaches na Universidade Central. Si che mandasen separatas con algunha esplendidez, agradázoche moito que non me esquezas. Como isto non é probábel, non deixes de me decir onde saen, pra percuralas. Supoño que dispois dista primeira, Cantón publicará tamén a outra, pois ambal-as duas teñen intrés cultural vivo.

Onte mesmo, dispois de ter recibido a tua carta, tiven unha conversa telefónica co Paco. Laiouse de que lle estraviaron unha carta que che mandou fai algún tempo con un inquerito pra “Galicia emigrante” e máis con un informe da R. Academia Gallega ó C. Gallego de B. Aires sobre a edición de “Os Eoas”. Encomendoume a min que te informase –por medo a que as suas cartas sigan perdéndose– do que íl pretendía de tí ó che enviar ó informe. Trátase do seguinte:

O C. Gallego de B.A. desexa financiar a publicación de “Os Eoas” e comunicoullo á R. Academia Gallega, que é a que garda os manuscritos de Pondal. A Academia nomeou unha comisión pra estudar o problema. As conclusións a que chegou ista comisión refrexáronse nun informe enviado ó Centro Gallego. Iste envoiuille tal informe a Paco i-encomendoulle que recabara, reservadamente, a opinión de algunhas persoalidás residentes en Galicia sobre a comenencia ou incomenencia da publicación da obra pondaliá á vista das dificultás técnicas remarcadas pol-os académicos. Paco deunos a ler ise informe eiquí en Compostela a D. Ramón, a Aquilino, a García-Sabell e máis a min, i-envioucho a tí por correo. Isa carta foi a que se perdeu.

No informe, os académicos facían fincapé na enorme dificultade material que supoña o transcribir os milleiros de cuartelas que se gardan nun caixón, non só pol-o número, senón pol-as innumerábeles correicións e variantes do propio Pondal que figuran en cada unha, ademáis de que moitas dilas son indescifrábeles. Calculaban que se necesitaría unha persoa consagrada a ise labor durante varios anos.

Semella que os do Centro, á vista deste informe, desexan asesorarse sobre a importancia do seu proeiro, tratando de coñecer a opinión de varias persoas de aquí. Todos respondemos enviándolle unha carta a Paco co noso punto de vista sobre a importancia cultural de tal edición, pois a verdade é que non é moi asinado desaproveitar unha oportunidade como ista de poder editar, total ou parcialmente, a obra inédita de Pondal. Supoño que non será faceadeira unha edición total do poema, porque incluso é dudoso que o chegara a rematar o autor, pero nada impide publicar os materiais descifrábeles do poema, e ises serían pouco menos intresantes que o poema mesmo.

Como a Academia non se atopa con folgos pra emprender a empresa e como, ó mesmo tempo, non queren deixar saír os manuscritos da Academia, a solución que a varios se lles ocorreu –Aquilino, García-Sabell– foi que se fotografiasen todol-os manuscritos e logo se lle encomende á persoa ou persoas idóneas, de dentro ou de fora da Academia, a preparación da edición.

Tí, co-as ideas que se che ocorran sobre o particular, non deixes de lle escribir unha carta a Paco, pra que a acompañe co-as outras que xa ten.

Fai dous días, recibín o estudo sobre o ossianismo de Pondal que publicou recentemente José Luis Varela<sup>29</sup> no tomo VI do “Homenaje a Menéndez Pidal”. Mandareicho dentro de uns días, cando o teña lido, pois sempre convén que o conozas. Tamén che mandarei as prometidas notas

---

<sup>29</sup> José Luis Varela Iglesias (Ourense, 1924). Doutor en Filoloxía Románica pola Universidade de Madrid. Colaborador de publicacións como *Arbor*, *Papeles de Son Armandans*, *Cuadernos de Estudios Gallegos* ou *Grial*. Autor de numerosos traballos de temática galega, en particular de escritores (Risco, Valle-Inclán, Curros ou Rosalía). Dos seus ensaios salienta *Poesía y restauración cultural de Galicia en el siglo XIX* (1958). Afervoador defensor da figura de Risco.

sobre o traballo dese portugués<sup>30</sup> que publicou en E.E.U.U. un ensaio sobre Rosalía con puntos de vista demasiado audaces e gratuitos.

Os da Academia Gallega foron a Braga estes días pasados. Pol-o que lle oín a Bouza, seica resultou moi ben a visita. Tamén foi Otero.

Parece ser que as “Edicións Monte Medulio”<sup>31</sup> están dispostas a publicar unha obra de cada un dos tres poetas do XIX (Rosalía, Pondal, Curros) e tamén unha Antoloxía da nosa lírica medieval. Non se sabe aínda cal será o orden cronolóxico que seguirán. En cambio, a idea de que fagas tí a escolma medieval foi ben acollida. Cando haxa algo en concreto xa te informarei.

Dende logo, as relacións con Montero<sup>32</sup> non poden sere máis arrandeantes. Non sei si se deben a motivos voluntarios ou involuntarios, mais de calquera maneira enoxosos. Sería unha verdadeira pena que non aproveitases a oportunidade de acadar o Premio Extraordinario que che corresponde. Confío en que, íl que tanta memoria ten, non deixará malograr a ocasión.

Moitos saúdos a todol-os teus e unha aperta moi forte pra tí do teu amigo

Ramón Piñeiro

---

<sup>30</sup> Alusión, máis adiante concretada, ao ensaísta portugués Alberto Machado da Rosa, un dos estudosos da figura de Rosalía de Castro.

<sup>31</sup> En 1954, en París, esta efémera editorial publica unha escolma de poesía galega con poemas de Rosalía, Pondal e Curros. Ramón Piñeiro cita este libro en máis dunha ocasión nestas cartas.

<sup>32</sup> Santiago Montero Díaz (Ferrol, 1911-1985). Bibliotecario da USC e catedrático de Historia medieval da Universidade de Murcia, da que pasou á de Barcelona e logo a Madrid. Publicou incontables estudos e ensaios sobre a Antigüidade —historia, literatura, relixión, filosofía, etc.— sen que faltasen obras e figuras galegas como Nóvoa Santos, o Padre Feixóo, Diego Xelmírez ou o Tumbo A da catedral de Santiago. Pertenceu ao Seminario de Estudos Galegos e á Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela.

## X

(Fingoy, 8-XI-55)

Querido Piñeiro: Recibín a túa carta, i escribín ao Paco dándolle a miña opinión sobre a edición de “Os Eoas”. Non creo que aporte o meu xuício nada interesante, tanto máis canto non estóu ben enterado do asunto, por non coñecer o informe da Academia. Creo que é desexable facer a edición, sen afán reconstructivo, o que suporía unha falsificación. Habería que publicar o poema no estado en que se atope, craro que percurando que as octavas vaian ordeadas. Se se gardan desordeadas hai que publicalas n-un orde hipotético, que sempre estará máis perto da orde pondalián que o está o desorde en que se hachen. Pero hai que publicalo todo, incluso o que non se saiba qué lugar ocuparía no poema, e hai que publicar todas as variantes e todas as verbas descifrables, sinalando as lagoas. En fin, é a edición de un documento literario, e non de un moimento. Suscitará mil problemas, que ha resolver con decisión e responsabilidade quen se ocupe en tal mester.

A edición ten interés pra a historia erudita da literatura galega, é decir, pra a outa cultura galega. Non o ten pra a cultura popular. Por todos conceptos, ises “Eoas” son ilexibles pra o gran público. Será unha publicación pra especialistas.

Se me mandan tres exemplares das conferencias sobre a poesía galega do noso século reservaréche un. Xa podía estar impresa, pero o termo neorrománico que inventéi pra designar a escola de Amado Carballo desorientóu ao Decano, que me escribíu pra se asegurar de que non era un erro por neorromántico. Como tamén ista voz figura na conferencia tiven que fornecer varias acraracións, e isto fixo que, xa fai tempo correxidas as probas, o testo esté aínda inédito.

Non creas que dempóis de ista primeira, Cantón pubrique tamén a outra. N-unha carta a Montero decíalle que non vía a forma de publicar as dúas n-un mesmo fascículo, por non ter unidade temática (Con poñer: “Sobre literatura gallega. Dos conferencias” na portada, arranxábase todo) i en dous fascículos “tampouco es factible” (verbas literales ás que non acompañaba ningunha espricación: tal vez é que o cupo pra literatura

galega na Facultade ficara esgotado). O testo da segunda conferencia devolveullo Cantón a Montero, que o conservou “pra publicalo n-outra parte”, manifestación pouco despóis da cal abríuse o período de silencio que aínda dura. De xeito que isa segunda conferencia non ten parteira pol-o de agora.

Xa matino reunir algunha vez n-un volume todos os ensaios de dimensións moderadas sobre as nosas letras que vou escribindo e que me pareza que poden resistir unha revisión. Teño xa rematado “Visión da vida na lírica de Rosalía de Castro”, de modo que, en realidade, teño xa, co feito, de abondo se sumamos conferencias e traballos inéditos ou publicados. Pero non hai presa ningunha aínda pra coidar n-iste asunto.

Mándoche un traballiño que veñen de me publicar en Ourense. Aparte a introducción, non é máis que unha versión máis completa da nota de Sete poetas sobre a métrica de Curros.

Se ves ao Paco dille que non perdo o desexo de poseer un exemplar da revista de Seoane<sup>33</sup> que publicou o meu traballo sobre Daniel; o que nin siquera vin impreso.

Apertas

Ricardo

## XI

(Compostela, 14-XI-55)

Meu querido Ricardo:

Recibín a tua carta e mail-a separata do traballo que publicaches no “Boletín” de Ourense sobre a métrica de Curros, cuio envío agradézoche moito. Non sabes cánto me alegra ver publicados istes traballos que van facendo de ti o candidato natural e idóneo pra unha cátedra de língoa e literatura galega o día que “funcione en serio”. Niste orde de cousas

---

<sup>33</sup> Refírese a *Galicia Emigrante* (Buenos Aires, 1954-59). Hai edición facsímile publicada por Edicións do Castro (1994).



considero un contratempo lamentabel que o estrano silencio de Montero chegue a malograr o Premio Extraordinario que á tua tese doutoral lle correspondía acadar.

Moita gracia me fixeron as profundas cavilacións de S. Cantón diante do termo “neorrománico” apicado á poesía de Amado Carballo. Coido que endexamáis chegará a o comprender. Como tampouco eu comprenderei nunca as razóns aducidas pra non publicar as dúas conferencias en lugar de unha soia... Os sabios son desconcertantes.

Celebro que teñas rematado un novo ensaio sobre Rosalía, que será, estou seguro, de gran intrés –pol-o Nadal tratarei de o ler– e tamén que esteñas animado a preparar un tomo de ensaios dese tipo, cúa publicación contribuirá positivamente a lle dar craridade e rigor ó ambiente crítico da nosa cultura, como ocorre co tomo adicado ós “Sete Poetas”.

Mándochе unhas notas tomadas do traballo publicado nos E.E.U.U. pol-o portugués Machado da Rosa<sup>34</sup> sobre Rosalía. O probe home tomouse un enorme traballo analítico pra xustificar uns prexuícios que ás veces chegan a ser delirantes.

Tamén che mando hoxe mesmo o traballo de José Luis Varela sobre o “Ossianismo de Pondal”, que supoño che agradará conocer. Como eu irei ahí pol-o Nadal, xa o recollerei pra entón, así que non te tomes o traballo de mo devolver por correo.

Reitereille a Paco o da revista “Galicia emigrante” e quedou en lles chamar a atención novamente sobre o particular.

---

<sup>34</sup> Alberto Machado da Rosa (Angra, Açores, 1924-Monsaraz, Alentejo, 1974). Licenciado en Filoloxía Románica pola Universidade de Coimbra en 1947. Graduado na Universidade de Wisconsin (Madison), onde foi profesor no Departamento de Español e Portugués. A súa tese de doutoramento estuda a figura de Rosalía de Castro: *Heine in Spain (1856-57). Relations with Rosalia de Castro* (Wisconsin, Madison, 1957) da que xa se ocupe en “Rosalía de Castro, poeta incomprendida”, en *R.H.M.* Nova York, xullo, 1954. Outros motivos rosalianos tratounos en traballos aparecidos en *Cuadernos de Estudios Gallegos* (aos estudos rosalianos contribuíron tamén outros portugueses como Jacinto de Prado Coelho ou P. Arlindo Ribeiro da Cunha). Creou o Seminario de Cultura Galega en San Salvador de Bahía.

Mándoche iste artigo que salú fai poucos dias no “Pueblo Gallego”, do que é autor o poeta Cuñá Novás, no que fai referencia ó teu libro “Sete poetas”. Como eu supoñía, de agora en diante recurrirán caseque todos a ise libro cando traten de algún dos nosos grandes poetas modernos. E máis vale que así o fagan si o fan honestamente.

Unha aperta moi forte do teu bó amigo

Ramón Piñeiro

## XII

(3, nadal, 1955)

Meu querido amigo: Douche as gracias pol-as túas amistosas mercedes derradeiras: unha amable carta, o extracto do traballo sobre Rosalía de Machado da Rosa, o estudo sobre Pondal de [José Luís] Varela e os artigos de [Manuel] Cuña [Novás] sobre Amado, e [Xosé Luís] Franco [Grande] sobre Manuel Antonio.

Supoño que non tardaremos en nos ver. Fole estivo eiquí o pasado domingo, e confirmóume o teu propósito de vir a Lugo.

Paco mandóume dous exemplares da revista de Seoane, correspondentes a outros tantos números, o que contén o meu traballo sobre Castelao, escritor, e o que fala da miña tese doutoral.

Por certo que hoxe pódoches comunicar que o gran Montero quebró oficialmente o seu silencio, n-unha forma á que xa me ten acostumado. Onte estaba xa deitado cando me chamaron de telégrafos e me leeron o seguinte telegrama, que na súa forma ordinaria, é decir, a cinta sobre o papel azul, inda non chegou ás miñas mans: “Concedido premio extraordinario tesis doctoral. Enhorabuena. Un fuerte abrazo. Santiago”. Isto é todo, e non sei máis detalles nin poseo máis antecedentes, pois o estado do asunto era onte o mesmo que cando che escribín derradeiramente sobre o asunto.

Recibín carta de don Ramón Otero, e a copia de unha novela do mesmo. Se aínda está por ahí dille que tardo en contestarlle porque a resposta vai ser algo longa e todos sabedes cómo vivo atafegado en Fingoy.

Lembranzas a Isabel e os máis amigos. Apertas pra ti do teu

Ricardo

### XIII

(Compostela, 5 de Nadal do 1955)

Querido Ricardo:

Acabo de recibir a tua carta. Non sabes canto me alegro do gran trunfo cultural que Galicia ven de acadar coa concesión do premio extraordinario á tua tese doutoral, pois por ser a primeira vez que as letras galegas se presentan, coma conxunto orgánico, ó máis outo tribunal académico español, iste galardón máisimo non soio honra a tua capacidade inteleitual, senón tamén á propia cultura galega, posto que a materia e mail-o autor da tese pertencen plena e integramente a isa cultura, sin misturanzas nin adulteracións.

O teu trunfo –tan merecido– é, dende logo, un grande trunfo persoal; mais ten a rara particularidade de que, sin deixar de ser persoal, abránguenos a todos. Sentímolo e reconocémolo todos como un trunfo común, como un trunfo que nos honra e prestixia a todos. Pol-o mesmo, a noraboa que uns i-outros che envíen ó irense enterando da boa noticia, terá sempre un recendo de gratitude.

Certamente que sigo pensando en ir uns dias ahí arredor da Noiteboa. Aproveitaremos a ocasión pra faláremos de moitas cousas. Penso atoparte animado.

José Luis Varela escíbeme dende Colonia e, comentando “Sete poetas”, dime o seguinte: “A mí me parece que libros como ese tendríais que editar en Galicia muchos, si se quiere que la gente lea. Pertenece, a mi juicio, a ese tipo de libros, tan abundantes en Francia, de amena y elegante

divulgación (lo cual no excluye el rigor, naturalmente). Si hubiese habido hace unos años libros de este tono, criterio y altura, ya no sería posible la proliferación de la chabacanería erudita o semierudita y letrada...”. Tamén sei que entre os estudantes deiquí comentouse moi favorablemente o libro e agora adoitan a decir que “Carballo Calero é o Dámaso Alonso galego”.

Bueno, moitos saúdos a todol-os teus e unha aperta moi forte pra ti do teu amigo

Ramón

#### XIV

(Fingoy, 11, nadal, 1955)

Meu querido amigo: Douche as gracias pol-a túa calurosa felicitación. Tamén creo que debo che atribuir a noticia publicada no número de onte de “La Noche”. Non tiven máis escrarecimentos dende o telegrama de Montero<sup>35</sup>.

Fole estivo por eiquí a me pedir as novelas de López Ferreiro, que ti lle dixeras que eu tiña. Necesitábaas pra non sei qué traballo que coidaba facer e no que se mencioaba o castelo de Pambre. Deixóume en troque tres libros que eu non leera: “Nasce un árbore”, “Lonxe” e “Maturidade”. O primeiro compracéume moito. Vexo n-ise rapaz grandes posibilidades de escritor. Os seus relatos trascenden simpatía e presentan rasgos de humorismo moi acertados.

Vexo que non tardaréi en recibir o tomo IV da Escolma de poesía galega<sup>36</sup>. É de supor que sexa unha obra de éisito, e que se venda dabondo.


Sen máis que che decir, abrázate o teu amigo

Ricardo

---

<sup>35</sup> Santiago Montero Díaz.

<sup>36</sup> Dos catro tomos, publicados por Galaxia, son autores Xosé María Álvarez Blázquez (I e II) e Fernández del Riego (III e IV).



Ánxel Fole conversa con Vicente Quiroga, alcalde de Lugo



1956





## I

(Compostela, 10 de xaneiro de 1.956)

Meu querido amigo:

Mándoche unha páxina que adicada ás letras galegas no ano 55, publicou recentemente Aquilino en “LA NOCHE” e na que fai referencia a “SETE POETAS”. Ó millor xa a liches, mais por si non ocorreu así, mándochoa.

Lembrando as nosas conversas en Lugo, nistes días botei man da “Escolma” e lin os poemas de Díaz Castro, millor dito, como está eiquí o Fole pasando uns días, lémoslos os dous xuntos. Certamente, o teu xuício estaba ben xustificado. Non hai duda que Díaz Castro é un poeta tan desconocido como interesante.

Por eiquí non hai novidades.

Unha aperta moi forte do teu amigo.

Ramón Piñeiro

## II

(Compostela, 12-I-56)

Meu querido Ricardo:

Cando estiven ahí esquecinme de che insinar un comentario que sobre “Sete Poetas” salíu na “Voz de Galicia”. Mándocho hoxe. O que ocorre é que terás que facer o favor de mo devolver porque o saquei do arquivo de Galaxia e teño que o restituir.

O Aquilino léunos fai días a Fole e máis a mín unha serie de sonetos que forman o núcleo de un libro que quer facer.

Por eiquí non hai novidades.

Unha aperta moi forte do teu amigo.

Ramón Piñeiro

### III

(Lugo, 13, I, 1956)

Meu querido amigo: Recibín a túa carta do 10, e con ela a folha de “La Noche” co artigo de Aquilino adicado ás letras galegas no ano pasado. Non vira tal artigo. Aquilino falárame de que tiña mentes de escribilo. Así que agradézoche o envío.

Celebro que coincidas conmigo en considerar interesante a poesía de Díaz Castro. A min atraime pol-a acertada combinación de cultura e sabor á terra que é a súa base. Tamén vexo n-ela unha grande seriedade, unha grande madurez, unha podente dominación da língoa e unha chea posesión dos xeitos espresivos e da técnica do verso.

No intre en que remataba o párrafo anterior, trouxéronme a correspondencia, e vouche dar conta do que n-ela pode ter interés pra ti.

En primeiro termo abríñ una carta túa de onte, na que me incruies unha recensión de “Sete poetas” publicada en “La Voz de Galicia”, e firmada por R.C., que supoño non son eu mesmo, nen Rosalía Castro, nen Ramón Cabanillas, nen Ramón de Campoamor. De xeito que non sei a quen corresponden isas siglas. Lido o artigo, que adica unha xenerosa extensión de párrafos ao libro, devólvocho, segundo os teus desexos, pra que o restituíais ao arquivo de “Galaxia”.

A segunda carta é de Montero. Dime n-ela que a Facultade de Letras de Madrid envióume exemplares da miña conferencia, e que llos devolveron de Lugo por non dar co destinatario, o que il considera increíble. Anúnciame que se me envían de novo.

Outro sobre contiña un “Saúda” do Segretario da citada Facultade participándome que con data 11 se me remesaban os ditos exemplares; o que confirma as noticias de Montero. Coido, pois, que ben axiña poderéi enviarche un exemplar da miña conferencia sobor da poesía galega do século XX.

Finalmente, viña unha carta de “Gredos” na que se me comunica estar xa publicado o libro que foi tesis, e que ao parecer agora chámase “Aportaciones a la literatura gallega contemporánea”, é decir, suprimida a verba “fundamentales” que acompañaba ao primer sustantivo. A tirada leva data do 9 do corrente, e o exemplar véndese ao prezo de 54 pesetas. Isto é todo o que me din. En canto ao libro mesmo, non o recibín.

Estiven en Ferrol uns días, e alí acompañóume moito Pérez Nolla.

Lembranzas e apertas.

R. Carballo

#### IV

(Lugo, 13/1/1956)

Querido Ramón: Gracias pol-os derradeiros envíos de recortes de periódicos. Non sei se sabes que Fernández Gasalla é fillo de Fernández Barreiro, que en “Céltiga” de Ferrol publicou “Os catro cisnes brancos”, tradución de un texto de Louey Chisholm.

O traballo de Varela Jácome ten as características xa coñecidas. Probablemente nin un só dos xucios que emite son de seu. Isto de que os nosos historiadores da literatura fagan a súa historia a base dos xucios que escoitan ou leen, sen citar xeneralmente a fonte, descreta lamentablemente a nosa cultura. Menos mal cando o mal radica en traballos cos que ninguén ten que nos supor solidarios.

Recibín carta de Aquilino agradecéndome o envío do meu libro de Gredos e prometendo ocuparse n-il. O seu exemplar foi o único que enviéi a un escritor ou amigo galego. Os demais foron adicados a satisfacer obrigas. En Galicia coloquéi cinco: tres médicos de Lugo, aos que debo atencións profesionás, un ao Aquilino e un a min mesmo. Outros cinco, obedecendo a Montero, enviéinos aos membros do tribunal do grado. N-iste intre non teño ningún exemplar; pois o que me reservéi prestéino a Fole. Lévame isto de espricación ante os que non reciban o libro de regalo. Só me mandaron dez. Quixen distinguir a Aquilino porque il me

ten mandado os “Cómaros”, o “Contra”<sup>37</sup> e os “Carmina”, máis moitas follas e folletos, i eu non lle mandéi nada meu na miña vida. Ademáis, tamén tiña certas obrigas sociás pra con il, e quería darlle unha proba de estima, pra que non crea que a miña ouxetividade ou independencia ao xulgallo como poeta, con menos reverencia da que acostuman os nosos historiadores da literatura, siñifica falla de consideración.

Hoxe mandáronme a correxir as probas das primeiras páxinas do estudo sobor da zanfona, de Santalices. Leva en galego o prólogo de Cabanillas e un romance do autor. Se quixera unificar un pouco a ortografía, tería que refacer totalmente o orixinal, que na súa parte en galego i en castelán está moi descoidado. Limitéime a racionalizar o posible a puntuación, pero respetando a morfoloxía, a sintaxis e a ortografía de Santalices, como é natural. Houbera sido mellor que me encarregaran previamente a revisión do orixinal; pois sobor das probas non se pode facer máis que correxir os erros de imprenta, ou pouco máis.

Apertas.

Ricardo

## V

(Compostela, 29-I-56)

Meu querido amigo:

Recibín o exemprar que me enviaches da tua conferencia “La Poesía Gallega en el siglo XX”. Inda que xa mo prometeras e contaba co-il, alegreime moito cando o recibín. Moi agradecido. Coido que o panorama que trazas da nosa poesía contemporánea é asisado e ouxetivo e acada o máis que se lle podía pedir dada a súa finalidade: ordear e orientar valorativamente un conxunto aínda en desenrolo.

Mándoche iste artigo que apareceu onte en “La Noche” e que ó millor tí non o liches.

---

<sup>37</sup> Referencia a *Contra el ángel y la noche* (Emecé Editores, 1941).

As iniciás do comentario que salíu na “Voz de Galicia” sobre “Sete Poetas” coído que corresponden a un xornalista coruñés que se chama Caparrós<sup>38</sup>.

En febreiro poderá saír, ó cabo, a tradución do Heidegger. Xa está todo o texto composto. Tamén están a compoñer no libro de contos de Fole.

Don Ramón por eiquí está. Según as miñas noticias, anda escribindo contos hastra axuntar cen, dos cales, dispois, escolmará oito ou dez pra un libro. Tamén anda a traballar nunha novela.

Según as derradeiras novas que chegaron de América, xa están na imprenta os dous primeiros tomos da Historia de Galicia.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## VI

(Compostela, 21 de febreiro de 1956)

Meu querido amigo: Recibín a tua carta xustamente cando estaba lendo o libro que che editaron os de “Gredos”. Eu merqueino pra llo enviar a un amigo que vive en París e dispois prestoume Don Ramón o seu exemplar, que foi o que lín. Supoño que de agora en diante convertirase na principal fonte informativa de todol-os historiadores da literatura que queiran facer referencia ás letras galegas, con cuio motivo sairemos ganando bastante, porque deixarán de repetir puras vaguedás convertidas en tópicos rutinarios.

---

<sup>38</sup> Luis Caparrós Muñoz (Sevilla, 1923-A Coruña, 1983). Xornalista e impulsor da vida cultura coruñesa, acadou popularidade polos seus artigos da serie “Pluma de Medianoche”, publicados en *La Voz de Galicia*, da que foi redactor moitos anos. Colaborou tamén en *ABC*, *Sábado Gráfico* e *Hoja del Lunes d’A Coruña*, cidade onde residía dende 1947. Foi vicepresidente da Asociación da Prensa coruñesa e fundador da revista *Kilovatio*, de Fenuosa. Da súa autoría son as pezas teatrais *El hombre roto* e *A las doce en punto*.

Pra o meu ver, xunto co panorama informativo en que a obra se apoia, o mérito principal do teu esforzo está na crara e rigurosa articulación valorativa do rexurdimento literario galego. Pódese estar ou non estar conforme co-a totalidade dos teus xucios críticos, mais aínda nos casos en que ún sítase tentado á discrepancia, non por iso deixa de ser igualmente útil o teu punto de vista, que sempre se nos amosra cargado de “responsabilidade” interpretativa. Mesmo por iso, estou seguro de que, en moitos anos, toda a labouira crítico-literaria que antre nós se faga terá como necesario punto de referencia iste teu libro ou o seu procedente inmediato “Sete Poetas”.

Cando se publicou en Lisboa o “Ensaio sobre a cultura galega”, de Otero Pedrayo, convidáranme a min a ir dar unha conferencia sobre a figura e máis a obra de D. Ramón. Como pensaba ir, escribín a conferencia, pra a que aproveitei moitas notas que tiña xa de vello. Logo, cando chegou a ocasión, non puideron ir, e aproveitei a conferencia pra facer un ensaio en forma epistolar destinado a un libro de “Cartas” que teño a medio facer. Lendo agora o teu ensaio sobre D. Ramón, comprobei que hai algunha discrepancia nos puntos de vista. Por se tratar de problemas que pertencen ó mundo literario, no que a miña formación é máis ben floxa, figúrome que prevalecerá o teu xucio, por máis ouxetivo. Con todo, a contrastación de puntos de vista diverxentes sempre é cousa útil ¿non coidas tí o mesmo?

Atopo moi asisado e xusto que distinguiras a Aquilino co-a oferta do único exemplar dispoñíbel do libro. As razóns que te moveron a facelo así son, ó meu ver, totalmente evidentes. Os demais, si realmente lles interesa, xa o percurarán. Como en realidade interésalle a moita xente, supoño que se venderá ben.

Xa está rematada a edición do Heidegger, que por certo quedou moi bonita. Dende logo, cen mil veces máis bonita que a edición orixinal alemá.

A miña noraboa pol-o libro e unha aperta moi forte de

Ramón Piñeiro

## VII

(Compostela, 28 de febreiro de 1956)

Meu querido amigo: Na semá derradeira, os xornás composteláns publicaron un artigo de Montero Díaz consagrado a comentar e valorar o teu libro “Aportaciones a la literatura gallega”. Enviouno co-a indicación espresa de que fose publicado no “Correo Gallego”, quizais por ser o xornal que se lé no Ferrol. Ao día seguinte de sair no “Correo”, Borobó reproducíoo na páxina literaria de “La Noche”. Supóñome que xa conocerás o artigo. Por si aínda non-o tiveras recibido, mándocho recortado.

Don Ramón marchou hoxe deiquí e o domingo conta de emprender o voo pra Caracas.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## VIII

(Fingoy, 12, marzo, 1956)

Meu querido amigo: Recibín as túas dúas cartas derradeiras, do 21 e do 28 de febreiro, así como os recortes de xornás con referencias que me podían intresar, e que sempre che agradezo moito, pois a maor parte das veces, se non fora por eso, non chegarían á miña noticia.

O artigo de Montero sobre o meu libro foi lido tamén por Radio Lugo. Hai uns días me pediron de isa mesma emisora que participara n-unha emisión o día 21, festa da primavera, da poesía, de San Juan de la Cruz, etc. Querían que coloquiase con Manuel María, pero xa sabes que eu son un home moi pouco coloquial. Preferín soliloquiar ou mellor facer falar a outros: e así limitéime a leer, con leves glosas, tres cantigas de tema froral da nosa idade meia. Colléronme o traballo en cinta magnetofónica, e ao ouvila logo fiquei ben sorpreso, pois nunca ouvira a miña voz prudente de fora.

Non vin aínda o Heidegger. O método da zanfona que eiquí se imprime debe estar tamén a punto de saír.

As obras de Cabanillas ¿sairán pronto? Hai tempo que Del Riego non me escribe.

De cando en cando escribo algunha nota completa das “Aportaciones”. Xa teño material de abondo pra unha versión que sería unha refundición total de algúns capidos.

Lembranzas e apertas.

R. Carballo

## IX

(Compostela, 25-III-56)

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta. O mesmo día leveille a Borobó o teu artigo “Arte de la zanfona”, que publicou o día seguinte en primeira plana. Mándocho recortado por si non estiveches o tanto, así como un “Anaco”<sup>39</sup> que no mesmo número publicou Borobó facendo mención ó teu artigo e máis a un libro sobre a gaita que editou Porto<sup>40</sup> fai algúns meses.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

P.D. D. Ramón xa voltou e ven moi ledó e animado. Está en Trasalba.

---

<sup>39</sup> Serie de artigos publicados por Borobó nas páxinas de *La Noche*, xornal de frecuente referencia por parte de Piñeiro como fonte de colaboracións de crítica sobre as novas voces da literatura galega dende finais dos anos corenta.

<sup>40</sup> Unha das librerías da rúa do Vilar, de Santiago de Compostela, na que estaban tamén González, Galí e Carballal, xunto coa familiar e algo secreta de Eduardo Hernández, o *Xudeu*.



## X

(Lugo, 1, abril, 1956)

Querido amigo: Recibín a túa carta, cos recortes do meu artigo sobor da zanfona e o anaco sobor da gaita. O libriño da zanfona aínda se non puxo á venda. Seica pensan mandar ao autor os exemplares pra que il os adeministre.

Hai moito tempo que non teño novas de Del Riego. Mandéille, dende logo, cando a ti, a miña conferencia referente á poesía galega do século XX, pol-a que se tiña interesado; mais me non consta que a teña recibido.

Co expediente de legalización do Colexio ando metido en trafegos extraordinarios, con reunións e percuras de fórmulas xurídicas que me non dan vagar pra outra cousa. Aínda lle non puiden fincar o dente ao noso Heidegger.

Lembranzas a Isabel, e apertas pra ti do teu amigo,

R. Carballo

## XI

(Compostela, 12 de abril de 1956)

Querido Ricardo:

Mándoche iste comentario sobre o teu libro. Pubricouse en “Informaciones” e foi reproducido no “Correo Gallego”. Non sei si conoces ó autor, cuio nome verdadeiro é José Luis Ramos Colemán<sup>41</sup>. Está de notario en Ocaña. Como ten amizade cos de “Informaciones”, especialmente

---

<sup>41</sup> Xoán Luis Pérez-Coleman (Ourense, 1913-Madrid, 1999). Colaborador da revista *Nós* e tamén de *La Región*, *Heraldo de Galicia*, *Cristal* e *Informaciones*. Poeta sen libro, inscríbese na liña vangardista e cultiva o versolibrismo. Traballou como notario en diversas cidades españolas. O seu poemario “Lonxana Arcadia en Maio” quedou inédito ao desaparecer no prelo nos días da guerra civil.

con Cerezales<sup>42</sup>, fai crítica literaria co nome de Luis Cerviño. Ocúpase frecuentemente dos libros galegos. Da “Escolma” fixo unha crítica triturante. Tenlle verdadeira xenreira a Castelao, estimanza con reservas a Otero e sinte, en cambio, paixón fanática pol-o Risco. Eu teño boa amizade con íl no terreo persoal; no terreo inteleitoal decraroume a guerra en represalia por un incidente que tiven fai anos co Risco. Como podes ver por ista mesma crítica, é home intelixente, pouco culto e carente de sensibilidade estética. Soio así se comprende que se atreva a decir, inda que seña co-a máscara dun seudónimo, as cousas que dí de Manoel Antonio, de Amado Carballo e de Castelao.

Axíña recibirás o libro<sup>43</sup> de Fole, que fai un tomo de case trescentas páxinas. O Cunqueiro leu na Cruña i-en Vigo un novo libro que titula “Historia do Sochantre”, no que pon grandes ilusións, pois asegura que acadará unha acusada siñificación na literatura galega.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

P.D. En Madrid acaba de saír un libro de poemas galegos titulado “Catavento ao Norde”, do que é autor Carlos Rivero<sup>44</sup>, que está empregado en Radio Nacional e teño unha vaga idea de que é ferrolán.

---

<sup>42</sup> Manuel Cerezales González (Vilar de Cervos, Ourense, 1909-2005). Destacada figura da prensa do pasado século. Foi director de *Faro de Vigo* e *España*, e subdirector de *El Alcázar* e *Informaciones*. Crítico literario, dirixiu a colección “Novelas y cuentos” da editorial Magisterio Español. Chamou a atención sobre a novela *Nada* (1946), de Carmen Laforet (coa que estivo casado) que obtivo coa mesma o primeiro Premio Nadal.

<sup>43</sup> *Terra brava. Contos da solaina* (Vigo: Galaxia, 1955).

<sup>44</sup> Carlos Rivero Troncoso (Ponteareas, 1920-Madrid, 1994). Escritor e xornalista. Militou na Falanxe e dirixiu o xornal *El Español*. Foi tamén redactor de RNE. Ademais do poemario *Catavento ao norde* (1956), que cita Piñeiro, publicou catro novelas; unha delas, *Mañana empieza el alba* (1960), foi Premio Ateneo de Valladolid.

## XII

(Lugo, 14, abril, 1956)

Querido amigo: Recibín a túa carta do 12, co artigo de Luis Cerviño. Supoño que ti terías recibido unha miña en resposta a aquela túa en que me enviabas o artigo sobor da arte da zanfona.

Vin algunha vez a Ramos Coleman. Cicáis unha soa vez. Debéu de ser en Santiago, cando ía il a sufrir esamen –se estudóu por libre– i eu aínda estudaba por oficial, ou ben ía eu tamén a que me esaminaran por libre de Letras. Ou, se estudóu por oficial, atoparíao alí n-algún dos meus viaxes. Teño a impresión segura de que falamos amistosamente, e dende logo lembro versos e críticas publicadas por il no “Nós”.

Respeito ao artigo, creo, en primeiro termo, que deberíamos felicitar de que se fale dos nosos libros, posto que se os publicamos non será pra que caian pesadamente na cova do silencio. Así, dígase o que se diga de eles, debemos máis ben agradecer a atención que se lles presta, a condición de que se nos garden os respetos persoás aos que todos temos dereito. O amigo Cerviño patentiza na súa crítica indudable estimanza pol-a miña obra. Pero en dous lugares seméllase que é arrastado por certos prexuícios que o levan a insinuacións incorrectas. Primeiro anota unha preocupación “que va máis allá de lo puramente literario” por atopar nos autores estudados elementos representativos ou caracterizadores da alma galega. Penso que pol-as lembranzas ou referencias que tiña de min, Cerviño agardaba un libro tendencioso. Ao telo nas mans, poido advertir que estaba trabucado e no conxunto da súa crítica refréxase ista impresión; pero cústanos traballo nos desprender totalmente dos preconceptos, dos “ídola”, e isa afirmación de Cerviño é un residuo non eliminado dos seus prexuícios. Pois por unha banda interésame tanto a historia da cultura como pouco a mística da cultura, e no que atinxe a sinalar rasgos da esencia da alma galega son máis ben cauteloso, remiso e partidario de descripcións fenoménico-históricas da vida cambiante, pois o devir seméllame máis real que o ser. E tales ou cales elementos representativos que –cicáis– teña rexistrado no libro, certas constantes que ao mellor –non estóu moi seguro– teña anotado, non supoñen preocupación allea ao literario, pois craro está que o literario

é unha expresión da vida, e pra comprender o fenómeno literario é preciso referirse aos supostos ideolóxicos, sentimentás ou económicos nos que se apoia.

Máis grave dende o punto de vista ético é a relación que establece entre a miña esaltación de Daniel e o meu silencio sobre Vicentiño. Porque se as cousas foran como il insinúa, eu tería adoptado unha actitude combativa allea á crítica científica na que non podería agardar máis que prexucios, xa que hoxe a postura cómoda e ceibe de complicacións é máis ben o silencio sobre o rianxeiro e a esaltación do ouresán. De xeito que na práctica da vida real eu tería adoptado unha posición de desventaxa, e il, en lugar de disimular xenerosamente o meu desvalimento, teríase apresurado a denunciálo, facendo así máis acusada a desventaxa mesma, con un celo por Risco que a ningún compromete, mentras que non deixas de ofrecer algún compromiso a postura que me atribuí.

Postura que non adopto. Eu non esalto a ningún. Rexistro feitos literarios que confiren por sí mesmos unha categoría. E tampouco silencio a Risco, senón que falo de il reiteradamente, e con loubanza grande sempre, sen poñerlle a menor chata nunca, menos severo con il que con Otero e o propio Castelao. O único esaito do que a iste respecto di Cerviño é que lle non consagro un capido. Isto é certo. Eu dou as miñas razóns. Ista razóns son discutibles. De acordo. Cicáis debín tratar de Risco n-un capido aparte. Pero Risco é sobre todo un pensador. A súa obra literaria, restada a súa ideoloxía, fica en nada, non porque sexa mal escritor, senón porque é un escritor de ideas, no que se non pode afastar a forma do fondo. Parecéume, pois, imposíbre falar moito de Risco sen colocar a Risco na posición incómoda en que as suspicacias de Cerviño poideran colocarme a min.

Xa posto a falar de Cerviño e de min, vou continuar, co risco de te aburrir. O menosprecio de Manuel Antonio non consegue irritarme. No intre de hoxe, coído que sería absurdo prescindir de seu estudo. Pero que o valor da súa poesía é máis ben técnico-literario que iluminativo do ser –que é o que agora seméllanos característico da poesía verdadeiramente egrexía– é cousa que está craramente consignada por min en moitos lugares, e de xeito particular no cabo dos meus “Sete”.

A denominación de “neorrománica” que dou á escola de Amado ten que provocar resistencia, como toda innovación. Non pretendo que iste sexa un nome esgotadoramente definitorio. É un nome metafórico, pero penso que útil pra nos entender e non creo que máis arbitrario ou convencional que mil outros.

Pol-o demáis, eu tampouco desexo ver aceptadas e definitivas todas e cada unha das miñas conclusións. A verdade é que levo na cabeza e teño en parte plasmado en notas un libro sobre a nosa literatura contemporánea que xa non podo considerar versión nova das publicadas, porque tratando a mesma materia, contén tantas ideas novas, tales cambios de sistema e método, tales ampliacións, supresións e correccións, que o esquema primitivo das “Aportacións” resulta totalmente empezado.

O Fole, como non sei se che dixen, levóume o exemplar que reservaba pra min das “Aportacións”, pra traermo ao cabo de tres días, e fai xa meses que mo retén. Estóu, pois, imposibilitado de consultar a miña propia obra, porque se ben teño un exemplar da reserva quero conservalo intacto, sen desflorar, pra a ocasión que se tercié, namentres non desespere de rescatar o que Fole levóume.

Leeremos o novo libro de iste home, e cando se pubriquen as “Historias do Sochantre”, que creo, co autor, que acadarán unha acusada siñificación na literatura galega, inda que, dende logo, como libro de entretimento, pois non penso que o seu artífice aponte a un branco máis trascendental. O Cunqueiro é tamén, como Manuel Antonio e Amado Carballo, un pouco artista, sen contido ético, a diferenza de Rosalía, Pondal, Curros, Cabanillas...

Recibe unha forte aperta do teu amigo

R.

### XIII

(Compostela, 23-IV-56)

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta e recibira, igualmente, outra anterior da que non facía mención na miña derradeira.

Son xustas total-as consideracións da tua carta respecto da aitude moral de Ramos Coleman. De idéntica maneira interpretaron espontaneamente a súa aitude varios lectores do artigo, algúns dos cales nin-o conocen nin saben quen é. No tocante ós teus xuícios críticos sobre a prosa de Castelao coido que son absolutamente ouxetivos e válidos, e nada teñen que ver cos prexuícios a que Ramos fai referencia e dos que, pol-a contra, il é craramente vítima. O tempo non fará máis que confirmalos e convertilos en verdadeiro lugar común. Eu comparto íntegramente ise punto de vista crítico. E comparto, igualmente, os xuícios que na tua carta espresas sobre o Risco. Tanto os comparto que, nun ensaio que teño escrito sobre Otero, ó facer referencia a Risco aparecen frases como istas: "... Por lle faltar sensibilidade e alento humán, os valores da súa obra literaria son máis ben didáticos que narrativos ou poéticos. Móvese millor no mundo estelar das ideas que no mundo multiforme, desacougado e apaixonante da vida, porque no mundo da cultura a vida aparéceselle en forma de esquemas ou de símbolos ideás. O seu campo natural era o ensaio máis que a novela, o conto, o teatro ou o verso. I-escribíu, de certo, interesantes ensaios...". E, craro está, as razóns que tí dás de que o análise das "ideas" do Risco resultaría pra il máis congoxoso que pra ninguén, é cousa ben certa e segura.

Moito me alegra o ver que tes en proceso de reelaboración os teus estudos anteriores, pois estou seguro que cos novos materiás e, sobre todo, co-a profundización da tua propia esperiencia –que hoxe xa é moi superior á de calquera de nós–, a nova obra, cando esteña feita, será unha verdadeira e definitiva "Historia crítica da literatura galega moderna". Eu case me atrevo a confiar en que podía ser o segundo tomo de unha "Historia crítica..." que podía constar de dous tomos, un adicado á Edade Media e outro á Moderna ¿Qué che parez?

Mándoches uns recortes de xornás con noticias ou datos relativos ás nosas letras. Tamén che envío por correo un novo libro de versos galegos que acaba de editar en Madrid un tal Carlos Rivero, que non debe ser rapaz novo senón máis ben do noso tempo. Dixéronme que era ferrolán e que estaba empregado en Radio Nacional, mais non teño comprobado nin unha cousa nin a outra.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

#### XIV

(Lugo, 13, maio, 1956)

Querido amigo: Recibín e agradézoche os recortes de xornás con noticias sobre as nosas letras, e o libro de Carlos Rivero. Inda que poda semellar un tanto estrano, teño ise libro na miña mesa aínda sen leer. Fingoy non é unha sinecura, ou, pra decilo n-un galego pondalián, unha noncuranza. Hai que estar agarrado ao leme día e noite, na vixilia e no sono, e adicarlle toda a vida. Pouco podos pensar en literatura, e moitas veces coido que debería renunciar totalmente a ela, pois se non pode servir a dous señores máis que servíndoos mal aos dous. Gostaríame facer algo do que me suxires. Gostaríame que nos puxéramos de acordo sobre ise libro de que me falas e que provisionalmente chamas “Historia crítica da literatura galega”. Mais síntome en condicións de grande inferioridade pra levar a cabo a empresa. Me non podos mover de eiquí. ¿Cómo consultar os textos que habería que comentar? Outros son bibliófilos dende sempre, teñen reunido ao longo de moitos anos libros galegos raros, pero indispensables. Teñen cartos que lles permiten adequirir os que necesitan, teñen liberdade pra viaxar a fin de ver os que non podan adequirir, teñen casa pra ordear os seus libros, tempo pra facer os seus ficheiros. Eu non. Pra escribir versos non fai falla nada de iso, e versos escribín sempre crendo que era o único que estaba en condicións de facer. Nos derradeiros tempos, apurrado por uns ou outros, metínme a crítico. Comentar aos nosos grandes escritores, aos nosos escritores “vivos”, xa o fixen, e aínda podos seguir facéndoo. Mais unha cousa é falar de sete

poetas ou das aportacións fundamentás á literatura galega contemporánea, e outra historiar isa literatura. Entón hai que falar de moitos escritores cuio valor é puramente histórico, que pra min son difíciles de atopar e que, sin embargo, hai que leer ou releer. ¿Ónde?¿Cómo? O número de poetas e prosistas galegos de segundo, terceiro ou carto ordre, é asombrosamente grande. E quen escriba unha historia da literatura galega ten que dispor das súas obras completas. Inda que non seña máis que pra adicarlles unhas liñas, ten que telos leídos íntegros, pois se non interesa un xuício solvente e persoal, abonda cos manúas xa publicados, e non hai necesidade de escribir máis. ¿Cómo, sen saír de Fingoy, podo leer os mil libros e folletos dos que tería que falar? En fin, a recadádiva de material: ahí está a principal dificultade. A recadádiva de material é pra min materialmente imposible.

Todo isto refírese, naturalmente, á literatura dende o século XIX. Pero craro está que isa é a parte esencial. Respeito da literatura anterior, os problemas son outros, pero isa custión carez de interés, pois se non en galego, en portugués, inglés e castelán está tratada isa época con sobrada erudición, e ningunha urxencia apúrranos a nos ocupar n-iso.

Dificultades distintas preséntanse coa literatura dos nosos días. Habería que deter o estudo nunha certa data ou afrontar a cólera da maior parte dos contemporáneos, afeitos á crítica amical.

Se crees que algunhas de istas dificultades poden se resolver —e non fago máis que sinalar as dificultades de principio— estou disposto a que consideremos a cousa con calma, sen compromiso, de un xeito realista. E se algo se pode facer, e podo facelo, veríamos se val a pena intentalo. Pero ben sabes que nen a ti nen a min nos interesa forzar as posibilidades pra tenciar algo que se cadra é prematuro ou imposible, por razóns ouxetivas ou suxetivas, ou de unha e outra crase.

Como és home que sempre se enteira de todo, supoño que a istas alturas terás identificado a Carlos Rivero. Eu atopo que no centenario de Lamas Carvajal foi premiado un artigo seu encol dos humildes na poesía do escritor ourensán; e unha noticia chegada ata min, non sei se dina de creto, faino fillo de un Rogelio Rivero que imprimíu en Pontevedra, en 1929, un folleto tidoado “Larpeiro, coitado e mártir”.



Lembranzas aos amigos, especialmente a Isabel e ao grande Otero.

Apertas.

R.

## XV

(Lugo, 20, mayo, 1956)

Querido Piñeiro:

Non sei se sabes que por coidados de Antonio Fernández imprimiuse eiquí o método de zanfona de Santalices, do que xa temos falado. Como eu correxín as probas, mandáronme un exemplar, e parecéume ben escribir un artigo de propaganda da obra. Mándocho por se queres entregarllo a Borobó pra que o pubrique en “La Noche”, se “Nihil Obstat”. Se “Aliquot Obstares” éme igual, pois máis que nada fágoo como atención ao meu patrón.

Pensaba entregarche onte o artigo persoalmente, aproveitando a túa estancia en Lugo, pero a a túa interesante charla fíxome esquecer de elo. E xa que pensaba que o levaras ti, agora mándocho, inda que poidera enviálo directamente.

Lembranzas e apertas.

R. Carballo

## XVI

(Compostela, 22-V-56)

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta. A mín paréceme que moitas das dificultás bibliográficas con que tropezarías nun plan sistemático de traballo serían práíticamente solúbeles co-a colaboración dos amigos. Eu coido que na primeira ocasión que teñamos pra charlar longamente de todo isto poderemos concretar bastante o asunto.

Mándoche iste artigo que saíu hoxe na “Noche”, no que o amigo Fole fai xuicios e consideracións críticas sobre a poesía galega contemporánea. Como está escrito con moita independencia de criterio, coido que é unha boa contribución pra ir creando no noso ambiente cultural unha familiaridade cada vez maior co-a crítica sin compromisos. Dispois da tua conferencia na Universidade Central, paréceme que iste é o traballo máis interesante que se publicou sobre tan interesante tema. Saíron, dende logo, moitos artigos e comentarios nos xornás, mais todos iles de moi inferior importancia a iste traballo.

Non teño moitas novas sobre o poeta de “Catavento ao Norde”. O único que sei é que ten publicada algunha novela, que é natural de Pontearreas e que traballa en Radio Nacional. Pouco a pouco irei completando a sua “ficha” e xa te informarei dos datos restantes.

Unha aperta moi forte do teu bó amigo

Ramón Piñeiro

## XVII

(Compostela, 5-VI-56)

Meu querido amigo:

Hoxe salíu en “La Noche” o teu artigo sobre Mourullo, que está, por certo, maxistralmente ben centrado. Xa teño verdadeiras ganas de ler o que escribiches sobre Fole, inda que algo do teu xuicio xa se trasluce niste de hoxe pol-a aguda comparanza que vas facendo dos dous.

Tamén che mando un recorte con unha “Nebulosa” de Rabanal, publicada fai xa varios dias, na que, ó falar do derradeiro número de “ATURUXO”<sup>45</sup>, menciona o teu poema “En Avión”. E aínda outro recorte con unhas decraracións dun poeta ferrolán.

---

<sup>45</sup> *Aturuxo* (Ferrol, 1952-1960). Revista de poesía e crítica fundada por Miguel C. Vidal e Tomás Barros, coa posterior colaboración de Mario Couceiro. Publicou un importante número dedicado a Luís Pimentel co gallo da súa morte. Tirou un total de dez números e mantivo unha notable calidade nos seus textos.

Onte recibín o ensaio de Celestino sobre o humorismo<sup>46</sup>. Non sei si o conoces, quizáis non porque o rematou nistes mesmos días. Trátase dun traballo realmente valioso e orixinal. Non creo que, hoxe por hoxe, haxa ningún traballo no que o tema se leve á profundidade que o leva Celestino, de tal xeito que o desenrolo pleno das súas ideas requiriría un libro. Estou moi ledo. Con il xa temos garantizada unha orixinal aportación teórica ó problema do humorismo. Ademáis, está escrito con gran sinxeleza, craridade e rigor. Pra o ano que ven teremos que nos meter co tema do lirismo.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

P.D. D. Ramón está eiquí en Compostela. Resulta que a nai crebou unha perna ó coller unha rosa na horta de Trasalba. Trouxérona eiquí e operárona o luns –ós 97 anos–, pol-o de agora con bó resultado. Por certo que o outro día conteille o teu plan de traballo sobre a nosa literatura e púxose moi ledo. Ten unha confianza absoluta na efetividade dos teus proieitos. Opina, opinión que compartimos moitos, que hoxe en día non conta a literatura galega pluma máis idónea que a tua pra poñer orde e craridade conceitual no conxunto da nosa literatura.

## XVIII

(Fingoy, 22, xunio, 1956)

Querido amigo: Mándoche unha primeira nota con pedido de algún libro que necesito en primeiro termo. Eiquí estiveron falando do proxeito Fole e Celestino. Os dous creen que o libro debería chegar ata os nosos mesmos días. Fole, ademáis, xulga que debe comprender tamén as edades meia e moderna. Eu comenzo a traballar no século XIX. De momento iniciaráse a obra con unha breve espricación do que n-ela se entende por literatura galega, á que seguirá unha crítica, tamén breve, da historiografía da que ata o de agora dispoñemos. Pra elaborar ises preliminares fanme falla os libros que se indican na nota adxunta.

---

<sup>46</sup> Referencia a *O segredo do humor* (Galaxia, 1963), que aínda tardaría anos en publicarse.

Mandei a Borobó un artigo que é acuse de recibo do “Cancioneiro” de Blanco Amor. O pai de Mourullo mandóume as “Memorias de Tains”. Perdín o seu enderezo, e por iso lle non escribín dándolle as gracias. Se o ves, díillo. Tamén fixen un artigo sobre as “Memorias”. Mandaréillo a Borobó se vexo publicado o mencionado denantes. Finalmente, por complacer a Fole, fixen un terceiro artigo sobre “Terra brava”. Se os outros saen, mandaréi iste. Pero gustaríame leer denantes o que ti publicaches sobre ise libro. A ver se mo mandas.

Sen máis, apertas.

R.

Francisco Blanco García: “La literatura regional de Galicia” en la obra “La literatura española en el siglo XIX”, parte tercera. Madrid, Saénz de Jubera, 1912.

Mariano Miguel de Val: “Literatura regional gallega”, en “Ateneo”, VI, Madrid, 1908.

Manuel Murguía: “Diccionario de escritores gallegos”. La Coruña, 1862.

Antonio de la Iglesia: “El idioma gallego. Su antigüedad y vida”. La Coruña. Biblioteca gallega, 1886.

## XIX

(Compostela, 26-VI-56)

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta co-a primeira relación dos libros que precisas consultar. Mandeiche hoxe mesmo por correo os tres tomos da obra de Antonio M<sup>a</sup> de la Iglesia, que a tiña eu. As restantes trataremos de chas mandar canto antes.

Os puntos de vista de Celestino e máis de Fole sobre a amplitude cronolóxica da obra parécenme moi merecentes de seren tomados en conta, pois ó cabo trátase de dous criterios da meirande solvencia. Celebro moito que teñas falado con iles diste proieito, que será, estou seguro, unha das grandes aportacións do esforzo cultural galaxián.

Na “Noche” de hoxe ven o teu artigo sobre o libro de Blanco Amor<sup>47</sup>. Por si non-o vises, mándocho recortado. Por certo que, aínda que me corresponda unha miga de responsabilidade na actualización estimativa do “sentimento” como o máis representativo da espritoalidade galega, eu estou ben de acordo co-as ideas que inspiran o teu artigo, pois nada me parece tan perxudicial como as interpretacións escrusivistas, rutinarias e simplificadoras cando de feitos ou valores humanos se trata. Tan malo coma non estimar debidamente as cousas é o sobreestimalas. Si entre nós se chegase, como hai o perigo de que se chegue, a unha sobreestimación do sentimento, ou seña, a unha especie de sentimentalismo doutrinal, pódeme crer que sería dos que máis fondamente o lamentasen. Por iso me gustou o teu artigo.

Alégrome de que lles adiques sendos comentarios ós libros de Mourullo e Fole, que serán, coma sempre, acraradores e precisos. O que eu escribín sobre “Terra Brava” mandeillo a Fole. Mandeille, incluso, unha copia mecanográfica, pois no do xornal viñan algúns erros e tiña algunha mutilación e pra evitar equívocos púxenllo a máquina e mandeille os dous. En cambio eu non-o gardei. Hai un, longo, de Allué Andrade<sup>48</sup>. Si sal nistes días mándocho. Tamén escribíu un moi bonito D. Ramón, que o ten igualmente Fole.

Unha aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

P.D. O artigo teu sobre Cabanillas mandeillo ó interesado. Díxome que che pensaba escribir.

---

<sup>47</sup> Alude a *Cancioneiro* (Ediciones Galicia, 1956).

<sup>48</sup> Vid. ao respecto: *Ramón Piñeiro. Cartas a un mozo galego. Correspondencia con Xosé Luís Allué Andrade* (Vigo: Galaxia, 2005).

## XX

(Fingoy, 10, Santiago, 1956)

Meu querido amigo: Douche as gracias pol-o material literario que derradeiramente me enviaches, formado por artigos meus e alleos. Teño xa enviado a “La Noche” o que adico a “Terra brava”, ou máis ben a algúns aspeitos de “Terra Brava” que aínda non foran ouxeto de crítica. Foi escrito perante o reiterado desexo de Fole de que o escribira; pois o meu criterio, pol-o de agora, é non me ocupar en artigos periodísticos de outros libros que aqueles que me son enviados pol-os seus autores ou editores como ousequio. Ou sexa, que non teño desexos de escribir encol de libros novos; pero se un libro me é regalado, percurro corresponder á atención dándolle un pouco de publicidade. Por ista razón fixen un artigo tamén sobre de Santiago, na brétema<sup>49</sup>, e xa que ista carta vai a Compostela, mándocho pra que llo entregues a Borobó, se non che causa molestia. Preferiría que llo non entregaras ate que saíra Poesía y Verdad, que é o que derradeiramente lle mandéi; mais se che é molesto ter o artigo en conserva, entrégallo cando che sexa máis cómodo.

Respeito dos materiáis pra a “Historia” recibín “El idioma Gallego” do Blanco García. Teño xa feitas unhas dez páxinas manuscritas en folio da introducción. O seu índice ven ser: Concepto de literatura galega. Elementos que integran a literatura galega contemporánea. Forzas que operan na súa formación. Esquema da súa evolución. Formas en que plasma. Os problemas da lingua literaria. Agora quero facer un esbozo de historiografía, que consistirá na crítica da obra dos meus máis importantes predecesores. Interésanme, pois, de momento, principalmente, as obras de carácter máis xeneral de historia da nosa literatura. Con isto ficará rematada a introducción xeneral, que ten carácter esquemático; pois penso volver de novo sobre isas custións nas introduccións particulares dos capidos.

¿Paréceche que vaia reunindo folla tras folla todo o manuscrito, pra entregalo rematado, ou que, ao rematar cada capido, vol-o mande pra que fagades dúas copias a máquina, e me devolvades unha e outra fique no voso poder, a fin de asegurarala contra calquer accidente, sen perxuício

---

<sup>49</sup> Na brétema, Sant-Iago, 1956.

de que os textos mecanografiados que eu vaia reunindo sexan considerados simplemente como borradores que poden ser modificados ate a entrega definitiva de toda a obra? Coida n-isto, e a ver que che parez o mellor. Se estando no derradeiro capido, ao cabo de varios anos, queimáraseme, por exemplo, o orixinal, é seguro que non tería ánimos pra facelo todo de novo; pero se vós tivérades outra copia, só tería que reconstruir o derradeiro capido, o que non ofrecería particular dificultade.

É preciso que alguén leve unha contabilidade dos libros que se me proporcionan. Eu percuraréi levala tamén, pero en moitos casos seráme difícil saber de quén proceden concretamente, e como teño moi pouco espacio, ben poidera confundir os libros prestados cos propios, ou esquecer os que chegaran a serme enviados se non os consultaba inmediatamente.

Inda que o número dos que me fan falla é moi grande, non quero pol-o de agora pedir máis, pra non semear confusión. En xeral, só os pediréi no intre en que me dispoña a utilizalos. Craro que vós podedes me mandar todos os que espontáneamente se vos ocorran sen agardar a miña demanda. Eu percuraréi establecer na miña casa un negociado de “Historia” pra ordear algo o traballo.

Lembranzas a Otero, se é que aínda se atopa ahí. Dame noticias da súa nai.

Apertas.

R.

## XXI

(Fingoy, 12-Julio.1956)

Meu querido amigo: Recibín a túa carta do 13, co meu artigo sobre “Terra brava”.

Mándoche unha nota de dúas obras que necesito consultar. Cando o faga, daréi fin ao primeiro capido ou introducción da Historia. “De mi tierra”, da Condesa, e “El regionalismo en Galicia”, de Pedreira, que tamén

teño que ver, hainos na Biblioteca da Diputación de Lugo. Xa os utilicéi pra as miñas dúas obras derradeiras.

Moitas voltas lle teño dado ao problema de se ordear a materia por autores ou por xéneros. É decir, se a obra de un autor hase de estudar de unha vez ou hase de fragmentar estudándose dentro de tantos capidos como xéneros cultivóu. Así, por exemplo, Cunqueiro, se chegara a estudar os meus contemporáneos, dividiríase posiblemente en tres anacos. Pol-o “Merlín” entraría en “Prosa. O reino da fantasía”; pol-o “Mar” e o “Sí” en “Poesía. Os avanguardistas”; pol-o “Cantiga” en “Poesía. O neotrovadorismo”. E pol-a “Dona”... habería que crebar a “Dona” pol-o van e metela de van pra arriba n-un sitio, e de van pra abaixo n-outro. ¿Non resultaría a tal “Dona”, e o seu propio pai, feitos po? Inda que todos istes problemas teñen que ser resoltos libremente pol-o autor da obra, baixo a súa responsabilidade e de acordo coas súas aptitudes e temperamento, escoitaréi con atención calquer ouservación que se me faga sobre custións de método.

Outra custión. ¿Deberéi facer un libro “impersoal” e ouxetivo, refreando o meu temperamento, ou ten máis interés un libro “persoal” e subxetivo, de ritmo máis ceibe, máis próisimo ao ensaio que ao libro de testo?

Hai un libro de M. Montolíu: Manual d’història crítica de la literatura catalana moderna. Barcelona, 1922. Conviría cicáis telo á vista.

Agardo as túas noticias dempóis da visita a Galaxia. Eu escribinlle a F. del Riego.

Apertas.

R. Carballo

Ángel Salcedo Ruiz: Literatura española. Tomo IV. 2ª ed. Madrid, 1927.  
Marqués de Figueroa: De la poesía gallega. Madrid. 1889.



## XXII

(Compostela, 13-VII-56)

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta e fágome cárrego de total-as suxerencias que nela apuntas. O luns, día do Carme, penso ir a Vigo, onde seguramente demorarei dous ou tres días, e alí en Galaxia tratarei de puntualizar todo isto, pois é millor centralizar alí o mecanismo bibliográfico que te ha de ir abastecendo de material de estudo, así como o arquivo dos capíduos da obra que ti vaias escribindo e se vaian copiando.

Como acaba de saír o teu artigo sobre “Terra Brava”, que che acompaño, entregareille a Borobó o que me mandaches sobre o libro de Seoane<sup>50</sup>. Inda que fose crebando unha norma, eu alegreime que escribises sobre “Terra Brava”, pois sei que Fole tiña unha gran ilusión en que ti comentases o libro, como a tiña en que Maside lle fixere a portada e Domingo o prólogo. Vive todos istes problemas con entusiasmo inxenuo e case infantil. En realidade pouco traballo costa proporcionarlle esa alegría.

Hoxe chegou por eiquí Paco Luis Bernárdez, o poeta arxentino traductor da nosa poesía medieval. Por certo que fala un galego correitísimo.

A nai de D. Ramón vai moi ben. Teñen intención de levala o luns pra Trasalba. Xa lle trasmitín a D. Ramón os teus saúdos.

Unha aperta moi grande do teu amigo.

Ramón Piñeiro

---

<sup>50</sup> Luís Seoane. Alusión ao poemario *Na brétema, Sant-Iago* (1956).

## XXIII

(Compostela, 24-VIII-56)

Querido Ricardo:

Somentes duas liñas pra che comunicar que pasado mañán, domingo, presentarase oficialmente a tua candidatura na Academia Galega. Está vacante a “cadeira” de D. Marcelo Macías. Fai anos, bastantes, elixiron pra cubrir esa vacante a D. José Couselo Bouzas, un crego moi velliño que vive eiquí en Compostela e que ten publicado traballos históricos sobre artistas galegos. Nunca quixo tomar posesión e fai pouco tempo, ó insistírenlle pra que fixese o discurso de ingreso, renovou a súa renuncia por escrito. Por iste motivo, a pesares dos anos que fai que finou D. Marcelo, aínda está sin cubrir a súa vacante. Confiamos en que serás tí que a cubras.

Unha aperta moi grande do teu amigo

Ramón Piñeiro

## XXIV

(Fingoy, 27, agosto, 1956)

Querido amigo: Onte recibín a túa carta, segundo a cal ise mesmo día propúñase a miña candidatura na Academia. Iñoro o procedimento. É de supor que cando se faga a elección pubríquense os resultados; de xeito que xa os coñeceréi. Só quixera saber dende logo quénes fan a proposta, pra poder agradecerllo, calquera que sexa o desenlace do asunto.

Como estás en Santiago sérache fácil averiguar, mediante calquer crego, como Carro ou Pedret<sup>51</sup>, por exemplo, a esaita identidade do segundo

---

<sup>51</sup> Paulino Pedret Casado (Santiago de Compostela, 1899-1969). Sacerdote, profesor de Dereito Canónico na Universidade de Santiago, membro do Seminario de Estudos Galegos, do Instituto Padre Sarmiento e da Real Academia Galega. Colaborou en numerosas publicacións galeguistas do seu tempo e estudou a importante figura de José Andrés Cornide Saavedra.

apelido do Arcebispo que ocupaba a cadeira compostelá en 1809, don Rafael Múzquiz. Atopo n-uns autores Aldanate e n-outros Aldanete. Sóame mellor o primeiro; mais nada certo sei.

Agardo a ficha do libro de González Carvalho. E se podes mandarme, tamén a de “Canto Gallego”, de Arturo Capdevila.

Non volvín a recibir ningún material pra o libro. Así que está detida a súa redaición; pois facer certas partes denantes de outras historicamente anteriores oferece moitos perigos. Prefiro ir facendo notas e fichas pra desenrolar no seu intre.

¿Lembrácheste de lle dar a miña conferencia a Borobó?

Quixera que me enviaras un impreso pra solicitar matrícula gratuita na Facultade de Ciencias.

Apertas.

R. Carballo

## XXV

(Compostela, 2-IX-56)

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta fai días. Non che respondín antes porque estiven de viaxe –fun a Vigo e máis a Trasalba– e porque tiven eiquí bastantes atafegos.

A tua proposta pra a Academia foi oficialmente presentada por Otero, Ferro e Cuevillas, e secundada por Chamoso, Xocas, Gómez Román, Pedret, Bouza, etc. Terá os votos máis calificados e prestixiosos da corporación e confiamos en que serán tamén os máis numerosos. Xa te informarei de máis detalles cando eu os vaia conociendo.

Non vin aínda ó Borobó porque estivo de vacacións aló por Muros. Supoño que non tardará en voltar.

O libro de Gonzaléz Carbalho “Libro de Canciones para Rosalía de Castro” está editado por “Ediciones Galicia – del Centro Gallego de Buenos Aires”. A data de edición é 1.954. Ten un “Preámbulo” do propio Gonzalez Carbalho.

As “Historias do Sochantre”, de Cunqueiro, xa están impresas e dispostas pra sacar a luz. Faltaba soio tirar a portada. Coido que niste mes sairán.

En Vigo estiven con Paco. Xa me dixo que axiña iría pasar uns días cabo de tí.

Mándoche o impreso que me pedías.

Si podo, niste mes farei unha breve escapadiña a Lugo. Meu pai non anda ben de saúde e quixera ilo ver. Si vou xa farei por te chamar.

O Camilo José Cela, que publica en Mallorca a revista cultural “Papeles de Son Armadans”, quer agora publicar, patrocinadas pol-a revista, tres coleccións de poesía contemporánea, unha galega, outra catalana e outra castelán. A colección galega titularase “Colección Rodríguez de Padrón”. O encargado por Cela de escoller e dispoñer a colección galega é Celso Emilio Ferreiro.

Acabo de recibir unha carta de González-Alegre<sup>52</sup> anunciándome que ten rematadas catro obras de teatro galego: “A fogueira no mar” (tema da emigración), “A casa de veciños” (basada na convivencia urbán), “A vendimia” (drama de cepas esgotadas) e “Xoán Santín” (auto sacramental sobre o tema do Cebreiro). Ademáis distas catro obras, ten tamén un libro de versos titoado “As Ponlas”.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

---

<sup>52</sup> Ramón González-Alegre Bálgora (Villafranca del Bierzo, 1919-Vigo, 1968). Avogado. Colaborador de prensa en *La Noche* e mais en revistas como *Atlántida*, *Aturuxo*, *Poesía Española*, *Agora*, *Espadaña*, etc. Escritor bilingüe, en galego publicou o poemario *Os namoros* (1961) e cinco pezas de teatro. Máis ampla é a súa traxectoria como lírico en castelán, que comeza con *Clamor de tierra* (1950). Foi fundador e director da revista *Alba. Hojas de poesía* (A Coruña, 1948-Vigo, 1956) que tirou 16 números. Publicou tamén unha *Antología de la poesía gallega contemporánea* (1959), citada nestas cartas por Carballo Calero. Creou as coleccións “Alba” e “Huguín”.

## XXVI

(Fingoy, 10, IX, 1956)

Querido Ramón: Recibín a túa carta do 2.

Veño de leer as “Historias do sochantre”<sup>53</sup>. Ao mellor escribo algo sobre ise libro. Pra min gañaría con que o autor houbera sido un pouco máis mirado no emprego de verbas groseiras. O “groseiro” é de por sí antiestético; e non hai inxenio capaz de unxir de beleza o refugallo fecal. Moitos rirán ao atoparse de súpeto, entremedias de un estilo de miniaturista, con espresións de brocha gorda. É un truco seguro, íse, pra conseguir comicidade se o lector non é moi requintado. Mais me non semella necesario pra un escritor como Cunqueiro, cuio humor é inesgotable, variado e felicísimo. A miña repugnancia refírese únicamente aos termos ou alusións directamente relacioados coas funcións fisiolóxicas máis elementás. Non creo que a cortesía na linguaxe sexa só recomendable pra colexialas de colexios de monxas; senón que é unha conquista da cultura moderna. Transixo co naturalismo no vocabulario cando, como no caso de Fole, hai unha preocupación documental. Mais na obra de Cunqueiro, que é de intención puramente estética, os exabruptos resultan, ao meu ver, inarmónicos. Paso por que haxa licencias de linguaxe ao falar das relacións secsuás, pois a libido normal é sempre fácilmente poetizable, e por iso os termos plebeios poden resultar tolerables, sobre todo cando funcionan humorísticamente. Mais confeso humildemente que non me fan gracia ningunha as referencias literarias aos fenómenos de dixestión i eliminación dos alimentos.

O libro é o máis impopular de toda a literatura galega, se prescindimos de isas groserías, que lle non acán. É o libro de un home que vive no somaterías, e tiven que me deter. Está, pois, iso, estancado; ben que sigo facendo fichas e notas pra utilizar cando proceda. Fáltanme aínda varias obras de historia literaria e os raros libros galegos de principios do XIX, sen o que non podó seguir.

---

<sup>53</sup> *Crónicas do Sochantre*.

Gracias pol-o envío do impreso pra a matrícula, e o dato sobre o libro de Gonzalo Carvalho. Se podes, envíame o relativo ao arcebispo Múzquiz.

Supoño que, sobre a miña proposta pra académico, o mellor será que permañeza pasivo cara os meus proponentes. Quero decir, que non me dé por enteirado, como non me tropece persoalmente con eles. ¿Ou crees que debo escribirlles dicíndolles que non valía a pena de que se molestaran por min, pero que estimo o que de amistoso ten o seu xesto? Gardo rigurosamente o segredo. Por certo que istes días relacionéime con dous académicos, o Vázquez Saco e o Fraguas. Aquil rexistróu ao meu pedido os libros capitulares pra saber se en certa data estaba en Lugo o meu paisano don Manuel Fernández Varela, o famoso Comisario de Cruzada, e Fraguas, que como anda sempre pol-as naves da catedral, ve moito ao Reitor, tróuxome os datos. Son pra un artigo que me pediron pra “Vida Gallega”. Ningún de istes dous pequenos inmortás semellaba saber ren da proposta no meu favor.

Ben. Abonda xa de parola. Eiquí estivo o Barros, que conferencióu co Fole.

¿Recibiches o número de “Lar” de Santiago? Eu, non. ¿E sabes algo da publicación das obras de Cabanillas?

Apertas.

Ricardo.

## XXVII

(Compostela, 16-IX-56)

Querido Ricardo:

Recibín a tua carta. Pouco máis ou menos, a miña opinión sobre “As crónicas do Sochantre” está de acordo co-a que tí razonas na carta. Tamén eu notei que as inxustificadas concesións ó plebeísmo espresivo que fai no léxico teñen pouca congruencia co-a estética esencial da obra, que

é de tipo máis ben requintado. Son “abusos de confianza” ós que é dado o amigo Cunqueiro, mesmo nas suas amenísimas conversas.

No tocante ó carácter “minoritario” da obra eu tamén estou conforme. Os seus valores fundamentás radican nos primores de estilo, na vivacidade imaxinativa e nunha especie de humorismo sutil que constitúe a atmósfera interna da obra, calidás todas ben pouco doadas pra unha degustación vulgar. Son menos outimista no tocante ó éisito que teña no público. Pode ser que se venda e que se lea, porque Cunqueiro ten moitos lectores, pro estou convencido de que, en xeneral, gustará pouco. I-o caso é que, pra o meu ver, é unha das máis fermosas e compridas mostras da prosa artística galega.

Eiquí estivo o Fole pasando uns días. Hoxe regresou a Lugo. Está moi animado.

Coido que tí non tes necesidade ningunha de te dares por enterado da proposta académica, xa que oficialmente nada sabes. Cando señas elexido e cho comuniquen, terás ocasión de te dirixir ós autores da proposta. Os de Lugo están enterados e prometeron votar a tua candidatura.

Gustaríame ir uns días ahí no cabo desta semán ou a comenzos da que ven. Si fose, chamaríate por teléfono en chegando.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

P.D. Falei con D. Xesús Carro<sup>54</sup> pra que me informase do segundo apelido do arzobispo Múzquiz. Quedou en averigalo. Aínda non teño recibido a revista LAR. Coido que a recibirei, pois mandeilles unha colaboración e non deixarán de enviar o número.

---

<sup>54</sup> Xesús Carro García (Santiago, 1884-1973). Eclesiástico e presbítero. Membro da RAG e do SEG. Colaborou no libro *A terra de Melide* (1928). Traballou no Instituto Padre Sarmiento e no de Estudios Medievais que dirixiu Menéndez Pidal. Experto coñecedor da historia de Galicia. Visitou diversos museos de arte europeos e ditou numerosas conferencias. Dos seus libros citamos *La catedrales gallegas* (1950), *Estudios jacobeos* (1954) e *A pelenxinaxe ao Xacobe de Galicia* (1965). Colaborou en *Nós* e no *BRAG*.

## XXVIII

(Lugo, 18, IX, 1956)

Meu querido amigo: Sen dúbida están no teu poder as dúas series de contos de Otero que me enviaches, e que te remeséi dempóis de lelos. Fun tomando algunhas notas sobre cada traballo. Cando me avises de que están xa enviados todos os traballos, examinaréi isas notas i tencioaréi establecer unha lista de preferidos.

A labor é sumamente ardua; pois os textos sobre que se fai están extraordinariamente corruptos. Se nos traballos nos que hai unha certa línea argumental, pode un, ao menos, se formar unha idea encol dos valores narrativos, no caso dos moitos traballos que non son outra cousa que sinfonías líricas, onde se non conta nada, senón que só se aspira a crear un ambiente poético —no que o estilo e a linguaxe son fundamentás— as moitas erratas e trabucamentos fan realmente imposible, a miudo, entender o que quer comunicarnos o autor. Pra se formar unha idea cabal de moitos deles, habería que adicarse a unha verdadeira labor de restauración hipotética. Se fora eu o único seleccionador, non podería levar a cabo a empresa seriamente. Pero vós sen dúbida dispoledes dos orixinas manuscritos, ou ao menos dos informes e a colaboración do propio autor pra reconstruir os textos auténticos. Ben entendido que traballo sobre bases abalantes, enviaréi no seu día a lista dos vinte, ou quince, ou os que poda seleccionar contos, estampas, pantesías, divagacións, artigos ou o que sexan, que me pareza sería máis comenente publicar.

Bouza mandóume os dous libros que se lle pediron; e xa llos devolvín. Agora agardo dous ou tres sen os cales non podo adiantar cousa. Del Riego fai xestións pra mos proporcionar. O de Boado seica andades a copialo en Santiago. É un dos que me fan falla inmediata. Outros son o Salcedo e o Vaamonde, estudos de literatura galega, que, malia que me non acaban de chegar, non podo creer que sexan difíciles de atopar. Vou ver se así remato os dous capidos que me puxen a facer simultáneamente, e, mándoos pra que se faga a copia provisional. Porque traballar en máis de dous capidos á vez é esporse a graves confusións e desarmonías.

Sen máis nada, recibe unha forte aperta de

Ricardo



## XXIX

(Fingoy, 29, setembro, 1956)

Meu querido amigo: En primeiro termo, quero darche as gracias pol-o teu artigo de “Lar”, que me chegou fai uns días. O teu amable panexírico non me sorprendeu de xeito absoluto, porque Fole, algúns días atrás, tiña escuramente pronunciado algunhas verbas sobre un artigo teu relativo a min. Ben quixera merecer as consideracións de que me facedes ouxeto como crítico algúns galegos escollidos; pero a verdade é que, como consecuencia do meu traballo no Colexio, que me non deixa punto de repouso, pouco tempo podoo adicar á lectura e á meditación das obras da nosa literatura, pol-o que a miña labor n-iste orde está sempre ameazada de se resentir de apresuramento.

A “Historia da Literatura” está en ser. Agora veremos se Paco reúne os libros indispensables pra que poda proseguir o traballo.

Hoxe ía saír pra Vigo con Fernández. Mais onte insoléime, e tiven que me por en cura. Teño algunha frebe, e n-isas condicións sería perigoso viaxar. Cando recibas ista carta, terás xa visto a Fernández. Pol-o que me dixo Celestino acodirán a Vigo, ademáis de il, outras distintas persoalidades luguesas, como o Poeta<sup>55</sup> e a súa dona, Milucho Gil e Antón Figueroa. Mo dixo pra que me percurase asento n-algún dos coches que levan. Preferín ir con Fernández; pero, pol-as causas espostas, tiven que suspender o meu desplazamento.

Todo artigo sobre literatura galega que atopas n-algún periódico que caia nas túas mans, mándamo, se non pensas conservalo ti. É sempre interesante coñecer opinións, inda que sexan disparatadas. Trapero escribiu fai un par de días, no “Progreso”, sobre o “Sochantre”. Fole falóume como se houberas falado con il no senso de que podía eu falar diste libro en “Vida gallega”. Fai tempo que estou considerando se o facer.

---

<sup>55</sup> Alusión a Luís Pimentel.

Teño xa composto o orixinal pra o libro que hei lle mandar a Ferreiro con destino á colección “Juan Rodríguez”<sup>56</sup>. Pol-os datos que me dou, 120 páxinas aproximadamente de testo, con dimensións do volume análogas ás dos “Papeles”, resulta que se necesitan versos dabondo. Non sei cómo se pode compaxinar isto coas noticias de del Riego segundo as cales os orixinal enviado por Cunqueiro consta de dazaseis poemas. Inda que vaia antre eles o “Ulises”, como íste non sexa tan longo como o de Homero ou o de Joyce, non vexo cómo poden saír 120 páxinas. Eu reunín cuarenta poemas. A dúas páxinas por termo medio, inda quedéime curto.

Del Riego díxome que mandara a Vigo as obras de teatro que teño escritas; a fin de estudalas e ver se convén publicar un tomo con algunhas delas. Estóunas sometendo a unha revisión previa, denantes de envialas. “As zocas” xa a coñeces. “O fillo” e “Isabel” quero refundilas enteiramente, ou, pol-o menos, modificalas en moitos aspectos. Teño logo dúas obras en castelán, que, se foran achadas dignas de se traducir, poderían poñerse en galego. Unha é “El árbol”, que ti liches. A outra non a coñeces, que eu saiba. Chámase “La sombra de Orfeo”. Desempolvéina e lina agora, e voulla mandar a del Riego a ver se acha gracia aos seus ollos. Inda quixera facer algunha outra cousa. Antre ista media ducia de cousas haberedes de ver se hai materiás pra un libro.

Sen máis, pol-o intre, recibe unha aperta do teu vello amigo.

Ricardo

---

<sup>56</sup> Colección que proxectou Camilo José Cela para editar en Papeles de Son Armadans (que, ademais de revista, foi editorial). O encargado da colección ía ser Celso Emilio Ferreiro pero a iniciativa non foi adiante.

### XXX

(Compostela, 1-X-56)

Querido Ricardo:

Recibín a tua carta. Xa me dixeran Magalí que quedaba Chan<sup>57</sup> con frebe. Eu coidei que sería unha gripe ou cousa semellante, mais pol-o que me dis vexo que é algo que require tratamento enérxico. Con todo, dada a gran eficacia con que agora combaten as doenzas enfeiciosas, figúrome que arastora xa estaredes ceibes de preocupacións.

O que me contas de Fole e máis da “Vida Gallega” xa o temía eu, pois sabía que il entregara o artigo de Novoneyra e ó ver que non viña no número figureime que ó noso amigo íballe parecer mal. O que non puider supoñer é que tratase de complicar ós demais en problema tan subxetivo. En fin, tí xa sabes, tan ben coma mín, que a menudo cae nestas arbitrariedades, que se lle impoñen con unha fatalidade da que il é a primeira vítima.

O feito de que conoza nomes dos grandes autores teatrás do noso tempo débese á lectura de moitos artigos nas revistas literarias comentando autores e obras. O que conozo son, pol-o mesmo, ideas de segunda mao sobre o teatro. En cambio non conozo o teatro, nin en representación nin no texto literario. Entre os comentarios que lín tamén os había, certamente, sobre Giraudoux, como os había sobre Cocteau, e sobre Claudel, e sobre bastantes máis que iban incluídos no etc. con que remataba a lista de nomes que me viñeron ás mentes cando che escribía. Aínda me lembro de que algúns comentarios sobre Giraudoux versaban sobre obras concretas, das que agora lembro dúas “Intermezzo” e “Ondina”. En troques non lín nin vin representada ningunha delas. Tocante a Ugo Betti, a miña fonte de información é tan indireita coma nos casos restantes. Sei que é unha das grandes figuras do teatro italián dos nosos días (sin que seña, dende logo, discípulo nin continuador de Pirandello) e que ten varias obras de moita sona: “Marido e Muller”, “Degaro baixo dos Olmos”. “Loita hastra

---

<sup>57</sup> María Victoria Carballo Ramos. Doutora en Historia da Arte e catedrática da mesma disciplina na Universidade de Vigo. Escribiu importantes páxinas sobre a obra gráfica de Castelao e máis o amplo estudo *La ilustración gráfica en Galicia (1880-1936)* (2011), entre outras contribucións.

o mencer” e, sobre todo, “Delito na illa das Cabras”, que pasa por ser unha das grandes obras do teatro contemporáneo. Sitúanno na corrente máis ou menos definida como “neorrealista”, como a Williams, a Miller e a varios máis. Teño noticia de que está traducido ó castelán en América.

O sistema que vimos utilizando pra ler os orixinás que chegan a Galaxia é sinxelo: dánselle a ler a dúas ou tres persoas que se consideran competentes na materia, que emiten o seu informe (sempre individual). Estas persoas, pra poderen opinar con comodidade, teñen a garantía de que o seu informe quedará totalmente reservado. Cando hai diverxencias de criterio moi acusadas, recábanse novas opinións. Aíualmente está “en lectura” un libro de contos de D. Ramón. Pol-o de agora interveñen tres lectores.

Unha aperta moi forte do teu bó amigo

Ramón Piñeiro

### XXXI

(Compostela, 6-X-56)

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta. Xa vexo que liches o número extraordinario de LAR. O artigo meu a que fas referencia é abondo froxo, en realidade unha simple nota. Certo que a miña finalidade ó escribilo era tamén sinxela: chamar a atención sobre a importancia cultural da tua recente obra crítica. De paso, e por consideralo oportuno, quixen mencionar tamén a tua obra de creación literaria “nos derradeiros anos”, frase esta que foi suprimida no artigo. De ahí que non aparezan mencionados “Vieiros”, “O silencio axionllado” e os restantes traballos teus de anteguerra.

Fole díxome, nefeito, que tiña intención de te convencer pra que fixeres un artigo pra “Vida Gallega” comentando o libro do Cunqueiro, iniciativa que a min pareceume atinada e simpática, como tamén me pareceu atinada a intención que íl ten de facer na mesma revista unha serie de “retratos” de persoalidades destacadas das nosas letras, serie que, con

moi bó criterio, quer iniciar mesmamente co teu “retrato”. O amigo Fole, que na vida social tende a un certo solipsismo, ten un senso moi agudo da oportunidade e da eficacia no tocante ás comenencias da vida cultural galega e ten, ademáis, unha simpática e xenerosa tendencia a percurar a meirande colaboración arredor delas.

O de Vigo rematou moi ben. Sentin que non poideras concurrir. Eu contaba con te ver alí e boteite de menos. De Lugo estiveron, como saberás, Fernández, Celestino, Pimentel e Milucho.

Nistes dias o Paco debe estar por Valdeorras, pois en Vigo díxonos que marchaba ó día seguinte. Evelina xa estaba aló.

Celebrarei moito que ós entendidos en teatro lles resulten interesantes as obras que vas enviar a Vigo. Esa é unha materia na que eu carezo de toda competencia crítica. Moitas veces tiven desexos de ler con atención o gran teatro do noso tempo: O’Neill, Lenormand, Williams, Miller, Priestley, Ugo Betti, Sartre, Anouilh, Marcel, etc. etc., pois ocorre que o teatro é un xénero literario que se renovou vigorosamente. Con todo, por uns ou outros motivos, nunca cheguei a cumprir ise desexo. Algún día o cumprirei. Entramentres, inhíbome de todo xuicio crítico en materia teatral.

Con moito gosto che enviarei os traballos sobre literatura galega que caian nas miñas mans. Fai dous dias recibín unha revista de Lisboa, que por certo se titula GRAAL<sup>58</sup>, na que ven un interesante artigo de Prado Coelho sobre Rosalía, no que traza un esquema de ideas interpretativas pra desenrolar nun traballo máis longo. Como vai vir o Celestino, mandareiche por íl a revista pra que a conozas e leas o traballo de Prado Coelho.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

---

<sup>58</sup> *Graal*. Revista portuguesa de artes e letras que nace en 1956 e quere ser continuadora de *Távola Redonda*. Aspira “a realización de un comum ideal de cultura”. A presenza galega e episódica, aínda que as súas páxinas están abertas a escritores europeos. Antonio M. Couto Viana, David Mourão Ferreira, Ruy Cinatti, Agustina Bessa Luís ou Jacinto Prado Coelho colaboran, entre outros, nesta publicación.

## XXXII

(Lugo, 12, 10, 1956)

Meu querido amigo: Recibín a túa carta do 6. Xa estóu mergullado no revolto mar da miña verdadeira vida, a vida profesional e familiar, a vida da que vivo; e, pasadas, as semivacacións do vran, só intermitentemente podo me lembrar dos proxeitos literarios, das leituras desexadas, dos artigos que debería escribir e dos versos que podería facer. Unha carta, unha visita, de cando en cando, fálanme, trátanme como se eu fora realmente un escritor, ou un inteleitual; e como pra atender cun mínimo de aplicación os meus deberes profesoras e domésticos hei de lles consagrar todas as miñas enerxías mentás, que son ben probes, atópome estranamente lonxe dese mundo do espírito e da cultura ao que me asomo os vrans, e sinto a desazón, perante os que me tratan como se fora un home de letras, que sinte o estudante que está sufrindo un esame coa conciencia de que non tivo tempo de facer unha axeitada preparación da asignatura. Como escritor, todos os anos caio nun longo sono invernal na miña guarida de Fingoy. Apenas podo dominar o cotián de meu existir pedagóxico e administrativo. Non hai, pois, que decir se serán acuciantes os intrins en que xurden problemas extraordinarios. E como todo pende dun fio, todo ameaza sempre vir ao chan con estrondo. Agora teño adoecida a Chan, á que hai que tratar con estreptomocina, e toda a miña vida está dominada por ise feito.

Todo ise entusiasmo de Fole por traballar e nos facer traballar en “Vida Gallega”, trocouse súpetamente en ruptura da súa colaboración e desexo de apartar dela aos máis. Non están craros os motivos; pero eu coído que a causa fundamental foi que no derradeiro número, inda que lle publicaron dous traballos seus, non insertaron un artigo de Novoneira en honor do propio Fole. Creo que lle deron esplicacións e lle prometeron publicalo no próisimo número; mais ao que semella, o choque experimentado pol-o noso amigo ao abrir a revista e ver que lle publicaban dous artigos seus, pero non un terceiro sobre il, foi grande, e a conferencia telefónica que sostivo co adeministrador deixóuno insatisfeito; pol-o que decidíu non enviar nen o meu retrato nen o de ninguén, nen facer pra isa revista máis retratos, nen evocacións de tascas, nen anécdotas humorísticas, nen máis nada. Il pretende que hai mostrás

de desconsideración cara il e cara min mesmo. Xa sabes que Fole levara á revista un artigo que il me pedira e que versaba sobre “Negra sombra”. Demorábase a publicación deste artigo, e, finalmente, pedíronme outro máis breve, e dixéronme que aquil reservábanno pra máis adiante, pois pol-a súa lonxitude non poideran encaixalo aínda. Entón eu retiréi o artigo, admitindo que lles resultaría longo ou cicáis desmasiado científico pra unha revista popular. Mandéi o que me pediron, e publicárono. Cicáis teña embotada a sensibilidade, pero non me sinto ofendido. Como me pediron colaboración regular, mandéilles o artigo sobre Cunqueiro que Fole me aconsellera facer; en vista de que no derradeiro número insertaron os dous traballos que me pediran.

O libro de versos que me pediron pra a colección Rodríguez del Padrón foi xa enviado a Ferreiro. Tidóase “Salterio de Fingoy e outros poemas”. Non mandéi aínda a Vigo, como del Riego me indicóu, ningunha peza de teatro. ¿E quénes son os entendidos nista materia dentro de Galaxia? Por certo que ti, pra te considerar fora dese grupo, amosas erudición dabondo en materia de autores. Dos que citas, Ugo Betti éme descoñecido. Rógoche que me proporcioes algunha información sobor dil.

E falando de teatro, diréiche que recibín o “Edipo abandonado”. ¿E nunca tiveches desexos de ler con atención a Giraudoux?

Tamén recibín uns “Cuadernos Julio Herrera y Reisig”, do Uruguay, naturalmente. Antre eles, un, adicado, que contén poemas de Walter González Penelas; e outro tiduado “Diez poetas gallegos”, escolmados por González Garcés. Supoño que terás noticia delo.

A famosa Historia da Literatura Galega está en ser. Non recibín ningún novo material. Só fago algunha nota cando tropezo con algún dato.

E abonda. Apertas e lembranzas.

R.

### XXXIII

(Compostela, 19-X-56)

Querido Ricardo,

Mándoche istes dous artigos que saíron onte na páxina literaria de “La Noche”, por si non estiveches ó tanto.

O amigo [José Luis] López Cid mandoume fai tempo o seu “Edipo abandonado”. Eu deillo a Pérez Barreiro por si lles interesaba representalo na Residencia, mais como estaban pendentes da obra de Barros<sup>59</sup> e despois xa veu a época dos eisámenes non trataron do asunto. A min, literariamente, gustoume. Non sei, en cambio, cal é o seu valor teatral. Pra o meu ver ten forza poética, pro non sei si resolve ben ou mal os problemas propios da “representabilidade”, pois iste problema queda fora da miña experiencia. A inxeniosa reviravolta que fas na tua crítica pra demostrar que se podería chamar con máis precisión “Antígona frustada” é, certamente, ben aguda.

Unha aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

### XXXIV

(Lugo, 23 octubre, 56)

Querido amigo: Recibín as túas dúas cartas.

Chan continúa sendo tratada. Ten bó ánimo, e o pronóstico é bó.

O sábado estiveron eiquí Celestino, Xohán e Fole. Aquil tróuxome o “Grial”. Lin o artigo de Coelho e algunhas cousas máis, antre elas os poemas galegos da portuguesa. Un anónimo amigo remesóume dende Ourense o Boletín que contén o traballo de López Cid sobre Curros. Paco anúnciame que por fin poderá me enviar algúns dos libros que me fan falla

---

<sup>59</sup> Tomás Barros Pardo. A obra é *Panteón familiar* (1956). Representada en Santiago, con intervención de Fernando Pérez-Barreiro Nolla, a quen cita Piñeiro nestas cartas.



pra a Historia. Propóñome traballar encol deles, e con iso e o Colexio xa teréi dabondo. Non faréi outra cousa. Gracias pol-o teu envío do meu artigo referente ao “Edipo abandonado”. Escribín ao seu autor agradecéndolle o regalo i espresándolle a miña opinión sobre a obra, que é moi favorable. Non a lin pensádoa como representable. Tería que lela de novo pra opinar encol diso. Dende logo, non creo que fora maxinada pra se representar perante un púbrico adoenticio. A un púbrico culto interesaríalle indudablemente; pero un púbrico culto é capaz de se interesar pol-a representación de un diálogo de Platón, como o proba a esperiencia. O che preguntar se antre os autores dramáticos modernos que houberas querido ler con detimento figuraba Giraudoux, foi productu dunha asociación de ideas. Preguntábacho a seguido de mencionar “Edipo abandonado”; i é que, como terás visto pol-o meu artigo, ista obra lémbreme n-algúns aspectos a outras daquil autor francés. Supoño que te trabucas ao citar antre as do Ugo Betti “Degaro baixo os olmos”. Teño lido dous tomos de pezas de O’Neill traducidas na Arxentina, se mal non lembro, antre as que figura unha tiduada “El deseo bajo los olmos”. Coido que será a mesma que ti atribúes a Betti, a menos que iste escribira unha réplica da do norteamericán, co mesmo tiduo. A obra de O’Neill desenrola brutalmente un caso de rivalidade sexual antre pai e fillo, creo lembrar que cun parricidio consecuente. A acción transcurre n-unha “chacra” (así chamada na traducción).

Na “Noite” debe se ter recibido outro artigo meu tiduado “Versos desde el Uruguay”.

Xa estarás mellor enteirado que a min de que está xa no prelo o meu libro da Coleición Rodríguez del Padrón. Ao menos, isto me di Ferreiro que lle di Cela. Antre os orixinás recibidos era o único suficientemente copioso pra encher as cen páxinas e pico que os volumes han ter. Os de Aquilino e Cunqueiro, xa entregados, e que ían sair primeiro, han agardar que os seus autores as engrosen con novos poemas. Non sei cál é a situación dun de Álvarez Blázquez que tamén estaba entregado. Logo, din que aparecerán orixinás de Celso Emilio e Manuel María.

Pol-as noticias que me chegan, “Galaxia”, en materia de versos, pensa editar un Díaz Castro. Como non foi a menor a miña contribución a facer as loubanzas diste poeta antre os amigos, comprenderás que acollo a

idea como a realización dun desexo persoal: é decir, con grande satisfacción. Tamén volvo a ouvir falar dun libro de Pimentel<sup>60</sup>. Non sei se serán ideas de Celestino. Ti as alimentaches tamén n-outroa, pero crin que as abandonaras. Fole rosmaba malhumorado ao ouvir falar disto. ¿Por qué? ¿Cicáis pensando que a musa do poeta provinciano, por moito que os máis enxebres mozos a envidan, se non decide a entrar na roda da muiñeira como non seña pra marcar os puntos con pernas prestadas? Se por isto fora, ise rosmar estaría ben xustificado.

Escriboche a outas horas da noite, e meio dormido; de sorte que é posible que a forza de bocexar remate por tragarme toda a néboa do Miño, que esta a entrar pol-as moitas fírgoas da fiestra do meu despacho. Pra evitalo, voume deitar, e pechar ben a boca. Xa sabes que son un catarroso crónico. Apertas.

R.

### XXXV

(Fingoy, 30, outubro, 1956)

Meu querido amigo:

Recibín a túa carta do 27, co artigo de López Nogueira. O meu derradeiro da “Noche” vino, efectivamente, eiquí.

Se queres me mandar os contos de Otero pra que dé os tiduos dos que me parecen mellores, mándasmos. Se se pensa que a miña opinión pode ser útil, non refusaréi dala. E sabido que teño pouco tempo, pero se non dou tempo ¿qué vou dar? De todo o demáis teño marxe aínda.

Entéirome das túas acraracións sobre os futuros libros de Díaz Castro e Pimentel<sup>61</sup>. Pol-o que se refire ao segundo, percibo nas tuas verbas un tono que nunca empregaches conmigo e que, se ben non me produz

<sup>60</sup> Debe referirse a *Sombra do aire na herba* (Galaxia, 1959).

<sup>61</sup> Refírese a *Nimbos* (Galaxia, 1961) de Díaz Castro e a *Sombra do aire na herba* (Galaxia, 1959), de Luís Pimentel.

ningunha contrariedade, porque non revela malevolencia persoal, senón resulta oposición de criterio, non deixa de me sorprenden algo, en canto supón o abandono das formas de convicción ou de discusión habituás en ti, que soen ser tempradas, e a súa substitución por xuícios apodícticos que refusan toda concesión ao preopinante. Isto faime creer que das a custión un valor emotivo, é decir, subxetivo; e a insistencia en retrucarme esa imaxe da muiñeira, que me fas lembrar empregaba eu, así como a estrana alusión que fas á miña presión sobre Barros<sup>62</sup> designándome non co meu nome de Ricardo nen co pronome persoal senon co indefido quen (“non faltou quen o convidase a bailar a muiñeira”) fanme temer que coas miñas verbas, escritas corrente calamo<sup>63</sup> e como comentario desprovisto de intención aleiciadora, houbera ferido algunha corda da túa sensibilidade persoal e formado imprudentemente en ti un movemento de cólera. Agardo que se reparas no que puíden decir –do que non teño unha lembranza non precisa– caerás na conta de que non había n-elo nengunha censura pra ti, e, inda que a houbera, houbérase tratado dun problema de política cultural, i esposto precisamente nunha carta dirixida a ti mesmo, sería cousa normal e amistosa, pois non se pode negar a quen dalgún xeito –por moi modesto que sexa– colabora na cultura galega, o dereito de crítica sobre a dirección disa cultura.

E con isto, abondaría do asunto. Pero como teño pouco tempo, quero perdelo e facercho perder a ti aproveitando a ocasión pra puntualizar a miña posición sobre varios extremos relacionados co que disentimos; o que pol-o menos, serviráme de expansión, xa que falar sen coidados é sempre un conforto pra quen soe vivir silenciosamente.

Que calquer poeta que eu estime bo, chámese Pimentel ou Barros, escriba un libro en galego, seméllame moi ben. Iso non hai que decilo. De sorte que se ista vez se realizan as túas espranzas, tanto mellor. Ao que son enteiramente hostile –inda que cunha hostilidade puramente

---

<sup>62</sup> Tomás Barros Pardo (Toledo, 1922- A Coruña, 1986). Pintor, poeta e dramaturgo. Co-fundador de revistas como *Nordés* e *Aturuxo*, e colaborador de *Poesía Española*, *Alba* ou *Grial*. Como poeta, publicou *Berro diante da morte* (1963) e *Abráio* (1978). No ámbito do teatro galego escribiu pezas como *O dragón*, *A casa abandonada*, *Tres pezas de teatro* etc.

<sup>63</sup> A voa pluma.

platónica— é a que circulen como orixinás poemas traducidos. Isto seméllame demasiado planificado; e, ao se apoiar n-unha base falsa, ou nun silencio equívoco, presenta un flanco moi vulnerable á crítica ouxetiva da nosa política cultural, que pode sere acusada de fabricar poetas. Puido ter iso xustificación —vou concedelo, e me custa moito— nun principio, pra impulsar ao home a seguir pol-o seu pe o camiño; pero o sostimento disa táctica como fin en si mesmo, seméllame confundir o camiño coa meta.

Pol-o demáis, non creio escrita a túa argumentación segundo a cal Pimentel está en condicións de facer poesía en galego tan normás como a dos restantes poetas que a fan. Se é certo que sempre léu galego ¿cómo se esprica que fundamente no seu descoñecemento a resistencia a empregalo? Craro está que falo do galego literario, xa que dun poeta se trata. Moitas veces téñolle ouvido decir que non posee os recursos léisicos indispensabres, e teño comprobado, ante testos galegos modernos, a verdade da súa afirmación. Non segue o desenvolvemento da nosa literatura. Lee o que suscita a súa curiosidade, pero non estuda. O que lle ofrece dificultades, déixao. A súa base de galego familiar sabes que non abonda, e menos pra un poeta de “máisima pureza lírica”. Que cun esforzo da súa vontade, abondaríalle pra se por ao corrente, é indubidabre. Pero vontade é o que non ten. Se non sinte chamado. Ista é a realidade. Que fixera “bastantes” poemas de “Barco” directamente en galego siñifica que houbo un intre en que comenzou a ceder á presión; que non continuara cedendo, siñifica que non tiña vocación pra ceder. Con todo, a xente teno por poeta “direitamente en galego”. E non o é.

¿Vai, por fin, a selo? Moito, moito ten que cambear. Mais como todo fluie, pode ser. Sexa embora, se é. Pero creeréino cando o vexa. Moito tempo creín que xa o era, e logo, ao chegar a Lugo, enteiréime, ás veces por il mesmo, de que non o era. É natural que no futuro me ataña á comprobación experimental.

Escolios:

Pimentel prometéu formalmente facer un libro de poemas galegos, e que llo entregaría a Galaxia. Isto me dis. E que moitos, e non dos menos solventes, acollérono con sincera alegría, pois non és tí o único en creer que o suprascrito é o poeta de máisima pureza lírica que temos hoxe. Así o pensan outros, incluídos os propios poetas novos, que n-isto están

bastante acordes. Isto me dis. ¿Pero qué? Eu acolleréi tamén con sincera alegría a redacción directamente en galego dise libro. A promesa da súa redacción non abonda pra me alegrar, pois non é un feito positivo, e non sei, como teño dito, se se levará a cabo. E o feito de que sexades tantos os admiradores do poeta, éme coñecido. Ti non necesitas reforzar a túa opinión con isas autoridades, i eu tampouco, no caso de que concorde, non vou a cambiar da opinión, no caso de que discorde. E a miña opinión efetiva nunca foi espоста formalmente, porque xa sabes que non me teño ocupado especificamente na poesía pimenteliá, que pol-o dagora cae fora do círculo das miñas angueiras habituás.

¿Repróchame que presioase a Barros pra que escribira en galego? Véxoo, e non o podoo creer. Barros tamén semellou un intre ceder, e chegou a concebir e comenzou a escribir un libro de poemas tiduado “Azaro e trasno”. Como o outro, abandonou a empresa. Barros é de modesta familia ferrolana e foi mestre de escola en varias aldeas do país. Ten un galego “familiar” análogo ao de Pimentel. Fáltalle, como a aquil, un coñecimento suficiente da nosa literatura. E verosímil que esté peor informado. O diccionario é indispensable pra il. Ou colle o diccionario ou permañece na súa iñorancia. Todos collimos o diccionario, e a lástima é que non haxa un bo diccionario que coller. O galego que falan os campesiños de Lugo non che houbera abondado pra formar a túa lingua literaria, sábelo ben. Pois o galego de Ferrol é, como tamén sabes, moito peor. Hoxe ninguén pode deixar de man o diccionario. Xohana Torres baila a muiñeira a golpe de diccionario. ¿Cómo adeprender se non estudando? ¿Non é mellor que se vaia formando a súa lingua como poda que non que non cultive a nosa lingua? ¿Cómo pode ser ouxeto de censura que eu invitara a todos istes poetas de Ferrol a escribir en galego? E incomprendible e increíble, pero certo, que adicas a calificación de “bárbara” á forma de axuda á pobreza de lingua que consiste en se axudar do diccionario. Pero non hai outra, fora da exploración da lingua viva. O ideal é adeprender galego no campo e nos libros; mais cónstache demasiado que non todos poden saír da área do seu domicilio e que en todo caso o galego culto necesita leer textos e consultar vocabularios. A túa condenación de que eu invitara a Barros a incorporarse á lírica galega é tan estupefactiva que, malia todo, teño a esperanza de que teñas escrito unha cousa contraria do que querías escribir.

E deixemos a Pimentel, a quen neste intre me une a aflicción común a tantos pol-a terrible desgracia acaecida a Arcadio Romero<sup>64</sup>, súpetamente desaparecido, e a Antón Figueroa, cuio estado, según as miñas noticias, é lastimoso e incerto. Seguramente tes de todo isto noticias máis concretas e dereitas que a min. A miña muller estivo hoxe no funeral e non me avisou da hora do enterro porque un dos dous ten que permanecer en Fingoy pra atender a Chan. A rapaza que nos serve é incapaz de facer frente a calquera das incidencias da doenza, que teñen sido copiosas, e do control da complicadísima medicación a que está sometida. A súa temperatura aprosímase xa moito á normal. Mais agora hai que estremar os coidados, e durante un tempo moi longo haberá que ter precaucións, pois un ganglio se non calcifica con rapidez.

Veño de recibir carta do Paco, que me dí, sen nengunha salvedade, que ti me irás mandando os contos de Otero conforme estexan mecanografiados. Mañá devolveréille o curioso sainete de Fandiño, que anda tan escaso que o que eu vin era unha copia mecanografiada, de Naya. Xa escribín unhas páxinas sobre il pra a Historia. Coido que valía a pena reimprimilo, por exemplar, en Monterrey, nun tomo análogo ao sainete de pesca. Álvarez Blázquez ou calquera outro dos que viven na Galicia do Sur podería prologalo cunha sumaria biografía do autor e algunhas verbas sobre ista venerable e interesante peza, escrita sen modelos e resolta con notable temperamento. Supoño que non caería dentro dos plans de Galaxia. Dende logo só pode interesar aos que se preocupan pol-a nosa historia literaria.

Non recibín ningún libro de Bouza. Tampouco un de César Barja que Gamallo prometéu a del Riego me proporcionar.

Recibe a cordial aperta de sempre do teu vello amigo.

R. Carballo

---

<sup>64</sup> Arcadio Romero Boelle, galeguista e destacado artista plástico que morreu no accidente automobilístico que nesta carta se comenta e do que temos referencias na correspondencia epistolar de Ánxel Fole con Ramón Piñeiro.

## XXXVI

(Compostela, 10-XI-56)

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta. Alegreime de saber que a demora na lectura dos “contos” de Otero<sup>65</sup> era debida a falla de tempo e non a doenza, pois eu máis ben temía que te pillara –como me pillou a min– o andacio de gripe que andivo pol-o país.

Mándoche os orixinás que faltaban. Xa non quedan máis.

Nada me sorprende a tua comprobanza de que os tratadistas da literatura galega non teñen lido ises traballos, raros bibliográficamente, que tí manexaches. Xa verás como igual comprobanza irás facendo con moitas outras obras e autores de menos dificultade bibliográfica. Por iso era imprescindible unha revisión crítica da nosa literatura, feita con honestidade e rigor. O novo panorama que resulte desta revisión ha presentar bastantes novidades e diferencias con relación ós panoramas anteriores, moi rutinarios no informativo e superficials no valorativo. E xa vai sendo hora de que se lle faga xusticia verdadeira a un esforzo de creación literaria que conta con máis dun século de continuidade.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## XXXVII

(Compostela, 25-XI-56)

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta e mail-os tres paquetes de contos que me levas devolto. Mañán mandareiche outra remesa. Nada me sorprende que teñas

---

<sup>65</sup> O primeiro volume destes contos publicado por Galaxia foi o titulado *Entre a vendima e a castañeira* (1957).

a impresión de que o texto dos contos está “moi deteriorado”, porque esa mesma impresión ten que a ter calquera que os lea con atención. Con todo, a pura verdade é que as deturpacións do texto non son máis que erratas na transcripción das palabras –erratas que no 90% dos casos se poden correxir directamente pol-o lector–, mentres que as incoherencias, os graves fallos de estilo, as parrafadas abusivas, etc. son da responsabilidade escrusiva do autor. Están así no orixinal. Non houbo deformación. Hai, en troques, falta de forma. O noso querido e admirado amigo semella escribir os contos sin poñer gran atención no que escribe e sin coidarse pouco nin moito de revisar o que fai. Así ocorre que ás veces tropézase con frases ou párrafos inintelixíbeles, que son inintelixíbeles no texto orixinal e non por defeito da copia. Haberá que tratar, unha vez escolmados os que se han de publicar, de que os lea e os corrixa o mesmo Otero antes de os mandar á imprenta.

O libro de Boado<sup>66</sup> apareceu na Biblioteca da Universidade. Houbo que lle encarregar a un funcionario da Biblioteca que o copie a máquina, cousa que está facendo. Non-o entregará hastra o remate do mes. Andamos tamén pescudando si hai por eiqüi o libro de Vaamonde Lores e máis o de Salcedo.

Fai uns dias leunos o Aquilino o libro que mandou á colección “Rodríguez de Padrón”. Son 28 sonetos. Según lin fai dias nun xornal, a lista dos poetas que figurarán na colección inclue, ademáis do teu nome, o de Aquilino i-o de Cunqueiro, que xa sabemos diles, os de Cuña, González Alegre, Emilio e Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, C. Emilio Ferreiro, Manuel María, Sigüenza<sup>67</sup>, Novoneira e Díaz Castro.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

---

<sup>66</sup> Pedro Boado Sánchez (Boimorto, 1777-?, 1823). Xefe político dos distritos de Ourense e Tui. Escribiu *O Tío Farruco. Diálogo entre dos labradores gallegos afligidos y un abogado instruido, despreocupado y compasivo* (1823). Trátase dunha manifestación pioneira da prosa galega moderna e dun estudo psicolóxico dos nosos labregos.

<sup>67</sup> Xulio Sigüenza Raimúndez (A Coruña, 1900- Vigo, 1965). Poeta seguidor do lirismo amadocballista en *Cantigas e verbas no ar* (1928). Fundador da revista *Numen*, emigrante en terras de Arxentina e Uruguai, e redactor d’ *El Pueblo Gallego* e *Faro de Vigo*, onde coincidiu con Álvaro Cunqueiro. Como poeta achegouse tamén á pegada modernista a través de Cabanillas.



### XXXVIII

(Fingoy, 2, XII, 1956)

Meu querido amigo: Istan derradeiras semás foron de grande traballo pra min. Por iso non puiden devolverche aínda os contos oteríans que obran no meu poder. Recibín as tres remesas deles. Teño lidos os máis. Réstanme seis ou sete. Pero hai días que non podo collelos. Agardo, de todos xeitos, que nista semá poderéi leer os restantes. Cando me envíes os que completan a colleita, faréi a lista dos que considero comenente publicar, á vista das notas que sobre cada un vou tomando.

Hoxe recibín a copia de “O tío Farruco”, de Boado. Imos pasando a barra das rarezas bibliográficas. O traballo que nos dimos val a pena. Ningún dos que fixeron ate o de agora historias xerás da nosa literatura semella ter lido algúns distes libros curiosos de principios do dazanove. Un análise algo detido deles será xa unha novidade. Vexamos agora se aparez o Salcedo e o Vaamonde. Istes son libros nada raros, e máis cedo ou máis serodio, temos de dar con eles. Entón poderéi rematar os dous capítulos que teño encetados. A introdución, sobre caracteres xerás da literatura galega contemporánea, daréina axiña por rematada, e mandaréina a Vigo pra que fagan as copias.

Apertas

R.

### XXXIX

(Fingoy, 10/XII/1956)

Querido amigo: Veño niste intre de rematar o derradeiro conto de Otero que tiña por leer. Mañá enviaréiche todos os que están no meu poder. Teño lidos coarenta e tres. Coido que fican aínda algúns por sérenme mandados. Cando me mandes os derradeiros, te non esquezas de indicarmo, a fin de que envíe a lista dos que xulgue comenente publicar.

Andiven estes tempos aínda máis atafegado que decote. Como o único acontecemento literario do mes foi a saída do “Macías”<sup>68</sup>, quixen adicarlle o meu artigo de “Vida gallega” no próximo número. Tardéi varios días en leer esa obra, porque teño poucos ocios pra esa labor na xornada, e porque a súa prosa é tan conceptuosa e hiperculta que require demoranza pra desentranala. Eu tiven que consultar a miúdo o dicionario. Semella que o autor se propuxo incluír no seu libro todos os arcaísmos recollidos en Carré. Tamén me levóu dous ou tres días –por máis incorreito que vaia– a redacción e posta en limpo do comentario. Por outra banda, non só me vexo forzado a desempeñar o impopular papel de xuez dos escritores galegos, senón que me paséi dúas semás facendo de xuez nunhas oposicións entre maestras pra cubrir unha praza en Fingoy. Agora, pra os días que veñen, teño outra función xudicial. A de crasificar os cadernos de folklore que todos os anos me entrega don Antón Fernández, procedentes dos maestros dos cursillos. De xeito que a miña impopularidade debe sere tan grande entre os mestres como entre os escritores. Cando organicedes as maxistraturas, nos vos esquezades de me asignar, como aos pretos románs, dúas filas de lictores que me protexan cando saia de casa.

Con todo isto, a grande e xeneral historia non adianta moito. Inda non puideren leer “O tío Farruco” que me mandaches. Nen facer o paquete pra lle enviar a del Riego o primeiro caderno. Fareino axiña que teña un respiro.

Desexo, por se non teño ocasión próxima, espresarche cunha certa anticipación, os meus sentimentos favorabres a que pasedes unhas pascuas tan fices como sexa posible.

E adéus.

R.

---

<sup>68</sup> Isidro B. Maiztegui, Ramón Cabanillas, e Antonio de Lorenzo: *Macías o Enamorado; Poema Escénico, Prosa e Verso, a Xeito de Guieiro Musical, Sóbor dunha Cantata de Otero Pedrayo* (Galaxia, 1956).

## XL

(Fingoy, 14, XII, 56)

Meu querido amigo: Envíoches os derradeiros contos de Otero e a lista dos que xulgo máis comenente publicar. Cicáis compra razoar un pouco a miña escolma. Está feita cunha inclinación decidida aos valores épicos e cunha evidente reserva respecto dos líricos. É verdade que pra o que eu quixera aínda hai na escolma demasiado lirismo i en troques non hai a abundancia de valores narrativos que sería de desexar. Pero craro está que eu traballaba sobor dun material dado, e nise material foime imposible atopar un conxunto máis relativamente épico e menos relativamente lírico. A orientación que seguín foi motivada pol-o feito de que todos coñecemos a capacidade de proliferación lírica do noso autor. Está ben probada, e, dentro, dende logo, da súa xenialidade, repítese sustancialmente sen renovación no tono e na técnica. É un miragre cotidián que xa non nos sorprende. Non ten, pois, maor interés deitar ao púbrico máis lirismo oterían. Os seus devotos xa damos por suposto que é un grande lírico. Non necesitamos máis comprobación. Os que non son devotos seus, non soportan un lirismo tan superabundante. Logo, editorialmente, o lirismo de Otero, actualmente, é un valor negativo, pois que non atrae nen aos seus devotos nen aos que non o son. Así, pois, editorialmente, canto menos lirismo, mellor. A isa idea me ativen.

Os contos van numerados. Isa numeración supón unha certa ordeación por tendencias, dende aqueles en que hai máis elementos de observación a aqueles en que hai máis elementos de imaxinación; e, ao mesmo tempo, resulta unha ordeación xerárquica, porque teño certo medo á imaxinación de Otero, e me sinto extraordinariamente compracido cando introduz na súa obra elementos realistas, prodoito da observación cotián. Otero ten lóstregos, ráfegas, ás veces ventos sostidos de observación realista que me deixan admirado i entusiasmado. Pero pouco gozo con isas páxinas vigorosas, porque sempre teño a i-alma pendurada dun fío, co temor de que, ao tornar a folla, ise sabroso deambular pol-o mundo real transfórmese en acrobacia lírica. Vou creendo que aquilo que tanto nos enorgullecía, a soberana potencia lírica de Otero, é, en certo xeito, unha desgracia, porque domina a un

autor que, sen isa inclinación, houbera sido o gran épico da terra galega.  
E hoxe a terra galega ten máis necesidade de épicos que de líricos.

Apertas

Ricardo.



Ánxel Fole (no centro) con Domingo García Sabell e Ramón Piñeiro (1959)



Carballo Calero e Ramón Piñeiro en Santiago de Compostela



1957





## I

(Compostela, 2-I-57)

Meu querido amigo:

Conforme ó que falamos ahí díxenlle a Paco que desexabas recuperar os manuscritos que quedaron no seu poder.

Cotexadas as tres listas, resultaron coincidencias totales ou parciais en 16 contos. Si con ise número abonda pra o libro, irán os 16; si compre engadir algún máis, farase posteriormente unha pequena escolma entre os que figuran nas listas hastra completar o número necesario. En todo caso coido que serán moi poucos os que se engadan.

Eiquí atopeime con un exemplar de “As Covas do Rei Cintolo”, que seguramente xa terás recibido ti tamén ou non tardarás en recibir. A edición é moi bonita, pol-o menos pra o meu gusto.

Mándoche un artigo que viñen lendo no “A.B.C.” o día que nos viñemos. Tamén che mandarei o número de “4 Ventos”<sup>69</sup> adicado á visita da Academia Gallega a Braga, pois trai algúns traballos referentes á nosa literatura. Inda que salú fai tempo eu recibino nistes días.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

P.D. Aínda non vin a Cordero Carrete<sup>70</sup>.

---

<sup>69</sup> *4 Ventos. Revista lusitana de literatura e arte* (Braga, Portugal, 1954). Rematou a súa xeira en 1957 e estivo editada pola Livraria Cruz, de Braga. Salienta nas súas coidadas e ben ilustradas páxinas a importante presenza de escritores galegos: Leandro Carré, Victoriano Taibo, Gonzalo López Abente, Fermín Bouza-Brey, Aquilino Iglesia Alvariño, Pura Vázquez, Manuel María, Ramón Otero Pedrayo, Domingo García-Sabell, Ramón Piñeiro, Sebastián Martínez-Risco e moitos máis. Chegou aos catorce números. Abranguen as súas páxinas tres áreas lingüístico-literarias: portuguesa, brasileira e galega.

<sup>70</sup> Felipe R. Cordero Carrete (Redondela, 1894-1972). Odontólogo. Concelleiro en Santiago de Compostela e profesor de idiomas na Universidade de Santiago de Compostela. Membro do Seminario de Estudos Galegos e secretario do Instituto P. Sarmiento ata 1972. Cofundador da Editorial de los Bibliófilos Gallegos e colaborador dos *Cuadernos*

## II

(Lugo, xaneiro, 1957)

Querido amigo: Recibín a túa carta do 2. Dende que se reanudaron as clases non tiven posibilidade de adicar o máis pequeno intre a outro traballo que non fora o do Colexio. As horas en que iste funciona se non podo pensar en roubarlle tempo, e cando se vai a conta é a hora de cear. Póño-me ao braseiro, oio un pouco a radio e dúrmome. Así, a “Historia” non adiantou prácticamente. Os “4 ventos” que me mandaches plantéame un problema que desexo que resolva en definitiva a editorial, é dicir, tí, pois non é cousa de que o asunto se trate en xuntanza. Eu desexo simplemente que algún responsable cobra o meu proceder. Atende ben.

Nises “Catro ventos” aparez un artigo firmado por Rosende Lois de Ogando sobre “O teatro galego”. A tal firma oculta, segundo creio, a persoalidade de Leandro Carré. Ao falar das primeiras mostras do noso teatro no século XIX escribe: “ As primeiras obras de que temos novas, como son as de Manuel Pardo de Andrade, Felipe Enciso e Vicente Villares, representadas aló pol-o ano 1808, citadas por Carré Aldao; ... a “Conversa entre os arrieiros, Cosme da Granxa , Marcos Rielo e Roque Arán” ou de “O litigante labrador”, de Ramón Varela.

Carezo de información cumprida sobre istas pezas. Non creo que conveña que se pubrique unha “Historia” que as descoñeza, e por outra parte non me parez tampouco ben sair do paso cunha cita de Rosende Lois. O máis lóxico é solicitar información do propio R.L. Mais hai istes antecedentes. Enteirado eu de que existía un traballo de Carré Aldao sobre a literatura galega durante a guerra da independencia, escribín a del Riego pra que vira se podía consultalo. Seguindo as miñas indicacións, Riego escribiu a Carré, i enteirámonos de que o traballo existía en dous cadernos manuscritos.

Carré non ofrecéu prestar os cadernos, inda que del Riego faláballe disto. Preguntóume Riego se quería que insistise sobre iste punto,

---

*de Estudios Gallegos.* Estudoso dos temas xacobeos, deixou traballos sobre Prisciliano, o Padre Sarmiento e Rosalía de Castro.

i eu atopéi que era algo repugnante insistir, pois del Riego deixaba ben craro que xa falara do asunto. Así ficóu a cousa, i eu coa esperanza de que o traballo –non impreso– non contivera datos de intrés pra min que non houbera noutros sitios. Mais agora semella que non é así; pois fundadamente supoño que é dise traballo de ónde Rosende tomou os datos relativos a isas pezas de Andrade, Enciso e Villares. O que non deixa de ser curioso, porque no traballo de Carré Alvarellos sobre o teatro galego publicado fai anos no Boletín da Academia iñora tales pezas. Non sei se as tiduadas “Conversa...” e “O litigante labrador” serán as mesmas que Galo Salinas cita como Diálogo sen tiduo e “O pleito do galego”. En fin, isto é o que sei sobre o caso. A ver que crees tí, como representante de “Galaxia”, que se debe facer.

Agora recibín a túa carta do 9, á que acompaña o meu artigo sobre poesía uruguaya.

Mandaréille os traballos sobre Rosalía a Carrete. Cicáis tarden algo porque refunda certas partes utilizando as notas que teño tomadas dende que as fixen, e me vexa na necesidade de facelos copiar.

Tamén eu recibín o “Centolo”<sup>71</sup>. Rematéi de o ler onte mesmo. ¿Non hai nada no prelo agora?

Escribiréille a Paco axiña que poda. Ando realmente aburado.

Otero escribume dende Ourense.

Apertas

Carballo

---

<sup>71</sup> Refírese, en ton humorístico, á obra *As covas do rei Cintolo* (Galaxia, 1956), peza dramática de Daniel Cortezón con limiar de Ramón Piñeiro, citada anteriormente.

### III

(Compostela, 9-I-57)

Meu querido amigo:

Falei con Cordero Carrete dos dous traballos teus sobre Rosalía e quedamos en que llos remitas directamente a il e que il os mandará a Madrid pra que os inclúan nos “Cuadernos”. Díxome que lle fixeses indicación de cal dos dous preferías que se publicase primeiro.

Nistes días non houbo novidades. Supoño que hoxe ou mañán chegará D. Ramón.

Mándoche iste artigo teu que apareceu na “Noche” de onte por si non-o viches.

Teño unha boa noticia: os portugueses do norde desexan facer alí unha laboura cultural avencellada a Galaxia, editando, incluso, libros portugueses co cuño da nosa editorial. Coido que se trata de un fenómeno cultural que non ten precedentes, pol-o menos en tempos modernos.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

### IV

(Compostela, 21-I-57)

Meu querido amigo:

Fai días que recibín a tua carta facéndome unha consulta en relación co traballo publicado en “4 Ventos” por Rosendo Lois de Ogando –cua verdadeira persoalidade tamén sospeito que corresponda ó amigo Carré– e informándome da inutilidade das xestións feitas anteriormente con ise señor. Coido que val a pena facer unha nova xestión. Haberá que estudar o millor camiño, de xeito que se lle poida facer ver, si chega o caso, que incumple un deber de colaboración cultural ó que todos estamos obrigados (co-as

debidas garantías de lealtade, xa se sabe). Por ser unha xestión delicada, haberá que estudarlle o xeito. Pro, en interés da obra –ou seña, en interés da cultura galega– coido que val a pena de que se faga. Xa te informarei oportunamente.

Como che tiña anunciado, entregóuselles a nova colección “xvenil” ós rapaces. Entregóullela Illa<sup>72</sup>, i-estabamos presentes Domingo, Isidoro Millán e máis eu en representación dos “maiores”. Acollérona con grande ledicia e moi sincera emoción. Agora andan a dispoñela. Pol-o visto bautizárona co nome de “Illa Nova”. Tamén acordaron nomear entre iles un consello de dirección da colección.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## V

(Fingoy, 27, xaneiro, 1957)

Meu querido amigo: Aproveito o domingo pra traballar na miña correspondencia, que penso deixar despachada, pois se reduz a tres cartas, unha a tí, outra a Paco e outra a López Cid, as tres relacioadas coa Historia que pensamos editar. Teño cáseque rematados os fascículos 2º e 3º. O 2º é unha crítica da historiografía, e non o remato porque se non me mandou aínda o Vaamonde nen o Salcedo. No 3º traballéi derradeiramente. Estudo nil os escritores do tempo de Fernando VII. Fixen o Pastor Díaz, co que remato; pero teño que encher dous ocos. O relativo ao teatro en vista das noticias do Rosende Lois de Ogando –que non hai dúbida que é Carré Alvarellos– e o referente os autores mindonienses de vilancicos navideños Antonio María de Castro y Leira, Luis Corral e Jacinto Romualdo López. Vindo o primeiro, xa che pedín instrucións sobor do que se debería facer, e xa estás a te preocupar do asunto, segundo me dis, de xeito que no seu día saberei a qué me ater. No entanto, fixen unha nota provisioal co que sei do asunto, nota que se substituirá se ha lugar por outra máis concreta

---

<sup>72</sup> Xaime Illa Couto.

no seu tempo. Respeito ao segundo escribiréi a del Riego pedíndolle copias dos breves textos que creo me poderá proporcionar. Non quero me meter, por razóns de orde, co carto fascículo, que estudará o romanticismo prerrosalián, ate deixar completos, inda que sexa provisionalmente, os fascículos 2º e 3º.

Del Riego non contestóu directamente á miña derradeira carta, pero fíxome varios envíos de libros e artigos que me son moi útiles. Multiplícanse as miñas notas pra a redaición dos futuros capidos.

Non iñoras que me pareceu acertada a creación da seición xuvenil de Galaxia. Celebro, pois, que se teña xa organizado. Cando me escribas, dame os nomes dises mozos a quenes fixéchedes entrega da seición.

Cordero Carrete escribiume dicindo que recibira os meus traballos sobre Rosalía e que os remitira a Sánchez Cantón, que é quen ten que decidir se son ou non publicados.

Recibe unha aperta do teu amigo

R. Carballo

## VI

(Compostela, 29-I-57)

Querido Ricardo:

Mándoche esta “Carta a Manuel Antonio” que apareceu na “Noche” do sábado. Figúrome que te quedarás un pouco sorprendido do tono do seu contido. A cousa ten, nembargantes, un antecedente que che viría decontado ás mentes: o recente libro do articulista. Nefeito, pol-os mesmos días que apareceu “Terra Brava” apareceu tamén “Memorias de Tains”<sup>73</sup>. Tí comentaches os dous, pero cometiches, pol-o visto, un grave erro de valoración: deberas dicir que “Terra Brava” era un simple reportaxe da vida labrega, sin valor literario (obra dun paranoico), e que

---

<sup>73</sup> *Memoria de Tains* (1956). Segunda entrega narrativa de Gonzalo Rodríguez Mourullo.

“Memorias de Tains” era a obra máis importante da prosa galega de todos os tempos, soio comparábele a Manuel Antonio na poesía. D. Ramón e máis eu cometemos o tremendo delito de publicar artigos gabanciosos sobre “Terra Brava” –o cal é unha mostra de estupidez– e de non publicar artigos decindo que Mourullo era a primeira gran revelación da literatura galega –o cal é mostra de perversa mala fe, pra favorecer con malas artes a falsa gloria do Fole–. Todo isto respondendo a unha conspiración planeada, orgaizada e dirixida por Galaxia. De ahí que a primeira medida da vítima fose o darse de baixa como suscriptor. E a continuación, en estreita colaboración entre o pai e mail-o fillo, comezaron una intensa e sistemática campaña entre os rapaces pra os convencer de tan monstruosa conspiración. O pai axiña ampliou a súa esfera de acción e comenzo tamén cos maiores: en Compostela, en Ourense, en Vigo, na Coruña, soupose da terríbele conspiración. A todo isto, tanto os rapaces coma os maiores reaccionaron, primeiro con sorpresa, pro moi axiña con enerxía. Entón faláron de que tiñan probas escritas da conspiración. Como tales probas non acababan de aparecer e iba pasando o tempo sin que os rapaces se convencesen da existencia de tan grave conspiración, a aparición de “As Covas do Rei Cintolo” –por asombroso que pareza– facilitoulle unha nova proba, mediante a afirmación de que o Limiar estaba escrito escrusivamente contra íl. E isto deulle luz pra descubrir que tamén o prólogo que Domingo lle puxo a “Terra Brava” estaba igualmente escrito contra íl. Pouco importa que, na realidade, tanto un prólogo coma outro estivesen escritos con anterioridade á aparición do seu libro. Pra quen teña ollos e queira ver, ben á vista está a intención aniquilante que guiou a pruma de Domingo e tamén a miña. Pol-o tanto, está craro que houbo unha conspiración de Galaxia destinada a escurecer a Mourullo, da que fomos instrumentos executores D. Ramón, tí, Domingo e máis eu. E pra escarmiento noso e de todos-os demais cómplices, publicou a “carta” que che acompaño. Tanto D. Ramón, como Domingo, como eu –e coído que ti estarás completamente de acordo– decidimos que o millor de todo era calar i-esquencer tan mesquiño incidente. O feito de que a xenreira se manifeste algo máis forte contra mín débese a que me considera o elemento dinámico da conspiración. En fin, unha fenomenal memez froito dunha vaidade fenomenal.

Estivo eiquí o Cortezón. Os rapaces quedaron encantados. Onte xuntáronse todos con íl. D. Ramón, que tamén estaba i-era o máis animoso, estivo inspiradísimo.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## VII

(Fingoy, 3, febreiro, 1957)

Meu querido amigo: Supoño que terás recibido a carta que che escribín o domingo pasado, e que debéu de se cruzar coa túa do 29, que incluía o artigo de [Gonzalo Rodríguez] Mourullo. ¿De xeito que a “Noite” dise sábado resultou ser unha noite de San Bartolomé? Tamén unha suposta conspiración dou pretexto ás matanzas de aquela noite histórica. Nista ocasión, ti es o Almirante Caligny, vítima a máis destacada de aquela carnicería. O posto de maor responsabilidade é o de maor peligro, i é natural que os tiros máis virulentos se dirixan contra os que se consideran máis eficientes. Se ti ficaras a carón do chan, ¿qué maor trunfo, inda que os demais ficaran en pe? ¿Cánto duraría a bouta se se derrubara o chan? Máis, amigo Mourullo: Os mortos que vós matades, gozan de boa saúde.

Me non parez mal que ise rapaz e calquer rapaz, rapariga, vello ou vella, xulguen, discutan, afirmen, neguen, censuren ou aplaudan toda actuación púbrica, i é actuación púbrica a dos escritores, sexan poetas, contistas, periodistas ou críticos. Así, os xuicios sobre o valor literario das obras de Cunqueiro, Novoneyra, Fole ou Cortezón, hanse de espor con toda liberdade. Tamén cando nos ocupamos na crítica, quedamos suxetos á crítica, e Piñeiro xulgando a Cortezón, Otero xulgando a Fole ou o infrascrito xulgando a Mourullo han estar dispostos a que se lles sinalen erros de apreciación. Pero xa o estamos ¿non? ¿Por qué, pois, abritarse contra nós? Ti mo espricas: é que se nos supón mala fe. ¿Otero presidindo unha intriga? É risible.



Inda que se ve que o Corifeo é o máis importante, a decir verdade o único tratado incorreitamente é o Crítico. Porque “estupidez” pódese traducir na linguaxe cortés como “incapacidade crítica”, o que non envolve calificación moral. Pero as “náuseas” supoñen repudio ético. ¡Deus me valla! ¿Cómo me consolaréi? Cicáis pensando que la “nausée” é a vivencia fundamental dentro da conceición sartriana. ¡Vaites! Un probe home de Ferrol Vello foi ocasión de que ise rapaz experimentase a vivencia fundamental.

¡Malpocado! Cando unha bomba estoir, todo o mundo pensa na xente que feríu. Mal feito. Ninguén pensa na bomba. ¡Pra estoir, cánto tería que sufrir a coitada! Ise rapaz ten que ter sofrido moito pra estoupar tan violentamente. Sexamos compasivos. Cicáis creéuse ferido por unha “puñalada crítica”? ¿Tereilla dado eu?. Coido que o meu artigo rebotaba atención e simpatía. ¿Debínlle chamar mestre? ¿Non era un pouco cedo?

Estóu, efectivamente, de acordo con ambos Ramóns e con Domingo, en que o mellor é calar i esquecer tan miudo incidente. A nosa posición é sumamente cómoda. Non o é, en troques, a do anubiado rapaz. Porque ou sostén unha guerra perpétua, ¿e cómo vai alimentar esa guerra?; ou afúndese na escuridade, ¿e cómo vai a renunciar á luz?; ou se convence de que erróu moralmente ou reitifica. Se fora capaz disto derradeiro, ficaría rehabilitado aos meus ollos. Falo da miña íntima apreciación moral; porque os xuícios literarios non teñen nada que ver coas xuidencias persoás.

Non tiven aínda noticias de Del Riego. Supóño ocupado en percorrar os materiás que lle pido.

E apertas.

R. Carballo

## VIII

(Compostela, 7 de febreiro de 1.957)

Meu querido amigo:

Estiven oito días en Madrid. Antes de marchar recibira carta tua e cando viñen atopeime con outra. Nesta derradeira comentas asisadamente a “Carta a Manuel Antonio”. Agardemos que o tempo lle devolva ó autor a serenidade que agora perdeu.

Na tua carta anterior preguntábasme os nomes dos rapaces que se fixeron cargo da nova colección de Galaxia. Foron estes: Lugrís<sup>74</sup>, López Nogueira<sup>75</sup>, Franco Grande, Méndez Ferrín, Rubal Moas, Beiras Torrado, Vidán Torreira, Ramón Lorenzo, Antonio García, Fernández Pintos, Antonio Pérez, Balboa, Blanco Losada e outros sete ou oito máis de quenes non sei o nome. Incorporaron tamén a Xohana Torres. Nomearon un Consello director da colección que non sei por quen está integrado.

Agora andan a orgaizar un curso de homenaxe á lírica galega, no que darán nove conferencias-recitales tratando dos principais poetas.

Xa está eiquí o Alonso [Montero], que se encargou de procurar en Madrid o IV tomo da “Literatura” de Salcedo. Por certo que trai entre mans a reedición dun curiosísimo libro: a tradución galega do Evanxelio de S. Mateo feita no século pasado por encárrago de Luís Luciano Bonaparte. Pol-o visto foi publicada en 1661 i-é debida a un tal Santamaría. Está preparando a reedición en Monterrey. Eu quedei bastante sorprendido, pois desconocía a existencia de tal publicación.

---

<sup>74</sup> Ramón Luga Pérez (Ferrol, 1932). Fixo estudos de Filosofía e Letras na USC. Foi membro do Partido Socialista Galego, colaborou arreo en *La Noche* e estivo moi vencellado a Ramón Piñeiro, que prologou o seu libro *Vicente Risco na cultura galega* (1963). Traballou en numerosos medios de comunicación (BBC, Axencia EFE, RNE etc.) e residiu en Londres, Río de Xaneiro e Nova York, cidade na que foi tradutor na ONU. Foi tamén colaborador de *Grial*.

<sup>75</sup> José Luis López Nogueira. Psiquiatra e galeguista ferrolán moi relacionado coa figura de Ramón Piñeiro, que o levou ás páxinas de *Grial* onde publicou máis dunha ducia de colaboracións sobre K. Jaspers, Hegel, Castelao e o existencialismo. Cómpre salientar o seu amplo estudo *Dialéctica existencial y psiconandlisis* (Galaxia, 1973).

Por estar en Madrid non puiden asistir ó enterro da nai de D. Ramón. Xa soupen que fórades tí e máis Fráguas.

Non sei si che dixen que estivo eiquí o Cortezón. Os rapaces simpatizaron moito con il. Fixéronlle un homenaxe íntimo, no que participou D. Ramón, que estivo, por certo, felicísimo. Cortezón emocionou a todos pol-a sinxeleza i-a sinceridade das súas palabras. Confesou que, fai aínda tres anos, il bulrábbase do galego como lingoa da cultura e do galeguismo como forza de acción histórica, mentres que agora considera o feito de se ter incorporado ó galeguismo como o eixo decisivo da súa vida.

Mañán iremos a Monforte, onde dá unha conferencia Domingo.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## IX

(Fingoy, 14, febreiro, 1957)

Meu querido amigo: O día 7 recibín o telegrama que tivéchedes a amabilidade de me dirixir ti e máis García Sabell. Moitas gracias pol-a lembranza. Transmite a García Sabell o meu agradecimento.

O domingo pasado falei con Celestino, que me dixo que te vira en Monforte.

Paco mandóume algúns dos materiáis que lle tiña pedido pra a Historia. Outros aínda se non atoparon. Iestas dificultades pra a reunión de materiáis obran máis na dilación do traballo que a miña falla de tempo. Tendo materiáis, aproveito todo oco que atopo pra traballar, pero non as tendo, debo me resañar a permanecer inactivo.

En Ourense, Rodríguez Somoza presentóume a Baltar<sup>76</sup>, que me encarregou comunicara a Fernández o seu desexo de velo. Onte Fernández foi a Santiago.

---

<sup>76</sup> Trátase de Arturo Baltar, ourensán, escultor laborioso e inspirado, que compuxo nacementos e nadaís con toda a panoplia de pequenas figuras moi ben traballadas.

En Ourense, inda que estiven poucas horas, saudéi a varios vellos amigos ou me presentaron a algunhas persoas. Antre istas derradeiras estaba López Cid. Vin de novo, dempóis de tantos anos, a Risco, Valentín, Alfonso Vázquez Martínez.

Ista carta responde á túa do 7.

Recibe unha aperta do teu amigo

R. Carballo

## X

(Compostela, 2-III-57)

Querido Ricardo:

Somentes duas liñas apresuradas pra che acompañar os programas das tres primeiras conferencias do ciclo orgaizado pol-os universitarios en homenaxe da lírica galega. A cousa comenzou moi ben e ten éisito.

O xoves pol-a noite achegueime a Lugo e saín o venres pol-a mañán outra vez pra Compostela. Non tiven tempo de te ver. Tampouco puideren ver o Fole nin a outros amigos.

Unha aperta moi forte de

Ramón Piñeiro

## XI

(Compostela, 4-III-57)

Querido Ricardo:

Duas liñas somentes pra che acompañar dous recortes de “La Noche” que se refiren á tua recente designación académica. Podes ter a fonda satisfaiación de que o teu nomeamento foi acollido con unánime aprobación, pois todos coinciden en manifestar que se trata de un feito de estricta xusticia cultural.

Tamén che mando a foto que nos fixeron no Toral o domingo pol-a mañán.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## XII

(Fingoy, 6, marzo, 1957)

Querido amigo: Hoxe recibín a túa carta que me lembraba da comenencia de por un telegrama onte a Otero. Felizmente, non esquecín facelo. Xa ves que a túa carta, que trae data do 3, tardóu demasiado en chegar.

Dende logo, polo de agora non recibín de Bouza os traballos de Prol e Vales. A ver se o apuras, porque xa me metín a traballar en Rosalía, por non estar parado. Unha cousa cuia falla noto moito é o meu propio discurso de ingreso na Academia, pois sobre varios puntos escuros da biografía rosaliá, tiña feito xa naquil traballo recapitulacións e comparanzas das datas existentes, coas correspondentes citas, algunhas de libros que me prestaron e xa devolvín; e agora non podó utilizar o meu propio traballo. Agradecería que Otero me mandase a copia que posee, que anque non é completa, pois a que recibíu a miña derradeira non ma reservaba pra min, e foi a que tiven que mandar á Academia, de todos xeitos me sería útil, pois nen conservo o borrador nen nada, xa que non preveía que houbera de me desprender da copia antiquísima, e cando mandéi ista cun urxencia, conforme se me indicóu, non achéi quen me quixera facer unha copia coa que me quedara.

Xa lin o libro de [José Luis] Varela. Verías que non foi capaz de reitificar o seu erro respecto á irreverencia e desdén por Rosalía de Curros. Agora sostén, respondéndome sen me nomear, que isa irreverencia e desdén son oblicuas. Tanto, que lle pasaron inadvertidas a Murguía, que soio oiéu a Curros humildes espresións de veneración cara a súa difunta! Bó era Murguía pra falar de Curros como fala se houbera tales sombras por diante. Varela leóu unha vez precipitadamente e non ten valor

pra confesalo. O testo que aparez como proba dereita (non do absurdo desdén por Rosalía, pero sí do desdén polas rexionalistas) está tamén mal interpretado. Curros fala en serio, sen ningunha ironía, de Victoriano Novo, que todo o mundo sabe que era seu grande amigo (Páxs. 268-269 en relación con 44-48).

Como saberás, non recibín aínda o anunciado libro de Trueba.

Con apertas,

Ricardo

### XIII

(Compostela, 10-III-57)

Querido Ricardo:

Somentes duas liñas pra che enviar un artículo de Rabanal sobre Tomás Barros e outro de Fole (1ª parte) sobre Otero Pedrayo. O de Rabanal semella que fai referencia ó teu comentario sobre o mesmo libro.

Domingo e máis Elena viñeron moi ledos de Caracas.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

### XIV

(Compostela, 14-III-57)

Meu querido amigo:

Aproveitando a oportunidade de nos ter enviado Carré un traballo seu sobre a “geada” en Galicia, fíxoselle a petición do manuscrito do seu pai pra que ti poidas comentalo. Mándoche copia do que se lle dixo. Confíemose en que seña asisado e nol-o mande.

O curso de conferencias dos rapaces sigue normalmente e con éxito. Tres diles falaron en galego e algún con unha franqueza conceitual que causa verdadeiro asombro na xente.

Hoxe collerán en Madrid o avión pra Caracas Domingo e máis Elena García-Sabell<sup>77</sup>. Botarán aló 14 días, durante os cales terá que pronunciar dez ou doce conferencias.

Fai dous días, vindo de Vigo no tren, ó chegáramos a Catoira, un dos viaxeiros comenzou a facer preguntas concretas sobre datos relacionados con Rosalía e Padrón. Falaba o castelán correitísimamente, inda que o acento non permitía identificar a que rexión pertencía. Iba lendo un número do “Boletín da Academia Gallega”. Por fin trabamos conversa e axiña nos encontramos metidos nos temas rosaliáns. En Padrón amostreille a casa. Dixome que il era american (norteamericán), profesor de filoloxía hispánica, e que lle interesaba moitísimo a figura de Rosalía, sobre a que preparaba un estudo de bastante empeño. Eu faleille de que en Norteamérica, o leitor de portugués da Universidade de Wisconsin publicara un traballo pouco atinado sobre Rosalía. Preguntoume si o lera eu e, ó lle decir que si, preguntoume que opinaba do traballo. Díxenllo. Íl faloume a continuación dos “7 ensayos sobre Rosalía”, poñéndolles reparos por demasiado “xermanizantes”. Disentimos cortesmente. Axiña pedíume perdón pol-a súa falta de sinceridade ó non me confesar oportunamente que il era Machado da Rosa, o autor do traballo publicado en América. Disculpouse basándose no seu vivo desexo de conocer a crítica absolutamente sincera dos galegos. Resultoume moi simpático e fixémonos bós amigos. Hoxe iremos a Padrón D.Ramón, il e máis eu. Onte presentéille a Bouza. Levaba na carteira o teu libro de GREDOS. Resulta que il non é portugués senon descendente de portugueses. Ten unha gran simpatía a Galicia e quer estudar a nosa literatura do século XX pra dala a conocer por América. Eu animeino moito e ofrecinlle a nosa axuda si a precisa.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

---

<sup>77</sup> Observamos unha disfunción entre esta carta e a anterior no que respecta á viaxe de Domingo García-Sabell e a súa dona. A cronoloxía semella, cando menos, contradictoria.

## Carré

Por encargo de Galaxia, Ricardo Carballo Calero está traballando nunha “Historia Crítica da Literatura Galega”, a cuio fin a mesma Galaxia facilítalle os elementos bibliográficos de traballo. Nesta obra levarase a cabo unha revisión total da nosa literatura, someténdoa a unha valoración coherente e axeitada ós criterios vixentes na crítica literaria do noso tempo. Será, pois, por bastantes anos, a obra fundamental pra o estudo do conxunto de literatura galega. De ahí a comenencia –e o interés, pra ben da nosa cultura– de que o autor poida manexar todas as fontes informativas e críticas que sirvan para enriquecer o contido da “Historia”.

Temos coñecemento de que o ilustre e benemérito investigador das nosas letras D. Uxío Carré Aldao, deixou escrito un interesante traballo, en dous cadernos manuscritos, sobre a literatura galega durante a guerra da independencia.

Nós coidamos que pra honrar como se merece ó investigador Carré Aldao e pra proveito da nosa historia literaria, na obra de Carballo debe figurar un estudo espreso dese traballo inédito do seu ilustre pai.

Galaxia respóndelle a vostede da súa rápida devolución e de que será manexado co-a máis absoluta honestidade, ou seña, escrusivamente pra facer referencia do seu contido e sinalar, ó mesmo tempo, a importancia que teña dentro da nosa historiografía literaria.

## XV

(Compostela, 23-III-57)

Querido amigo Ricardo:

Mándoche uns cantos programas das conferencias que orgaizaron os universitarios en homenaxe á lírica galega. Os das primeiras coido que xa chos mandei anteriormente. Pol-o de agora o ciclo resultou espléndido, pois foi a aparición pública de unha nova xeneración inteleitual galega que se incorpora á nosa vida espritoal con gran pulo e con sorprendente franqueza galeguista. No desenrolo deste ciclo ouíronse cousas que fai máis de vinte



anos que non resoan publicamente. A xente, índa que sorprendida, aplausaba con entusiasmo en total-as ocasións. O teu nome apareceu en case total-as conferencias e nalgunhas varias veces, pois todos fixeron referencia ós teus xucios críticos desenrolados nos “Sete Poetas Galegos”, unhas veces pra destacar os seus acertos i-outras veces pra discutilos ou negalos. Botouse de ver, e así o reconoceron iles, que ise libro teu é o único punto de referencia serio sobre o conxunto da nosa poesía moderna.

Domingo está en Caracas, onde xa leva dadas, con resoante éisito, varias conferencias. Botará alí deica o cabo do mes.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## XVI

(Fingoy, 24-III-57)

Querido amigo: Coido que recibín todo o que mandaches nistes derradeiros tempos. Programas das conferencias e dúas ou tres cartas. Non puiden corresponder ate agora porque a miña dobre vida de axente executivo de Don Antonio Fernández por unha banda e comprador de compromisos literarios por outra zúgame ate a derradeira pinga de vida. O meu gosto sería escribir unhas cantas cartas e uns cantos versos e consagrar o resto do tempo á miña edificación interior. Pero non podoo facer o meu gosto, que é, polo demáis, o que lle acontece á maor parte da xente. A miña traxedia é vulgar.

Mandéille a Paco dous fascículos máis da Historia, que xa atinxen uns sesenta folios. Deixéi provisionalmente redactado o capítulo relativo aos escritores da época da guerra da Independencia. Se Carré facilita o manuscrito i este aconsella reformas, xa se farán. Tamén no capítulo relativo á Historiografía fica pendente a referencia ao Salcedo. Agora encararéime co romanticismo prerrosalián, e teño que ver os libros de Pintos e Camino, así como o de Antonio Fernández Morales. Pero aínda non tiven tempo de formalizar o pedido.

Lin con moita curiosidade o teu relato do encontro con Machado da Rosa.

Fun a unha conferencia que dou Gamallo sobre J.R. Jiménez, co ouxeto de lle devolver o libro de [César] Barja que me prestara. Alí vin a Celestino. Díxome que se publicara a noticia de que Risco ía entregar un traballo sobre a literatura galega do século XIX pra a “Historia general de las literaturas hispánicas”.

Pódese desexar que antre os mozos conferentes dise ciclo calle algún crítico que asuma papel dirixente na orientación da opinión literaria. Os que asistíchedes ás conferencias cicáis podades aventurar algún pronóstico. Eu basaríaos nos seguintes signos: desdén polo ensaísmo puramente literario que consiste en facer literatura sobre a literatura; sensibilidade estética que evite o seco análise estilístico-estadístico; humildade suficiente pra comprender que non abonda ser mozo pra ser xenio; unha boa dosis de escepticismo a propósito da validez das propias opinións mentras ístas non teñan sido comenentemente contrastadas; ausencia de sectarismo; desprecio pola fácil notoriedade que se consegue atacando o que é xeneralmente estimado; don de perspetiva pra ver ben que o mellor poeta, o mellor prosista, non son indispensablemente os que toman café diariamente co crítico. E difícil que un mozo –ou un vello– reúna todas istas condicións; pero o que máis se acorde a ise ideal será o que ofereza mellores espranzas.

Díme que o meu nome andivo en linguas en case todas isas conferencias. Os escritores somos como as mulleres públicas. Temos que nos resignar a andar de boca en boca antre piropos e aldraxes. Xusto castigo do noso impudor ao nos espir diante da xente.

Recibín os contos de Otero. Celestino, non. No próisimo número de “Vida gallega” falo deles. Fixen o artigo sobre as notas que conservaba de cando houben de dar a miña opinión sobre os que debíanse publicar; de xeito que xa coñeces o sustancial do meu criterio.

Recibe unha aperta do teu amigo

R.

## XVII

(Compostela, 28-III-57)

Querido Ricardo:

Recibín a tua carta. Mándoche os derradeiros programas do ciclo, que hoxe se rematará coa intervención de Xohana Torres. En conxunto o ciclo foi francamente bó, non tanto porque aportasen grandes ideas críticas novas –en realidade movéronse bastante dentro do ámbito dos “Sete Poetas”– como polo tono elevado, nobre, sinceramente afirmativo e franco con que definiron a súa aitude espritoal con Galicia. Fai máis de 20 anos que en Santiago non se escoitaron voces tan craras, decididas e cálidas en defensa dos valores esenciais de Galicia e na condena espresa de todo o que os contradice. Ás veces mesmo semellaba un sono. Foi niste orde de cousas –no do rexurdimento dunha forte concencia moral galega– no que o ciclo resultou espléndidamente espranzador.

Mándoche un artigo teu sobre Tomás Barros que apareceu en “La Noche”. Tamén tiña recortado pra che mandar un do Aquilino sobre os contos de D. Ramón, mais agora non-o atopo.

Coido que o domingo serás elexido membro numerario da Real Academia Gallega. Cabanillas enviou o seu voto manuscrito e firmado pra que o entregue Otero.

Díxome Magalí que estivérades a punto de vir polo S. Xosé. Houberámonos alegrado moito.

Según as noticias que chegan de Caracas, o Domingo tivo aló un resoante éisito. A primeiros chegará de volta.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## XVIII

(Fingoy, 11-IV-1957)

Meu querido amigo: Incluí nesta carta unha tarxeta pra López Nogueira na que lle dou as gracias polo seu artigo. Está escrita fai días. Como non sei o seu enderezo pensaba adxuntarcha, como o fago, ao escribirche. Pero non tiven posibilidade de che escribir hastra agora. Cando estou de viaxe, os amigos ou coñecidos que me atopan creen que, mellor ou peor, son poeta, crítico e agora mesmo académico; pero unha vez en Fingoy vese que todo iso é pouco menos que pura fantasía. A vida real sobrepónse á ideal, e a realidade obrígame a unha atención tan continua aos problemas administrativo-pedagóxicos que apenas podo me lembrar de que exista outro mundo que o cingido pola sebe de cupresos que me pecha. Así, non puideron ate hoxe escribirche. A miña gripe fíxose máis forte ao día seguinte da miña chegada, e retívome no leito dous días. Non estou aínda ben.

Recibín algunhas felicitacións, e entre elas as primeiras foron as de Rodríguez Jordi<sup>78</sup> e Pérez Hervada. De acordo con Otero, escribín ao Presidente. Tamén escribín a Cuevillas e Ferro, que con Otero firmaron a proposta. Otero sinalou pra novembro a data do ingreso, e polo de agora non tiven tempo de pensar no tema do discurso.

Fixen algunhas páxinas da Historia relativas ao ambiente literario de Galicia en tempos de Isabel II; e agora ando ordeando a unha ducia de poetas prerrosaliáns dos que teréi de me ocupar, pra ver onde se atopan as súas obras. Faréi a lista do que necesito e iréi traballando conforme vaia recibindo materias.

Otero cree que o Salcedo haino no Instituto de Ourense. Creo que xa llo escribín a del Riego. Como che dixen, debes me mandar a referencia do diccionario de literatura luso-galego-brasileira en curso de publicación que estivemos vendo na túa casa.

Lembranzas aos amigos. Recibe unha aperta do teu

R.

---

<sup>78</sup> Julio Rodríguez Jordi (A Coruña, 1894-1967). Fillo de Eladio Rodríguez González. Poeta festivo e académico da RAG. Colaborou na prensa coruñesa (*El Noroeste* ou *El Orzán*). Deixou, en castelán, libros poéticos de pouca significación.

## XIX

(Fingoy, 19, abril, 1957)

Meu querido amigo: Recibín a túa carta data 10, que acompañaba o envío dun artigo de Rabanal sobor do “Fieito”, e outro de Fole sobre Otero. Verbo do primeiro, semella efectivamente que ao negar que a imaxe de [Tomás] Barros fora principalmente pictórica aludía ao meu artigo. Iste foi feito por desexo espreso do poeta, a quen semella que tampouco lle parecêu moi ben. A ninguén lle parece moi ben a miña crítica, agás cando trata de terceiras persoas. Barros ten cartas de Aleixandre, Diego, Cano e outros moitos poetas e críticos íberos, celtas e celtíberos. Todos eles foron con il máis xenerosos que a min. Porén, Barros escíbeme correcta e afectuosamente. Eis un párrafo da súa carta, recibida hoxe, e que ten interés político cultural: “Antes de concluir quiero dejar constancia de una cuestión que usted remueve siempre respecto a mi castellanismo. Yo amo profundamente las cosas de Galicia, incluso su idioma, y no renuncio a la idea de sorprenderle algún día con un libro de poesía escrito en gallego”.

Coido que isa derradeira carta túa se terá cruzado con outra que che tiña escrito, e na que che mandaba unha tarxeta pra López Nogueira. Ise mesmo día escribira tamén a Sabell, contestando á súa carta de felicitación. Pouco denantes, contestara á súa tarxeta escrita dende Caracas. Supoño que todo isto terá chegado ao seu destino.

Da Historia, ando a facer a nómina dos poetas románticos prerrosaliáns. Enviéi fai pouco a Del Riego unha nota con pedidos sobre Turnes<sup>79</sup>. O Bouza é a persoa máis enteirada disto. Houbera podido escribirlle dereitamente; pero como é erudito descubridor de tesouros, sempre temo que crea que quero partillar con il o froito da súa labor. E non hai nada disto, senón a necesidade de informarse do que se sabe nas mellores fontes. Non se lle pide ningún dato inédito, que é natural

---

<sup>79</sup> Vicente Turnes del Río Maldonado (Santiago, 1786-1865). Poeta en castelán e profesor de Dereito na Universidade de Santiago. Colaborou na prensa galega do seu tempo onde tratou, criticamente, temas políticos e do agro. En galego deixou algúns poemas soltos. Considéranse da súa autoría: *Tertulias de Picaños* (1836); *Diálogos en la Alameda* (1836); e *Letrilla de los labradores gallegos...* (1829), textos nos que denuncia os males do país.

que quera reservarse, ou, polo menos, que é lícito que se reserve. Agora necesitaba saber ónde se atopa un traballo que publicóu cun vilancico descoñecido de Alberto Camino. Creo que é nos Cuadernos [de Estudios Gallegos]. Se elo non te molesta, pra abreviar podías preguntarlle ti; e me enviar, ou o traballo mesmo, ou a referencia. Niste derradeiro caso, percuraría ver eiquí o traballo, e se non o atopara, pediríallo a Del Riego. Bouza fala de publicar outro vilancico de Camino. Non vaia a creer que quero ise non publicado. Só quero o xa saído. Polo demáis, eu teño uns vilancicos de Camino que non sei se modernamente está publicados ou non. Axiña que vexa o que publicóu Bouza, teréi que lle escribir directamente pra acrarar algúns extremos difícilmente espicabres por intermediario. O que podes preguntarlle, se lle falas, é se sabe o segundo apelido de Alberto Camino<sup>80</sup>.

Coido que Otero me falou dunha historia da literatura portuguesa que falaba da galega, feita por un P. Arlindo, ou cousa semellante. É un libro que está de testo en varios Seminarios lusitáns. Fai o favor de verificar istes datos, e preguntar ao noso amigo se nise libro estúdase a literatura galega do XIX, e, nise caso, se il posee isa obra. Pregúntalle tamén se sabe que don Pedro Boado Sánchez fora natural de Santa María da Barra, e se coñece o ano do seu nacemento.

Non estrañaría que ista carta cruzárase tamén con outra túa. De todos xeitos, así gañarásese tempo por si podes facer algunha disas xestións referentes á Historia. Ista obra, por pouco puntual i esaita que se quera facer, moito traballo nos ha dar. Distes primeiros precursores hai que velo todo. Dempóis de Rosalía, xa será cousa de ver se non convén seleicioar, e non se coidar demasiado dos autores que non teñan publicado libros.

Apertas do teu amigo,

R.

---

<sup>80</sup> O segundo apelido é Sigüer.

## XX

(Compostela, 25-IV-57)

Meu querido amigo:

Con motivo da Semá Santa pasei unhas horas en Lugo de camiño pra Asturias, onde pasamos ises días Isabel e máis eu. O domingo pola mañán –xa un pouco tarde– chameite por si nos podíamos ver e parolar un pouco. Levábache a bibliografía que figura no “Diccionario das Literaturas Portuguesa, Galega e Brasileira” que hoxe che acompaño. Como non te puiden ver, porque aquil mesmo dia marchamos a Ribadeo, e de volta de Asturias non pasamos por Lugo, aplacei pra o regreso o che escribir. Entramentres chegou a tua do 19. Pregunteille a Bouza onde tiña publicado o vilancico de Camino e díxome que en “Cuadernos”. Díxome que lle tiña enviado máis cousas a Sánchez Cantón pro que inda non saíron. Non lembraba o segundo apelido de Camino inda que o ten lido varias veces. Tampouco lembraba o nº de Cuadernos en que se publicou ise vilancico (dixo que debeu ser polo corenta e tantos, referíndose ó ano).

Xa lle preguntarei a Otero os datos da literatura do P. Arlindo e os demáis que figuran na tua carta.

Fai dous días, con motivo da inauguración en Padrón de unha estatua de Rosalía, vimos alí a Carré, que estaba representando á Academia Gallega. Contestou verbalmente á carta de Domingo sobre o manuscrito do pai. Dixo que estaba en poder dun irmán seu e que podíamos ir velo alí, pois o irmán non deixa sacalo fora da sua casa porque en duas ocasións facilitou papeles do pai e logo non-os recuperou. Un domingo iremos Sabell e máis eu e trataremos de copiar –ou fotocopiar– o traballo pra cho mandar a continuación.

A inauguración da estatua de Rosalía resultou impresionante pola inmensa cantidade de “pobo” que acudíu. Estaban tamén as autoridades políticas, militares, académicas e relixiosas. Otero, con todo, pronunciou o seu discurso en galego, que foi escoitado con gran silencio. A continuación o cardeal rezou dous padrenuestros, un por Rosalía e outro pol-os galegos mortos na emigración. Cando rematou de os rezar, dixo as seguintes

palabras en galego: “e agora sabede, irmaos fillos de Galicia, que Rosalía está un pouco máis contenta”. Sería, supoño, a primeira vez que un cardeal da Eirexa fala públicamente en galego. Rosalía fixo ise milagre.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## XXI

(Fingoy, 30, abril, 1957)

Meu querido amigo: Recibín a túa carta do 25. Supoño que o domingo que me chamaches dende Lugo non sairía ninguén ao teléfono. Estábamos todos na capital. Xantamos en San Roque. Respeito da bibliografía que me enviaches tomada do Dicionario de Coelho, fascículo 2, dime o ano de impresión dise fascículo e a páxina en que figura a bibliografía.

Como supoño que del Riego terá na súa casa os Cuadernos dirílle que me percore neles o vilancico de Camino. Se non o tivera, habería que percuralo en Santiago no propio Instituto.

Otero escribíume. Mandóume unhas páxinas dun traballo sobre a cultura en Ourense no século XIX, do que non deixarei de incorporar algúns datos á nosa “Historia”.

Como as nosas cartas se cruzan, non sei se recibiches a que incluía a tarxeta pra López Nogueira.

Hoxe escribiréille a del Riego facéndolle novos pedidos. Penso traballar todos os días algo na “Historia”. Como os materiais non me chegan polo orde cronolóxico ideal, teño que facer continuamente marchas e entremarchas. Agora estou agardando testos de Turnes, e namentres tomo notas sobre outros autores posteriores.

Apertas

Ricardo



## XXII

(Compostela, 6-V-57)

Querido Ricardo:

Recibín a tua carta. Esquecérame de che decir que lle mandei ó Ferrol, porque se tiña trasladado alí temporalmente, a tarxeta tua pra López Nogueira. Sei que a recibíu porque il mesmo mo dixo cando voltou a Compostela.

Pregunteille a Otero pola obra do P. Arlindo. Díxome que a tiña il, mais que se trataba dun libro escolar sin ningunha importancia. Non sei si iste xuicio será moi concordante co que tí lle ouviches cando che falou do libro, posto que te interesas por il, pro o certo é que me insistíu en que se trataba dun libro de texto vulgar e corrente. Tamén lle preguntei si conecía o lugar e data do nacemento de D. Pedro Boado Sánchez, indicándolle a tua referencia a Santa María de Barra. Nada sabía dunha cousa nin doutra. Dixo que preguntaría.

O Dicionario de Coelho non ten data de impresión (eu sei que foron editados os primeiros fascículos no ano 56, mais non figura a data). A páxina do 2º fascículo na que ven a bibliografía galega é a 88.

Estivo Alonso Montero en Madrid agora na Semana Santa e percorrou alí o Salcedo. Non eisiste en ningunha das bibliotecas do Consello Superior, nin siquer na do Instituto Nebrija. Atopouno, en cambio, na biblioteca do Ateneo. Como sabes, dise centro non se poden sacar os libros en préstamo nin de maneira ningunha. Mediante xestións especiais co-a bibliotecaria, farase unha copia mecanográfica do capítulo consagrado á literatura galega; o mesmo procedemento seguirase co-a conferencia de Val, pois no Ateneo non funciona o servicio de microfilm. Cando cheguen, seranche enviadas ambas copias.

Xa me dixera Otero que che iba enviar un traballo que il presentou o P. Sarmiento por si che servía de algo.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## XXIII

(Lugo, 8, maio, 1957)

Meu querido amigo: Recibín a túa carta do 6.

Dempóis do que di Otero verbo do P. Arlindo, renuncio a ver isa obra. Il dixérame que era un testo usado en varios Seminarios de Portugal, un testo de historia da literatura portuguesa, pero (ou menos iso creio terlle ouvido) que falaba da literatura galega moderna. Cicáis teño eu terxiversado algo do que me dixo. De todos xeitos, se se trata dun libro escolar sen ningunha importancia, non nos ocupemos máis dél.

¿Conque ao fin atopamos o Salcedo, e inda o Val? O primeiro era necesario, pois tendo sido citado por Couceiro, non sería moi serio que o iñorase nunha obra, como a nosa, posterior, no capido de historiografía. Polo demáis, pra ise capido non penso utilizar aos meus predecesores, escepto cando os seus xucios me parezan insuperables e os teña na lembranza como tales, ou no referente a descubrimentos biográficos importantes. Ben quixera dispor de máis tempo pra traballar. Agora, ás nove da noite, ao rematar no Colexio, atópome incapaz de esprimir o cerebro. Materías teño niste intre pra traballar sobre Pintos e García Mosquera, así como sobre os moitos e pouco coñecidos poetas menores do Álbum de la Caridad. Do terceiro fascículo (segundo capido), teño feitos varios parágrafos: A Galicia romántica, Os xogos frorás de 1861, Camino e José Romualdo López. Ademáis teño adiantado algo de capidos posteriores, aproveitando a posesión de materías. Se non avanza isto coa rapidez que eu quixera, non perdo contacto coa obra. Agora o máis difícil de reunir son as poesías de Turnes, que lle pedín a Del Riego. Logo desaparecerán cáseque todas as dificultades pra chegar as obras.

Apertas

R. Carballo

## XXIV

(Compostela, 24-V-57)

Querido Ricardo:

Por fin chegaron as copias do Salcedo e máis do Val, que hoxe mesmo che remito. De non ser por iste procedemento iba resultar cáseque imposible o dispoñer diles.

Agora queda aínda a xestión do manuscrito de Carré, que é outro dos traballos difíciles de manexar pola resistencia dos seus presores. Coido que tamén o acadaremos. Pouco a pouco vanse vencendo as dificultás.

Tiven carta de Cabanillas. Está entusiasmado cos progresos do galego literario nos derradeiros tempos. Di que comparando o galego aital co dos seus tempos non hai máis remedio que sentirse entusiasmado.

Os de “Illa Nova” xa entregaron o primeiro libro<sup>81</sup>, do que é autor Franco Grande. Non son versos, como era de agardar tratándose dun poeta, senon unha obra de teatro. Xa vai na censura.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## XXV

(Lugo, 1, xulio, 1957)

Meu querido amigo: Fai tempo dabondo que che non escribo. A túa derradeira carta, que teño á vista, é de fins de maio. Os eisames ordinarios, reválidas, excursións de fin de curso e demais atafegos pedagóxico-administrativos me non deixaron punto de repouso. Fai dous ou tres días que regreséi de viaxe. Rematado o curso, dispoño xa dalgún vagar.

---

<sup>81</sup> Refírese *Vieiro choido* (1957).

Recibín as copias do Salcedo e máis do Val. Xa fixen uso delas pra encher os correspondentes ocos no capido de historiografía. Convén que se algunha outra vegada me enviades copias de impresos, encargadeses ao mecanógrafo que indique a paxinación do orixinal, pra que as citas podan se facer esaitamente.

Teño traballado nos románticos prerrosaliáns. Mais respeito dun dos máis antigos, Turnes, teño enviado a Paco unha lista de composicións cuia copia interesaba. Fai moitísimo tempo disto; pero fai moitísimo tempo que Paco me non escribe.

Dende hoxe penso traballar todos os días, pouco ou moito, na Historia, sempre que teña materiás pra elo. Tamén teño que pensar no meu discurso de ingreso na Academia<sup>82</sup>. Os traballos que Carrete mandóu a Sánchez Cantón houberan podido servir pra iso. Pero xa están entregados. Por certo que non volvín a saber cousa deles dende que os mandéi. Iñoro, pois, se se publicarán ou non. Tampouco sei ren do libro enviado a Cela. Estiven a dous pasos de *Son Armadans*, pero, naturalmente, cun tempo cronometrado e consagrado a un programa apuradísimo de conducción de alumnos que non me permitía liberdade ningunha pra me ocupar nos meus asuntos particulares.

Lembranzas aos amigos e unha aperta de

R. Carballo

## XXVI

(Lugo, 1, Xulio, 1957)

Meu querido amigo: Adxúntoche copia da carta que hoxe envío ao Conselleiro-Delegado de Galaxia. Por se és consultado sobre o particular, coido que convén que estés en antecedentes.

---

<sup>82</sup> *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*, lido o 17 de maio de 1958 e publicado ao ano seguinte.

Pouco dempóis de despachar a carta que hoxe mesmo che escribía, tiven ocasión de ver o libriño en custión. O feito é estupefactivo.

Apertas

Ricardo

Sr. Don Xaime Isla Couto

Vigo

Meu querido amigo: Iñoro se ao recibo dista carta terás xa noticia do feito ao que se refire. Se é así, supoño que terás adoptado unha actitude perante o mesmo, e agradeceréiche que ma comuniques. Por se nada sabes do particular, comunicaréiche o que eu sei.

Hoxe chegou ás miñas mans un libro ou folleto de 64 páxinas cuxa ficha é a seguinte: Francisco Carvajal Capella. Sentimiento y paisaje en la poesía gallega. A.G.E.S.A. Rodríguez San Pedro, 32. Madrid, 1956. Es propiedad del autor.

Pois ben: iste libro, ate a páxina 60 é unha tradución de “Sete poetas”. Engádesen dous capidos (páxs. 61 e 64) tiduados “Fermín Bouza Brey” e “Ricardo Carballo Calero”. No primeiro hai varios conceptos tomados do meu libro. O segundo non me debe nada.

É posible que mentras non teñas nas túas mans o corpo do delito non te imaxines a magnitude do plaxio. Apresúrate a pedir o libro. O que eu circunstancialmente detento (sic) prestóumo inocentemente un amigo do autor. Todo o que che poidera decir da literalidade do roubo palidecerá cando coñezas o testo. É, repito, unha tradución dos meus “Sete”. Suprimíronse todas as notas. Onde falo eu en primeira persoa, fala en primeira persoa o sedicente autor. Sustancialmente, ate un extremo increíble, di verba por verba en castelán todo o que eu decía en galego. Só cambea os tiduos de algúns parágrafos, reproducindo literalmente outros. En fin, algo escandalosamente cínico ou demencial. Nen unha soa vez son citado; nen unha soa vez alude a “Sete poetas”. No capido final, en que se fala de min como poeta, tampouco se di ren verbo do orixinal plaxiado.

Xa comprenderás que por moi filósofo que un sexa non pode permanecer indiferente ante tal inimaxinable latrocinio. Iste home dá por

seu un libro que escribín eu i editáchedes vós. Non o toleraréi. Pero como os “Sete” foron editados por “Galaxia”, e “Galaxia” e non eu percibe os beneficios que poda producir a venda, parece craro que “Galaxia” considere que a ela lle corresponde a propiedade literaria. Por iso non quero facer nada sen me poñer de acordo con “Galaxia”, ou, polo menos, sen coñecer o punto de vista de “Galaxia”. Reservándome, pois, como autor indiscutible, o dereito de tomar as medidas que me prazan como tal, abstéñome de exercer acción algunha relativa á propiedade literaria, en agarda de que sobre iste punto me comuniquen os vossos propósitos. Estuda rápidamente o caso e dime qué coidades comenente facer.

Ante a posibilidade de que a edición sexa moi limitada, convén que pidas varios exemplares e me mandes un ou dous. Eu faréi o propio. Dende logo, no exemplar, que teño que devolver axiña, non hai indicación de prezo.

Percuraréi ter paciencia ate recibir as túas noticias, coa reserva indicada.

Apertas.

## XXVII

(Compostela, 4-VII-57)

Meu querido amigo:

Recibín as duas cartas tuas. A primeira confirmoume o que eu xa supoñía: que estabas totalmente absorbido polos atafegos propios do fin de curso. Por eso me non desacougaba o teu silencio nin eu tampouco che escribía. A segunda, en troques, deixoume pampo. ¡Que asombroso! Automáticamente escribinlle a un amigo a Madrid pra que percure algún exemplar do libro ou folleto ise. Tamén lle encarguei que pescude quen é ise tal Carvajal. En canto teña algunha noticia xa cha comunicarei. Dende logo resulta inconcebible que se poida ter tanto estrevemento. O curioso é que si o traduxo de “Sete Poetas” debe ser galego, pois do contrario tomaríao de “Aportaciones a la literatura gallega” e aforraba o traballo da tradución.

Xa me decatei que as copias mecanográficas non recollían a paxinación do Salcedo e mailo Val. Con todo, cando as tiven no meu poder levei unha boa alegría, pois non me figuraba que resultaría tan laborioso o conquerilas, sendo como son textos modernos. Agora teño a teima de conquerir o texto de Carré Aldao sobre o teatro. Xa veremos.

Teño un traballo publicado recentísimamente en América sobre Rosalía que axiña che mandarei. Titúlase: “Heine in Spain (1856-67)-Relations with Rosalía de Castro”.

O Cela andivo facendo paiasadas polas cidades e vilas galegas. Non sei que informes lles daría os seus amigos e colaboradores Celso Emilio Ferreiro e máis González-Alegre sobre a “Colección Rodríguez de Padrón”. De todolos xeitos, o teu libro xa fai tempo que o ven anunciando. Coido que non tardará.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## XXVIII

(Fingoy, 17, Santiago, 1957)

Meu querido amigo: Como é natural, as xestións que dende eiquí fixen por dobre vía pra conseguir o testo fraudulento firmado por Carvajal tampouco foron cerradas polo éisito. O mesmo pasaría co pedido que se fixo dende Vigo. Eu teño aínda no meu poder o exemprar que vin, que está adicado ao xerente do establecemento “La Primavera”, dista praza. Mañá faréi que llo devolvan. Sobre iste exemprar non quero basear acción algunha, porque téndoseme prestado inxenuamente, non semella moi cabaleiroso compricar dalgún xeito ao que parez amigo do plaxiário. Iste, por moi Segredario da Cámara de Industria de Madrid que sexa, non debe de ser home de moito equilibrio mental, a xulgar pola súa desaforada conducta neste caso. Estiven dous ou tres días en Coruxo, e levéi o corpo do delito, que Del Riego esaminou e coido que leeu íntegramente.

Otero escribíume, e mandóume unha nota sobre o libro do P. Arlindo. Agora voume poñer como sexa a argallar o meu discurso pra a Academia. Quixera non ter que facer outra cousa que traballar na Historia; pero aínda non podó escusar a redacción dalgún artigo que me piden. Reduzo ao mínimo istas actividades. A Historia vai adiante. Hoxe rematé a Pérez Ballesteros. Teño atrasado a Turnes por falla de materias. A confección do discurso vai interrompir ou perxudicar gravemente o desenrolo da Historia. Cicáis lle mande a Del Riego os anacos xa feitos, inda que teñan solución de continuidade, pra que os vaia mecanografiando. Mais isto crea confusión na numeración das notas. O comenente é mandar capítulos enteiros.

Agardo con interés o traballo sobre Heine e Rosalía, que inda non recibín.

Lembranzas e apertas

R. Carballo

## XXIX

(Compostela, 18-VII-57)

Meu querido amigo:

Por fin onte veu de Madrid o amigo a quen lle tiña encargado de mercar algún exemplar do folleto “Sentimiento y Paisaje en la Poesía Gallega”, editado en A.G.E.S.A. no 1.956. Fixéronme as xestións oportunas, mais con resultado absolutamente negativo, pois na mesma entidade editora nono hai. Trátase de unha edición totalmente privada, que o autor fixo, polo visto, para regalar ós seus amigos. Esta circunstancia coído que fará inútil calquera iniciativa de tipo legal en orde a reclamar perxuicios económicos. Tampouco sería doada unha acción legal encamiñada puramente á constatación de un plaxio delictivo, porque me figuro que ningún dos posesores dos exemplares, amigos do autor, se prestarían a facilitar o folleto con ise fin. Eu tamén tiña encargado que identificasen ó autor, e quedei un pouco parvo cando me dixeron que podía ser o segredario da Cámara de Industria de Madrid. Polo visto, ou se trata diste importante señor ou dun fillo dil. No segundo caso



podía espricar por simple irresponsabilidade xuvenil, inda que, naturalmente, hai cousas pra as cales nin siquera a amplísima bula da mocidade pode servir.

Pra o 25 coido que sairá o primeiro libro da colección “Illa Nova”, dos rapaces. Trátase dun orixinal de Franco Grande.

Mándoche o traballo sobre Heine en España e mailas suas relacións con Rosalía que che tiña anunciado.

Por fin están imprentando en B. Aires aquela revista de homenaxe a Otero que se preparara fai un par de anos. Coido que quedará un número espléndido, polo moito material que leva.

A primeiros de Agosto irei por ahí. Falaremos longamente ahí polas carballeiras de Fingoy.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

XXX

(Compostela, 22-VII-57)

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta. Dende logo, coido que agora debes dar prioridade ó discurso de ingreso na Academia. Canto antes ingreses, millor. Na vacante do P. Aureliano Pardo, a primeira que se produxo con posterioridade á tua elección, será elixido García-Sabell. Xa se realizaron os trámites reglamentarios. Aspiraban Alfonso Vázquez, Casado Nieto, Leal Insua e máis o comalido<sup>83</sup> Hervada. Todos recuaron fronte ó nome de García-Sabell, que quedou proclamado candidato único. Por esta razón, non ofrece dúbidas o trunfo.

Non sei si che dixen que xa temos o texto galego da “Grande et General Estoria” que se conserva no Escorial e que foi transcrito por

---

<sup>83</sup> Enfermizo.

Martínez López. Non é unha tradución da totalidade da “Estoria”, pro é un bó fragmento, máis longo que a Crónica Troyana. En realidade é o texto de prosa medieval galega máis longo que se coñece. Pra dentro de uns meses, o amigo Rodrigues Lapa entregáronos o material elaborado da edición crítica das cantigas de escárneo e maldicer. Calcula que dará pra dous tomos de 400 páxs. cada un. Será, sin dúbida, unha espléndida aportación filolóxica. Xa ves que se vai ampliando e consolidando o prestixio cultural de Galaxia.

Mándoche hoxe mesmo o estudio sobre Heine.

Istes días serán eiquí de bastante rebumbio.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

P.D. Fai días ollei nun escaparate un novo libro de Tomás Barros titulado “Panteón Familiar”<sup>84</sup>. Si non me lembro mal debe ser unha obra de teatro que lle representaron eiquí na Residencia.

### XXXI

(Fingoy, 18, novbre, 1957)

Meu querido amigo: Relativamente resoltos os máis aburantes problemas de principios de curso no Colexio, empregarei agora os poucos intres ceibes de que dispoña en proseguir no traballo da Historia. Non recibín ningún dos libros derradeiramente solicitados e que segundo Del Riego estaban localizados. Conforme o que falamos mandaréi axiña a lista da bibliografía rosaliá que sería oportuno consultar. Pois axiña que reciba o lote xa solicitado poderéi rematar cos escritores prerrosaliáns, e, polo tanto, chegaréi a Rosalía, pra cuio tratamento quero me preparar facendo previamente fichas da bibliografía nova que se me percure.

Desexo que me digas pra qué data hei ter rematado o traballo de homaxe a Otero e a quen llo hei mandar. Quero liberarme canto antes dista

---

<sup>84</sup> Efectivamente, *Panteón familiar* (1956), de Tomas Barros Pardo.

angueira e faréi pra elo o esforzo necesario; de xeito que me comprometo a telo disposto esaitamente no prazo que se me indique.

Díxome Celestino que debía se manter en segredo todo o relativo a iste asunto. É decir, que non se debía falar a ninguén do particular. Inda que habendo varias persoas implicadas no asunto –polo menos os colaboradores e os directivos da editorial– temo que non sexa posible unha reserva rigurosa, polo que a min respeta seréi absolutamente mudo.

Apertas

R. Carballo

### XXXI

(Compostela, 20-XI-57)

Meu querido amigo:

Onte pasou por eiquí, de camiño pra Cambados, o poeta Ramón Cabanillas. Está físicamente velliño e decrebado, pro co espírito aínda rexo. Preguntou por tí. A cabeza consérvaa moi lúcida. Por fin decidiuse a abandonar Baracaldo e virse definitivamente prá Terra. Quer pasar entre nós o que lle reste de vida.

Otero está nistes dias facendo a resposta ó teu discurso de ingreso na Academia. Conta de a enviar á Cruña nesta semá, pra que dispoñan a data do ingreso cando queiran.

Xa temos bastantes promesas de colaboración pra o tomo-homenaxe a Otero, entre outros Américo Castro, Guerra da Cal<sup>85</sup>, Piel<sup>86</sup>, Dámaso

---

<sup>85</sup> Ernesto Guerra da Cal (Ferrol, 1911-Lisboa, 1994). Poeta e investigador de temas e figuras da literatura galega. Amigo de García Lorca. Exiliado nos Estados Unidos e doutor pola Universidade de Columbia. Fixo estudos sobre a lírica medieval galego-portuguesa e mais sobre Rosalía de Castro. Como poeta publicou *Lua de alén Mar* (1959) e *Rio de sonho e tempo* (1963), entre outros poemarios.

<sup>86</sup> Joseph-Maria Piel (Lorena, Alemaña, 1903-Tréveris, 1992). Filólogo e lingüista que destacou polos seus estudos lingüísticos no ámbito galego-portugués. Especializado en Filoloxía Románica, accede á cátedra na Facultade de Letras de Coimbra. Volve en 1953

Alonso, Machado da Rosa, Francisco Luis Bernárdez, Prado Coelho, etc. A todos se lles dixo que deberían entregar os traballos antes de fin de ano. Coido que tí non esquecerías o teu. D. Ramón non sabe nada. Darémoslle unha boa sorpresa cando chegue a ocasión de lle facer a entrega.

O libro de Xohana xa está composto e non tardará moito en saír. Quedará bonito.

Ainda non me trouxo D. Ramón o libro de Añón e máis o de Saco y Arce. Por certo que na tua lista figura un título, “Da Terra e do Mar”, de Francisco María de la Iglesia, datado en Madrid no 1.929, que ninguén identifica. Nin Otero nin Bouza, que son dous bós concedores da bibliografía galega e xa o eran na data en que apareceu ise libro, teñen noticia nin coñecemento dil. En cambio, o traballo de Carlos Areán en “Cuadernos de Estudios Gallegos” débete ser sumamente doado de conquistar ahí mesmo en Lugo: Fraguas, Vázquez Saco, Vázquez Seijas e varios máis deben recibir os “Cuadernos” e calquera diles cho facilita con gusto.

Onte lin na “Voz de Galicia” a esquela de aquil señor do Ferrol que se chamaba Fernández Barreiro, que seguramente sería teu amigo.

¿Pilloute, ó cabo, a gripe? Eu funme librando polo de agora. Conócese que son refractario ós axentes asiáticos de toda especie.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

---

para a Universidade de Colonia. En 1968 regresa a Lisboa alternando as súas estadias con Tréveris. Foi nomeado Doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago en 1978. Entre as súas publicacións destacaremos *Os nomes germánicos na toponimia galego-portuguesa* (1945) e diversos artigos sobre léxico, onomástica e toponimia galegas, coma *Apontamentos de etimología galega* (1967).

## XXXII

(Fingoy, 21, nvbre, 1957)

Meu querido amigo: Recibín a túa carta do 20, que se cruzou con outra miña. Ista houbérame confirmado no teu suposto de que non tería esquecido a miña colaboración no homaxe a Otero. Agora séi cando debo entregala. Agardo que me digades a onde convén que a envíe. Se todos ises que me citas envían traballos, máis os tres nosos (tí, Celestino e máis eu), máis algún máis que estará previsto, o tomo promete ser nutrido, inda que algúns traballos sexan curtos.

Don Manuel Fernández Barreiro, lugués establecido en Ferrol, era home de moita cultura e gosto; pero escesivamente modesto, renunciou á carreira literaria. Digna é a traducción de “Os catro cisnes brancos” nunha prosa que sorprende pola súa modernidade, e algún artigo solto. Foi moi amigo do meu pai. Era o máis novo dun grupo do que xa non fica ninguén. Pra os seus amigos foi sempre Manolito. Era un home moi cortés, de fondo tímido. Non deixou endexamáis de me mandar a súa felicitación con motivo de calquer éisito que me ocorrira. O seu corazón continuaba sendo noso, e a min distinguíame coas súas atencións porque era, como il, medio ferrolán e medio lugués. Craro que non deixou de me escribir cando me eleixiron pra a Academia. Ten unha filla casada eiquí, de cando en cando tropezába en Lugo cando viña vela. Un fillo asistiu á colación do meu grado de doutor. Pra o meu artigo sobre “Grandal”<sup>87</sup> facilitárame vellos folletos ferroláns. Debía ter unha boa biblioteca. Eu non estiven endexamáis na súa casa. Se tivéramos unha revista adicaría lle un responso.

É gracioso que nen Otero nen Bouza teñan noticia do libro de F. de la Iglesia “Da terra e do mar”<sup>88</sup>. Eu tampouco o vin nunca, que recorde, pero Couceiro descrébeo con pelos e siñas no seu Dicionario (II 235 e III 165). A edición preparada polo P. Gumersindo Placer López, quen na revista “Misión” de Ourense publicou tamén un suplemento, en 1938, sobre F. de la Iglesia. Creo que coñecín a iste pai en Poyo, sendo eu rapaz. Supoño que

---

<sup>87</sup> Personaxe que dá nome á novela *Grandal*, da autoría de Francisco Suárez García, editada en 1897. A novela foi recuperada pola editorial ferrolá Embora en 2007.

<sup>88</sup> En realidade, *Do mar e da terra* (Madrid, 1930).

aínda vive. Con istes datos, coido que daredes co libro. É dos que máis me urxen.

O traballo de Areán en “Cuadernos” xa o teño consultado.

Non padecín tampouco a gripe. Pero hoxe teño unha afeición das vías respiratorias altas que non sei se terá que ver con ela.

Non sei se tería que mandar á Academia un exemprar do discurso pra unha previa censura. Otero saberá. Eu non teño eiquí máis que un exemprar, que é o que se pode considerar auténtico, porque é o que está máis coidadosamente revisado. Se hai que mandar algún exemprar, debe mandarse o que Otero ten. Eu leerei sobre o testo que eiquí teño, que levará as correicións de derradeira hora que podan xurdir.

Vou escribir a del Riego facéndolle un novo pedido de bibliografía.

Apertas

Ricardo

### XXXIII

(Compostela, 3-XII-57)

Meu querido amigo:

Na tua carta, que se cruzou casualmente con outra miña, preguntábasme a onde debías enviar o teu traballo pra o homenaxe a Otero<sup>89</sup>. Pódelo enviar eiquí ou a Vigo, según che cadre millor cando te dispoñas a envialo.

Pra iste sábado irá D. Ramón ó Ferrol a dar unha conferencia no Círculo Mercantil. Falará da Europa do tempo de Goethe.

---

<sup>89</sup> *Homenaxe a Otero Pedrayo* (Vigo: Galaxia, 1958). O traballo de Carballo Calero é “Ramón, príncipe de Aquitania”.

Xa está listo o libro<sup>90</sup> de Xohana Torres, que supoño non tardarás en recibir.

Por fin chegounos o permiso pra sacar a revista de economía, que deberá comenazar co novo ano.

Temos case listo o libro de Rof, que sairá neste mes de Nadal.

Hoxe ou mañán debe de enviar D. Ramón o teu discurso de ingreso e máis a súa resposta á Academia Gallega. Foise demorando.

Pra os primeiros días de xaneiro está invitado D. Ramón a Caracas. Pensa ir. Trátase de celebrar o aniversario de Daniel.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

#### XXXIV

(Compostela, 7-XII-57)

Meu querido amigo:

Agora mesmo acabo de recibir de Londres, copiado mecanográficamente, o traballo de Mac Celland sobre Bécquer, R. Darío e Rosalía que a ti che interesaba consultar. Acompáñocho. Agora veremos cales se poden conquistar dos publicados por América.

Estiven no Ferrol con D. Ramón, que foi dar unha conferencia no Mercantil. Falei co [López] Nogueira, P. Barreiro<sup>91</sup>, Xohana Torres e Miguel Vidal<sup>92</sup>. Tamén andaba por alí o Avilés de Taramancos, que está rematando

---

<sup>90</sup> Trátase do poemario *Do sulco* (1957), publicado na colección Illa Nova.

<sup>91</sup> Fernando Pérez-Barreiro Nolla (Ferrol, 1931-Lancaster, 2010). Políglota, poeta, tradutor, xornalista de radio e de prensa escrita. Traballou varios anos na BBC de Londres e traduciu a Shakespeare ao galego. Para a súa vida e obra véxase *Homenaxe a Fernando Pérez-Barreiro Nolla*, Centro Ramón Piñeiro: Santiago, 2011; Colección Cadernos Ramón Piñeiro, número XIX.

<sup>92</sup> Miguel Carlos Vidal. Avogado, poeta e fundador da revista poética *Aturuxo* (1952-1960).

co servicio militar. D. Ramón estivo moi ben e quedaron encantados. Dedicoulle unha lembranza emocionada a Usero<sup>93</sup>.

Non sei si che dixen que a primeiros de xaneiro pensa trasladarse con Fita a Caracas, onde pasarán oito días.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

### XXXV

(Fingoy, XXX, nadal, 1957)

Meu querido amigo: Hoxe, que quero che escribir, non dou coa túa derradeira carta. Nela facías referencia a outra miña, pero creo que terías recibido dúas. Na segunda dábatche indicacións sobre o libro “Da terra e do mar”, edición póstuma de poesías de Don Francisco de la Iglesia, que cita Couceiro. Iste libro éme indispensable con urxencia. Xa teño feito Francisco de la Iglesia, e só me falta encher un oco coa lectura dese libro. De todos estes escritores prerrosaliáns hai que leelo todo. Máis adiante cicáis non haberá que ser tan rigurosos. Doutra parte, ise señor é unha figura de grande interés histórico. Foi notabre poeta, e ademáis e sobre todo, foi autor do primeiro drama galego moderno. Outros libros que me urxen son os xa pedidos de Añón, edición da Cruña, e poesías de Saco e Arce. Ademáis, interesaríame ver un libro de don Mariano Roche y Frejas titulado “El viajero y la gallega del Sil”. Madrid. Imp. Vázquez, s.a (1880). Con isto ficaría totalmente rematada a parte anterior a Rosalía. Vou agora a leer o que teño feito e correxido namentres me non

---

<sup>93</sup> Matías Usero Torrente (Ferrol, 1875-1936). Alumno dos seminarios de Santiago e Mondoñedo. Sacerdote, xornalista e viaxeiro por numerosos países de Europa e América. Católico avanzado e politicamente progresista. Orador e activo participante na vida social, política e laboral de Ferrol. Especialista en Historia das Relixións e militante socialista. Cidadán raro, polémico e extravagante. Foi fusilado en 1936. Da súa ampla obra escrita anotamos *Democracia y cristianismo* (1930), *El peligro religioso* (1932) ou *La iglesia y su política* (1934) entre outros títulos. O seu irmán, Antonio Usero, foi alcalde de Ferrol nos anos da dictadura de Primo de Rivera.



chegan ises libros. E cando me cheguen acabarei o capido e mandaréino a Vigo pra sere mecanografiado. Así estaréi en condicións de abordar a Rosalía, pra o que teño xa pedido libros. Teréi que prepararme léndoos e tomando notas e me non poréi a redactar o testo ate que teña feita ista labor previa.

Terás lido que Montero Díaz deu en Madrid una conferencia sobre Otero Pedrayo. O meu traballo pra a homaxe estará listo axiña, e mandaréino a Vigo ou a Santiago co primeiro envío de libros devoltos que teña que facer.

Deséxovos felices pascuas. Cicáis veñas por Lugo algúns días. Se eu non me movo, verémonos.

Apertas

R. Carballo





Retrato a lápiz. Celestino Fernández de la Vega, por Siro



**1958**



## I

(Lugo, 3, feb., 1958)

Meu querido amigo: Coido que foi miña a derradeira carta que camiñou entre nós. Magalí díxome que che entregase algúns libros que lle din pra ti. Paréceme que un era de Otero –o Fernández Morales– e outro de García Sabell ou teu.

Con del Riego mantiven débil contacto. O máis de laiar é que non teña parecido aínda “Da terra e do mar”, pois todo está feito no capido correspondente a falta disa consulta. De sorte que podería estar mecanografiado o capido enteiro se houbéramos disposto dise testo. En vista das dificultades que atopades pra localizalo, iniciéi eu outra vía de perseguición que conduz ao propio P. Placer. Veremos se por algún camiño damos con tan esquiua peza.

De toda a bibliografía rosaliá solicitada derradeiramente non recibín aínda nada. Non sei se che dixen xa que Bouza ou Pedret deben ter, polo menos, os traballos de Prol e Vales. Polo de agora me non decido a encetar a Rosalía, pero axiña que fique listo don Francisco de la Iglesia, acometeréi a Rosalía, coa bibliografía que poseo; pois se non será imposible rematar nunca. Ao final, faráse unha revisión xeral por se hai que incorporar novos datos.

O que creo que xa debemos ir pensando é a forma de edición da obra. Isto é se vai saír nun único volume, ou en dous amplios tomos, ou en pequenos volumes que se vaian botando á rúa conforme vaia habendo orixinal. Como ista estruturación editorial debe ter algunha relación coa estruturación arquitectónica interna da obra, convénme, neste intre en que rematéi o estudo dos precursores, coñecer o criterio de “Galaxia” sobor do particular; a fin de telo en conta no futuro traballo. Agardo, pois, que me digades qué resolvíchedes, pois creo que é unha resolución que se debe debatir antre varios. Eu non sinto ningún desexo de participar nise debate, que se refire a comenencias escrusivamente editoriais. Así que son indiferente a ise respeito; se ben me interesa que me comuniquedes o plan acordado, polas razóns ditas.

Recibín o libríño de versos de Méndez Ferrín; pero non sei quen mo mandóu, pois non hai calco de persoa algunha no envío. O mataselos parezme que di Calvario-Pontevedra.

Agora estou lendo o Rof<sup>94</sup>.

Supoño que che dixen xa, ou soupéchelo por Paco, que fai tempo que fixen o traballo pra o tomo de homaxe a Otero. Aproveitando un envío de libros devoltos, mandéino a Vigo. Dame noticias de cómo vai iso, pois de custións editoriais nada sei por del Riego, que nas cartas que me escribe é dun laconismo estremado.

De aqueles traballos que mandamos aos “Cuadernos” xa correxín as probas; de xeito que supoño que non tardarán en saír.

Se sabes algunha novidade sobre a publicación das obras de Cabanillas, comunícame.

E non deixedes de me enviar todo o material que podades.

Apertas

R. Carballo

## II

(Compostela, 5-II-58)

Meu querido e lembrado amigo:

Recibín a tua carta e, oportunamente, como Magalí che ten dito, os libros que por ela me enviaches. Me non lembro si estaba en deuda epistolar contigo, cousa que moi ben poidera ser. Nesta tempada estou abondo embarullado epistolarmente por mor do tomo adicado a Otero, pois varios dos colaboradores requiren unha atención insistente pra lles dar recadado a colaboración, non por falla de vontade senon de tempo. Por outra banda, ademáis da reiteración das xestións, como os traballos

---

<sup>94</sup> Refírese a *Mito e realidade da terra nai* (Editorial Galaxia, 1957), de X. Rof Carballo.



veñen nunha soia copia teño tamén que me ocupar en mecanografalos, cousa por certo ben latosa. E inda se me viñeron a complicar máis as cousas con unha aguda agravación das miñas crónicas doenzas gástricas, cousa que me obriga a practicar un severo réximen prescrito polo médico.

Con todos estes incomentes, non deixei de lle insistir a Otero, cada vez que iba a Trasalba, pra que trouxese o libro de Saco y Arce e os demais da lista que il tivese. Todo foi inutil, non, naturalmente, porque lle faltaran ganas de nos complacer, senon porque o seu estilo de vida chegou a un punto tal de desorganización que xa comenza a ser caótica. En vista deso, fixen outras xestións en Ourense co propio Saco Manreso, quen me fixo saber que xa lle entregara o libro a López Cid pra que escolmase os poemas galegos e chos enviase a tí. Co libro “Da Terra e do Mar” fixen moitas e inútiles xestións, coa sorpresa de que ninguén o conoce: nin Otero, nin Bouza, nin Carro, nin Ferro Couselo, nin Cuevillas, nin Penzol, nin Varela Jácome viron endexamáis semellante libro. Teño curiosidade por saber si o viu algunha vez o P. Placer, pois pra ser un libro do ano 29 non se concibe semellante dificultade en dar con íl. Dos relativos a Rosalía, pescudarei con Pedret ou Bouza. Dende logo xa se escribiu a distintos puntos de América en demanda dos que por aló se teñen publicado. Veremos o que se pode axuntar.

Tocante á forma de edición da obra, escribo a Vigo pra que estuden e decidan sobre o particular; os elementos de xuício meus sobre ise problema carecen de valor. En canto teñan decidido algo xa cho comunicarei.

A edición das “Obras” de Cabanillas anda bastante mal. De América anunciaron varias veces a súa publicación inminente. A derradeira vez o mesmo Blanco Amor lle decía a Paco nunha carta que pra fin de ano estaría na rúa. Cando andaban dispoñendo as cousas pra que así fose, meteu baza no asunto Paz Andrade coa desafortunada suxerencia de que enviasen de novo os orixíns a Galicia e que fixeran eiquí a edición, co que aforrarían cartos. Meteulles esa torpe idea na cabeza e paralizaron a edición alá pra comenza a facer xestións i estudos do que lles costaría editalas eiquí. Neso están. O memo do Valentín

esqueceuse das dificultás que eiquí representa o trámite obrigado da previa censura. Como ves, retrasouse unha vez máis a edición<sup>95</sup>.

Pregúntasme polo tomo adicado a D. Ramón. Xa recibimos a maioría dos traballos. Fáltannos uns cantos que, por seren interesantes, obrigáronnos a un retraso na publicación. Non creo que poida sair antes de abril. Xa sei, por Paco, que enviaches puntualmente o teu traballo. Lástima que non fosen os demais tan cumpridores.

Agora saíu, como sabes, o libro de Rof. Está na imprenta o 3º de “Illa Nova”, que é un libro de contos de Méndez Ferrín. “Voce na néboa” mandoucha o propio Ferrín dende Vigo. Entre o libro de Ferrín e mailo tomo de Otero casi seguro que irá un tomo de contos populares recollidos na terra de Viana, e transcritos “literalmente”, polo folclorista Laureano Prieto. Dispois o tomo de Otero. Dispois o “Onomástico” do P. Sarmiento. Dispois o tomo coletivo de “Illa Nova” sobre o tema de Europa. Dispois, non sei cal irá.

Xa está impreso o primeiro número da “Revista de Economía de Galicia”, que será polo de agora bimestral. Tamén eso nos ocupou un pouco, millor dito bastante, nistes tempos derradeiros. Ó cabo xa está en marcha. Agora haberá que poñer tamén en marcha a correspondente colección de monografías económicas. Dise xeito resultará que, dispois de tanto barullar irresponsabelmente contra Galaxia acusándoa de se ocupar escrusivamente de temas culturás, cando se trata de estudar seriamente a nosa economía será Galaxia a que o leve a cabo.

Acaba de sair en Gredos o libro de José Luis Varela “Regionalismo y Restauración cultural de Galicia en el siglo XIX”. Inda nono lin.

Ben conozo o “quid pro quo” que se produxo co teu discurso de ingreso na Academia. Eu aconselleille a D. Ramón que escribira il tamén á Academia acrarando o ocorrido.

O Cabanillas está en Cambados. Veuse de Baracaldo.

---

<sup>95</sup> O libro publicouse en Bos Aires polo Centro Gallego en 1959 e foi prologado por Carballo Calero.

En México vai sair unha revista cultural galega titulada “Vieiro[s]”<sup>96</sup>, cujos directores literario e artístico son Gurriarán e máis Souto.

Lin e gustoume o artigo que publicaches en “Vida Gallega” sobre o libro de Franco Grande. Tamén lin o que sobre tí publicou Fole no “Progreso”.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

### III

(Compostela, 18-II-58)

Querido Ricardo:

Acabo de recibir esta tarxeta anunciándome o libro de Trueba. Como ves, con iste tivemos máis sorte que con “Da Terra e do Mar”.

Está eiquí o Paco Luis Bernárdez. Sentíuse malo e veu percurar a saúde a Galicia. Ten unha doenza bronquial que o acora un pouco. Impresionouse co-a morte de Luis, a quen coñeceu persoalmente fai moitos anos. Por certo que eu recibín carta de Madrid –de Ramón Lorenzo, un rapaz amigo noso que estuda Románicas– comunicándome que foi moi comentada na Facultade de Letras a morte do poeta Pimentel. Sorprendeume o feito e tamén a gran rapidez con que se enteraron. O Cunqueiro, ademáis do artigo que publicou no “Progreso”, publicou o mesmo día outro máis fermoso na “Voz de Galicia”.

---

<sup>96</sup> *Vieiros, Revista do Padroado da Cultura Galega do México*. Aparece en 1959 e tira catro números, o derradeiro en 1968. Foron os seus directores Luís Soto, Carlos Velo, Arturo Souto e Florencio Delgado Gurriarán. Publicación excelente de contidos e ilustracións. Hai unha edición facsímile co selo editorial de A Nosa Terra (1989). A súa inmediata predecesora foi *Saudade*, que aparecía como “Verba galega nas Américas” en 1942 para rematar en 1953 e tirar sete números. Hai edición facsímile publicada en 2008 polo Centro Ramón Piñeiro.

Xa está imprentado o terceiro libro de “Illa Nova”, que é, como sabes, de Méndez Ferrín. Eu inda nono conozo. O libro seguinte desta colección será un tomo coleitivo sobre Europa.

Tiven carta de Guerra Da Cal anunciándome que dentro de cinco ou seis días enviará o seu traballo pra o tomo de D. Ramón. Versará sobre “o tema do mar nos Cancioneiros”.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

#### IV

(20, febreiro, 1958)

Querido Ramón:

Terás recibido por correo unha separata de meu traballo de “Cuadernos”. Estaban preparados varios pra seren remesados como impresos certificados. Como hai que presentar unha lista con referencia aos sobres numerados, era preciso modificar todo o dispositivo se suprimía un dos envíos, e resultaba máis doado deixalo ir todo como estaba. Cicáis teñas regalado a alguén unha das separatas. De Santiago, aparte da túa, só lla enviéi a Bouza. Como cicáis envíe algunha outra a isa cidade, cando me escribas dime a quen lle entregaches a sobranse, se o fixeches, pra non me repetir no envío. E dendo logo, se che parez comenente pedirme algunha pra calqueira que sexa, participamo, e se me restan exemprares faréi o envío.

Está convocada pra un distes días xuntanza da Academia na que será eleito García Sabell. Supoño que tamén se tratará do meu ingreso.

Vázquez Saco me non comunicóu aínda cousa sobre a xestión que fixo, ou me prometéu facer, perto do P. Placer, pra conseguir o misterioso libríño “Da terra e do mar”.

Decidín poñerme xa a redactar o capítulo de Rosalía, e fixen algunhas liñas do mesmo.

Agardo o libro de Xosé Luis Varela, que pedín a Gredos e que me foi certificado o 15, pero aínda me non chegou.

E non esquezas de pescudar a procedencia dos versos galegos de Vicetto.

Suscríbíme ao Dicionario de literatura luso-galaico-brasileira; pero malia ter enviado fai moito tempo o boleto, non soupen máis ren encol do asunto.

Hai na Coleición Austral un tomo de Rosalía cun prólogo de Cortina<sup>97</sup> que debo ver. Niste intre non o hai en Lugo. Se alguén de por ahí o ten, cicáis fora máis rápido que mo mandarás, porque os encargos de librería sérvenos eiquí con farta dilación.

Ben está que tiña aparecido o Trueba, porque haberéi de utilizalo axiña.

Barros escribíume dicindo que sabía por unha reseña de Aquilino que eu traduxera un libro moi interesante do inglés. Sinto que non sexa así; i é evidente que hai algunha confusión. Supoño que a tal reseña saíría na “Noche”. ¿Víchela ti e coñeces a espricación de tan estrano dislate?

A min ocúrreseme se se tratará cicáis de algunha alusión a un poema de Emily Dickinson que efectivamente traduxen –ao galego– do inglés, e que se publicou fai dous ou tres meses en “Vida gallega”.

Lembranzas a Isabel e a todos os amigos de por ahí.

Fortes apertas pra ti do teu amigo

Ricardo

---

<sup>97</sup> Augusto Cortina, Carlos Areán, Barcia Caballero, César Barja, Cordero Carrete, Antonio Lastres, José L. Varela, E. Chao Espina, Juan Naya Pérez e outros figuran nestas cartas pola súa contribución á bibliografía de Rosalía e así aparecen no correspondente apartado da *Historia* de Carballo Calero.

## V

(Compostela, 24-II-58)

Querido Ricardo:

Recibín a tua carta. Como tiña, nefeito, duas separatas (xa me decatei do mecanismo do envío postal), unha dinlla da tua parte a Domingo, que dende onte xa é teu compañeiro na Academia.

Inquirín de Otero novas da sesión. Díxome que houbera unanimidade na elección (non había contrincantes). Tamén me dixo que se falara do teu ingreso, mais que aínda non se sinalou a data. Parece que hai unha tramitación reglamentaria algo lenta. Polo visto hai unha comisión encargada de dictaminar sobre o discurso e sobre a resposta e, cando o dictamen esteña en poder da Academia sinalarán a data.

Hoxe falei con Bouza. Ten o libro de Prol e máis o de Vales e prometeu enviarchos. Con todo, non podemos confiar de modo absoluto na súa promesa. Eu insistireille. Si pasado algún tempo nonos envía pescudaremos por outra banda.

Lín a espléndida páxina que lle adicástes a Pimentel no “Progreso”. Eiquí tamén a “Noche” lle adicou a páxina literaria do sábado.

Inda non vin a Varela Jácome pra lle preguntar o de Vicetto.

Con seguranza que esa noticia a que se refire Barros figuraría nalgunhas das varias reseñas sobre a poesía galega recente que publicou Aquilino. Eran horribelmente pedestres. Deixei de as ler –porque foron varias– e quizais nalgunha das que non lin figuraba ise dato. Tratarei de che percurar esa reseña, pro non é seguro.

O do “Diccionario das Literaturas Portuguesa, Galega e Brasileira” non me sorprende. Resulta difícilísimo o abono da suscripción porque hai que pagar en escudos.

Unha aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

## VI

(Compostela, 3-III-58)

Querido Ricardo:

Somentes duas liñas pra che lembrar que o día 5 xubilarase D. Ramón e que non te esquezas de lle poñer un telegrama. Poucos días máis tarde marcharase pra Ourense, onde afincará de novo pra ter á man Trasalba.

Unha aperta do teu amigo

Ramón

## VII

(Compostela, 7-III-58)

Querido Ricardo:

A derradeira leición de Otero foi verdadeiramente groriosa pola afervoadada emoción que a arrodeou dende o primeiro intre. En lugar da aula nº1 de Filosofía, onde estaba anunciada, tivo que se celebrar no Paraninfo, onde non coupo a xente apesar de estar moitísima de pé hastra que non cabía nin unha agulla. Moita tivo que quedar nos pasillos. A emoción era tan intensa que moitas mulleres e bastantes homes choraron. Falou en galego. As ovacións foron impresionantemente longas e calurosas. Foi un gran día.

Acabo de recibir o libro de Trueba, que che envió. Pertenece á biblioteca da Diputación de San Sebastián<sup>98</sup>. Paco mandarache o libro da “Austral” co prólogo de Cortezón.

Insistireille a Bouza cos de Prol e Vales Failde.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

---

<sup>98</sup> Ten que referise á Deputación de Guipúzcoa.

## VIII

(Fingoy, 16-III-1958)

Meu querido amigo: Recibín o libro de Trueba. Devólvoche a tarxeta que me mandaras e na que anunciábaseche o envío. Non recibín os libros que Bouza prometéu. Tampouco teño noticias do libro [Francisco María de la] Iglesia-[Gumersindo] Placer. A xestión que eu fixen eiquí pra conseguilo por intermedio de Vázquez Saco non deu ate agora resultado. Fai moito que non vexo a Vázquez, pero il quedara en me chamar cando recibira resposta do P. Placer. Derradeiramente mandéille un recado inquirindo.

Non tiven máis remedio que empezar a traballar sobre Rosalía sen agardar máis bibliografía, pois de non facelo así, isto eternizárase. Quixera que me mandaras os nomes dos escultores que fixeron os retratos de Rosalía que hai en Santiago e Padrón. Coido que poderás te enteirar doadamente. O sartego de Santo Domingo non contén ningunha representación da poetisa, ¿non é?. Agardo tamén que outeñas información de Varela Jácome sobre os versos galegos de Vicetto. O folleto de don Mariano Roche y Frejas ¿se non atopa na biblioteca da Universidade?

O terceiro tomo de “Illa nova” agradóume moito. Inda quero lle adicar unha segunda lectura.

Escribíume Chao Espina<sup>99</sup>, que é un dos encargados de dictaminar sobre o meu discurso de ingreso na Academia. Ao facer a loubanza de don Marcelo [Macías], non gastaba moitas verbas, non por non considerar importante a súa figura, á que adicaba espresións de admiración e reverencia, senón porque tendo Otero escrito todo un libro sobre don Marcelo, e non estando en condicións de superar eu a gabanza do mestre feita maravillosamente polo seu xenial discípulo, parecéume o máis natural, sinxelo e honrado, me remitir modestamente a aquela obra, tanto máis canto que o autor dela é o encargado de contestar ao meu discurso. Pero pídenme “que deá unha pouca

---

<sup>99</sup> Enrique Chao Espina (Viveiro, 1908- A Coruña, 1989). Poeta, tradutor e xornalista. Autor de estudos sobre temas e figuras da literatura galega. Salientan os seus traballos sobre Nicomedes Pastor Díaz; entre eles, *Nicomedes Pastor Díaz dentro del romanticismo* (1949) e *Nicomedes Pastor Díaz: de Villahermosa a la China* (1972). Foi presbítero, profesor de portugués e académico da RAG.



máis extensión” á referida gabanza. Cicáis isto non é máis que unha visión mecánica da tradición. Eu creo que a miña actitude era dabondo razonable, e supuña humildade e delicadeza tanto fronte a don Marcelo como fronte a don Ramón. Pero o máis axeitado é complacer aos censores. Teño, pois, que refundir a introducción do meu discurso; pero como non poseo nin copia nin borrador do mesmo, escribín a Chao decíndolle que é preciso que me devolvan o que lles mandéi. Supoño que isto non ofrecerá dificultades maiores. A copia que ten Otero, cuio envío anuncióume Magalí, a quen Otero lla ía dar, continúa brillando pola súa ausencia.

Se Otero está en Santiago, espíricalle ista incidencia.

Houbera asistido á súa derradeira leición universitaria ordinaria se Fraguas non me houbera feito saber que Otero lle pregara que aos seus amigos dista cidade que se abstiveran de concurrir a ise acto, pois tiño medo a se emocioar de máis. En fin de contas, e tal como ocorreron as cousas, a miña presenza non houbera arrequeitado nen migalla a emoción que ao parecer reinóu.

Paco mandóume o “Austral” co prólogo de Cortina.

Apertas

Ricardo

## IX

(Compostela, 27-III-58)

Querido Ricardo:

A tua carta chegou atopándome eu ausente, pois non tiven máis remedio que tomar uns días de descanso e fun pasalos en terras do Eo. Onte pola noite cheguei de volta, coido que millorando.

Conquerín, ó cabo, que Bouza me facilitase os dous libros que che interesan. Esta tarde irei ó coche de Lugo pra ver si se marcha Magalí, en cuio caso xa chos envío por ela, xunto con una separata que me mandou pra ti Alberto Machado da Rosa. Si ela non se marcha hoxe, envíoches os

libros por correo. Bouza encareceume que, unha vez que os teñas utilizado, non demorem a devolución, pois tamén il está a preparar uns traballos sobre Rosalía pra o P. Sarmiento.

Dende logo coido que o máis asiado é tomar en conta o probe criterio dos señores académicos. Coido que terás recibido a famosa copia do teu discurso que estaba en poder de Otero, pois eu lembreillo reiteradas veces e un día, antes de se marchar, aseguroume que llo tiña enviado a Magalí.

Xa vexo que o libro de Iglesia-Placer sigue sendo invisíbele. Si o propio P. Placer non dá razón dil vains resultar difícil percuralo. Pro a mín resúltame enormemente raro que lle non diga nada a Vázquez Saco O poñerlle unhas liñas acrarándolle algo sobre ise libro semella cousa obrigada pola sua parte.

En Ribadeo vin un libro titulado “Saudades” e presentado como de Rosalía. Paréceme que son traducións –ou quizáis unha simple escolma– feitas por unha señora americana. Teño idea de que ten un prólogo desta señora (e hastra coido que unha foto). Voulle escribir a Cortezón pra que cho mande e o vexas e despois devólvesllo a il.

Alégrome que che interesase o libro de Méndez Ferrín. Ten en conta que está escrito ós dezasete anos.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

## X

(Fingoy, 8, maio, 1958)

Meu querido amigo: Supoño que terás fai tempo no teu poder unha carta miña na que solicitaba algúns datos pra a Historia. Non lembro moi ben cáles eran, pois dende logo debe ser de data dabondo lonxana, e nistes derradeiros tempos houben de me esquecer temporalmente daquil traballo por ter moito que facer en cousas do Colexio. Denantes, iniciara xa o estudo de Rosalía, en vista de que non se me enviaba o libro de La

Iglesia. Agora xa o teño eiquí. E un bonito libro de 120 páx, con portada de Castelao, impreso en Madrid en 1930. Agora teño que afrontar os eisames de grado de bacharelato (propiaamente os dos cursos finás) e o meu ingreso na Academia, que, como xa saberás, é o 17; e inmediatamente remataréi o estudo de F. de la Iglesia e lle mandaréi a Del Riego o testo manuscrito do capítulo relativo aos precursores románticos de Rosalía. Así que todo o que sobre Rosalía se me envíe me será agora de utilidade inmediata. A ver, pois, se me mandades os datos que teño derradeiramente solicitados.

Recibín enviado por Cortezón o libro de Emilia Bernal que contén traducións de Rosalía, e os de Prol e Vales de Bouza, que aínda non puíden despachar. Cicáis xa che teña dito isto.

Apertas

R.

## XI

(Compostela, 10-V-58)

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta. Alégrome moito de que, ó cabo, chegases a ter nas tuas mans un exemplar do misterioso libro de versos de F. M. de la Iglesia. Xa me comunicara tamén Cortezón terche enviado o da Señora Bernal. Os de Vales e máis Prol sabía que os tiñas recibido porque chos enviei por Magalí.

Nada sabía da data do teu ingreso na Academia. O día 5 estiven falando con D. Ramón Otero dise asunto e ningún dos dous sabiamos nada. Por certo que il amostraba preocupación de que deixasen pasar a primavera sin celebrar o teu ingreso, pois estima que no vran é mala época na Cruña pra esta cras de aitos. Eu alégrome ben de que se celebre tan axiña. Sempre tiven desexos de que a Academia chegue algún día a estar en condicións de cumprir “en serio” o seu cometido dentro da nosa vida cultural. Incorporacións como a tua son a millor garantía de que imos camiño deso. Dígocho con absoluta sinceridade. Tivemos a sorte de que tí

e García-Sabell fórades os primeiros membros do equipo aitivo de Galaxia chamados á Academia, pois a vosa presenza represéntanos a todos de maneira óptima. O que moito sinto é non poder estar presente, como de todo corazón quixera no aito do teu ingreso. Resulta que, por orde do médico (Domingo), tiven que me meter no leito pra facer un reposo total durante bastantes días, pois polo visto é imprescindíbel pra millorar a miña doenza gástrica. De non ser por iste motivo, o 17 estaría na Cruña pra non perder a xornada académica do teu ingreso, que sería, - i é -pra min un motivo de íntima ledicia, tanto por ser un feito de rigurosa xusticia cultural como por se tratar de algo que todos consideramos como propio.

Fora dos nomes dos artistas que esculpiron as estatuas de Rosalía non lembro que me teñas pedido máis datos. Istes nomes mandareichos axiña que me erga.

O tomo-homenaxe a D. Ramón foise retrasando na imprenta. Agora pouco tardará en estar listo. Coido que quedou francamente interesante.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## XII

(Fingoy, 22, maio, 1958)

Meu querido amigo: Confío en que cando recibas estas letras atoparás-te xa en pe. García Sabell na Cruña xa me confirmou que fora polo seu mandado espreso polo que tiñas permanecido ausente do Pazo Municipal da Cruña no acto da miña recepción. Xa estarás ben enterado do desenrolo dos acontecementos. Regresei a Lugo no coche do Silvio Santiago (coido que así se chama). Era un mercedes noviño do trinque e nil aquil home, coa súa muller e a súa filla, quería chegar a Ourense, a ver ás súas irmás, levando a Otero Pedrayo, de quen é devotísimo. Eu fun enguedellado nista rede pola miña situación de amigo de Otero, e María i eu ocupamos un lugar no coche, que pasou por Lugo pra nos tragner. Agora son de novo o home do membrete, internado no eremitorio fingoíán.

Está totalmente rematado o capítulo segundo da Historia, e llo mandaréi axiña a Del Riego. Así que o meu traballo inmediato é Rosalía.

O meu discurso de ingreso é un traballo ben longo de investigación sobre as fontes da obra rosaliá, moi cheo de citas e de notas. Pouco se prestaba á lectura nun salón, fora da introducción. Non lin máis que uns poucos anacos.

Estóu en ir a Trasalba o 8 con Fole e Celestino. Rosón, segundo creo, está disposto pola superioridade.

Supoño que nos veremos alí.

Ricardo

### XIII

(Compostela, 24-V-58)

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta. Eu tamén contaba que pra estas datas xa tería abandoado o leito, mais un retroceso que se produxo na miña doenza anulou ises cálculos. Parece que terei que seguir encamado deica o cabo do mes. De todos os xeitos, si deica entón se afianza a milloría aitual, como agardamos que suceda, o día 8 irei a Trasalba e alí falaremos.

Teño dobre información do acto do teu ingreso: Franco Grande e máis García-Sabell. Os dous viñeron moi satisfeitos e ledos. Unha garimosa carta de D. Ramón tamén me informou do viaxe a Fingoy no coche do Silvio Santiago, quen, dispois dunha ausencia de 19 anos, está agora “conocendo” Galicia. Trátase dun home de rexa e interesante personalidade, que se fixo a si mesmo na emigración e que na emigración descubriu a Galicia.

Onte recibín unha comunicación, firmada por Enrique Canito, anunciando e convidando pra tomar parte no homaxe que se lle tributará a Dámaso Alonso o viernes día 30 con motivo dos 25 anos da cátedra universitaria. Non sei si xa terás coñecemento de tal homaxe. Celebrarase no Restaurante Biarritz (Almansa, 66) –ás duas da tarde. Eu penso enviar un

telegrama e farei que Cabanillas, Otero e Domingo tamén envíen adhesión. Non está mal que reciba adhesións deiquí de Galicia. Coido que a tí serache grato enviarlle tamén un telegrama.

Onte recibín o derradeiro número de “Vida Gallega”. Entre varios artigos máis sobre as nosas letras, lín o teu sobre o noso ensaio, no que eu aparezo moi xenerosa e benévola mente tratado. Interesoume moito polo outro aprecio que sinto pola tua honestidade e agudeza de xuício. Pódoche asegurar que estou sincera e plenamente conforme coas ouservacións que fas sobre o interés secundario das valoracións literarias que aparecen nos meus escritos. Proba de que é certo isto témola na miña ben escasa inclinación á crítica literaria, a pesar de que me parece dun interés verdadeiramente apasionante. Interesáronme moito as consideracións que apuntas encol do meu “estilo”. Dende logo é totalmente certo que nunca escribín con preocupación “literaria”. O que verdadeiramente domina o meu espírito sempre que escribo algo é a preocupación da craridade e precisión. Sacrifico toda outra preocupación espresiva á da craridade e, sempre que for posibel, da precisión. En fin, que che agradezo de veras a benevolencia que te inspirou, xa que o puro e simple feito de faceres tí unha confrontación do que eu siñifico na evolución do noso ensaio (con figuras tan ilustres como Otero ou Risco como termo de referencia) representa pola tua parte indudábel xenerosidade. Si teño saúde e sosego tratarei, na medida das miñas forzas, de corroborar, inda que seña parcialmente, os teus amistosos xuícios.

Agora mesmo acaban de estar eiquí Silvio e máis a dona, de volta pra Vilardevós. Queren que vaíamos Isabel e máis eu pasar uns días co-iles. Si me poño ben iremos. Silvio e máis eu temos unha sólida amizade “epistolar” dende fai varios anos.

Estou rabiando por ver o tomo adicado a D. Ramón, que debe estar case rematado xa. Fai días que non teño novas dil.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## XIV

(31, maio, 1958)

Meu querido Ramón: Alegrárame saber que ao recibo desta carta estabas dado de alta da túa doenza; inda que en materia de saúde a impaciencia está sempre contraindicada: de xeito que se tiveras que prolongar a túa cura permanecendo no leito alén desta data, habería que consideralo como unha medida de prudencia que tería de ser ouservada disciplinadamente, en gracia aos bos resultados que se seguirían.

Eu tamén recibín a comunicación de Canito sobor da homaxe que onte debéu de se lle tributar a Dámaso Alonso. Oportunamente espreséi a miña adhesión.

O meu artigo de “Vida gallega” verbo do ensaio na nosa literatura saíu con erros dabondo. Falta algunha verba, foi engadida algunha outra, e hai certos cambios de letras. Na parte que a ti se refire, coído que o texto impreso é suficientemente correito. Cicáis os usos sociás esixen que cando alguén amosa se interesar pola obra dun escritor, íste atribuíra tal interés á xenerosidade e á benevolencia. E non cabe dúbida de que en moitos casos, ísta é a realidade. Cando Otero, por exemplo, adica unha loubanza a un amigo, ¿non debe íste acollela con prudente escepticismo, por se realmente é unha xenerosidade pródiga a que a dicta? Pero no meu caso, todo o mundo –o pequeno mundo que me arrodea– sabe que as miñas virtudes, se as teño, non son as do gran señor, senón as do honrado artesán, menos espléndido que económico. Así que ao falar de ti me non inspiraron deidades tan aristocráticas como a Xenerosidade e a Benevolencia, senón as máis humildes Verdade e Xustiza, interpretadas, craro está, ao meu xeito, que é o único xeito de que dispoño, e que, dende logo, non estou nada seguro de que sexa un xeito axeitado. Pero, en meio da incertidume, respeito de cómo son as cousas en sí, semella que o único honrado é decir cómo a cada un se lle aparecen.

Nada me dis do libro de Carvajal Capella, e, sin embargo, creo que ao fin pudeches leelo íntegro, se é que tiveches paciencia pra elo. Penzol deixou eiquí un pra min e outro pra Celestino. Eu non vin a Penzol, con quen pensaba falar nunha nova estancia en Lugo que non se efectuou hastra

agora; pero deixou dito que ti ficaras estantío ao examinar un exemplar que che donóu. Non sei se sabes que ese libro está xa descaradamente á venda pública. Na Cruña véndese nas librarías ao lado de “Sete poetas”, pero máis caro que este, a coarenta pesetas. É notabre que ate hoxe ningún teña feito o menor comentario sobre tan asombroso fenómeno.

Mandéille xa a Del Riego o segundo capítulo da Historia, e levo ben adiantado o terceiro, que versa sobre Rosalía.

Lembranzas e apertas.

Ricardo

## XV

(Compostela, 2-VI-58)

Benquerido Ricardo:

Recibín a tua carta. Nesta ocasión, os teus bós desexos coinciden bastante coa realidade. Mañán comencarei a erguerme. O primeiro día soio unhas horas, pro conto que en dous ou tres días máis xa sairei á rua. De non ter ningún novo atranco, o domingo verémonos en Trasalba. Por certo que hoxe tiven carta de Rosón comunicándome que está disposto a ir e levarnos a tí, a Fole e máis ó Cilistro no seu coche.

Tamén a min foi o Penzol quen me trouxo un exemplar do libro de Carvajal. Certamente, quedei completamente aparvado. O grande do caso é que eu cotexei ás datas de edición dos dous libros por ver si neso obrara con malicia e resulta que o seu libro está datado normalmente, ou seña, un ano máis tarde que “Sete Poetas”. Coido que debe tratarse dun caso totalmente único en todas as literaturas do mundo. Eu amóstrolle a todo o mundo os dous libros e obrígolles a que abran un diles por onde queiran e busco decontado a tradución ou o orixinal, según corresponda. Todos quedan igualmente abraídos. Por certo que a tradución non sempre está ben feita. A min gostaríame, si tivéramos unha Revista, publicar a dobre texto uns cantos trechos [sic] de ambos libros, poñendo ó pe de cada texto a ficha bibliográfica do libro correspondente.



O tomo de D. Ramón debe acadar as 350 páxinas. Coido que queda un tomo-homenaxe espléndido.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

## XVI

(Compostela, 7-X-58)

Querido Ricardo:

Falei con Domingo. Díxome que pra il é bó dia o viernes. Ise dia terás que ir en aúnas.

Pra que non se me volva a esquencer, como ocurriu anteriormente, mándoche as señas de Machado da Rosa:

III West Johnson Street  
Madison 5, Wisconsin. - USA

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

## XVII

(Fingoy, 7, nadal, 1958)

Meu querido amigo: Cheas cáseque todas as lagoas que restaban na parte xa cuberta da Historia da Literatura, é hora de que fagamos o derradeiro esforzo razonable pra tratar de ver a única obra galega alí mencionada que non vin: “El viajero y la gallega del Sil”. Diálogo en prosa y verso inquirindo noticias sobre el áureo río, escrito en gallego y castellano. En Madrid, imprenta de los Hijos de Vázquez (1880). Xa falamos disto. Agora suxiro que se den coa urxencia posibre os seguintes pasos. Primeiro, se asegurar de se hai ou non isa obra na Biblioteca da Universidade compostelá.

Podese solicitar a percura, da miña parte, a Maruxa Tobío, alí empregada. Se non houbera isa obra nisa Biblioteca, encarregar a algún amigo de Madrid que vexa se a hai na Biblioteca Nacional ou na do Ateneo. En caso de achala en algures, que se outeña unha copia, cousa doada, pois trátase dun folleto. Interesa que conste a paxinación.

Rematada Rosalía, i en vista de que non foron aínda accesibles os traballos sobre ela mencionados por Alonso Gallego na súa conferencia de Bos Aires, intentar polo menos poseer nota bibliográfica dos mesmos escribindo a aquil en demanda de que envíe a nota correspondente. Os textos aludidos son:

José Martí: carta a Gonzalo de Quesada  
José Martí: trabajo escrito el 7 de enero de 1891  
Juana de Ibarbourou: estudio publicado en Montevideo en 1921  
José Enrique Varona: ensayo en “Revista cubana”, 1885  
Luisa Carnés: libro en Méjico, editorial Rex, 1945?  
Max Henríquez Ureña<sup>100</sup>: páxinas en su tratado literario reciente

Son estraitos literás da referencia da conferencia dada por Xerardo segundo “Opinión Gallega”. Trátase, polo menos, de precisar isa bibliografía en forma que poda ser citada.

Isidro Parga prometéume os papés que ten de Pondal; pero il non posee a biblioteca do bardo. Ista áchase en Santiago, nalgún sitio que coñece o seu irmán Salvador. A xestión que verbo disto che encomendo é que a localices con esaititude, a fin de que eu poda consultala algún día que me traslade a isa cidade.

¿Fíxose algo por ter o Montolú?

Estóu correxindo as probas do meu Discurso da Academia. Quixera, pois, que me dixeras se, como falamos, Galaxia está disposta a distribuílo aos seus suscritores, en cuio caso rogo que se me diga cántos exemplares debería mandar, a quén, e os demáis estremos oportunos.

---

<sup>100</sup> Max Henríquez Ureña (Santo Domingo, 1885-1970). Poeta e ensaísta. El “tratado literario” é a interesante *Breve historia del modernismo* (1954).

Será un volume dunhas cen páxinas, incluíndo a resposta de Otero, e o prezo de venda será arredor de vinte e cinco pesetas.

Agardo que non tardemos en nos ver.


Apertas e lembranzas

R. Carballo



Otero Pedrayo (á dereita), con Cabanillas na homenaxe do 1959 en Padrón. Entre outros, Franco Grande, Borobó, García Sabell, Ramón Piñeiro,...





Ramón Piñeiro, por Siro



1959





## I

(Compostela, 15-I-59)

Querido Ricardo:

Por fin xa teño comprobado que na biblioteca universitaria non teñen o libro “El viajero y la gallega del Sil”. Coido que a pescuda seguinte debémola facer na Academia Gallega, onde poideran telo. Quizáis o máis doado seña que lle escribas ti mesmo a Naya<sup>101</sup>, pois il apresurábase a pescudalo e comunicarcho.

Hai días mandeiche a primeira edición do “Queixumes”, pois díxome Paco que che interesaba manexala por mor dos erros das edicións posteriores.

Alguén me dixo que en Ourense, antes da guerra, manexábase a obra de Salcedo. Imos ver si damos con ela e podes ler o que di de Rosalía.

Magalí fíxome entre de dous sobres, un cos recortes que che enviara del Riego e outro con libros e revistas. Todo será entregado rápidamente.

Os rapaces tiñan mentes de lle escribir a D. Antonio Fernández falándolle dos seus plans coas gaitas e máis coa zanfoña. Seguramente que calquera dia fáliche do asunto, en cuio caso non deixes de o animar pra que lles preste axuda instrumental.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

---

<sup>101</sup> Juan Naya Pérez (A Coruña, 1914-1993). Académico e arquivista-bibliotecario da RAG, labor que desempeñou dende a súa mocidade, ademais de Cronista Oficial da cidade da Coruña. Publicou numerosos artigos en *La Voz de Galicia* ou *El Ideal Gallego* sobre a obra de Rosalía de Castro, entre outros escritores; escribiu semblanzas de galegos ilustres coma Rosalía ou Manuel Murguía. Ingresou na Real Academia de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario. Publicou *Los poetas gallegos y Curros Enríquez* (1970) ou *El Final de una estirpe: Rosalía de Castro y Manuel Murguía* (1974).

## II

(Fingoy, 19, xaneiro, 1959)

Querido Ramón: Se non estou confundido, eu en persoa pescudéi na Academia Galega “El viajero y la gallega del Sil”, cando dacordo co que tiñamos falado me despracéi á Cruña durante o vran. O mesmo fixen no Museo de Pontevedra. Non hai tal obra nises sitios. Haberá que averiguar se a hai no Ateneo ou na Nacional. Se a hai, xa se pensaría cómo abordar o problema da copia.

Recibín a primeira edición dos “Queixumes”. Agora teño todas á vista. Estóu en pleno traballo, anque, como sempre, o do Colexio fai que aquíl sexa intermitente. Onte recibín unha carta moi útil de Otero que responde a unha consulta. Escribín a [Isidro] Parga [Pondal] e íste prometéume de novo o material, e me acraróu certos puntos biográficos.

Recibín a anunciada carta de Álvarez Blázquez. Faréi o que poda pra ver se hai eiquí quen saiba algo do asunto.

Axiña que se prantee a custión, falaréi ao meu patrón do asunto da zanfona. Dou por seguro que responderá satisfactoriamente.

Compre que localices os libros que foron de Pondal, que creo que están na Biblioteca da Universidade; a fin de que cando eu vaia a Santiago os poda ver sen perda de tempo. Supoño que non os terán esquecidos, e que será fácil dar con eles. Pero é comenente se asegurare delo.

Lembranzas e apertas

R. Carballo

### III

(Compostela, 12-III-59)

Benquerido Ricardo:

Hai tempo que che debo carta, mais levo unha tempada de tanto rebulicio que xa teño esa atezante sensación de non ter tempo pra nada. Estiven 15 días en Madrid e, de volta, fun dúas veces á aldea ver a meu pai, que tivo unha hemiplexia, inda que afortunadamente recobrouse ben dela. Nun dises viaxes parei unhas horas en Lugo, mais era día de labor e non me animei a ir deica Fingoy durante o horario de traballo. Levaba unha separata que me enviara pra tí Machado da Rosa e deixei a ó Celestino para que cha dese.

Teño recibido “Visión de la vida en la lírica de Rosalía de Castro” e, recentemente, “La poesía narrativa en la poesía gallega contemporánea”. Lin os dous. O da “narrativa” é interesante, porque acara e precisa moi ben o tema; o de Rosalía, francamente espléndido, pois contén, nidiamente espostas, as bases indispensábeles pra unha interpretación rigurosa do pensamento rosalián. A concusión, que a moitos poderá sorprenden, a min paréceme que é absolutamente xusta. Comparto totalmente os teus puntos de vista e coido que rematarán por se impoñer a todos.

Xa terás recibido o “Hamlet” do Cunqueiro. Tamén circulará axiña o primeiro tomo do Dicionario de D. Eladio. No prelo está o tomo II da “Escolma”.

Os de “Ínsula” están animados a facer una nova tentativa co número galego. Imos ver si nesta ocasión chega a saír. Conservamos, naturalmente, o teu traballo sobre Otero Pedrayo.

Coido que estarás rillando nos materiais de Pondal. Por certo que me escribiron de Lisboa anunciándome que queren editar unha antoloxía de Pondal na colección “Poesía e Verdade” que publica a editorial Guimarães (onte recibín nova carta diles decíndome que tamén queren editar outra antoloxía de Curros), e no Brasil a editorial AGIR semella disposta a incluír na súa prestixiosa colección “Os nosos clásicos” un tomo consagrado a Rosalía.

Xa ves que comenzamos a sair polo mundo.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

#### IV

(Fingoy, 4, abril, 1959)

Meu querido amigo: Recibín a túa carta do 12 de marzo. Celestino doume a separata que Machado da Rosa tivo a amabilidade de che enviar pra min. Como sabes, tamén tiña outro envío do mesmo: o “Heine in Spain”. Sempre pensando en lle escribir, pra lle agradecer iste envío, fora esbarando o tempo sen que achara un minuto que lle adicar. Agora comprín por fin ise deber.

Cando recibín a túa carta andaba a preparar dúas excursións do Colexio, que se realizaron na Semá Santa. Eu fun ao fronte dunha delas. Regresei o domingo pasado. Dempóis de ordear un pouco o traballo administrativo de Fingoy, coido en reanudar o meu traballo da Historia. Pondal está xa moi adiantado. Os papés de Parga, aparte dos datos útiles pra a Historia, darían pra dous ou tres traballos máis, que me gustaría facer, pero que será mellor non facer, a fin de consagrar á Historia todo o tempo de que dispoña. Otero, a quen ouvín o discurso que pronunciou como pregón da Semá Santa no Círculo, non me enviou o seu traballo do Boletín da Academia sobre a paisaxe en Pondal. Supoño que non o atopa. Sería desexabre que se me enviara por outro conducto; pois desconfío de que il o ache. Como che teño dito, convén que teñas localizada en Santiago a biblioteca de Pondal, que debe de estar na Universidade; pois cicáis dentro de pouco vaia a Santiago, e quixera botar unha ollada a ises libros e papés, sobre todo ao Ossián en francés que lle pertecéu. Pra fins de Abril penso lle mandar a Del Riego todo o capítulo de Pondal.

És moi benévolo ao xulgar as dúas separatas que derradeiramente che enviéi. A túa xenerosa aprobación do traballo sobre Rosalía é pra min de grande interés, pois poucas persoas haberá tan calificadas pra opinar

sobre ise asunto. Inda que non creo que mereza un xuicio tan favorable, conténtame que te non descontentara.

O “Hamlet” parecéume escelente, escelentísimo. Ao regresar do vaixe atopéi a “Antoloxía” de González-Alegre e o “Dial”<sup>102</sup> do P. Rubinos, ísta derradeira obra cunha adicatoria estremadamente falagueira e amistosa. Agora agardo a Escolma II, con moito interés.

Na Academia nomeáronme pra dictaminar sobre o discurso de ingreso de García Sabell. Xa terás noticia do desenrolo da derradeira sesión, coa intervención de Sigüenza. Pero aínda non recibín o discurso. Cicáis o teñan Chao Espina ou Iglesias, que foron os outros designados pra censuralo. Supoño que na próisima sesión haberá que votar pra elixir a Parga ou a Leal. Tamén me designaron pra dictaminar sobre o nomeamento de correspondente de Viñas. Díxenlle a Aquilino que estendera o dictame e que mo mandara pra firmalo; pero tampouco volvín a saber cousa do asunto.

Lembranzas e apertas

R.

## V

(Compostela, 10-IV-59)

Querido Ricardo:

Cando recibín a tua carta non tiña coñecemento da situación “procesal” do discurso de Domingo. Recentemente –hai dous días– entregoumo Silvio [Santiago], de parte de Naya, pra que eu llo fixese chegar a D. Luís Iglesias<sup>103</sup>, encargo que cumprín decontado. Polo visto estivo

---

<sup>102</sup> Trátase de *Dial poético da viaxe dun galego pol-os Estados Unidos* (1958), poemario versolibrista, en versión tetralingüe, da autoría do xesuíta coruñés José Rubinos Ramos (A Coruña, 1898-Miami, 1963), capelán do Centro Gallego da Habana e profesor da Universidade e do Colexio Belén daquela capital. Como poeta deixou varios libros de fábulas para nenos e o poema épico *Covadonga* (1959).

<sup>103</sup> Luís Iglesias Iglesias (Teis, 1895- Santiago, 1977). Estudou Medicina e Ciencias Naturais na Universidad de Madrid. Exerceu como catedrático de Bioloxía xeral da USC. Deixou

todo iste tempo en poder de Freire de Andrade, que ó cabo xa emitiu o seu dictámen. D. Luís, á súa vez, deberá enviarcho a tí. D. Ramón xa ten preparada a resposta e moitas ganas de a ler.

Díxenlle a D. Ramón o do seu traballo pondalián no Boletín da Academia. Quedou en buscalo.

O tomo II da Escolma xa está impreso, así que non poden tardar moito en envialo.

O “Hamlet”<sup>104</sup> tivo un éisito resoante. Hai bastante unanimidade estimativa.

Coido que o Dicionario tamén che gustará, pois o seu carácter enciclopédico faino ameno e útil.

Cando veñas xa falaremos longamente.

Unha aperta moi forte de

Ramón

## VI

(Compostela, 30-IV-59)

Querido Ricardo:

Por Domingo sei que pensas vir axiña a Santiago. Tan pronto seipas o día fixo non deixes de mo comunicar. Eu quixera aproveitar a tua visita a Compostela pra te poñer en contacto cos universitarios e universitarias que están estudando a língoa galega e pra que lles leses unha ducia de poemas teus. Compre que vaian conociendo persoalmente a todas as personalidades representativas das nosas letras. Comenzaremos mesmamente contigo, xa

---

fonda pegada como docente ao tempo que publicou numerosísimos traballos de investigación relacionados con Galicia. Foi reitor da USC, presidiu o SEG e foi académico da RAG, entre outras moitas distincións.

<sup>104</sup> Refírese á representación d’ *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, de Álvaro Cunqueiro, en Lugo, 1959.

que se dá a sorte de que vas vir. A cousa non será solemne nin multitudinaria, xa te decatás, senón sinxela e cordial.

Unha aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

## VII

(Fingoy, 2 de maio de 1959)

Querido amigo: Se motivos de saúde ou deberes profesionás non mo impiden, sairéi pra Santiago o domingo 10. É o meu propósito visitar a clínica pola mañá do luns 11. O médico agárdame calquer día da semá. Se modificara os meus plans, avisaríache. De xeito que dempóis da consulta presentaréime na túa casa, se che parez ben.

De acordo cos teus desexos, remexeréi nos meus papés pra ver de escoller unha ducia de poemas que podan ser lidos. Agora, mergullado na Historia, todos os meus coidados son pra ela. Pondal está virtualmente rematado, e vai moi rico de noticias inéditas, gracias aos papés de Parga. En Santiago teño que ver os libros que foron da súa biblioteca, pra completar as miñas notas sobre a formación literaria do poeta. Unha vez que o faga, poderéi redactar o último capítulo, i encetar o estudo de Curros. Inda vexo moi lonxe o remate diste primeiro tomo –século XIX–, pero cando liquide a Curros penso ir máis de presa, inda que non deixará de haber dilacións por razón de certas dificultades de achego de testos, se a obra ha ir tan concienzudamente documentada como ate agora.

Conviña que vírades de me ter preparada a consulta da obra “Galicia médica”, do que foi cadeirádego disa Universidade, Ramón Otero, publicada en 1865, pois como sabes nela figuran algunhas estrofas dos Eoas, que deben ser a mostra máis temperá do poema que se coñece. Considero probable que isa obra figure nos fondos da biblioteca universitaria. Cicáis o propio García Sabell a teña, ou saiba dela.

Otero envióume finalmente o seu traballo do Boletín da Academia Española.

Eiquí están xa imprentando o meu discurso de ingreso na Galega. De xeito que, de acordo co que me comunicaches, faréi que sexan enviados cen exemplares a Galaxia. Se hai modificacións nises plans ou instrucións especiáis sobre isto, faimo sabedor. Dixérasme que tiña de indicar a qué suscritores de “Galaxia” haberíase de exceptuar do envío dende Vigo por facer eu a remesa persoalmente. Como imprento o traballo pola miña conta, non penso regalar exemplares a ninguén, porque probablemente aqueles a quen os regalaría son os meus únicos compradores en potencia. Tampouco mandaréi ningún exemplar aos periodicos. Así que “Galaxia” pode maniobrar sen limitacións nos envíos, agás nos casos de Otero Pedrayo e García Sabell, que recibirán directamente de min o traballo.

En garda de nos ver axiña, recibe unha aperta do teu amigo,

R. Carballo

## VIII

(2, xunio, 1959 )

Querido amigo: Cumpro a miña promesa de che mandar un anaco dos “Eoas”, pra a escolma que se prepara en Portugal. Como sabes, as oitavas manuscritas, e igualmente as impresas en probas, están cheas de correicións de man do autor, máis ou menos lexibles ou ilexibles; i é imposible moitas veces saber cál é a versión provisionalmente definitiva segundo a vontade de Pondal: pois decote aparecen variacións dun mesmo verso, ou dunha mesma frase, que il escribía pra ter á vista as diversas solucións, sin que a disposición irregular das liñas, trazadas en todas direccións i en todas partes do papel, permita sospeitar preferencia. Así, houben de apear coa responsabilidade de elexir onde Pondal non parez que chegara a facelo. Por iso o testo que che envío é a miña lectura do anaco, feita segundo o meu gosto, porque o gosto de Pondal non chegou a se decidir ante as diversas posibilidades. Polo tanto, é un testo restituído; e penso que é necesario facelo constar así por respecto á vontade do poeta, que non chegou a se manifestar definitivamente; xa que diste mesmo testo caben outras reconstrucións igualmente auténticas. Dende logo, non hai unha soa verba que non sexa de Pondal. O anaco é dos que, a base dos



papés que teño á vista, resultan máis coherentes. Pertece ao primeiro canto do poema, e refire, como se deixa ver, a partida dos Eoas. Todas istas oitavas chegaron a se imprimir, pero a versión que che envío recolle as correicións manuscritas que enchen o papel. Creo que, agás a derradeira, istas oitavas non foron nunca publicadas. A derradeira foi dada a coñecer por Bouza. Pecha naturalmente o episodio, e por iso parez comenente non suprimila, inda que sexa, ao que eu coido, a única non inédita.

Del Riego, a quen dixera que che entregara algún material do que se me facilitara pra o traballo da Historia, escribeme que supón que non ía antre ise material cousa da súa propiedade ou percurada por il, pois ti nada lle dixeches sobre iso. Supoño que será así. Xa non me lembro ben. Lembro que che entreguéi os teus “Rumores”, os “Queixumes” de Sabell e as “Poesie scelte” de [Xoán] Rof. [Carballo] ¿Cicáis unha revista facilitada por Paco? Non sei. Ti verás. Coido que algo máis que ises tres libros ía, pero non recordo qué podía ser, anque, de ser algo, era algo miudo, dende logo.

Apertas

R.

## IX

(Compostela, 13-VI-59)

Meu querido amigo:

Recibín, hai días, a tua carta e mailos fragmentos do esmigallado poema pondalián. Certamente, débese facer constar o seu carácter de texto restituído, como terá que ocorrer, figúrome, con cantos materiás dise poema se cheguen a editar.

Eu estiven tres días en Madrid. Fun facer entrega dos orixinas da “Ínsula” adicada ás nosas letras. Como Domingo, que é o amigo de Canito i o que con il se entenden pra todo iste asunto, non podía ir aló nesta ocasión, desplaceime eu. Por certo que conocin persoalmente, e fixen boa e rápida amizade co il, ó poeta Díaz Castro. Trátase de unha persoa agradibilísima, tanto pola súa cordialidade sinxela coma pola súa aguda e vibrante intelixencia.

Mañán verémonos co Da Cal en terras miñotas.

Coido que xa terás recibido o tomo II da “Escolma”.

A Paco téñolle entregado as dúas cousas dil que ti me deixaras eiquí: a edición arxentina dos “Queixumes” e máis un número solto dunha revista cuio título non lembro.

Bueno, deica o sábado, pois coido que nos veremos na gran xornada académica.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## X

(Fingoy, 1º de agosto de 1959)

Meu querido amigo: O libro de don Mariano Roche y Frejas haino na Biblioteca Nacional, e ten a signatura 1/28,006.

Compre, pois, que me outeñades algunha especie de copia do mesmo. Tal ouxetivo é realmente fácil de atinguir, pois trátase dun folleto de poucas páxinas, segundo teño entendido. Supoño que non haberá a menor dificultade pra conseguir a copia, pois no peor dos casos todo consistiría en encargar a algún mecanógrafo que a faga, abonándolle o importe do seu traballo. Esta copia debe incluír a numeración das páxinas. Que sexa máis ou menos boa, xa depende de quen a faga, e como non é cousa de eu ir a Madrid pra facela persoalmente, teremos que aceptala como veña. Como sabes, é o único testo de que falo no xa feito da Historia, que non conseguira ver.

O día 4 teréi que me trasladar á Cruña pra ver alí o manuscrito de Carré Aldao. Por fin conseguín que Leandro me prometera depositalo na Academia pra que o consulte.

“Fingoy” publicará as poesías inéditas ou esquecidas de Pondal nun volume separado do que conterá as cartas e outros documentos biográficos. Incluirei todo o que coñeza que non esté coleccionado nos “Rumores” ou

“Queixumes”: manuscrito inédito, follas soltas ou publicado en revistas non recollido en libro. A miña colección ascende xa a MEDIO CIENTO de poemas, número que sorprenderá a case todos. Craro está que hai moito en castelán, dos primeiros tempos, e de valor circunstancial. Endebén, teño tirado dos borradores autógrafos bastantes ensaios en galego, todos certamente de calidade inferior ao xa coñecido; pero que moitos leerán con pracer, e que nos farán coñecer mellor ao noso querido Bardo. Penso tamén incluír –e cicáis isto conviría mantelo segredo– estes anacos lexibles dos “Eoas”.

Non recibín contestación de Bouza á carta que lle escribín denantes da miña viaxe a Santiago relativa á “Galicia médica” e a unha posible tradución de Pondal ao inglés.

Hei ir de novo a Santiago pra ver as follas “O Seor Pedro”, que sei que ten don Xesús Carro.

Cicáis non estés en Santiago. Cicáis teñas pasado por Lugo sen me ver. De todos xeitos, escríboche porque me urxe o de “El viajero y la gallega del Sil”, sobre todo se pensades publicar un primeiro tomo da Historia co xa feito. ¿Non me dixeches algo así? García Sabell era partidario de facer catro tomos. Eu son absolutamente indiferente a todo isto, pois creo que a custion é puramente técnico-editorial. De xeito que me absteño de intervir. O único que desexo é estar informado dos plans, pra orgaizar segundo iles os meus traballos. Polo de agora, rematado como está Pondal, teño catrocentos folios a máquina, a dous espacios o testo e a un as notas. Estóu preparándome pra redactar o Curros. Xa fixen a bibliografía, i estóu lendo as fontes. Agradeceréi calquer testo sobre Curros que se me proporcioe; sen perxuicio de lle mandar a Del Riego no seu día o pedido correspondente.

Cicáis ti me podas enviar “El regionalismo”, de Pereira, e “De mi tierra”, de Emilia<sup>105</sup>. Del Riego parez ter renunciado a percurarmos.

Abonda por hoxe.

Apertas

R. Carballo

---

<sup>105</sup> Refírese a *El regionalismo y la poesía gallega* (1895), de Aureliano Pereira, e a *De mi tierra* (1893), de Emilia Pardo Bazán.

## XI

(Compostela, 7-VIII-59)

Querido Ricardo:

Recibín a tua carta cando voltamos de Vigo. Teño, e mándoche, a obra de D<sup>a</sup> Emilia. Non teño, en cambio, a de Pereira.

Niste mes non hai xeito de percurar a copia da obra de Roche. Todo o mundo está desplazado de Madrid. E incluso eiquí ocorre o mesmo. Pasado o vran será máis doado.

Eu estou dispoñendo as cousas pra emprender o viaxe camiño de Asturias. Non imos por Lugo, pois nistes anos derradeiros tivemos xeito de ir dende eiquí a Castropol directamente. Iste ano tamén temos esa oportunidade. Por eso non nos atoparás eiquí cando veñas. Non deixes de lle preguntar a D. Xesús Carro polos manuscritos de Lang que descubriu recentemente no arquivo municipal.

Salíu o número galego de “Ínsula”. En conxunto está ben e gustou. Eu sentín moito unha falcatruada que nos fixo o demo, pois resulta que a foto de Fole que enviamos, xunto con outra do Cunqueiro, pra ilustrar un traballo sobre a narración nas letras galegas, aparece con un pé que dí “Sebastián Risco”. Figúrate que disparate.

Están xa listos pra poñer en circulación o libro de Pimentel e máis o album de dibuxos de Maside.

Celebro moitísimo eso que me dis sobre as edicións de documentos e de poesías de Pondal. Será unha boa e interesante aportación. Fingoy vaise converter noutro facho cultural galego. Ten, xa de antemán, a suprema garantía de estares tí ó frente.

O Paco estaba nistes días agardando a nova da morte de unha irmá de Eveli que estaba con unha doenza cancerosa. Eveli estaba cabo da enferma, na Rua.

Unha aperta moi forte do teu amigo.

Ramón Piñeiro

## XII

(Fingoy, 13 de agosto de 1959)

Querido amigo: Achéi a túa carta en Fingoy ao regresar dun pequeno viaxe que fixen pra arrecadar datos pra os meus estudos; pois tal como os levo non hai máis remedio que saír de cando en cando do tobo a percurar caza. Traballéi dous días na Biblioteca da Academia na Cruña, e alí, inda que a marchas forzadas, puideron por fin ver o traballo manuscrito de Carré Aldao, e a novela “A Besta”<sup>106</sup>. Toméi as notas indispensables. Agora non podoo botar de min o punxente coído de identificar a Xan de Masma. Pubricóu a súa novela na Habana, en 1899. Era mindoniense, e debéu estudar algún tempo no Seminario. Fixémosnos en que a súa estancia na Habana coincide coa de Curros, con quen debéu relacionarse. Logo, cando tiña folgos pra escribir unha novela en galego, non podía ser un descoñecido nos medios literarios galegos da illa. Paso revista aos escritores galegos que vivían entón na Habana: Candocio, Chas, Aneiros, Armada, Nan, Baña... Ningún pode ser. Non desespero de identificalo. Carré non revela o seu nome por respecto á súa memoria. Non é pra tanto. A novela paga a pena da lectura, historicamente considerada; e sempre haberá que considerar que é das máis vellas que se escribiron en galego. Iste “Masma” debéu morrer na Habana pouco dempóis que Curros.

Dende a Cruña, por fin, fun a Bergantiños. Cando pasamos os montes de Santa Leocadia, e comencéi a enxergar os trigos e os pinos de que fala o poeta, sentínme como transportado a outro mundo. Tantos anos estudando o mapa; e o país, ao meu carón, sen pisar. Agora aquila terra mítica abríase pra min. As xentes ían e viñan, sachaban na terra ou pedaleaban nas bicicletas como se tal cousa, como se non foran bergantiñáns, como se foran de Fingoy. Pero eu era un peleríño arripiado. O pinal de Tella, o seu nativo río, o doce albergue, o Monte Branco, o promontorio aquel areoso e vougo, a Barra, a Revolta de Canduas,

---

<sup>106</sup> *¡A besta!*, de Xan de Masma (pseudónimo de Patricio V. S. Delgado Luaces). Novela publicada por entregas no semanario *Follas Novas*, da Habana, entre 1889-1900, e reeditado en libro en 1993.

as lápidas de Pondales, Abentes e Frois no cemiterio de Laxe. Logo, todo aquilo era verdade... En fin, o cerebre houbo de chamar ao orde ao corazón e dispoñer o traballo. En Ponteceso e Laxe remexín papés, recollín dados, toméi notas, vin libros. A riqueza de materiais de que agora dispoño pra traballar sobre Pondal é máis ben esmagadora.

Supoño que o número de “Ínsula” cumpre perfectamente os fins percurados. Diríxese máis ben aos estranos ou pouco informados. Ollado dende moi perto, sería fácil asinalar os puntos débiles; pero coído que o que pra nós é vulgar, ou pouco orixinal, ou precipitado, pra a maor parte dos lectores terá un alto valor informativo. É, pois, un número de arquitectura “funcional”. E dende logo hai artigos escelentes. A Fole non parez habérselle atragantado o cambio de pe da fotografía. O que é sensible é que os erros de empresa esceden o dispensable. A traducción do poema de Cabanillas está truncada. A confección técnica resulta moi deficiente.

Constituéu pra min unha grata sorpresa a túa recensión do meu libro. “Moitas gracias”. Lida a noticia sobre unha peza dramática de Rosalía, tiven por un tempo a espranza de identificala cun manuscrito que se acha na Academia. Pero consultado iste con acougo, resultou que nin a data nin o ambiente permiten tal identificación. As xentes comezan a se enteirar da saída das “Contribucións”. Na Cruña pidíumás García Martí, e tamén as mandou pedir Leandro Pita Romero, quen igualmente solicitaba “Visión de la vida en la lírica de R. de C.”. Eu mandéi polo mundo algunhas: a Machado da Rosa, a Mario Pinna<sup>107</sup> –co que estóu en amistoso contacto epistolar–, a Montezuma de Carvalho.

Onte recibín mecanografiado o resto do capítulo da miña Historia relativo a Pondal. Iste capítulo comprende 100 folios (Rosalía 160). Agora só me falta a bibliografía pondaliana, que agardo recibir axiña. Non sei cousa sobre se a irmá de Evelina finóuse ou non. Escribiréi hoxe a Paco.

---

<sup>107</sup> Estudoso e antólogo da obra poética de Rosalía de Castro, que deu a coñecer no ámbito literario italiano. Aparece citado por Carballo Calero na bibliografía da súa *Historia da literatura galega contemporánea*.

Aínda estou moulando as obras de e sobre Curros. Redactéi xa a bibliografía. Pronto estarei disposto pra encetar ise novo capítulo.

Pois axiña que remate o vran hai que pedir a copia do Roche; pois canto máis tarde máis dificultoso sería acoplalo ao feito. Dende logo, a copia da Historia que teño eu vaise distanciando moito da que conserva del Riego, pois cada vez que fago un viaxe, teño que andar refacendo, recortando, engadindo ou precisando. É o conto de nunca acabar; pero tendo dados novos, non resisto a tentación de utilizalos.

Recibín o libro da Condesa [Pardo Bazán] que me mandaches.

O meu viaxe a Santiago e a Vigo non sei cándo o faréi. Seguramente tiña ocasión de chegar a Vigo no coche de Fernández, pero acabo de vir da Cruña, aínda non tiveron tempo de vaciar os datos que aportéi, estou canso –pois fora da miña casa apenas durmo nen xanto– e temo acumiar materiás en bruto en número excesivo. Prefiro elaborar primeiro os xa arrecadados.

É xa tempo de rematar. Apertas e lembranzas.

R.

### XIII

(Compostela, 8-IX-59)

Meu querido amigo:

Recibín en Castropol a tua carta. Levamos un mes de continuos viaxes por Asturias e Galicia e, con tal motivo, sin case escribir cartas.

O número de “Ínsula” é, nefeito, pra os non galegos. Non podía ser outra cousa dado o carácter da propia revista. Mais tamén é certo que nos presta un gran servicio ó difundir a nosa presenza espritoal polo mundo adiante.

O noso labor comenza a ter un eco serio fora. Hoxe mesmo acabo de recibir unha carta do Prof. Agostinho da Silva, da Universidade de Bahía, en nome propio e dos profesores Celso Cunha, Casais Monteiro e

Rodrigues Lapa<sup>108</sup> no senso da orgaizar, con base naquela universidade, a difusión da cultura galega en América, así como a constitución dun núcleo aitivo consagrado á integración das tres culturas irmás pola língoa. Falan de crear unha revista galaico-luso-brasileira. Xa ves como o noso silandeiro e teimoso esforzo vai sendo fecundo ¡Quen nolo diría nas nosas vellas e cáseque soñadoras conversas polas carballeiras de Fingoy! Moitas veces falabamos de cousas que non eran máis que proieitos e ideas e que hoxe son xa realidás concretas e vivas.

Xa se pedirá a copia –ou fotocopia– do folleto de Roche. Celebro que fosen tan copiosas e interesantes as tuas recentes colleitas de materiás pra Historia.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

#### XIV

(Fingoy, 22, setembro, 1959)

Meu querido amigo: Ti tiñas ahí unha antoloxía de poesía española traducida ao inglés por certa dona. Fai o favor de mandarme a ficha bibliográfica, a nota das poesías galegas, ou castelás de autores que principalmente escribiran en galego, que se conteñan nise libro, con indicación das páxinas correspondentes. Ao dicir nota quero dicir os tiduos con que aparezan, non o testo dos poemas.

Xa teño no meu poder a recensión publicada en 1885 nunha revista de Florencia sobre “En las orillas del Sar”, obra dun tal S.P.M.; testo ao que alude Murguía no prólogo da segunda edición das “Orillas”, e do que di chegou a casa de Rosalía o mesmo día que ísta finaba. Creo que pode interesar publicalo na sección de “Textos y documentos” dos Cuadernos de Estudios

---

<sup>108</sup> Os nomes citados, xunto con Montezuma de Carvalho, Machado da Rosa, o P. Arlindo, Oliveira Guerra e algún outro integran o grupo de ensaístas literarios e filólogos portugueses que trataron temas da lingua e literatura de Galicia. Carballo Calero rexistra, na bibliografía da súa “Historia”, esa contribución portuguesa.



Gallegos; así que penso mandalo, cun breve comentario, a Cordero [Carrete], ou a Pita Andrade, por se lles parece ben dalo a coñecer. Percuróumo Mario Pinna, con que sosteño intercambio cultural. Derradeiramente consultóume sobre as edicións de Pondal, pois algo está a facer sobre iste poeta, cicáis pra a “Miscelánea a J. de C.”; e sobre as de Manuel Antonio.

O capítulo da Historia relativo aos escritos políticos de 1808 a 1836, houbo de ser totalmente refundido, en vista dos novos materiás que puiden consultar no meu viaxe a Vigo, e outros que se atopan na Academia. Ista labor xa está feita, e Del Riego estará agora pondo a máquina o novo testo. Trátase nil de impresos cáxeque descoñecidos, que, aparte do interés que teñan pra a historia política de Galicia, ofeceren unha língoa enteiramente popular e non mistificada, polo que pra a historia da fala son de enorme importancia. A Historia queda moi enrequecida con istes datos. O libro vai levar tantas novidades que non poderá menos de resultar útil. Só desexo rematar pronto o século XIX, pra que isas novidades, ou parte dilas, non envellezan. Pero inda que traballo tanto na Historia como Pondal nos Eoas, sempre temo que corra a mesma sorte que os Eoas correron; pois é obra, tal como vai feita, de moita precisión, e mórrese un reunindo materiás, escribindo cartas, ordeando dados, engadindo, correxindo. Xa teño feitos dous capidos de Curros.

Agora empeza o inverno, e o meu tempo é tragado polo Colexio. Ademáis, como sabes, traballo paralelamente na edición dos inéditos de Pondal. Parga coopera con grandísimo entusiasmo; veu o que teño feito e áchase moi conforme e contento: de xeito que sempre que pode me manda borradores. A riqueza de materiás é xa máis ben esmagadora. Xa teño practicamente reconstruídos máis de setecentos versos dos Eoas. Os poemas soltos, antre os inéditos e os tomados de revistas -non coleccionados ate agora- chegarán a setenta. Inda hei de ver se fago outro viaxe á Cruña, pois en vellos periódicos, como “La Oliva”, “Ateneo”, “Galicia Solidaria”, etc., estóu seguro que algo ha aparecer de Pondal. E anque co que xa teño hai dabondo, non pode un menos de querer recoller todo o que poda. Faremos dous tomos. O primeiro tidoarásese “Versos iñorados ou esquecidos” e comprenderá catro partes: 1. Poesías en francés e italián; 2. Poesías en castelán; 3. Poesías en galego; 4. Os Eoas (fragmentos). Levará un prólogo xeral, e breves introduccións e cada un dos testos, máis as

notas correspondentes. Como isto é cousa do Colexio, penso continuar traballando nel durante o curso no meu despacho oficial en todos os ratos ceibes durante a xornada académica, así que non se lle ve o remate demasiado lonxe. Pero ao medrar o material nas miñas mans cada vez poño máis outo o ponto de mira, e planeo máis esculcas. Agora, por exemplo, ao descubrir qué libros históricos utilizou Pondal pra trazar o argumento dos Eoas, non me podo desprender de estudar as concordancias antre o poema e as súas fontes. Ben. O segundo tomo será “Epistolario inédito e outros documentos”; levará un ensaio de biografía de Pondal, e notas aos testos.

Abonda xa de oración. Apertas

R.

## XV

(Compostela, 25-IX-59)

Querido Ricardo:

Recibín a tua carta, toda ela chea de positivas e valiosas novas. Estou certo de que a investigación da nosa historia literaria está agora na súa etapa áurea ¿Quén iba soñar hai uns anos que tan espléndida realidade agromaría e froitificaríase nos agros de Fingoy? ¿Quén lle iba decir a Pondal que o escrarecemento fundamental e decisivo da súa personalidade tería lugar nun paraxe de nome tan “pondalián”? Eu estou moi ledo e nada arrepenrido de ter contribuído parcialmente a te mergullar en tan esforzada aventura. Sabía das moitas e moi fatigosas dificultás, e sabía, igualmente, que se lle restaba – que se lle roubaba– un considerabel caudal de enerxía á tua obra de creación. Mais ¿quén, que non foses mesmamente ti, podería hoxe en día acometer a levar a termo a empresa? Coido que ninguén. Cando esteña rematada, impresionará pola súa mañitude e polo seu rigor. Será, de certo, un dos grandes logros culturás desta nosa etapa heroica. Moitas, moitas veces teño cavilado si “podíamos” impoñerche unha tarefa que iba devorar o tempo que podías adicar á tua obra de creación. Considerando que un sacrificio semellante facémolo todos –supeditar a vocación ó deber– e tendo en conta a raíz esencialmente ética da tua personalidade, na miña concencia sempre

se resolveu esta dúbida en senso afirmativo. Cousa semellante ocúrrelles ós demáis. E cada día estou máis convencido de que os resultados nos xustificarán rotundamente a todos.

Eu ando a dispoñer unha rápida visita a Lugo polo San Froilán. Si vou –agardo que si– xa falaremos longamente.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

Acaba de me aparecer eiquí o Silvio [Santiago]. Resulta que anda co seguinte problema: il ten, como sabes, unha filla pequena. Esta filla xa ten nove anos. Polo mesmo, ten que facer a primeira comunión. Con tal motivo, o pai desexa regalarlle un album con autógrafos dos escritores galegos, cos cales, ademáis, imprimirá un pequeno libro. Pensa con ilusión no proieito. As colaboracións poden ser en verso ou prosa. A mín encomendoume que solicitase as deiquí de Compostela (Bouza, Domingo, etc.) e máis as de Lugo. De Lugo interésanlle tres: Carballo Calero, Fole e máis o Cilistro. A intención dil é ir un día ahí co album para que llas escribades. Matina en ir antes de mediados do mes que ven. Xa o sabes. Non poderás –non te estreverás– a refugar estar conmovedora petición dun pai anarquista a cuia filla lle chegou a hora de facer a primeira comunión. Sería grande pecado ¿Non sí?

## XVI

(Compostela, 27-X-59)

Meu querido amigo:

No derradeiro número de “Índice”, o correspondente ó mes de agosto, transcriben parte dun traballo de Juan Ramón Jiménez sobre varios poetas que foi publicado en Puerto Rico. Fala de Rosalía. Coido que che interesará leelo. Ahí, en Loterías, deben vender “Índice”. De todolos xeitos eu vou intentar que nos manden de Puerto Rico a revista onde ven o traballo completo. Dende logo, o que copian en “Índice” é moi interesante.

D. Ramón e máis Paco están a dispoñer unha visita a Portugal pra tomaren parte nun Congreso de Etnografía e Folklore. Pensan facer bó consumo de viño verde. Semella que o pasan moi ben por aló. Vánsenos virar un pouco bracarenses.

O día 4 poñerán o “Don Hamlet” en Vigo, no “García Barbón”. Según as miñas noticias, ahí en Lugo ouviuse moi mal. O Cunqueiro está moi traballador: entregou un libro sobre curandeiros e tipos populares da terra mindoniense, está rematando o “Simbad” e quer traducir do inglés un libro de narracións orientás que il considera fermosísimas (quizabes porque deben ser abondo “cunqueiriáns”). Din que o vai levar Augusto Assía pra Barcelona.

Os rapaces xa comenzaron as tarefas.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro



Colaboradores de *La Noche*: En primeira fila, Filgueira Valverde, Antonio Fraguas, Carballo Calero, Borobó e Manuel Beiras García entre outros



**1960**





## I

(Compostela, 23-III-60)

Meu querido amigo:

O luns tiven ocasión de falar co Filgueira. Díxome que tiña recibido a tua carta e que participaba gustosísimo nise número do Boletín adicado a Cabanillas. Retrasouse en che escribir por dous motivos: demasiadas ocupacións e desexo de che propoñer un troque de tema, pois en lugar do proposto prefire facer o seu traballo sobre os inéditos de Cabanillas que teñen no Museo. Pensa en che escribir nistes días.

Xa lin o artigo aparecido no “Progreso” pedindo que en Lugo se ensine o galego. Está moi ben.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón

## II

(Fingoy, 1º, abril, 1960)

Meu querido amigo: Gracias polas túas noticias sobor do Filgueira e o traballo que lle pedín pra o Boletín da Academia. Dende logo, aínda non recibín carta súa. Estimoa agardando pra ver en qué quedamos, e logo escribir a Xosé María Álvarez Blázquez a fin de que vexa se quer facer o estudo que primitivamente lle asignéi a Filgueira, se convimos que iste faga outra cousa. Xa non pediréi máis traballos, pois os límites de espacio están cubertos.

Ouvín a Otero na conferencia que eiquí deu, que recibira o primeiro exemprar da “Obra completa” de Cabanillas.

Da Historia fáltame tanto pra rematar o século XIX que temo rematar eu primeiro. Traballo o que podoo; pero a recadádiba de dados é lenta. Teño que voltar constantemente atrás pra remendar o xa feito. Anelo (sic) liberarme do primeiro tomo, de tan longa xestación que temo que

podreza nas miñas entranas. Xa fixen Lamas, Losada e Martínez González. Pode parecer que vai moi adiantado; pero fica moitísimo por facer.

Maña iréi á Cruña, porque se lee o meu dictame sobre os candidatos á vacante de Cuevillas e parez natural que estexa presente. A máis, quero abesullar unhas cousas na Biblioteca.

Apertas e lembranzas

Ricardo

### III

(Compostela, 20-IV-60)

Querido Ricardo:

Cando estiven ahí amostreivos unha carta de Agostinho da Silva na que anunciaba a creación oficial naquela Universidade dunha Seición de Estudos Galegos e da conseguinte publicación, en serie autónoma, dun Boletín da Cultura Galega. Anda a preparar o primeiro número. Pedíu colaboración ós galeguistas brasileiros, portugueses e galegos das dúas bandas do Atlántico. Como é natural. Temos que lle enviar colaboración. No meu sentir, un dos que non deben faltar no primeiro número eres tí.

Estivo tres días en Vigo o Rodrigues Lapa. Falamos longamente de moitas cousas. Resulta confortador falar co il, pois é un dos galeguistas máis afervoados e rexos que se poden atopar. Lémbrese de tí. Profésache un grande respecto i estimanza inteleitoal. Ocúrrelle o mesmo co Celestino, a quen ten moitos desexos de conocer persoalmente. Dixo que na primeira ocasión que volte a Galicia irá a Lugo pra o conocer. Tamén lle fixo gran impresión o Ferro, a quen xa conocía. Está admirado i entusiasmado co labor que facemos. Dígocho porque sei que che producirá o mesmo agrado íntimo que me produxo a mín o xuício favorabel dun home da honestidade de Lapa.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

#### IV

(Fingoy, 26, abril, 1960)

Querido amigo: Estóu disposto a che enviar un traballo pra o Boletín brasileiro. Só que me folgaría saber qué cras de Boletín será ise. Ao mellor ti non sabes grande cousa diso. Poidera ser unha revista puramente científica, ou poidera admitir traballos literarios, ensaios, etc. Tamén ten interés saber qué extensión poderían ter os traballos. En fin, se sabes algo disto, ou o supós, estaría ben que mo dixeras. De todos xeitos, eu procuraréi argallar algo pra o primeiro número.

Quixera rematar iste ano o primeiro tomo da Historia, e teño espranzas de o poder facer.

Estiven con Gamallo, que presentará en breve a súa tese sobre Curros, que pensa editar en Gredos. Conviña botar denantes o primeiro tomo da Historia, pois supoño que, de non ser así, tería que refacer o capítulo de Curros. Noutro caso, incorporaría ao “addenda et corrigenda”, as ouservacións que me ocorrisen.

Filgueira non me escribú.

Apertas

R.

#### V

(Compostela, 29-IV-60)

Querido Ricardo:

Recibín a tua carta. Non sei gran cousa sobre dise Boletín. Somentes me din, falando das colaboracións: “preferível de natureza filológica, filosófica, histórica, arqueológica, económica (moito importante) e técnica, pondo-se, por enquanto, de parte ficção e poesía (que se reservan para outras publicações)”. O Seminario de Estudos Galegos inaugurarase agora

en maio con unha conferencia do Machado da Rosa, cuxa intervención foi decisiva para a creación da entidade.

Fora distes datos, non sei máis nada. O que está ó fronte, como che teño dito, é o prof. George Agostinho da Silva. Semella entregado á empresa con afervorado entusiasmo, como lle ocorre tamén ó Lapa no tocante ás cousas galegas.

Hai dous anos que lle ouvín a mesma historia ó Gamallo. Pode ser que chegue a presentar esa descomunal biografía de Curros como tesis doutoral. O que non me parece tan doado, nin moito menos, é que Gredos se meta a editar eso. Daquela, hai dous anos, iba xa polos dous mil folios. Non sei en que se fundará para dicir que Gredos o editará. Pode ter algunha promesa benévola do Dámaso, pero ¿a empresa estará disposta a arriscar tantos cartos como unha obra así lles costaría? Ademais, o que verdadeiramente teña valor supoño que caberá folgadoamente en 50 ou 100 folios. O resto será farrago.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón

## VI

(Fingoy, 4, maio, 1960)

Querido amigo: Vista a túa carta, na que me informas do que sabes respecto aos plans dese Boletín, fíxen ise traballo, que che envío, pois supoño que ti estarás encargado de facer os envíos ao Brasil. As dimensións que lle din son exactamente as que o asunto requiría. Como non sabemos o volume de páxinas que o B[oletín], terá, nen cómo distribuírá o espacio para as colaboracións, teremos de agardar á publicación do primeiro número para nos formar unha idea da extensión comenente para futuros traballos. Porque polo que a min respeta, craro está que se o Boletín se sostén, estaréi sempre disposto a lle prestar a miña máis entusiasta colaboración sempre que faga falla, pois a transcendencia do labor que pode realizar en prol da nosa cultura a ninguén pode ocultarse.

Mandéi a Chan tres ou catro libros pra que chos entregara. Escribeme que llos dou a García Sabell. Antre eles vai o teu “De mi tierra”. Por certo que é un exemplar defectuoso por erro de encuadernación. Non sei se reparaches nelo. Faltan pregos, como ouservéi ao percurar o artigo sobre Losada, que non está. O mesmo Pondal áchase incompleto.

Del Riego dime que che escriba a ti pedíndoche certos materiás pra a Historia que il non atopa e que cree pode haber en Santiago. Normalmente, a il lle pido todo, porque niso quedáramos: en establecer en Del Riego a central de abastecimentos, que percuraría á súa vez dos lugares axeitados. En realidade conviría que vises o que tes por ahí máis a man de escritores secundarios do XIX. Teño xa tratados Lamas, Losada, Pereira, Martínez González, Núñez González, Álvarez de Nóvoa, Leiras, Portela Pérez, Dato Muruáis, Barcia Caballero, García Ferreiro. Distes non necesito nada. De momento, úrxenme os discursos pronunciados nos Xogos Frorás de Tuy; polo menos o de Murguía. Se non o testo impreso, unha copia; i en todo caso, a referencia exacta do lugar en que se publicóu. ¿Hai ahí algunha colección de “La patria gallega”<sup>109</sup>?. Os discursos han estar no número 4, ou algún posterior, ano 1891. Tamén desexo todos os libros de Martelo Paumán. Igualmente, convén que me digas qué números posees ti de “Lar”, pois me parez que tes algúns que faltan na colección de Del Riego. Outras obras que me interesaban de modo inmediato e que Paco parez non achar son “O castro de Cañás” e “Diego de Samboulo”, que coido editadas por “Lar” nun só volume. Pra saber da colección de “Patria Gallega” pódese preguntar a Maruxa Tobío se a hai na Universidade. García Sabell ten tamén algúns libros dos que habería de ver. Pero polo de agora, interésame o dito. Dende logo, sería moi útil saber, “grosso modo”, do que se podería dispor por ahí de escritores nados no século XIX distintos dos mencionados; pra pedilo no momento oportuno, aliviando a Del Riego na súa percura. As cousas van aparecendo, e non creo que deixe de ver nada esencial. Xa pra os seguidores dos grandes, parezme que sería un pouco tolo pescudar hastra

---

<sup>109</sup> *La Patria Gallega* (Santiago, 1891-1892). “Boletín-revista. Órgano oficial de la Asociación Regionalista” que dirixía Alfredo Brañas. Textos de Rosalía, S. Cabeza de León, Curros, Galo Salinas, Barcia Caballero, A. García Ferreiro, Aureliano Pereira figuran nas súas páxinas. Os discursos de Murguía e Brañas nos Xogos Florais de Tui aparecen nos números 7 e 8 do boletín, datados o 15-VII-1891.

o derradeiro verso cando careza de valor artístico. A partir de fin do século, a preocupación por leelo todo debe ceder. Nos primeiros tempos, interesan mesmo os intentos fallidos. Pero trunfante o Renacemento, hai que peneirar un pouco, e non perder o tempo na procura de raros versos de pésimos poetastros ou vulgares versificadores anacrónicos. ¿Paréceche así?

Apertas

R.

## VII

(Compostela, 19-V-60)

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta e mailos libros. Fixen pescudas en col do discurso de Murguía en Tuy. Resulta que o ten Naya e coido que tamén varias das outras cousas que che interesan. Como o domingo terás ocasión de o ver, pódesho lembrar. Eu xa llo falei o outro día na Cruña, pro il estaba preparando un viaxe de oito días a Portugal, do que voltou onte.

Convén que o domingo non faltes na Academia. Onte xuntámonos Aquilino, Domingo e máis eu pra facer un relato realista dos votos. Si non ocorren cousas raras –que non deben ocorrer– é seguro que será Paco quen ocupe a vacante de Cuevillas. Os do bando contrario semella que teñen a intención de invalidar os votos do Casás e máis do López Abente. Eu non lle vexo base reglamentaria, porque iso sería tanto como anular a súa condición de académicos. Con López Abente estivemos hai 15 días en Muxía. Por certo que nos amostrou a casa dos seus abós, na que estivo Rosalía co tifus e máis Eduardo Pondal. Pregunteille si Rosalía e o Pondal se conocían con anterioridade e díxome que non e que a coincidencia alí en Muxía fora casual.

Mándoche esa reseña que fixo Pousa do teu discurso de ingreso na Academia. Mandouma con catro ou cinco máis relativas a libros dos editados por Galaxia. Por si nona tes, envíochas.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

Tamén recibín o traballo pra o “Boletín” de Bahía<sup>110</sup>. Por certo que hoxe se debeu inaugurar o Seminario con unha conferencia do Machado.

## VIII

(21-V-60)

Querido Carballo:

Escribinche hai dous días a Fingoy pro temo que non chegase a carta antes de ti saires prá Coruña. Nela decíache que o discurso de Murguía en Tuy teno o Naya, así como varias das cousas que che interesan. Fala co il.

A lista dos números de LAR que eu teño é a seguinte:

L. Pita Romero – “O anarquista”  
Aurelio Ribalta – “O Pastor de Doña Silvia”  
Álvaro de las Casas – “O xardín do Castelo de Vidre”  
Vicente Risco – “O lobo da xente”  
Armando Cotarelo – “Contos de Nadal”  
R. Otero Pedrayo – “Pantelas, home libre”  
R. Otero Pedrayo – “Escrito na néboa”  
F. Bouza Brey – “Cabalgadas en Salnés”  
Uxío Carré Aldao – “A terra chama”  
Felipe Fdz Armesto – “Xelo, o salvaxe”  
L. Amado Carballo – “Os probes de Deus”

Tiven varios máis: “O vigairo”, de Filgueira; “A coutada”, de Risco; “A miña muller”, de Fernández Flórez; “Buserana”, de L. Abente; “O Kalivera 30 H.P.”, de Magariños, pro fun quedándome sin eles en distintas ocasións. De todolos xeitos ten que haber varios que os conserven todos.

---

<sup>110</sup> San Salvador de Bahía (Brasil). Cidade conectada con Galicia pola poboación emigrante galega e pola relación da súa universidade (que conta cun Centro de Estudos Galegos) coa de Santiago de Compostela.

Estou totalmente de acordo contigo en que, fora da primeira etapa, non ten senso ningún perder tempo e traballo en esgotar a lectura de canto se publicou en galego. Sería un esforzo tan penoso como inútil, porque hai moitas cousas que carecen en absoluto de valor literario. Ademais de infecundo, sería inxusto adicar a mesma atención ó que val i ó que non val.

Unha aperta moi forte de

Ramón Piñeiro

Como penso ir á inauguración da exposición do Círculo, supoño que te verei ahí o martes.

## IX

(Fingoy, 21, xulio, 1960)

Meu querido amigo: Recibín a túa carta, e con ela a ficha sobre o meu Discurso redactada por Fernández Pousa. Gracias.

En Cambados saín a leer o meu traballo en condicións sicolóxicas desfavorabres. Precedérame, como lembrarás, unha sorprendente intervención de Victoriano Taibo, que estivo longo tempo lendo poemas propios, alleos por completo a Cabanillas, e xa coñecidos e publicados, algúns xa polos anos vinte nada menos. Todo iso estaría moi ben nunha homaxe a Taibo, pero nunha homaxe a Cabanillas non deixa de ser estrano. Como ademais, ninguén é capaz de aturar hoxe a lectura de máis de dous poemas seguidos, tiña a sensación de que aquilo ía se poñendo moi pesado, e me aterraba leer un texto calculado pra media hora, pois dempóis de Taibo todo o mundo tería presa, e aquilo ía ser moi longo, que é o peor que lle pode acontecer a un acto púbrico. O grande don Ramón, que quería coller o tren pra Ourense, daba moitas mostras de impaciencia. Estiven por pedir á presidencia que se suprimira o meu “número”, pra alixeirar a sesión. Finalmente, non me atrevín, e limitéime a pisar o acelerador, con perigo de accidente, nas partes centrás do discurso.

Se me escribiras denantes do mes que ven, faino a Teresa Herrera, 17, 4º, tel. 41700, A Cruña. Alí estableceréi a miña base de operacións



pra traballar na biblioteca da Academia todo o que poda, consultando os testos que non se achán noutra parte a fin de dar un grande arrempuxón ao primeiro tomo da Historia, que quero parir ou abortar iste ano, inda que saia setemesino. En verdade, nada sustancial fica por facer, senón pasar discreta revista aos autores de segundo ou menos destacado ordre. O tomo terá aparencia robusta, malia os defeitos de constitución procedentes da súa difícil xestación.

Denantes, penso botar ao mundo, no colo de Galaxia, o primeiro tomo de inéditos i esquecidos de Pondal, que tampouco me causóu poucas dores de cabeza. Cando o vexas, xulgarás que non foi pouco o que traballéi lendo, ordeando e anotando. Non falla máis que o prólogo. Faréino a principios de agosto, e a mediados iréi a Vigo a entregalo, cicáis con Fernández, quen desexa pontoalizar os extremos administrativos da edición. As discusións sobre as lendas da portada coído que están resoltas cunha fórmula que será satisfactoria pra as dúas partes. Poñeráse enriba de todo “Centro de Estudios Fingoy” e o resto como nos demáis libros da editorial, incluíndo a marca da mesma.

Lembranzas e apertas

Ricardo

X

(Lugo, 11/9/60)

Querido amigo: De acordo coa túa carta do 9 penso tomar o coche de liña que chega ao redor das oito e media o sábado 17, se non xurde algunha dificultade.

Apertas

R.

## XI

(Fingoy, 3 outubro 1960)

Meu querido amigo: Recibín a túa carta do 23 do pasado. Poucos outonos comezaron pra min máis atafegados que íste. Ás complicas habituais do Colexio a principios de curso víronse acompañadas ista vez de todo o prolixo traballo do I Certame do Miño, cuos preliminares, miolos e resultas déronme moito que facer. Con todo, tiven que estar afastado da miña Historia da Literatura, único labor que quixera facer deica me liberar dil. Por pouco que sexa, convíñame adicarlle algún intre cada día, pois a perda de contacto co traballo que vou facendo crea problemas de readaptación. Todo o que sexa traballar noutra cousa pertúrbame extraordinariamente. Pero éme imposible eludir algunhas outras obrigas. Agora o ritmo da miña vida vaise normalizando, e de novo teño a Historia ante mans, pero xa dubido que poda rematar iste ano o primeiro tomo.

O “Libro de Cantigas” do Marqués de Figueroa está actualmente no meu poder.

Polo que se refire a “Vieiros”, fai tempo que Ben-Cho-Shey me pidíu unha cousa, e mandéilla. Endebén, mándoche outra a ti, pois non sei se aquela chegou ou non ao seu destino. Se che parez mandala, mándala, e si non, déixala pra outra ocasión. Como xa a tiña mecanografiada, nada me custa remesarcha.

O “Nicolás Flamel” é unha peza interesante. Hai xentes tan simples que creen que cando un escritor que teñen por malo escribe unha obra nova, ten que ser mala; e cando un escritor que teñen por bo escribe unha obra nova, ten que ser boa. Parece mentira que semellante mecanismo inteleitual, que non é outra cousa que nugalla mental, se dé en persoas que cultivan as máis severas disciplina científicas. Pero na nosa terra, onde reina tanta confusión, así ocorre. Cortezón fixo ista vez unha boa obra, e cando os seus detractores a lean, terán que confesalo, salvo que o neguen por orgullo. O “Nicolás” é un “drama narrativo”, unha novela escénica. Puxéronse moitos peros no que se refire ao idioma. Eu creo que algúns dos disparates que niste aspecto contén son erros mecanográficos. Resístome a creer que Cortezón se crea que en galego se di “saberlo”, sobre todo si noutro lugar leo “alcanzalo”. Pero

houbo quen opinou que isto era vacilación lingüística. Como queira que sexa, certas impropiedades de construción que se asinalaron –tempos compostos con auxiliar “haber”, confusión do acusativo co dativo– son defeitos dos que inda que cunha fidelidade algo servil a Cunqueiro, fixo ista vez unha peza chea de atractivos, que todo o mundo houbera aplaudido se a firmara Cunqueiro, salvo ises fallos de linguaxe. Craro que si a fixera Cunqueiro tería máis mérito, pois non debería nada a ninguén, mentras que feita por Cortezón debe moito a Cunqueiro. Pero non todo o mundo pode manexar con eficacia as fórmulas de Cunqueiro. O propio Cortezón non o logrou no seu ensaio de novela, ao meu xuicio. Pero sí, ao meu xuicio, neste “Nicolás”.

As seis obras que outiveron mención son boas, e todas dignas de se publicare. Cicáis agora chegou o momento de facer un ou dous tomos de teatro galego contemporáneo, reunindo o mellor que se atope por ahí, do Certame e de fora, se é que hai algo. Por suposto, o diálogo de Franco Grande carez de suficiente movemento escénico, e non o aturaríamos nas táboas máis que os amigos. No próximo número de “Vida Gallega” podes leer, se te interesa, un breve xuicio meu sobre cada unha disas seis pezas, todas as cales me merecen entusiasta aprobación. Con enorme ledicia as lín, pois supoñen unha grande medra pra o noso teatro. Foi íste o único verdadeiro éxito do Certame. O premio “Noriega”, fora do poema de Aquilino, non recibíu absolutamente nada galego digno de consideración. En novela, cousa que por ser en castelán non me interesou, había dúas cousas boas, que foron as premiadas. O resto ou era insignificante ou malo.

Apertas.

Ricardo

## XII

(Fingoy, 12, nvbro, 1960)

Meu querido amigo: Xa tiña eu noticia de que unha das obras presentadas no Certame do Míño era de García Paz. O que resultou dubidoso pra o Xurado foi a qué premio outaba. Non indicaba isto en ningún sitio, e Gamallo a clasificou entre as que concurrían ao premio Noriega Varela, pois

Ile parecéu un poema ao Miño máis que outra cousa. Logo chegáronnos algunhas noticias, creo que polo mesmo Gamallo, segundo as cales, ao parecer, aquilo era teatro na intención do autor. A min parecíame que podía ser obra de algún crego de Fonsagrada ou de algún mestre de Castroverde que estudara no Seminario. Pero a noite da votación, alguén asinalou a García Paz como o autor. Din que a comedia tiduada “Estreliña” é de Carré. Destruímos inmediatamente as plicas das obras non premiadas, polo que fiquéi sen saber a quén pertencían varias delas. As que valían algo, premiadas ou non, foron revelando os seus autores.

Ao che decir na carta anterior que as novelas castelás non premiadas eran floxas, esquecínme de que había unha que non pode se considerar tal. E a que din que era dun López Cid. Outivo o beneplácito de Alonso, pero a condeación máis decidida de Sebastián<sup>111</sup>, que levaba coleicioadas as frases obscenas ou sucias que contiña, as cales eran moitas. A min parecéume que revelaba un narrador de talento, trabucado ao creer que a literatura ten que ser un vertedeiro de inmundicias.

Unha cousa é a necesaria crudeza e outra a inútil remoción das letrinas.

Como supoño que pode haber algo interesante antre ises artigos sobre Rosalía, Murguía e Pondal, do arquivo de Ramón Vilar Ponte, non estaría mal que eu os vise.

Agora estóume ocupando na Historia no noso paisano “Gambetta”, ou sexa Rodríguez López, o autor de “O chufón” e a menos coñecida “Cruz de salgueiro”, novela de 300 páxinas. Axiña manderéi a Galaxia un novo capítulo, o dos “Diádocos”.

Creo que verías o ensaio de Pinna sobre Pondal, na “Miscelánea” de Montezuma.

Xoana Torres mandóume fai días uns poemas dun libro que anda a facer, e anúnciame que tamén me mandará páxinas dunha novela. Inda non tiven tempo de leer os poemas.

Apertas e lembranzas

Ricardo

---

<sup>111</sup> Refírese a Sebastián Martínez-Risco.



Antonio Fraguas (que fala nun acto na casa de Rosalía) e, tras el, Fernández del Riego, Borobó (no centro da segunda fila) e V. Paz Andrade



**1961**





## I

(Lugo, 5, xaneiro, 1961)

Meu querido amigo: Quixera que, se o Marqués de Figueroa reside en Santiago e te achas en boas relacións con il, lle pedises os seguintes datos relativos ao seu antecesor “Don Juan Amado y Losada”:

Lugar e data exacta (día, mes, ano) do seu nacemento.

Ficha bibliográfica do seu discurso de ingreso na Academia Española, con mención do nome de quen lle respondéu, lugar e data de impresión, etc. (Dou por suposto que o seu discurso foi impreso. Non o vin).

Ficha bibliográfica da necroloxía publicada no Boletín da Academia Española. Título, autor, páxinas, tomo...

Se o Marqués non residira en Santiago ou non che fora accesible, agradeceríache que me percurases o seu enderezo.

Apertas e lembranzas

Ricardo

## II

(Compostela, 21-II-61)

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta á volta dun viaxe que fixen a Madrid. Cando vexa ó marqués de Figueroa pedireille ises datos do seu antecesor e xa chos mandarei.

En Madrid díxome Martínez Barbeito que Leal Insua se trasladaba pra alí e que deixaba o “Faro”. Polo visto non xeirea ben coa empresa.

Os da Academia semella que entraron nunha fase de gran actividadade. Eiquí estiveron un día a visitar a totalas autoridades. En xeneral

acóllenos ben. O Moralejo<sup>112</sup> e mailo Rabanal quedaron moi ledos de que lles pediran a súa asistencia a unha das xuntanzas que tivéstedes recentemente.

Onte estiven en Ourense a escoitar unha interesante conferencia de Rof Carballo. Por alí andaba Don Ramón coa súa teimosa e un pouco aburrída trécola de que il é un fantasma que está desaparecendo. É boa pena que non teña máis dominio de sí mesmo.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

### III

(Fingoy, 20 marzo 1961)

Meu querido amigo: Conviría que vises se atopas por ahí unha obriña de Aurelio Ribalta da que tes noticia, pois tíñache ouvido nomeala, inda que non sei se a viches. Chámase, segundo o Dicionario de Carré “Altariño de amores. Estoria romántica (Ferrol 1875). Agora posta en verso galego”, Santiago, s.a. Del Riego non ma achou deica hoxe, e, tendo sido impresa en Compostela, cicáis ahí poda se conseguir.

Tamén che agradecería que lle pidises a Aquilino o libriño en que se recolleron as poesías de Chao Ledo<sup>113</sup>, que me ten prometido.

---

<sup>112</sup> Abelardo Moralejo Laso e Enrique Moreno Báez eran nomes destacados na Facultade de Letras (sección de Filoloxía Románica) da USC. Catedráticos de Filoloxía Clásica e Literatura Española respectivamente. O primeiro deles, como Decano, recibiu e atendeu a Carballo Calero na súa entrada na Facultade para ocupar a cátedra de Lingua e Literatura Galega no quinto curso, aínda que impartiu tamén literatura provenzal. A súa *Gramática elemental del gallego común* (Galaxia, 1965), da que se fala nestas cartas, era libro de texto nos estudos de Filoloxía Románica na USC.

<sup>113</sup> Xosé María Chao Ledo (Vilalba, 1844-1894). Estudou no Seminario de Mondoñedo. Exerceu como crego en Ortigueira e colaborou en *El Eco Mindoniense*. En 1930 publicouse en Bos Aires a recompilación *Poesías en gallego y castellano*, e, en 1976, os seus *Poemas galegos*. É un lírico costumista, cantor do rural e de motivos relixiosos.

O Pondal debe estar xa todo tirado, de xeito que creo que non tardará en aparecer.

Coido que vai sendo hora de que ti mesmo nos des un libro. Tes media ducia de ensaios publicados. Deberías seleccioar os que che parezan mellores, i engadindo outros novos, que se non tes feitos, terás pensados, formar un volume que estaría chamado a sere un dos máis solicitados de Galaxia. Xa fai tempo que veño falando con Del Riego diste asunto. Creo que non se debe demorar máis a súa realización. Xa sei que andas moi atafegado de traballo, pero eu son o derradeiro home a quen podes pechar a boca con isa ouxestión, pois eu estou tan materialmente agobiado como o esteñas ti, inda que unha grande parte das miñas angueiras teñan moi remota ou nula utilidade social, a diferenza do que ocorre coas túas. Pero tanto comen o tempo as labores esteris como as fecundas. Apertas.

Ricardo

#### IV

(Compostela, 23-III-61)

Sr.D. Ricardo Carballo Calero  
Fingoy

Querido Ricardo:

Recibín a tua carta. Envíoches o libriño de Ribalta que me pides. En canto vexa ó Aquilino lembrareille a promesa que che fixo e sin duda facilitará o libro.

Dende hai un par de anos van sendo frecuentes e insistentes as presións amistosas pra que prepare un libro. Impresionáronme bastante os requerementos dos rapaces por esa simpática e xenerosa vehemencia que poñen nas súas demandas. Tamén me impresionaron, como é natural, as consideracións que en tal senso me teñen feitas algúns amigos moi respetados por min. Pero conféseche que ningún requeremento se cravou tan fondo no meu ánimo como o que hoxe recibín na tua carta. A exemplaridade da tua propia conduta, por min moi ben conocida, ten para min unha forza moral

suprema. Ninguén con máis autoridade podería marcarme unha tarefa. No meu sentir espontáneo, esa indicación tua ten a forza dun deber. E, craro está, como tal a acollo. Podes estar seguro de que farei por responder a ela da mellor maneira que poida. Como ti fixeches sempre.

Onte estiven escoitando a lectura do “Orestes” de Arcadio López-Casanova. Había moita xente. Foi un gran éxito. Si estiveras presente teríaste emocioado fondamente, como a min me pasou. O autor, que é caseque un crío, falou breve i elegantemente –en pulcro galego– antes de comenazar.

Mándoche tamén un recorte do “Anaco” que onte publicou o Borobó, no que precisa algún dato cronolóxico relativo a Rosalía.

Como irei ó homenaxe de Cunqueiro, axiña nos veremos.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

## V

Compostela, 5-IV-61

Sr. D. Ricardo Carballo Calero  
FINGOY

Querido Ricardo:

Como andas ás voltas con Aurelio Ribalta e non sei si terás ou non esta obriña poética sua, mándocho para que a vexas. Si a tes, nada se perde. Si nona tes, pódela consultar. Eu atopeina hoxe mesmo. Nona tiña visto.

A “encuesta” literaria do PROGRESO vai acadando resoancias. Coido que foi boa idea levala adiante. Polo menos os lectores do xornal, que son bastantes, sacarán a impresión que a literatura e mais o idioma son tomados moi en serio por unha serie de xentes de reconocida solvencia. Tamén se vai poñendo de manifesto a presenza aitiva de GALAXIA no noso desenrolo cultural.

Don Ramón está internado no Sanatorio Álvarez ó coidado do Dr. Sixto. Puxéronlle a tratamento unha tromboflebitis que ven padecendo a consecuencia do vello accidente que tivera na Torre de Hércules cando ingresou na Academia Galega.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## VI

(Compostela, 19-IV-61)

Querido Ricardo:

Non sei si irás o domingo á Cruña. Si non foras conviña que non te esqueceses de enviar a tua delegación, pois compre asegurar que haxa o número necesario de votos. Niste caso poden darse bastantes abstencións. Si vas, os outros dous académicos de Lugo ben podían delegar en ti.

D. Ramón marchará mañán pra Trasalba. Está moi ledo porque o Sixto devolveulle bastante capacidade motora á perna que tiña medio eivada. Agora anda bastante ven. Ás veces dá unhas grandes lancadas pra se convencer.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

## VII

(Fingoy, 21 abril 1961)

Meu querido amigo: Del Riego díxome que che escribira pedíndoche que percuraras en Santiago os libros galegos do P. Eixán , pois o único que puiden ver foi “Da ialma”. En derradeiro termo, coido que se poderían pedir aos franciscáns.

Interesaríame por varias razóns ir á Cruña o domingo. Teño localizados na Academia certos dados pra a Historia que quero consultar. Pero teño engarrado na gorxa un virus que me fai toser moito e me rende dabondo e dubido que esté en condicións de facer a viaxe. Precisamente, teño mandado a miña representación a Del Riego, con autorización pra transferila, de xeito que o meu voto está ben asegurado.

Recibín “Os meus votos”, de Ribalta. Coas pequenas comisións e traballos literarios que se me encarregan e as complicadas angueiras do Colexio, véxome obrigado a deixar de man a Historia días e días; pero de todos xeitos vai xa ben de vencido, e vou vendo o fin do primeiro tomo pra un tempo razonable.

Unha forte aperta do teu amigo

Ricardo

## VIII

(Compostela, 9-V-61)

Querido Ricardo:

Xa sei que o domingo estivéstedes ti e máis Bernardino Graña eiquí na casa. Nós tiñamos saído para Trasalba pola mañán. O luns voltou o Bernardino pra recoller a copia que estaba no meu poder de “A cabeza tronzada”.

Coido que virías ledo de Vilagarcía. Iles quedaron encantados, pois así mo confirmou onte o Briones<sup>114</sup>. Inda que representa un indudábel sacrificio, compre que vaias tendo de vez en cando un meirande contaito

---

<sup>114</sup> Antón Rivas Briones (Madrid, 1918- Vilagarcía de Arousa, 2004). Artista plástico que viviu boa parte da súa existencia en Vilagarcía. Cultivou a xilografía e o gravado. Galicia foi o eixe do seu labor artístico, e foi premiado en varias ocasións na Bienal de Pontevedra. Pintor neofigurativista, o seu trasmundo, grotesco e degradado, poboado de máscaras, procede de Solana e Goya, e se alinea tamén co de Pesqueira e Laxeiro. Traballou tamén no muralismo.

co país, non por satisfacer ningunha cras de vaidade persoal, senon porque se trata dunha comenencia xeneral e ouxeitiva.

Mándoche iste recorte dun artigo do Alonso que apareceu hoxe na “NOITE”. O sábado apareceu un “Anaco” do Borobó con algún poema xuvenil de Pondal e falaba de ti. En realidade viña decir que o publicaba pra que ti o leras. Díxenlle o domingo que cho gardara e quedou en facelo. Preguntareille si cho enviou.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## IX

(Compostela, 12-VI-61)

Querido Ricardo:

Mándoche este “ANACO” que che adicou Borobó o sábado por se non viches ese día a “Noite”.

Hai días, estando en Vigo, chegou alí a Galaxia o primeiro exemplar do libro. Estívono ollando e fíxome excelente impresión. Dábame gusto lembrar cando non era máis que un montón de papeles manuscritos ahí na tua casa e agora ollar o libro xa disposto a circular polo mundo.

Tamén vin alí a edición das NENIAS do Aquilino. Quedou ben. Non sei cal é o orde que estableceron os directores de Salnés, pro figúrome que non tardará moito en saír o “Salterio de Fingoy”.

O da Academia semella que evoluciona bastante ben, porque, según me dixeron, o Carré desistirá si nono respaldan os académicos da Cruña, e estes, polo visto, xa lle fixeron saber que nono respaldan, coa única esceición de Banet [Fontenla].

Por eiquí andan os rapaces de “O Galo”<sup>115</sup> moi animados coa esposición de pintura galega nova que orgaizaron no Hostal. Trouxeron a Risco pra inaugurala. Está ben acabadiño. Dá mágoa velo.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

## X

(Compostela, 15-VI-61)

Querido Ricardo:

Mándoche iste artigo de Otero Pedrayo encol do teu Pondal. Quizáis o conozas xa. Por si acaso non tes a “Noite” mándocho.

Eiquí os rapaces de “O Galo” orgaizaron unha esposición de pintura galega nova, que se está celebrando no HOSTAL. Pedíronme as tuas señas pra che enviar o catálogo. Están ledos e animados. Dende logo a esposición resulta interesante. Figuran nela dous ferroláns: Segura [Torrella] e [González] Collado. O primeiro é dos milloriños da esposición; o segundo, dos máis vulgares.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

---

<sup>115</sup> A Agrupación Cultural O Galo xorde en Santiago de Compostela no ano 1961, froito do pulo asociacionista dos anos sesenta e co inequívoco sinal de reivindicación galeguista. Unha conferencia de Vicente Risco, unha mostra de pintura galega, un concerto da coral De Ruada, de Ourense, e a representación de *As sillas*, de E. Ionesco, foron, no mesmo 1961, actos fundacionais. Por razóns administrativas hai logo un baleiro ata 1964, cando a sociedade ten aprobados os seus Estatutos. De 1963 é a primeira directiva, presidida por Xosé María Castroviejo.



## XI

(Fingoy, 17, xunio, 1961)

Meu querido amigo: Recibín as túas dúas derradeiras cartas, que adxuntaban os artigos de Borobó y Otero sobre o Pondal. Moitas gracias.

Achome nun dos intres máis atafegados dos meus últimos tempos, e temo perder o control dos asuntos que teño que concluir, por incapacidade mental de abranguelos. Así, as actividades literarias e a correspondencia particular, han ficar cáseque totalmente en suspenso pola miña parte por urxentes razóns de economía psíquica. Agardemos que o mes que ven me traía un respiro, inda que Fingoy, pola súa constitución interna, será sempre un monstro devorador de oxígeno, que sempre me ameazará coa asfixia.

O domingo estiven unhas horas en Santiago por asuntos do Colexio. Estiven uns minutos na exposición de “O galo”, cuio convido recibín.

Teño eiquí “Nenias”<sup>116</sup>, que inda non din lido. Creo que o meu “Salterio”<sup>117</sup> sairá agora. Pero polo momento teño pouco humor pra “XXX” nin “Salterios”.

Apertas e lembranzas

Ricardo

## XII

(Compostela, 25-VI-61)

Querido Carballo:

Mándoche o recorte diste comentario ó teu “Pondal” que aparece no “FARO” de hoxe. Eiquí está o libro nos escaparates das librerías. Fai moi bonito entre os demais libros. A portada está moi ben. En cambio, a de “Cousas da vida” saiu francamente vulgar.

---

<sup>116</sup> Aquilino Iglesia Alvariño, *Nenias* (1961). Con anterioridade fora título dunha sección de *Cómaros verdes* (1947). Inaugura a Colección Salnés da Editorial Galaxia.

<sup>117</sup> *Salterio de Fingoy* (1961).

Xa sabes que na derradeira xuntanza de Galaxia acordouse editar un tomo coas obras de teatro premiadas en Lugo. Eu penso que debería levar un prólogo teu. En fin, xa falaremos deso cando esteñas menos atafegado de traballo.

Por certo que, sin saber que estabas nun intre agobiado, fun responsábel dun pedido que che acaban de facer dende Londres pra o 25 de Xullo. Con todo, por se tratar dun traballo breve e dun tema que ti conoces –a nosa lírica medieval–, coido que non che representará un grave esforzo. Convenlles, eso si, que o envíes antes do día 10. Tamén lle pediron colaboración a Otero Pedrayo e máis a Chamoso.

O Sebastián embarcou o xoves. Vai ledo e animado. Seguro que fará bó papel.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

### XIII

(Fingoy, 5 xulio 1961)

Meu querido amigo: Recibín o recorte do “Faro” que me mandaches co artigo concerniente ao “Pondal”.

Non tiña noticias do acordado na derradeira sesión de “Galaxia”. Xa falaremos diso do prólogo meu ás obras de teatro. Verdadeiramente, se son requerido pra que o faga, non vexo cómo me podería escusar.

Lugrís escribíume pedíndome o artigo, e llo mandéi xa.

Rematadas as clases, teño menos traballo material, inda que estexa continuamente cismando pra resolver os problemas do novo curso, especialmente os relativos ao profesorado. Continúo avanzando na Historia, e iste vran penso voltar pola Cruña e Ourense pra percurar nas Bibliotecas certos testos que Galaxia non conseguíu me proporcionar. Por certo que agora necesitaba urxentemente as “Froriñas de San Francisco” do P. Samuel Eiján. ¿Non as hai no Convento nin na biblioteca de Couceiro que está no Sarmiento,

nin as teñen [Xesús] Carro ou [Paulino] Pedret? Se crees que debo escribir a alguén sobre isto, dimo. Tamén estou disposto a me trasladar a Santiago se fai falla. Non pode dubidarse de que nalgures ten que haber algún exemprar.

Ouvín a Lugrís falar dun libro de Balbontín sobre Rosalía, Machado e Lorca<sup>118</sup>. Pubricado en español en América, agora foi traducido ao inglés. Covíñanos velo, sexa na versión ou no orixinal. Olla se podes conseguilo.

Pra a Historia, teño xa redactados todos os capítulos relativos a figuras de primeira e segunda liña do XIX. Só me falta a enumeración –o máis completa posibre– das figuras de terceira e carta categoría. Nistas, como convimos, non entraréi no análise das obras, limitándome a algún dado orientador. Así que se lle vai vendo o fin a ista angueira. Co que teño xa escrito haberá pra uns setecentos folios a máquina, dos que Del Riego me mandou xa máis de cincocentos; por agora, coas súas novas angueiras, ten diminuído o ritmo dos envíos.

Apertas

Ricardo

#### XIV

(Compostela, 3-XI-61)

Querido Ricardo:

Hai algún tempo que teño iste recorte pra che enviar. Non creo que teña nada de particular, mais como ti eres un dos poucos que conocen profundamente todo o relacionado con Rosalía ocorríuseme mandarcho.

Teño eiquí o “Salteiro de Fingoy”. Aínda nono puíden ler, porque estou encerellado no Apéndice ó Dicionario de D. Eladio e non me deixa tempo a nada.

Unha forte aperta de

Ramón Piñeiro

---

<sup>118</sup> José Antonio Balbontín, *Tres poetas de España (Three spanish poets. Rosalía de Castro, Federico García Lorca, Antonio Machado)*, Alvin Redman (1961).

## XV

(Fingoy, 12 nadal 1961)

Meu querido amigo: Agradézoche moito a túa atención ao me informar da mágoa que aflixe ao noso amigo Domingo, a quen escribín inmediateamente.

Tiña pensado aproveitar as vacacións próximas pra me entrevistar con Paco a fin de convir unha chea de detalles relativos a impresión da Historia. Il xulga necesaria a entrevista, i , en efecto, se queremos que haxa certa fixeza na solución dos mil problemas tipográficos que se prantearán, é mester unha ampla discusión sobre o tema. É irónico que problemas materiás e adxectivos, como son os relativos aos tipos de letra que se deben empregar en cada caso, oferezan tantas dificultades de solución. Pero a verdade é que a acumulación de tiduos, as referencias a revistas, libros, poemas isolados ou contidos en volumes, etc., esixen unha meditadaísima reglamentación, porque as combinacións son moitas, e a anarquía tipográfica debe ser evitada. Pero non sei se me atoparéi en condicións de saír de viaxe, porque ises problemas non son nada comparados cos que teño que afrontar en Fingoy. Traballo agora once horas arreo diarias e apenas logro me manter a flote. Calquer día podo estoupar, inda que me non preocupa isto demasiado, pois estoupar non é cousa do outro xoves. Agardo que Paco me envíe os derradeiros textos mecanografiados. Se non melloran as condicións do meu traballo en Fingoy, e non vexo cómo poden mellorar, teredes que me rebaixar de calquer traballo intelectual, pois verdadeiramente éme imposible atender a todo. Rematado como está o primeiro volume da Historia, pensaba poñerme ao segundo Pondal; pero teño cousas máis urxentes que facer: dar clases, pagar facturas, redactar informes, negociar cos empregados en terribles condicións de desvalimento, etc., etc. E non podoo fuxir.

Tamén, como saberás, me pediron os de “O Galo”, certa cooperación; e non poidendo llela prestar comprida, comprométínme ao menos a facer algo, que, si nihil obstat, me levará a Santiago a principios de xaneiro.

Con todo, lémbrome de que pedín que vírades se podíades, ao traveso de Lugrís, por exemplo, outer a edición inglesa –ou castelá– do libro

de [José Antonio] Balbontín sobre Rosalía, Federico e Antonio. Por certo que supoño que non chegou a celebrarse aquela lectura de algúns traballos, antre iles un meu, pola B.B.C. con motivo da Expo. de arte románico.

Recibín o catálogo de Galaxia, que anuncia moitas cousas interesantes.

¿Empezáchedes a traballar na Gramática<sup>119</sup>?

Unha aperta.

Ricardo

## XVI

(Compostela, 14-XII-61)

Sr. Don Ricardo Carballo Calero  
LUGO

Querido Ricardo:

Pola tua carta xa vexo que estás moi atafegado de traballo escolar-administrativo. Non deixa de ser boa pena que teñas que gastar tanto tempo nesas obrigas cotiáns e restarillo á tua actividade intelectual. Menos mal que o teu abnegado amor a Galicia é máis forte que ises migalleiros e teimosos atrancos de cada día e, con disciplina i heroica tenacidade, vas dándolle cima a un labor cultural de positiva transcendencia. Nise orde de cousas, a tua conduta é esceicionalmente exemplar. Moitas veces o penso e moitas veces o digo. Dende esa tua ermida de Fingoy exerces un calado maxisterio moral na conciencia máis sensibre da nosa terra. Boa proba sona os rapaces. Xa ves, cando se lles ocorreu a iniciativa de crear unha Festa da Poesía Galega acudiron espontáneamente a ti en percura de axuda e autoridade. Iles pensan, e fan ben, en consagrar un premio anual á poesía galega que esteña moi por enriba dos concursos locás que máis ou menos rutinariamente se veñen convocando. Queren que seña, sobre

---

<sup>119</sup> Refírese a *Gramática elemental del gallego común* (Galaxia, 1966).

todo, un premio prestixioso. Planexaron todo contando contigo como peza esencial. Intuitivamente –varios diles son xóvenes poetas– oriéntanse cara a tua ascética exemplaridade e cara a tua lúcida fondura espiritoal. Esta espontánea e intuitiva inclinación dos rapaces coido que é o máis sutil e xusto homenaxe que se lle podía rendir ó teu calado maxisterio. Pódesmo crer: conmoveume profundamente polo que nil hai de esencial xusticia.

Inda non lle escribín ó Lugrís. Estouche completamente afogado polo Apéndice de D. Eladio, que é cousa endiañadamente enredosa. Arrecadamos máis de tres milleiros de voces que non figuran na obra. Trátase, como ves, dunha importante achega. Pro temos que a preparar e dispoñer con demasiada presa e chega a ser abrumadora.

Hai aínda poucos días que recibín o oficio da Academia comunicándome a designación. Nin tempo tiven de falar cos outros membros da Comisión. Como eu non son un gramático, máis ben asumirei o papel de estimular ós que o son e facerlles algunhas suxerencias nadas do meu coñecemento da língoa. Outra cousa non podo facer.

Polo Nadal faremos unha escapadiña ahí. Como sempre, aproveitarei pra botar unha parrafada longa contigo.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

## XXVII

(28, nadal, 1961)

Meu querido amigo: Preguntéi ás túas sobriñas, polas que me enteiréi de que non viñeras, por mor dunha indisposición. Non sei se virás máis adiante, xa que é de supor que a túa doenza sexa breve; pero por se non nos vemos denantes de rematar o ano, esprésosche os meus bos desexos pra o ano novo.

Unha carta de Del Riego preséntamo extraordinariamente atafegado na administración de “Galaxia”. Eu non penso saír de Lugo estes días.

Hoxe rematéi o libro de Méndez Ferrín. Bernardino Graña andará moi afanado poñendo a máquina a súa “Cabeza tronzada”<sup>120</sup>. Xohana Torres me anunciou o envío de outro ensaio de teatro. Xa non me di nada da novela que hai tempo tiña antre as mans. Hai que fomentar por todos os medios a representación de pezas galegas, agora que imos xa tendo un repertorio moderno e interesante.

Seica outivo o premio de biografías “Aedos” unha señora da Cruña<sup>121</sup> que traballou sobre Concepción [Arenal], Emilia e Rosalía. Hai que estar ao tanto por se o libro, cando saia, ten algún interés.

Unha forte aperta.

Ricardo

---

<sup>120</sup> Peza teatral publicada en Galaxia en 1962.

<sup>121</sup> Elvira Martín, citada na carta do 27 de maio de 1962.







Colaboradores de *La Noche* e membros do Patronato Rosalía de Castro nunha xuntanza, de esquerda a dereita: primeira fila, Otero Pedrayo, Pura Vázquez, Pura Lorenzana, Marqués de Figueroa, Ramón Pazos, Vázquez Iglesias, Ramón Cabanillas e Manuel Pose. Segunda fila, Manuel Balboa, Paulino Pedret, García Sabell, Iglesias Vilarelle, Xesús Carro, Ramón Piñeiro, Josué Dapena, Ramón Baltar e Filgueira Valverde. Terceira fila, Varela Jácome, Maiztegui, Fernández del Riego, Gómez Román, Francisco Asorey, un poeta mozo, Gustavo Varela e Xosé Pumar. Cuarta fila, Taboada Roca, Chamoso Lamas, Borobó, Ramón Lugrís, Manuel María e Manuel Castiñeiras.



**1962**



## I

(Compostela, 5-I-62)

Querido Ricardo:

Recibín a tua carta. Nefeito, contra os propósito que eu tiña, o 23 tiven que me meter na cama e pasar repouso varios días. Agora vou millor pro con resabios. Sentín ben non poder ir ises días a Lugo, coma todos os anos.

Onte apareceu na “Noite” iste artigo de Tomás Barros. Por si ó millor non mercaches ise xornal, mándocho.

O Paco ven eiquí o día 30. Baixando as escaleiras do Restaurant do Compostela esbarou, caeu de costas e crebou unha costela. Istes días está amolado.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

## II

(Fingoy, 7 xaneiro 1962)

Querido Ramón: Recibín a túa carta do 5, co artigo de Barros sobor do “Salterio”. Moitas gracias.

O mesmo día recibín carta de Paco, polo que vexo que o seu accidente lle non impede traballar. Agora non pode continuar mecanografiando a miña Historia por estar só en Galaxia. Eu xa non teño que facer nise primeiro tomo, agás os índices, que se farán sobre as páxinas impresas. Os meus plans son, antre os dous tomos, sacar o segundo de Pondal. Nistas vacacións volví a collelo nas mans, e ficaron transcritas e clasificadas as cartas. Convén que agora se me proporcioen por todo o que poda os papés relativos a Pondal que queipa descubrir. Ademáis do epistolario, irán novos versos iñorados ou esquecidos, e outros documentos. Xa teño media ducia de poesías. Teño a pista de outra que se debéu publicar con motivo da

morte de Víctor Balaguer. Mándoches nota aparte por se sabes de alguén que en Barcelona poda percurala. Dime tamén se che parez oportuno falar ao Marqués de Figueiroa. Iste me dixo que tiña cartas e poesías de Pondal. Parga lle pediu que me proporcioara ise material, e il mostróuse conforme. Como a conversa foi incidental, non sei qué valor debo dar a todo iso. Ve se xulgas comenente facer unha exploración, ou crees máis oportuno que lle escriba eu, ou que lle escriba Parga.

Quixera tamén que me deras algunha información sobor do estado actual do proieito de libro que te comprometiches conmigo a facer. Non quixen deica agora insistir encol do asunto porque sei que tes moito traballo. Pero nunca esquecín a cousa. Respondiches á miña suxestión dunha maneira tan cordial, e dando tanta importancia ao meu requerimento, que me considero autorizado a pedirche novas a propósito do que teñas feito ou planeado.

A literatura galega que eu quixera debería estar equilibradamente condicioada polas coordenadas de tempo i espacio, polo factor cronolóxico e o xeográfico. Non habería de ser anacrónica, pero tampouco anatópica. Hoxe temos bos ensaístas e narradores e mesmo dramaturgos; pero a verdade é que, aparte do uso do galego, a maoría cóidanse máis de estar ao día que de afincarse no propio chan. Ben está, xa é moito. Pero unha Galicia traducida do alemán ou do francés nos alonxará demasiado do pobo, e corremos o perigo de europeizarnos tanto que nos preguntemos se val a pena escribir en galego. O medio se transformaría en fin. En ti, non só por convicción, senón, o que é moito máis seguro, por autenticidade vidal, non podería se producir isa perversión. A túa voz debe, pois, se ouvir plenamente, xa que as túas verbas non só serán galegas pola súa morfoloxía, senón polo sangue que por elas circula. E isto servirá de exemplo. Nunha relixión, os prosélitos deben aprender máis do que ensinar, pois por moito que dominen o ritual non poderemos agardar que o espírito de renovación os inunde senón dempóis dunha difícil ascesis.

Como eiquí remata a quartilla, decido rematar eiquí o sermón. Sexa todo ad maiorem Gallaeiciae gloriam. Amén.

Ricardo

### III

(Compostela, 15 de xaneiro de 1962)

Sr. D. Ricardo Carballo Calero  
FINGOY.

Benquerido Ricardo:

Recibín a tua carta do 7 e maila nota sobor da participación pondaliá no homenaxe a Verdaguer. Enviareina a Barcelona en percura de datos que che interesan, incluída a copia da composición. O marqués de Figueroa coido que non terá incomenente ningún en facilitarche ise material que ten. Eu non teño incomenente en llo falar, mais figúraseme que non deixaría de lle gustar que lle pedises ti mesmo o favor, espricándolle do que se trata e citando a Parga. É home moi comprido e moi cortés e, ademáis, acollerá con gran simpatía o proeiro de publicación dos inéditos pondaliáns. Incluso pódesslle decir que queredes facer con Pondal o mesmo que se fixo con Rosalía, pois a edición dos “Inéditos” rosaliáns foi idea que entusiasinou sempre ó marqués, e leva, como sabes, un prólogo dil. Tamén teño que falar con Lafuente pra que che mande os materiás que me dixó que tiña.

Hai dias escribinlle ó LUGRÍS e perguntáballe por ise estudo de Balbontín sobre Rosalía.

Claro que tes pleno dereito a me pedir contas dunha promesa que che teño feita e da que non che volvíñ falar. Non penses, non, que me esquezo dela. Conserva no meu ánimo toda a forza do intre en que a fixen. E agradezo vivamente o interés i a confianza que pós no seu valor. Mais a verdade é, querido Ricardo, que estou tan enguedellado en compromisos apremiantes que nunca me vexo coa liberdade de esprito e de tempo que a empresa require. Agora estou cos apéndices do Diccionario de D. Eladio, que me enredan enormemente. Logo teño que me ocupar do choio da Gramática, do que penso falar longamente contigo na primeira ocasión que vaia por Lugo (que procurarei que seña axiña). Logo teño que lle facer un prólogo ó “Vicente Risco na cultura galega”, que me pedíu o LUGRÍS. E confío en que, despois, podereime poñer a traballar no meu libro. O Apéndice ó D. Eladio acada un volume importante, pois engadirémoslle unhas catro mil voces, que é unha boa achega. E logo inda queda o castelán-galego.

Comparto plenamente as consideracións que fas tocante o desequilibrio que se bota de ver nas nosas letras, demasiado entregadas ás correntes ultrapirenaicas e pouco arraizadas no chan galego. Confío en que non pasará de ser unha simpática petulancia xuvenil da nosa cultura, sin chegar a ser convertirla en doenza crónica. Mais tamén me parece moi san e comenente que os que temos algunha responsabilidade no decorrer aitual da nosa cultura nos preocupemos de tal fenómeno no que ten de aberrante. As tuas observacións son moi diñas de seren meditadas.

Sí, a tua intelixente discípula Xoana Torres está agora entusiasmada e moi preocupada co teatro. Anda a preparar un libro de poemas para SALNÉS e ten feita unha peza de teatro. En ambas cousas ten ilusión. A novela, en troques, semella que sufríu bastantes viravoltas. Comenzara con moito pulo. Logo refixo varios capítulos, aproveitando ises viaxes que fai polo Mediterráneo co seu home. Despois deixou de falar dela, mesmo coma si a tivera abandonado momentáneamente. De todos os xeitos, Xoana ten indudábel talento e pódense agardar dela cousas interesantes. Eu confío nela. Outro dos teus discípulos, o gran Nogueira, tamén está a traballar nun libro de ensaios. Tamén neste teño unha gran confianza, porque é unha das boas cabezas novas que temos no país. O aitual rexurdir, que comenzou con ben poucos -¿lémbreste daqueles paseos por ises camiños e carballeiras tecendo e comentando proxeitos que semellaban soños?-, vaixe consolidando rexamente. Ademáis, i eso é o importante, está asegurada a su continuidade.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

#### IV

(Fingoy, 31 xaneiro 1962)

Querido Ramón: Douche as gracias polo envío do artigo de Alonso Montero sobre as traducións de Rosalía feitas por Balaguer.

Saberás que funcionou perfectamente o mecanismo encargado de outer o libro "Three Spanish Poets". Primeiro recibín unha atenta carta do



autor, participándome que en vista de petición feita por LUGRÍS me enviaba un exemplar da edición en castelán e outro da edición –ampliada– en inglés, da obra. Uns días despois chegaron os volumes ao meu poder.

Non tivemos tempo de falar da xestión que che encomendara cerca do Marqués de Figueiroa. Vou lle escribir, como me aconsellas, axiña que teña tempo de facelo. Cando me escribas, sería ben que me mandaras o seu endrezo exacto, co nome e apelidos, que non teño na memoria. Non corre presa.

Lembranzas e apertas.

Ricardo

V

(Compostela, 12-II-62)

Querido Ricardo:

Por vía indireita soupemos que a Xunta de Goberno da Academia desíñounos a ti e máis a [Rodríguez] Yordi como xurados para o “Premio Galicia”. Resulta moi interesante a tua presenza, porque serás o único dos nosos entre os doce membros do Xurado. Certo que, dende o punto de vista da calificación persoal, seremos os millor representados, porque non se podería escoller outro nome -nono hai- tan autorizado como o teu pra discernir un premio das características do convocado. Non deixes, xa que logo, de aceptar. Como sabes, abonaranche todos os gastos e mil pesetas por sesión de traballo, así que por esa banda non hai quebranto ningún.

O ambiente xeneral que hai é de que o candidato único debe de ser D. Ramón. Con todo, o José Luis Varela e algúns ourensáns andan a iniciar unha intriga risquiana. Polo de agora operan sinuosamente. Coiles está Cunqueiro. Coido que perderán o tempo, polo enorme peso intrínseco dos méritos oteríans.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

## VI

(Fingoy, 22 febreiro 1962)

Querido Ramón: Recibín as túas cartas do 7 e do 12.

A xestión pra conseguir o poema de Pondal en Barcelona tivo éxito feliz. Non sei se o sabes. Recibín o poema, en coidada copia, cunha atenta carta de Losada<sup>122</sup>. Xa lle contestéi agradecendo a súa eficaz colaboración.

Unha meditada carta que lle enviéi a Naya dou como resultado que iste poña á miña disposición as cartas de Pondal que ten depositadas na Academia, pero que son, según me di, da súa propiedade. Sin dúbida proceden do arquivo de Murguía. Xa sabes que as miñas xestións verbás nise senso non me deixaran satisfeito. O meu horror ás presións indelicadas e o meu respeito á vontade allea, impedíranme prantear a miña pretensión en termos perentorios. E non achando explícita disposición favorable, non quixen forzar unha decisión. Pero cicáis houbo algún equívoco, e a interpretación que eu din á actitude de Naya foi errónea; ou ben as consideracións con que espuxen o meu desexo foron causa de que aquíl non me entendera ben. O caso é que á miña carta, que sen insistir sobre o pedido, dáballe ocasión de acrarar o seu pensamento, respondéu de xeito satisfactorio. Agora hai que agardar a que teña oportunidade de me trasladar á Cruña pra examinar ises papés e copiar os que me interese publicar.

Tomo noto dos dados relativos ao endrezo do Marqués de Figueiroa, pra lle escribir cando dispoña de tempo pra elo.

Efeitivamente, me escribiron pidíndome que forme parte do xurado que ha adxudicar os premios de poesía galega nas Festas Minervás<sup>123</sup>. Aceitéi,

---

<sup>122</sup> Basilio Losada Castro.

<sup>123</sup> Festas Minervais. Despois da apertura, en 1649, das facultades de Dereito e de Medicina en Santiago de Compostela, púidose celebrar o concurso literario das *Festas Minervais* de 1697, que se convocou en lembranza de Alonso III de Fonseca, *O Grande*. Como resultado do mesmo, publicouse naquel ano unha compilación dos traballos presentados: *Fiestas Minervales y aclamación perpetua de las Musas*. Esta conmemoración foi retomada en 1954 polo Sindicato Español Universitario “en la voluntad de resucitar la tradición de las Fiestas Minervales” e no seu aspecto literario salienta o intento da terceira convocatoria que introduce a modalidade de poesía galega, onde aparecen os compoñentes da Xeración de “La Noche”, que aproveitaron para darse a coñecer. Sobresaen as composicións

como me aconsellabas; e xa teño examinado algúns dos testos que me enviaron.

Tampouco tiven valor pra rexeitar un posto no xurado do premio “Galicia”. Sebastián [Martínez-Risco] solicitou por teléfono a miña aceptación. Todo isto perturba de verdade a miña vida real, que é a dun humilde xerente dunha empresa privada que require a miña atención continuada durante todo o día pra manter o funcionamento dos servicios, tan complexos como difíceis de asegurar. Pero é moi difícil convencer á xente de que verdadeiramente estou tan esmagado polo traballo como de certo o estou. Poden creer que é afectación ou mixirico. Así que me resinéi por evitar longas espicacións, que por outra banda poderían producir opinións sobre a marcha do Colexio que non desexo provocar. Nada sei de cando ou como teréi que actuar.

Como, que eu seipa, non hai inteleituás na Diputación de Lugo, supoño que ísta designará como seu representante a algún residente na capital da provincia que ostente algún título oficial. Por exemplo, a un catedrático de Literatura<sup>124</sup>. Niste caso, non é fácil prever o senso deste voto.

Cariñosas apertas do teu amigo,

Ricardo

## VII

(Compostela, 6-III-62)

Sr. D. Ricardo Carballo Calero  
FINGOY

Meu querido amigo:

O sábado estiven catro horas en Lugo pero non tiven tempo de me achegar a Fingoy. Somentes fun deica o Lugo-Bar e tomei café co

---

premiadas de autores como Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Luís Franco Grande, Ramón Lorenzo, Carlos Casares ou Arcadio López Casanova, entre outros.

<sup>124</sup> Xesús Alonso Montero.

Cilistro e máis con Salvador Castro, pois o Fole non apareceu ise día. Como tiña que estar ó tanto do teléfono, pasei o tempo na casa.

Mándoche o número de “Patria Gallega” que trae o discurso de Murguía en galego, que ti percuraches con interés. Por rara casualidade, o outro día regaláronllo a Domingo. Dende logo é interesante.

Coido que tardaredes moito en ir a Madrid. A pouco máis coincidides co pasamento de March, que debe de estar nas últimas.

Coido que todo irá moi ben. Da Prensa irán, como sabes, Sigüenza e máis Merino<sup>125</sup>. O primeiro vai coa única misión de votar a Risco, cousa que fará. O segundo é case seguro que votará a D. Ramón. Tiña prexuícos estéticos sobre a súa obra -que lle parece “romántica”, decimonónica, retórica-, pro admite que, tal como está convocado o premio, ninguén se axusta mellor. Vai ben predisposto. En cambio, o teu compañeiro Yordi leva un único prexuíco: non votar a un cultivador do galego. A súa muller, que é a que lle dá as ideas, sostén que se pode eisaltar moi ben a Galicia escribindo en castelán, como fan Cela, Fernández Flórez, Barbeito, Rey Soto<sup>126</sup>, etc. O candidato preferido diles é, dende logo, Rey Soto, e, a non ser Rey Soto, calquera dos citados. Iste gran paspallás de Yordi sería o portavoz -figúrome que simple porta-voto- da envexa de Rey Soto a Otero Pedrayo i ós galeguistas. Os demáis, coido que que todos están en aitude moi asisada. Os disidentes son os dous Xulios ¡que ilustre parella! O Moreno Báez<sup>127</sup> leva a íntima ilusión de ser desafiado

---

<sup>125</sup> Emilio Merino Losada (Santiago, 1918-A Coruña, 2004). Salientable xornalista que ocupou cargos relevantes en *La Noche*, *El Ideal Gallego*, *El Correo Gallego*, *El Compostelano* e *La Voz de Galicia*. Presidiu a Asociación da Prensa coruñesa e impulsou a vida cultural da cidades. Dos seus libros anotamos: *La vida que vuelve* (1989), *Pequeña historia de un hombre cabal. Memorias de un periodista* (1998) ou *El mundo que conocí* (1999).

<sup>126</sup> Antonio Rey Soto (Pazo de Ramirán, 1879- Madrid, 1966). Sacerdote, tradutor e poeta vinculado ao modernismo. Foi académico da RAG e colaborou en publicacións como *O Tío Marcos d'A Portela*, entre outras. Deixou unha ampla obra en castelán. En galego traduciu a Horacio en *Escola de larpeiros* (1949). Co título de *Poemas en galego* (1979) foron reunidos os seus poemas soltos.

<sup>127</sup> Enrique Moreno Báez (Sevilla, 1908-Madrid, 1976). Foi catedrático de literatura española nas universidades de Oviedo, Santiago de Compostela e Madrid. Publicou numerosos estudos (sobre a novela pastoril, sobre Gabriel Miró, sobre o Barroco) e ensaios dos que

Presidente. Considera que ou il ou Filgueira son os máis chamados a esa función.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

Si che resultase doado chamarme dende Madrid cando seipas o resultado, o meu teléfono é o 3485. De todos os xeitos non fagas deste problema ningún, pois si non che for doado non pasa nada. Con poucas horas de diferenza saberémolo polo xornal.

### VIII

(Compostela, 20-III-62)

Querido Ricardo:

Onte debemos de nos cruzar perto de Palas, vós camiño de Lugo e nós camiño de Compostela. Sabía que pensabas vir o sábado. Fun deica o coche, mais chegou algo máis retrasado que outras veces e tiven que me marchar antes de que chegase. O domingo pola mañán marchamos a Lugo. Desta vez cruzáronse os nosos plans.

Eu tiña o encárrago de Paco de che decir que recibíu a tua carta e que lle parece ben que vaias facendo ise labor de que lle falas nela.

Polo Bernardino envieiche o número de “Patria Gallega” co discurso de Murguía en Tuy. Xa ves que, pouco a pouco, todo se vai acadando.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

---

salientamos *Nosotros y nuestros clásicos* (1961), *Los cimientos de Europa* (1971) ou *Reflexiones sobre El Quijote* (1974).

## IX

(Fingoy, 27 maio 1962)

Meu querido amigo: Veño de chegar da Cruña, onde asistín á xuntanza da Academia. Seica nantronte recibín a túa carta. Denantes, Bernardino Graña entregárame “Beside the river Sar”. Por certo que me non acordéi de darlle persoalmente as gracias a García Sabell por termo proporcionado. Chegou á Academia xa comezada a sesión e cambiamos moi poucas verbas. Tomaréi algunhas notas do libro e devolveréino por vía segura. Namentres, custodiaréino dilixentísimamente.

O teu informe sobre a gramática académica pasouse aos membros da comisión pra dictamen. Ate agora só informamos Carré e máis eu. Creo que unha vez que todos se pronuncien, volverá o asunto da Comisión á xunta xeneral. [ilexible] urxe a resolución. Envíochec copia da miña opinión.

Na Cruña vin nas librarías –que estaban pechadas– o libro de Elvira Martín sobre Rosalía, Concepción i Emilia. Ao chegar a Lugo comprobéi que tamén o hai eiquí. Mañá mercaréino, pois calquera que sexa o seu valor, é natural que o lea.

Lembranzas e apertas.

Ricardo

Sr. Presidente da Academia Galega:

Teño visto o informe sobre a composición dunha gramática galega académica, redactado polo Correspondente don Ramón Piñeiro López, que me foi remitido con data 31 do pasado marzo.

Opino que unha gramática galega pode describir a realidade do idioma galego, ou pode configurar o ideal dese idioma.

A realidade é algo ouxetivo; o ideal é algo suxeitivo. Estudar aquela é unha tarefa científica. Estabelecer íste é unha empresa de política cultural.

A primeira función é evidentemente propia da Academia. Verbo da segunda, que pretende a unificación do idioma, ouservo que o normal non é que as Academias unifiquen os idiomas, senón que as Academias rexistren a unificación realizada na lingua literaria por un proceso histórico.

Como no caso do galego se non chegou aínda á unificación, sería arbitraria e destinada ao fracaso unha decisión. Un “decreto de unificación” non sería obedecido, pois as Academias non impoñen os idiomas ao pobo e aos escritores. O pobo e os escritores son os que fan os idiomas, e as Academias son notarios diste feito. A libre competencia impón as formas comúns, a unificación prodúcese empíricamente, e as Academias, cando o feito se realiza, certifican do feito. Como en Galicia o feito se non realizou, é imposible unha gramática galega normativa. Ísta, hoxe, sería somente a gramática dun novo dialecto galego artificial: o dialecto académico.

En troques, se o estado actual do galego impede unha gramática normativa, permite unha gramática descritiva. Ista gramática, altamente desexabre, sería un “manual de dialectoloxía galega”. Como non existe un galego unificado, se non pode compor unha gramática do galego unificado. Pero como existen diversos dialectos galegos, pódese estudar ista realidade. Ao meu ver, pois, o que actualmente debe perseguir a Academia, é a composición dunha gramática descritiva da realidade empírica do galego, ou sexa o manual de dialectoloxía.

Pero, naturalmente, pra describir os dialectos hai que estudalos previamente. A materia empírica, témola. O coñecimento científico disa materia, non o temos. Hai que percuralo. Íse é labor dos lingüistas. Ístes han estudar un a un os diversos tipos de galego esistentes –e mesmo, se se quer, os arcaicos, rexistados nos textos–; só entón poderá se facer a síntese prevista.

Nistas condicións ¿qué papel práctico cabe hoxe por hoxe á Academia? O de fomentar aqueles estudos polos procedimentos máis axeitados. En resume, ísta é a conclusión do señor Piñeiro. No que se pode facer inmediatamente, coincidindo, pois con il. Verbo das tarefas posteriores, non poderán ser planeadas con viabilidade mentras non contemos cos supostos asinalados. Daquela será o momento de fixar as posicións definitivas.

Isto penso, salvo o superior criterio disa Corporación.

Fingoy, 13 de maio de 1962

## X

(Compostela, 1-VI-62)

Benquerido Ricardo:

Recibín a tua carta e maila copia do teu dictame sobor do informe que eu lles enviara. A min xa me dixeran o presidente, días despois de telo recibido, que iban facer copias i enviarvolas a todos os membros da comisión. Por esa razón desistín de cha enviar eu mesmo, como pensaba facer, inda que xa tiña trocado impresións contigo sobre o problema. A copia que fixera para che mandar a ti decidín enviarlla ó Pensado<sup>128</sup>, porque xa tiñamos falado tamén do problema, e ademáis porque, sendo il a meirande autoridade romanística con que contamos hoxe os galegos (a menos que queiramos facer moito fincapé na galeguidade de Menéndez Pidal, que non é prudente), prá miña tranquilidade íntima era moi importante saber a súa opinión, que resultou ser confirmativa. Entre outras cousas, di: “Estoy enteramente de acuerdo con tu visión certera y exacta”. Iste respaldo dame bastante tranquilidade. E polo que leo no teu dictame vexo que no tocante ó labor inmediato tamén coincides. Polo menos servirá pra que a Academia tome plena concencia do problema e das súas dificultás. Refírome, naturalmente, á Academia como conxunto e non a uns cantos académicos, entre iles ti, Filgueira, etc., que tedes máis crara concencia que eu e que xa vos ocupástedes do problema nos tempos do Seminario de Estudos Galegos.

Ontes estivo eiquí o Paco. Xa nos dixo que entregara á imprenta o orixinal da “Historia da Literatura”. Cando saia témolo que celebrar.

Por certo que Paco preguntoume que trámites fixera eu pra cancelar os antecedentes penais, porque che interesaba a ti facelo tamén. Naturalmente

---

<sup>128</sup> José Luis Pensado Tomé (Negreira, A Coruña, 1924-2000). Licenciado en Filoloxía Románica pola Universidade de Madrid. Catedrático de Filoloxía Románica e Galego-portuguesa na Universidade de Oviedo e despois na de Salamanca. Profesor visitante das universidades de Austin e Madison. Prestixioso filólogo autor de importantes edicións e estudos lingüísticos (lexicografía, etimoloxía, morfoloxía, etc.) no ámbito das linguas galega e castelá. Colaborador dos *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *Grial*, *Revista de Filología Románica*, *Anuario Galego de Filoloxía*, etc. (Vid. *Cartas de Ramón Piñeiro a José Luis Pensado*, en *Cadernos Ramón Piñeiro* XII, Centro Ramón Piñeiro: Santiago de Compostela, 2009).



que o debes facer, porque tes pleno dereito á cancelación. Eu preocupeime hai anos dese asunto e desistín de o levar adiante porque inda non estaba en condicións legais de conquerilo, pois ise dereito adquirese ó pasaren dez anos desde o cumprimento da condena. Depois de transcurridos os dez anos, nun viaxe que fixen a Madrid hai varios meses volvíñ interesar-me polo asunto. Todo se reduce a enviar unha solicitude acompañada de dous ou tres documentos: certificado de boa conducta anterior e posterior á condena, copia do testimonio de condena e non me lembro si algunha outra cousa. Pasado algún tempo, pídenlle do Ministerio de Xustiza informes á Garda Civil. E pouco tempo despois recibes, por conducto do Xuzgado, unha comunicación do Ministerio informándote de que quedan cancelados os teus antecedentes. Todo se produce por vías regladas e por mecanismos automáticos. Pra me informar, alí en Madrid acudín á muller do Ben-Cho-Shey. Aproveitei pra presentar alí mesmo a solicitude. Hei mirar si conservo o impreso que me deran a min coas instrucións concretas do que hai que facer e si o atopo incluíocho.

Xa me dixo Chan que tiña unha boa colleita de matrículas.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

P.D. Atopei o impreso. Acompáñocho

## XI

(Compostela, 6-VII-62)

Sr. D. Ricardo Carballo Calero

Fingoy

Benquerido Ricardo:

Hai poucos dias celebrouse en Vigo a asamblea anual de GALAXIA. Alí Paco leunos a memoria das aitiuidás no curso do ano e Xaime espicou con todo detalle o estado das contas. Depois pasamos revista ás publicacións en curso i en preparación, e quedamos todos moi confortados de ver como

vai medrando o labor. O Agustín Sixto dixo que il quería celebrar a sua incorporación ó Consello con algunha contribución útil e que, si nos parecía ben, il aportaría dez mil pesetas pra axuda da publicación da “Historia da Literatura Galega” do seu mestre D. Ricardo Carballo. Ben podes comprender que a todos nos pareceu moi ben. Pareceunos ben dobremente: como axuda a Galaxia e como homenaxe ó mestre. Tan simpática xenerosidade a todos emocionou. E como sei que támen a ti te emocionará, por eso cho digo.

Xa estaba feito o tomo das prosas do Cuevillas, que quedou moi bonito. Polo de agora nono distribuen.

D<sup>a</sup> Virxinia, a viuda de Daniel, está en Salamanca. Veu ver a familia. Pasará unha tempada en Trasalba.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

## XII

(Lugo, 8, xulio, 1962)

Querido Ramón: Tiña noticia de que o 29 do pasado, se non estóu trabucado, celebrábase a asamblea de Galaxia. Antonio Fernández díxerame que non podía asistir a ela, anque os días inmediatos pasaría por Vigo. Il anda moi preocupado pola instalación da Biblioteca de Penzol, e sobre todo pola orgaización do traballo na mesma. A aportación de [Agustín] Sixto [Seco] aos gastos de edición da Historia, no que ten de afectuosa lembranza do seu vello profesor, merez, naturalmente, o meu máis afervoado agradecemento.

Pra min se fai cada día máis necesario solventar o asunto dos antecedentes penás, materia que houben de descoidar por varias razóns, antre elas as dificultades con que tropezo pra achar tempo que adicar aos meus problemas persoás, aburado como estóu hastra o indecible polos problemas do Colexio. Agradézoche a túa información. Paco tiña a idea de que todo fora moi sinxelo. Vexo que hai que reunir unha chea de documentos, que habería que solicitar en diferentes puntos, mediante diversos trámites.

Moverme en medio de miña desorientación e da miña fatiga por vieiros tan ásperos preséntaseme tan dificultoso que temo que me sexa imposible se non hai algún atallo. É o que quero que me digas agora. Coñecidos os trámites legás, desexo saber se hai algún xeito de tramitar todo iso co mínimo de intervención persoal. Creo que te das conta do meu problema. Se coñeces o xeito de simplificar as cousas, dimo. E xa veréi en definitiva se estou en condicións humás de enfrentarme co asunto ou non.

Vou pasar dúas semás na Cruña traballando na Academia pra o segundo tomo de Pondal e descansando un pouco das miñas actividades administrativas, ou polo menos intentando esquecer por algún tempo as miñas preocupacións diste ordre. O meu endrezo é: Pensión Alcalá. Santa Catalina, 20. Se me escribes antre o 13 e o 27, faino alí.

Correxín xa moitas galeradas da Historia. Agora fai tempo que non me mandan material.

Lembranzas e apertas.

Ricardo

### XIII

(6 agosto 1962)

Meu querido amigo: A noite que invitamos a cear aos señores de Prada non achéi ocasión que me parecera oportuna pra liquidar a miña cuota. Fai, pois, o favor de me dicir a cánto ascende a fin de que arreglemos isa conta pendente.

Era o meu propósito che entregar “Beside the river Sar” pra que o devolveras a Domingo, pois me tes dito que o mande por persoa de confianza, e xa non o necesito; pero no momento oportuno non tí, nen na mentes ise asunto<sup>129</sup>, e haberá que agardar outra oportunidade.

---

<sup>129</sup> O que escribe semella escusar a Piñeiro da encomenda de devolver o libro ao prestatario. Farao persoalmente Carballo.

Coa entrega que me fixo [Marino] Dónega [Rozas] dos papés pondaliáns que foron de don Robustiano Sánchez –e que son os que tivo á vista Bouza cando escribú o seu traballo de “A nosa terra”– e coas cartas que copiéi na Academia, enrequeceráse considerablemente o novo tomo de Fingoy. Veremos cándo me podó poñer a traballar nil, pois de momento hai moito que facer no Colexio e na correición da Historia.

Unha aperta.

Ricardo

#### XIV

(Compostela, 14-VIII-62)

Querido Ricardo:

Recibín a tua carta. Non te preocupes pouco nin moito do convite a Prada porque o importe total foi tan insignificante que non admite reparto. Conócese que estabamos todos moi desganados.

Non sei si coincidirás con Domingo na Cruña con motivo das vosas conferencias encol de Valle Inclán. Il marchou o sábado a pasar quince días alí. Non sei en que datas vos toca falar.

En Vigo vin chegar a Galaxia un bó feixe de probas da Historia. Polo que se ve, a impresión avanza a bó ritmo.

A fins de agosto virá dous ou tres días o amigo Machado de Rosa. Gustaríame que vos conocéades persoalmente. É home moi cordial e sinxelo e un afervoadado amigo de Rosalía.

Anda por eiquí o Ligrís. Ven de estar cinco semanas en GHANA. Conta cousas divertidas do mundo negro.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

## XV

(Lugo, 12, setembro, 1962 )

Querido Ramón: Hoxe atinxín a meta de porme practicamente ao día en materia de correspondencia, pois antre o Colexio e a Historia tiña todo atrasado. De momento logréi botar fora todas as probas pendentes e aproveito a ocasión pra contestar as cartas. Antre elas aparez unha túa que cáseque é pra min nova. Con tanta presa e atafego me movo que me esquezo dos libros que merquéi e me sorprendo de velos no meu poder, e o mesmo me ocorre coas noticias epistolares. Polas que me dabas nisa carta, vexo que Machado da Rosa debe ter estado por aquí xa.

Dos meus pasos polo mundo estarás enteirado. Din unhas conferencias en Ourense e na Cruña e vin nunha e noutra cidade a varios amigos e coñecidos.

A impresión da Historia, malia o complicado das notas, que no manuscrito non foron ben ordeadas, avanza ben; e teremos o libro cando menos o pensemos. E verdade que, tiradas todas as páxinas, inda teño que facer o índice onomástico.

Nunha carta anterior me informabas dos trámites legás dunha anulación de antecedentes penás. Finca provisionalmente afastado iste asunto da miña atención por falta de tempo e non urxencia do caso. Agora volvo a moular o tempo, e creo lembrar que che escribín pedíndoche algunha información complementaria. Como ti recorriches xa o camiño i és partidario de que eu o recorra, poderías me dar un consello sobre os pasos correctos que podo dar se quero seguir a vía menos molesta e rápida; ou , en todo caso, algunha orientación sobre a exención do propósito. Quixera reducir ao mínimo, por razón de escaso tempo de que dispoño, a atención persoal que tivera que prestar. Supoño que en derradeiro termo haberá axencias ou axentes que che mandan iste traballo. Pero creo que denantes de encetar o asunto, me convén ouvir a túa opinión sobre as posibilidades de facelo cunha certa comodidade. Agardo que non está (sic) lonxe o momento en que nos volvamos a ver. Calquer día caio por Santiago, anque é máis probabre que antes veñas ti por Lugo.

Apertas

Ricardo

## XVI

(Compostela, 29-IX-62)

Sr. D. Ricardo Carballo Calero  
FINGOY

Querido Ricardo: Recibín, hai días, a tua carta. Non che contestei antes porque teño mentes de ir por Lugo agora no San Froilán e, como sempre, teremos ocasión de falar longo e tendido.

En Vigo vin ó Ferrín, coa súa prometida, moi animados a invernarse en Lugo.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo  
Ramón Piñeiro

## XVII

(Compostela, 1º de Novembro de 1962)

Sr. D. Ricardo Carballo Calero  
FINGOY

Querido Ricardo:

Duas liñas pra ter informar dunha boa noticia que quizáis xa conozas, ben polos xornás ben por Chan. Acaba de se crear na nosa Facultade de Filosofía a Seición de Filoloxía Románica. Dentro dela, no 5º curso, figura a cátedra de Língua e Literatura Galega. Ademáis, no Instituto de Idiomas comenza a funcionar tamén o insino do galego. A seición de Románicas comenza xa neste curso. Veñen dous profesores de fora, o Diego Catalán Menéndez-Pidal<sup>130</sup> e máis o

---

<sup>130</sup> Diego Catalán Menéndez Pidal (Madrid, 1928-2008). Catedrático de Filoloxía Hispánica. Medievalista, grande estudoso e investigador do *Romancero*. Coordinou o *Romancero panhispánico* (1983-84) e publicou traballos sobre Alfonso X, a épica española, dialectoloxía, etc.

Clavería<sup>131</sup>, pra se encargaren das asinaturas de Gramática Histórica e Gramática Xeneral. Xa ves, unha vella arela cultural que ó cabo se converte en realidade. Agora é cando os nosos estudos lingüísticos comenzarán a marchar por bó camiño. Normalmente eso debe dar como resultado a prósima iniciación dunha verdadeira escola de Lingüística galega, que tanto se bota de menos na nosa cultura.

Ora, eu penso que a cadeira de Língua e Literatura Galega, que comenará a funcionar dentro de dous anos, correspóndelle de modo natural ó autor da gran “Historia da Literatura Galega” que vai saír, ben oportunamente por certo, de “Sete Poetas Galegos”, de “Aportaciones a la Literatura Gallega Contemporánea”, de “Poemas esquecidos ou inéditos de Pondal”, de “As Fontes Literarias de Rosalía”, etc., etc. ¿Non coidas ti o mesmo?

O sábado pasará por eiquí o Paco para asistir á sesión de Academia. Xa nos contará como está a edición da Literatura.

Eu estou moi ledo. Coido que, ó cabo, a nosa cultura entrou oficialmente na Universidade. Penso que eso terá unha grande repercusión no prestixio social do idioma.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

---

<sup>131</sup> Carlos Clavería Lizana (Barcelona, 1909-Oviedo, 1974). Presenta un extraordinario currículo como catedrático universitario de Gramática xeral e Crítica literaria. Foi profesor visitante de Literatura española (en universidades como Upsala, Munich, Austin, Madrid, Londres, Amsterdam e outras varias), ensaísta e editor literario. Neste terreo, que abrangue estudos de lingua e literatura, ocupouse de Unamuno, Leopoldo Alas “Clarín”, Gabriela Mistral, Cervantes, Gracián, Blasco Ibáñez etc. Varios dos traballos son estudos de literatura comparada. En 1963 aparece destinado á USC (sección de Filoloxía Románica) xunto con Diego Catalán Menéndez Pidal mais xa nese mesmo ano figura como profesor da Universidade de Oviedo. Non temos constancia, en ningún dos casos, do seu traballo docente. O ambiente da Facultade de Letras parece que disgustou ao profesor Clavería.

## XVIII

(Fingoy, 22, novembro, 1962)

Querido Ramón: “Puesto ya el pie en el estribo” pra sair pra Ourense, onde hei dar unha conferencia sobre Pondal, contesto á túa derradeira carta. Dende os días en que a recibín ando deteriorado por un estado máis ou menos gripal que intento liquidar meténdome en cama os fins de semá; pero que se resiste a desaparecer. Como non teño frebe, que eu seipa, prefiro, endebén, considerarme oficialmente san, pois non me atrevo a faltar á cita de Otero Pedrayo e causar, á derradeira hora, unha perturbación nos plans do Orfeón “Unión Orensana”. No entanto, a miña voz nasal ha soar estranamente en tan filarmónica institución.

É moi certo que a creación da Seición de Filoloxía Románica na nosa Universidade é un acontecemento de extraordinaria trascendencia. Inevitablemente, calesquera que sexan os profesores, a nosa fala ficará científicamente entronizada, i en poucos anos xurdirán traballos sobre ela que non poderán menos de repercutir na conciencia idiomática das xentes máis féridas e duras.

En canto ao teu pensamento de que a min me corresponde de modo natural un posto no profesorado, non teño senón agradecerche a opinión tan favorable. A viveza con que a manifestas non pode menos de emocionarme. Sei que se de ti dependera, isa arela se faría realidade. Iso abonda pra a miña satisfacción. Eu non pododo facer senón continuar traballando. O demáis, como está fora do meu control, non debe inquietarme.

Xa saberás que está tirada boa parte da Historia. Están correxidas definitivamente as probas. Só falta rematar o índice onomástico. Imos ver qué facies física ten o libro. Por uns días vou a descansar. Logo prepararéi a edición dos “Contos populares da provincia de Lugo”, e inmediatamente despois, a do II “Pondal”. Entramentres, iréi madurando o esquema do segundo volume da Historia. Aleicioado pola experiencia do primeiro, iste segundo se realizará cunha maior economía de esforzo.

Cunha forte aperta,

Ricardo





Francisco Fernández de Riego, por Siro



**1963**



## I

(Compostela, 18-I-63)

Querido Carballo:

Duas liñas pra te informar de algunhas novidades interesantes. Hai poucos días celebrouse xunta de Facultade pra cumprimentar unha petición do Ministerio: sinalar, por orde de preferencia, as cátedras que se deberán dotar na nova Sección de Románicas, indicando, ademais, nomes das persoas que están en condicións de aspirar a ocupalas. Propuxéronse precisamente dúas cátedras: Filoloxía Románica e Língua e Literatura Galega. Con relación á primeira, deuse o nome de Lourenzo; prá segunda, deuse o teu nome. Nise intre o profesor [Manuel]Lucas [Álvarez] informou ós seus compañeiros de que o Filgueira xestiona o desglose en dúas cátedras, unha de Língua i outra de Literatura, con miras a optar il á de Literatura, pois no caso de ser unha soia cátedra renunciará a pretendela (nós xa o sabíamos por vía Dámaso Alonso). A reacción do Decano foi rotunda no senso de refugar a pretensión desglosada do Filgueira, parecer que compartiron todos, así que decidiron pedir a dotación dunha soia cátedra de Língua e Literatura Galega. Falouse novamente de ti e da Historia que vai sair i o catedrático de Literatura rematou decindo que, ademais, compre ter en conta que, no teu caso, tratábase dunha verdadeira adquisición prá Facultade.

Como ves, as cousas van indo normalmente na dirección xusta. Agora compre conquistar o do Instituto P. Sarmiento e, cando salia a Historia, será ben que fagas unha xestión diplomática da que xa falaremos.

¿Qué tal de frío?

¿Sabes que o Ministerio de Información anda a voltas co proxecto de incluír unha ou dúas emisións semanais en galego i en catalán na Radio Nacional e na Televisión? Si a cousa vai adiante, moitos levarán sorpresa.

Xa teño ganas de que te veñas pra Compostela, que é o teu verdadeiro lugar de traballo. Ademais, así poderemos botar grandes parrafadas ¿Non sí?

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

No nº 115 de “POESÍA ESPAÑOLA”, datado en Xulio do 62 pro que quizais será o derradeiro ou dos derradeiros que apareceron figura un comentario sobre o “Salterio de Fingoy”. Está escrito por Fernández Pousa e fai máis ben unha presentación do poeta, incluíndo, dende logo, xuícios valorativos de toda a tua obra.

## II

(Fingoy, 20, xaneiro, 1963)

Querido Piñeiro: Douche as gracias pola túa última carta, na que me das novas tan interesantes, e unha vez máis tamén chas dou polo afán que pos, coma decote, en traballar no meu pro. Non sei en qué parará todo iso, nen teño tempo de pensalo. Os que están acostumados a rexer a súa vida, nunha situación análoga plantearíanse mil problemas. Eu, afeito a ser xoguete do destino, e chegado a vello, ate o extremo de poder ser abó, sen ter logrado unha situación mínimamente estable na vida, sei que é inútil que me debata en previsións e preocupacións, e percuraré non me romper a cabeza en cavilacións mentras non sexa indispensable. Se hai ahí algunha posibilidade que realmente me favoreza, sei que os meus intereses están ben representados. Niste intre, felizmente, nada podo, e, polo tanto, nada me compre facer. Só estar atento aos teus informes e aos teus consellos.

Nós temos afrontado os grandes fríos con boa fortuna. A nosa saúde non foi afectada por iles.

Non estranaría que fora adiante o proxeito de conceder ao galego un posto nas emisións de radio e televisión. Isto traéme á memoria a custión da reanudación da publicación do “Grial”. Poderíase agardar lóxicamente unha solución favorable.

Verías que mandéi a Borobó un artigo. Logo a irmá daquíl<sup>132</sup>, que, como sabes, reside en Lugo, falóulle a María espontáneamente da crise prevista, como inminente. Xa fai disto bastantes días, e non sei en qué fícou

---

<sup>132</sup> Refírese a Manuel Fraga Iribarne, daquela ministro de Información y Turismo relacionado cos feitos que se declaran no parágrafo terceiro desta carta.

a cousa; pero en previsión de que xa non proceda, suspendín calquer outro envío. Xa me dirás o que hai.

Paco me di que a Historia xa está impresa, de xeito que non tardaremos en ver que fasquío presenta. Dime que se venderá a 350 pesetas, e que se tiraron mil exemplares. Non sei se ao fin vai en pasta ou en rústica.

Eu teño xa preparados pra a edición os “Contos populares da provincia de Lugo”, segunda publicación de Fingoy. Só me falta que me fagan as copias pra a censura.

Xa percuraréi ver ise número de “Poesía española”. Hoxe miréi nas librarías, pero non o tiñan.

Teño que pensar en ir un par de días a Santiago, pra que me reconozca García-Sabell; pero polo de agora teño tantos problemas en Fingoy que ise asunto nen xiquera pode ser planteado.

Lembranzas e apertas.

Ricardo

### III

(Lugo, 25 febrero 1963)

Meu querido amigo: Supoño que terás recibido unha carta que che escribín hai tempo contestando á derradeira túa que recibín.

Por outra de Chan que me chegou onte sei que estivo contigo, e que xa tiñas no teu poder a miña Historia. A min tamén ma mandaron.

Fixen ao traveso da axencia Torrón a xestión relativa aos antecedentes. Me prepararon unha solicitude que firméi e me dixeron que se encargaban de achegar o resto da documentación. Dime agora se crees que compre algunha outra xestión cerca de Ben-Cho-Shey, se debo lle escribir ou qué debo facer.

Don Manuel Vázquez Seijas escribiu ao Segretario da Academia recomendando a candidatura de García Conde. Vales encargóume que

dixera a Vázquez Seijas que il era de opinión que a prósima vacante debería cubrirse cun residente na Cruña, e que logo sería considerada con simpatía a súa proposta. Convén que vexamos se realmente ise criterio de Vales [Villamrín] pode ser aceptado. En canto a que García Conde sexa algun día proposto, creo que non habería incomenente en que así fose. Quedéi con Vázquez en espoñer o caso aos meus amigos, e así o veño facendo cando se presenta ocasión. O asunto aínda non é de actualidade, pois anque V. S. quería que G. C. cobrira a vacante de Vázquez Saco, xa sabemos que ísta se reserva a Valentín [Paz Andrade]. De todos xeitos dígoche o que hai, co cal a miña xestión fica realizada, e no seu día acordarase o que pareza mellor.

O Instituto Masculino pretende tirar unha revista científica. Alonso pidíume que fixera pra ela un traballo sobre un tema rosalián. Recibín o de Bouza publicado derradeiramente en “Cuadernos”.

Lembranzas e apertas.

Ricardo

#### IV

(Compostela, 26-II-63)

Benquerido Ricardo:

Hai poucos días chegou ás miñas maos o primeiro tomo da tua “Literatura”. Abrín o paquete con impaciente curiosidade e contemplei o libro con emoción fonda. Ao cabo tiñamos convertida en realidade ouxetiva –esplendidamente presentada, coído– unha idea que nacera ahí en Fingoy nunha serán inverniza en que, como tantas veces, ti, Fole e máis eu trocamos impresiós e ideas sobre os problemas da nosa cultura. Resulta confortador, fundamente confortador, que xusto ós cen anos de teren aparecido os “Cantares Gallegos”, poidase escribir unha obra coma esta; ¡Cómo se estremecerán de gozo as cinzas de Rosalía e de Murguía!

Por unha rara casualidade, o mesmo dia que chegou o libro pola mañán, pola tarde veu Chan falar comigo. Amostreille o libro i emocionouse moito. Botamos unha longa parrafada –xa había ben tempo que non



tiñamos falado de vagar– e díxome que, se cadra, nistes días aparecías por eiquí, inda que o dubidaba moito porque axiña terás que vir a uns Xogos Frorás. Por si acaso viñas, non che escribín, pois prefería espresarche a miña íntima ledicia e unha forte aperta.

Acabamos de dar, meu querido e admirado amigo, un paso cultural firme e importante. Non se poderá decir que non libramos a nosa batalla. O legado que Galaxia aporta ó país non deixará de pesar e fecundará a evolución da nosa cultura. Os que veñan detrás herdarán o exemplo i o froito do noso teimoso esforzo. Dá xenio ollar iste fermoso libro.

Como non tardarás en vir por eiquí, teremos ocasión de falar longamente de varias cousas.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

## V

(Compostela, 1-III-63)

Querido Ricardo:

A tua carta cruzouse con unha miña que seguramente recibiches o mesmo día que eu recibín a tua.

Xa vexo –e alégrome de que así ocorra– que tes en marcha o expediente de cancelación. Si na axencia se encargan da tramitación, non precisas tomar iniciativa ningunha, porque a resolución producirase normalmente pola simple rutina reglamentaria. Eu non cursei a miña solicitude dende Santiago senon que a presenteí directamente no Ministerio, aproveitando un viaxe que fixen a Madrid. Como eu non sabía facer a solicitude, fíxoma a dona do Oxea i eu firmeina. Como a ti xa cha fixeron na axencia, a cousa é a mesma. Non haberá dificultades.

Polo que semella, na Academia vai haber dúas crases de académicos: os que son elixidos pola súa obra e os que son elixidos por vivir na Cruña. Como o sábado virá Paco traguerlle a Domingo uns exemplares a firmar dos

seus “Ensaíos” -fíxose unha pequena tirada pra vender a 500 pts confiando en que os merquen os amigos e clientes de Domingo que teñen cartos e axudar así a defender economicamente a edición-, eu transmitireilles ós dous a información da tua carta no tocante a ise tema da candidatura de G. Conde. Algunha vez temos falado tí e máis eu diste asunto i opino totalmente de acordo co teu punto de vista. Como Domingo, Paco e outros amigos nosos non saberán moito quen é G. Conde, pola miña parte non deixarei de os informar. Por outra parte, cando ti veñas por eiquí tamén será boa ocasión de falar deso.

Mandoche un recorte de “La Noche” de hoxe no que apareces como “novidade” na Crónica do Alvite.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

## VI

(Fingoy, 26 marzo 1963)

Querido Ramón: Desde lla peta botéi<sup>133</sup> ao primeiro tomo da Historia, ando, i elo déixame pampo, tan atafegado, que mesmo semella que contéi ca axuda dalgunha meiga pra facer o que agora non acerto a entender cómo puiden facer, pois, ceibe disa angueira, o tempo fáiseme máis curto que cando pesaba sobre min, i entálame antre valos tan cinxidos, que apenas pododo atender aos mesteres máis apremiantes. Non sei se conxuraches o teu andacio. O meu foi se facendo máis molesto ate que puiden me deitar o fin de semá, e me erguer o lus relativamente habre<sup>134</sup>. Aproveitéi a reclusión no leito pra enviar os libros anunciados nos papés que fixemos na túa casa, e hoxe saíron tamén a histórica oferenda ao Decano e a carta ao mesmo ilustrísimo señor, redactada nos termos convidados. *Alea iacta est.*

---

<sup>133</sup> Referencia ao comezo do poema de Manuel Leiras Pulpeiro “Desde lle a peta botaron...”, dedicado á morte de Pardo de Cela.

<sup>134</sup> Podería ser hábil, relativamente repostado da doenza.

O “Cancioneiro gallego del trovador Ayras Núñez”, dado a luz por Ramón Fernández Pousa, en Madrid, 1954, pertence a “Publicaciones de Revista de Literatura” (Fasc. 9 y 10.-Enero-Junio de 1954.-Págs. 219-250).

Agora teño que atopar un intre pra pensar se os nenos, os pais, os profesores, os porteiros e demais entes fingoiáns, me poden conceder un chisquiño pra me poñer unhas inxeicións que me recetou o noso amigo Domingo, e un chisco meirande pra me trasladar a Vigo –onde espero te atopar– cando sexa o momento, en vista do requerimento telefónico do noso Director-Xerente.

Entramentres, unha aperta do teu aburado,

Ricardo

## VII

(Fingoy, 24 maio 1963)

Querido Piñeiro: Lin a peza teatral de Xohana Torres,<sup>135</sup> pero acho que a copia que me deixaches está falta, ao que parez, dunha folla. Pode ser que ísta non conteña xa máis que unhas poucas liñas, ao mellor unha soa. Algo, endebén, lle falta, e non vexo xeito de que se me estraviase a min, pois non houbo ocasión pra elo. Olla, pois, se ficou esquecida no teu poder, i en tal caso mándama, pra que me enteire do que pasa no intre derradeiro. A derradeira folla que teño leva o número 84.

Falaremos da peza cando nos vexamos, e saberéi se atinxiches unha interpretación satisfactoria de certos supostos da acción que eu non vexo craros. Inda hei leela de novo, a ver se desaparecen as miñas dúbidas. Cicáis non haxa xeito de intentar un teatro galego non rural, como non sexa se inspirando no teatro grego, ou no francés, ou no irlandés, ou no alemán. Isto, ao menos, é o que fan os nosos dramaturgos. Ista peza poderíase representar moi ben en Dublín ou en Berlín. É teatro europeo en galego. Creo que Xohana ten máis talento dramático que calquera dos mozos

---

<sup>135</sup> Refírese a *Á outra banda do Iber* (1965).

cuias obras teño lido. A todos os supera no montaxe das esceas, se non estóu trabucado: e isto é a esencia do teatro verdadeiro. Creo, pois, que nos achamos en presenza dunha obra moi seria, con singularidades moi notabres, mesmo de técnica. ¡Qué bo papel houbera feito no Certame do Miño! Propóñoche que se incluía no tomo de teatro que se prepara, como non sexa que a súa extensión aconselle que se pubrique aparte. Porque ¿quén dúbida que é merecente de publicación?

Hoxe recibín unha garimosa carta de Otero, a quen chegou algún eco dos actos do 17 en Santiago. Eiquí Celestino encarregóuse de difundir noticias dos mesmos. Méndez Ferrín díxome que no acto de Lugo Alonso dixera cousas moi axeitadas.

Xohana, a quen non volví a ver despois de que pousóu conmigo e os demais pra unha fotografía en Fonseca, escribíume dende Madrid.

Xa non teño máis que che decir, senón que a ti, a Isabel e aos demais amigos, incluíndo os meus ilustres discípulos, que me rodeáchedes en Santiago de tanto agarimo, non podo menos de agradecer con emoción as mil probas de inmerecida estimanza con que xenerosamente i en mil formas quixéchedes esmagarme.

Apertas.

Ricardo

## VIII

(Compostela, 26-V-63)

Benquerido Carballo:

Acabo de recibir a tua carta. Nefeito, a derradeira folla do orixinal da Xohana atopeina eiquí. Mándocho, pois do contrario quedaríaste sin conocer o cabo da obra.

No seu aspecto literario, a min gústame francamente a obra da Xohana. Alégrome moito de compartir contigo esa opinión positiva, moi reforzada polo que me dis das suas virtudes escénicas, pois nise terreo eu

carezo de criterio. A coincidencia de xucios é tan plena que tamén eu tiña pensado –e faleillo a Paco– na comenencia de a incluír no tomo de teatro. Non preciso de che dicir canto me alegra esa coincidencia de opinións.

Preguntei polas fotos e dixéronme que as recollera Chan. Coido que así sería, pois estaban no S.E.U.

D. Ramón pasou por eiquí camiño da Coruña, onde deu unha conferencia sobre Aquilino. Onte contestoulle a Meijide Pardo na sesión académica. Houbo bastante xente.

A xornada compostelán do “Dia das Letras Galegas” tivo un fondo eco e deixou unha gran lembranza. A tua intervención resultou rigurosamente memorábel. O mesmo sinceiro entusiasmo íntimo que despertou no Cilistro, manifestado nos seus comentarios lugueses, bótase de ver por eiquí en todos os que a escoitaron. O comentario que máis me commoveu foi o de unhas rapaciñas de 1º de Filosofía, que decían, ó remate da conferencia, estas sorprendentes palabras: “Dispois de ouvir esta conferencia non nos importa que nos suspendan en Lingüística” (referíase a un eisamen, certamente duro, que tiñan ó día seguinte con Moreno Báez).

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

P.D. O Naya atopou nistes días un poema inédito de Rosalía. Polo visto versa sobre o tema da negra sombra. Pensa publicalo no “Boletín”.

## IX

(Compostela, 4-VII-63)

Benquerido Ricardo:

Como esta tempada tiven bastante rebumbio de viaxes e de atafegos heteroxéneos, xa non me lembro si temos falado ou non da reaparición do GRIAL. Hai cousa dun mes, autorizáronnos pra reanudar a súa publicación. As características que señalan, coinciden totalmente coas do GRIAL anterior –periodicidade trimestral, tamaño, número de páxinas e incluso o nome, pois

a autorización di “una revista cultural gallega titulada *Colección GRIAL*”–, pero engaden algunhas condicións que fan abondo ríxida a autorización, de tal xeito que si antes do 9 de setembro non sacamos o primeiro número, o permiso queda cancelado automaticamente.

De agora en diante teremos, xa que logo, o problema permanente de sacar trimestralmente un número da nosa revista. Verdadeiramente facía moita falla, pois é o gran vehículo pra íremos incorporando a xente nova que vai aparecendo, ademais de que nos permite espoñer e defender criterios orientadores con moita máis eficacia cultural que nos xornás.

Non sei si niste intre tes algún traballo idóneo pra o primeiro número ou si estás en condicións de o facer de inmediato. Eu tiña pensado aproveitar a tua conferencia rosaliá do “Dia das Letras Galegas”, posto que semella natural refrexar no GRIAL o centenario dos “Cantares”, pro xa soupen que aproveitaches pra ÍNSULA, cousa que tamén está ben. En todo caso, xa sabes que o GRIAL vai sair e que, de agora en diante, teremos que lle prestar atención trimestralmente. Certo que a necesaria variedade de temas e de firmas nos dará descansos –ogallá señan moitos–, pro non deixará de nos petar á porta de vez en cando.

Como marchei súpetamente a Madrí e demorei alí bastantes días –de paso axudeille a Penzol a empacar e dispoñer os libros que alí tiña, que eran bastantes e moi interesantes–, non soupen o número definitivo de matrículas que levou Chan. Seguro que foron moitas.

Unha forte aperta e cordial aperta do teu amigo

Ramón

## X

(Fingoy, 27, xulio, 1963)

Querido Ramón: Teño á vista a túa carta do 4 deste mes. Chegóume cando andaba a preparar a miña viaxe a Portugal, e dende o 7 estiven fora da casa ate o 23: primeiro en Vigo, logo en Portugal, despois en Vilardebós e finalmente en Ourense. Ao chegar a Lugo agardábame a realidade cotián en

forma de Colexio Fingoy, é decir, en forma de problema crónico irresoluble, inda que máis ou menos “conlevable”. Non estranarás, pois, que a miña resposta se demorara máis do que é o meu costume.

Daréiche algunhas noticias de min mesmo no que podan interesar aos nosos comúns traballos e proxeitos, e logo contestaréi a túa carta.

Co tempo cáxeque xusto pra emprender a viaxe recibín de Madrid a comunicación de cancelación de antecedentes e outiven o pasaporte. Fun a Vigo pra estudar alí os problemas prácticos do desprazamento, e fixen a viaxe só con María, por tren, ate Santo Tirso. Aloxáronnos nunha vila próisima, Caldas de Vizela. Incluíronme no “Coloquio do conto popular”, presidido pola maior autoridade mundial na materia, o profesor Stith Thompson. Álvarez Blázquez tamén foi inscrito nista sección. Apenas había nela españoles. Norteamericáns, ingleses, portugueses, holandeses, turcos, suecos, franceses, alemáns, austríacos, creaban un ambiente de extraordinaria altura científica. Asistín asiduamente ás sesións, cunha aplicacón de estudante, e percoruí adprender todo o posible. Sobre a miña comunicacón interesáronse especialmente unha especie de bispo luterano, o sueco Harald de Sicard, a quen asustou a miña interpretacón social dos contos do raposo; o profesor Ranke, de Götingen, en cuio arquivo internacional de narrativa popular quer incorporar os textos a que me eu referín, e o Dr. Howens, de Utrech, que “gostou imenso” da miña tese e celebróu extraordinariamente que fora redactada en galego. Anuncióume que encarregaría a un seu discípulo un curso de lingua e literatura galega naquela universidade. Presentéillo a Paco, e ficóu en relacións con Galaxia. A todos lles mandaremos a propaganda dos “Contos”, canda saia, e creemos que isto incrementará a difusón do libro e o coñecimento de Galaxia no estranxeiro.

Nos derradeiros días aparecéu por alí o Silvio, en viaxe particular. Eu creo que quería levar a Paco a Vilardebós, pero íste arranxóuse pra que eu o substituíra: en parte porque lle parecía beneficioso pra min aproveitar isa oportunidade. O caso é que paséi catro noites en Vilardebós, e din unha conferencia no bar do Ferreiro a aquelas xentes sobre os “Cantares Gallegos”.

Hoxe mandéi á Academia o meu informe sobre a proposta pra académico correspondente de Celestino [Fernández de la Vega], feita polos tres membros da xunta de goberno.

Verbo da colaboración en “Grial”, de inmediato non creo posible facer nada novo pra o primeiro número. Teño, endebén, algúns materiais inéditos que non sei se interesarían. En primeiro termo, poemas. Logo, a “Farsa das zocas”<sup>136</sup>, e “A arbre”, dúas pezas breves de teatro. A segunda mandárala a Oliveira Guerra pra “Céltica”, que ao parecer deixou de se publicar. A conferencia sobre Valle Inclán, redactada en forma de ensaio, foi enviada por Paco a “Papeles de Son Armadans”. Cela acusou recibo con grande entusiasmo, pero por razóns iñoradas, non se publicou. Dado o tempo transcurrido, e o feito de que o tiduo e o comezo referíanse ao vintecinco aniversario da morte de Valle, nisa redacción xa non pode publicarse. Paco pensaba pedir espricacións e reclamar o testo. Poderíamos poñelo en galego actualizándoo. Tamén teño un traballo lido en ocasión da Semana Luso-galaica da Cruña, e non publicado, sobre “Algunhas pegadas de Guerra Xunqueiro nas literaturas hispánicas”. Un exemplar está na Academia. Está redactado en forma de traballo de investigación, con abundantes notas bibliográficas; pero se lle poderían suprimir se –cousa que tes que considerar con moita calma– chegas á conclusión de que o aparato erudito non debe ter cabida en “Grial”. En fin, isto é o que teño á túa disposición, e que podería poñer a punto con moderado traballo. Cousa nova, non creo que poda facer, pois, aparte das miñas xa coñecidas angueiras, non sei se chegou á túa noticia que firméi un contrato pra entregar en outono o capítulo sobre “Literatura gallega contemporánea (1900-1963)” pra a “Historia das literaturas hispánicas” que dirixe Díaz-Plaja. Aínda non encetéi esta tarefa a prazo fixo. Serán unhas cincuenta holandesas. Hoxe ou mañá poréime a elo. Así, pois, tes todos os elementos necesarios pra me dar ordes, despóis de considerar o que sería máis comenente. E, por suposto, éme totalmente indiferente, dende o punto de vista persoal, colaborar ou non no primeiro ou en calquer número; o que non impide que vexa con entusiasmo o renacemento da revista, sobre cuia estrutura e orientación temos de falar.

Como ves, necesito ordear un pouco, con vistas á eficacia, e segundo un plan meditado, os meus traballos i estudos. Sobre isto tamén quixera falar contigo demoradamente, pra que trazáramos un programa

---

<sup>136</sup> *Farsa das zocas* (1948). Peza teatral de Carballo Calero publicada o mesmo ano que *Asombra de Orfeu e A árbore*, tamén da súa autoría.



que racionalizara a miña produción segundo unha finalidade concreta, e me liberara ate onde sexa posible da sensación de vértigo en que vivo. Relacionado con todo isto, están certas ideas que se me ocorren no orde profesional. De todo falaremos.

Logréi noticias de Montero, a quen, como sabes, escribira sobre a posibilidade de outar un nomeamento docente. Istan noticias parecen satisfactorias; e se non dou a cousa como segura é polo escepticismo pirrónico que neste caso concreto é recomendabre alimentar.

Xa fai dabondo que non nos vemos. A principios de mes ouvín falar de algunha deficiencia na saúde de Isabel. Dende entón nada soupén. Celebraréi moito que, como espero, esteades os dous perfectamente por istas datas.

Apertas.

Ricardo

## XI

(Compostela, 31-VII-63)

Querido Ricardo:

Tal como me anunciaras en Lugo, onte chegoume a tua carta. Eu cheguei ahí o sábado ás nove e media da noite pra ir o domingo xantar a Neira de Rei con uns cantos amigos en homenaxe a Enrique Santamarina<sup>137</sup>. Coidei que aínda estarías por Vilardevós, pois do contrario quizáis te chamase pra nos véremos pola noite.

Moi interesantes as novas que me das do Congreso etnográfico luso, así como as procedentes de Montero Díaz. Alégrome ben de que iste non mantivese indefinidamente o seu estrano silencio.

---

<sup>137</sup> Enrique Santamarina (Navia de Suarna, 1910- Nova Jersey, 2005). Doutor emérito no Cook College, na Universidade de Rutgers. Galeguista e republicano exiliado en 1947 acusado de colaborar coa resistencia antifranquista.

Nós sairemos mañá pra Vigo e alí dispoñemos o primeiro número do GRIAL. Amólanos bastante o ter que o sacar forzosamente antes do nove de setembro, porque nos obriga a improvisar cáseque todo. Con todo, non hai máis remedio que facelo así, porque non podemos perder a autorización que nos deron. Pra os números seguintes xa poderemos preparar as cousas con xeito. Tamén neste día agardamos ó Ferro [Couselo] en Vigo pra iniciar a catalogación da biblioteca da Fundación Penzol. O día 7 sairemos con uns amigos pra Valencia e Jaca –viaxe impensado– e coido que a mediados de mes estaremos de volta por Lugo. Informareime si estades ahí e, nise caso, falaremos longamente de todo. Hai moito de que falar.

Mándanos axiña a Galaxia a “Farsa das Zocas” por si decidimos incluila neste primeiro número. Neste ou noutro sairá, así como o resto dos traballos que tes dispostos.

Unha forte e cordial aperta de

Ramón

### XIII

(Compostela, 29-X-63)

Querido Ricardo:

Duas letras moi apresuradas –están agardándome pra saír– pra che recramar unha foto. Mellor dito, pra cha pedir. Trátase dunha petición que nos fan a nós dende Lisboa con vistas a un comentario cultural.

O libro dos contos populares entusiasma a todo o mundo. Vai ter un grande éxito.

Unha forte e cordial aperta de

Ramón

## XIV

(Fingoy, 2 novembro 1963)

Meu querido amigo: Mándoche a foto que me recramas.

A exposición de literatura galega vai pra diante, segundo parez.

Asimesmo, se está sobre aviso pra ver o que se pode facer na reitificación do Nomenclátor da provincia.

Xa lle mandéi a Paco o primeiro capítulo do segundo volume da Historia.

Mandéi á Academia o esquema de composición dunha antoloxía de textos galegos distribuídos temáticamente, con destino ás escolas de primeiro insino, que tiñamos que presentar Domingo, Paco e máis eu. Acusouseme recibo, anunciándome que se daría conta delo na próxima xunta xeral. Ise libriño pode tamén ser de grande interés i eficacia. O que agora quero suliñarche é que a comunicación da Academia está redactada en galego. Comeza a se por en práctica o acordo provocado polo escrito dos estudantes.

Magalí está en Madrid facendo oposicións. Con Montero aínda non establecéu contacto.

Lembranzas e apertas.

Ricardo





Carballo Calero en Rianxo, nun discurso ante o monumento a Castelao



**1964**





## I

(Fingoy, 6 xaneiro 1964)

Querido Ramón:

Pra che facilitar o desembrullo do estrano caso da Editorial Vergara, envíoches esa carta, onde constan nomes e datas concretas que non tiña na lembranza cando falamos en Vigo.

Como entón che dixen, e de acordo co que na carta se anuncia, recibín pouco despois o importe do meu traballo. Iste estará, ao que parece, en poder de Díaz-Plaja, se Pons chegou a llo mandar. Coido que agora non tardaremos en aclarar o ocorrido.

Ben mirado, vouche mandar outras dúas cartas do mesmo expediente que acretan que non se pensaba nin xiquera en que outro escritor compartira o encárgo. Podes facer distas cartas o uso que che parece.

Apertas e lembranzas.

Ricardo

## II

(Compostela, 12-XI-63)

Benquerido amigo:

Veño de botar uns días por Madrid, sin saber que estaba por aló Magalí. Coincidín, en cambio, con Otero, que foi pra tomar parte nun homenaxe a Risco.

Tiña eiquí a tua carta e maila foto que me pediron de Portugal. Mañá sairá camiño de Lisboa.

O libro de contos ten un éisito extraordinario. Tanto en Galicia como en Madrid encanta a todo o mundo. Causa verdadeira sensación. Leva camiño de se converter nun libro “crásico” na nosa literatura, cousa que estaría moi ben.

Sei que siguen os preparativos pra esposición luguesa do libro galego. Alégrome ben.

Temos moito que falar. Irei por ahí canto antes poida.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

### III

(Compostela, 16-I-64)

Querido Ricardo:

Recibín a tua carta. Xa acrearei o problema. Será o teu traballo o que figurará no tomo da “Hist<sup>a</sup> das Literaturas Hispánicas”. O equívoco naceu do feito de térense feito os dous encargos, primeiro a Filgueira e despois a ti. Filgueira nono chegou a facer e tan só cruzou correspondenza sobre o particular. Do tono impreciso e vago desta correspondenza sacaron o xuicio que espresaron sobor dil. A equivocación que tiveron foi a de coidar que o traballo recibido era o dil e aplicarlle o xuicio que tiñan formado a través da correspondenza. Alegráronse moito de comprobar o erro e ver que o traballo non era dil senón teu e que estaba feito pola persoa máis idónea pra tal encargo.

Devólvoche a correspondenza tua con Vergara porque xa non é necesaria.

Os universitarios queren formar un gran xurado pra fallar o Premio do Teatro Galego o 17 de maio. Queren que figures ti, Celestino, del Riego, Cunqueiro, un director de teatro, ourensán, que polo visto é persoa idónea e que figure como presidente honorario o Rector. Quedou o Celestino de recabar a tua conformidade. A cousa pode resultar moi interesante, porque pode ser un concurso regular e convertirse no premio máis prestixioso das letras galegas.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

## IV

(27 xaneiro 1964)

Querido Ramón: Recibín a túa carta coas que che mandara da editorial Vergara.

Por suposto, non dubidéi en aceptar un posto no xurado de teatro, pois non me creo autorizado pra refusar ista cras de servicios, aunque xa sabes cánto traballo teño. Supoño que se estarán elaborando as bases. Non sei quén me nomeou xurado, non sei quénes son os orgaizadores do concurso, en definitiva. Corre o rumor de que non se limitará a universitarios. Sería de desexar que foran copiosas as obras presentadas, polo que convén desenrolar unha activa campaña de prensa facendo propaganda. As bases deben asinalar un mínimo de extensión, tres, ou, polo menos dous actos, ou un mínimo de duración, pra coidar que haxa ao mellor que decidir entre unha traxedia en cinco actos e un paso que se desenrole en dez minutos. Pero como o teatro breve ten grandes posibilidades poéticas e aos galegos, nas circunstancias actuás, cicáis lles conveña máis que o longo, debería se admitir que un concursante presentara, como unha soa peza aos efectos xurídicos, un conxunto de pezas curtas que sumadas reuniran as condicións de extensión ou duración reglamentarias, inda que non tiveran entre sí relación temática.

Ando dándolle voltas na cachola á Gramática, e vou pouco a pouco perfilando o seu esquema. ¿Paréceche que debería ou non levar ao final un vocabulario de galego básico? De momento teño que botar fora o traballo de antoloxía que me encomendou a Academia. Dáme dabondo que facer coas traducións, que non sempre son doadas. Verdadeiramente, non sei cándo poderéi facer de todo o que me comprometo a facer. A miudo caio na desesperación, cando os asuntos do Colexio complícanse en forma que non podo pensar noutra cousa que neles, e inda así apenas me é posibre lles facer frente: canto máis a todas istas empresas científico-literarias ás que me deito.

Apertas.

Ricardo

## V

(Compostela, 1-II-64)

Benquerido Ricardo:

En verdade eu seiche moi pouco do relativo ó concurso teatral galego, porque non interviñen no asunto. Somentes sei que o premio será de dez mil pesetas, que se chama Premio Castelao, que poden concorrir todos, universitarios ou non, que se fallará o 17 de maio e que formades o xurado ti, Celestino, Cunqueiro, Paco e un señor de Ourense que non conozo. Non conozo as Bases. Sei, eso sí, que andan a voltas coa tramitación, porque eso está, polo visto, moi regulamentado. Alá os rapaces tecen e destecen no asunto e coido que o farán ben. Polo menos xa fixeron o miragre do Premio, que non é pequeno.

Alégrome ben de que vaia madurecendo na tua mente o plan da futura Gramática. Non me parece mala idea a de lle poñer un vocabulario como apéndice. Entre nós esas cousas sempre son útiles.

O Paco ten que seguir co réxime e co tratamento. D. Ramón anda a se laiar por medo a que esteña facendo demasiada penitencia, pro os médicos non amolecen coa retórica dionisiaca do ourensán e manteñén a Paco na asisada liña dun prudente estoicismo.

Andamos ás voltas co nº 3 do GRIAL. Pra o nº 4 temos unha pequena e fermosa antoloxía de poesía medieval galega traducida ó inglés por Miss Jean R. Longland.

Os de B. Aires andan matinando en celebrar con grande pulo o centenario feixonían que polo visto cadra neste ano.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

## VI

(Compostela, 30-III-64)

Querido Ricardo:

Mándoche iste artigo que publicou o Lastres na “Noite” do sábado. Os datos que dá coinciden co que me dixera a min o Gonzalo López Abente: que Rosalía estivera na sua casa. Xa se ve que a tradición familiar dos López Abente conserva moi viva a lembranza dise feito.

Estivo por eiquí o Basilio Losada, de camiño pra Portugal. Xa me dixo que falara contigo en Lugo.

Lin onte no “Faro” a páxina adicada a Shakespeare. Contrariamente ó que Paco me dixera, a páxina estaba integramente en castelán. O único artigo en galego estaba noutra páxina. Non creo que se deba a impedimentos extrínsecos.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

## VII

(Compostela, 7-IV-64)

Querido Ricardo:

Os de “Ínsula” escribíronlle a Domingo a carta que che acompaño. Coidamos interesante conocer a tua opinión sobre o problema consultado por iles. Lé, pois a carta do Canito e devólvella a Domingo con unha nota tua na que conste o teu pensamento sobre o particular.

O Lapa matina vir niste mes a dar un cursiño sobre o trovador Lopo Lías.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

## VIII

(Fingoy, 8 abril 1964)

Querido Ramón: Agradézoche o envío do artigo de Lastres<sup>138</sup> verbo da estancia de Rosalía en Muxía. Hei de volver sobre ise asunto, pois teño algúns dados tanxenciás novos. Coido que ao asinalar como data da romaría o 8 de setembro, atívenme ao que di Otero na súa “Guía”. Supoño que Lastres estará mellor enteirado. Algún ano a romaría caerá o 8.

Hoxe recibín a carta de [Enrique] Canito a Domingo [García-Sabell]. Xa lla devolveréi.

Coido que non tardaréi moito en me poñer a redactar a Gramática, pois se agardara a estar preparado ate o derradeiro escrúpulo, temo que non podería empezala nunca. Todo iste tempo teño madurado o plan e leído o que puiden a fin de reducir as probabilidades de erro. En todo caso, haberá que facer un traballo modesto e prudente. Con tal que supere as Gramáticas galegas existentes débémonos dar por satisfeitos. A miña grande preocupación é a fonética, pois non acho información encol do timbre das vocales átonas. Isto está moi estudado en portugués, pero é iste un campo en que as dúas falas téñense afastado enteiramente, non en detalles, senón na mesma estrutura. De xeito que non val o traballado pra a lingua irmá. E como non hai estudos galegos, vai resultar moi probe iste capítulo, que polo de agora tense que reducir a xeneralidades de fundamento etimolóxico, cando só os resultados da fonética experimental poden proporcionar datos concretos.

Pra o próisimo “Grial” mandaréi unha nota de “Bibliografía rosaliana”, seguindo a nacente tradición iniciada no número anterior. Nela discutiréi algunhas asercións de Bouza. Pra iste fin, necesitaba consultar o traballo de González Besada<sup>139</sup> sobre Rosalía. Non o acho eiquí, e inda que lle mandéi recado a Paco de que mo remitise, ise home rompéu conmigo

---

<sup>138</sup> Refírese a Manuel Lastres Abente, curmán do poeta Gonzalo López Abente.

<sup>139</sup> Augusto González Besada (Tui, 1865- Madrid, 1919). Importante estudoso da vida e obra dalgúns fundamentais escritores galegos como demostran as súas monografías *Rosalía de Castro. Notas biográficas* (Madrid, 1916) ou *Manuel Curros Enríquez. Biografía* (1952); esta, en colaboración con Félix Melendo Abad.

toda comunicación dende fai tempo, sexa porque anda moi atafegado ou por calquera outra razón. Se ten Domingo ise libro –en calquera das súas edicións– ou calquera outra persoa de quen o podas conseguir, conviría que mo mandaras. Devolveríao pronto.

Apertas.

Ricardo

## IX

(Compostela, 16-IV-64)

Querido Ricardo:

De volta de Madrid atópome eiquí coa tua carta. Mándoche por correo o libro de González Besada.

Domingo recibiu a tua resposta á pregunta do Canito.

Está por eiquí o Rodrigues Lapa. Fará un cursiño sobre Lopo Lías cos rapaces de Románicas.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

Andan recollendo firmas de “intelectuales” galegos ó pe dun escrito dirixido ó Ministro de Agricultura pedíndolle que resolva o problema dos campesiños galegos. Non sei si che solicitarán ou non a tua firma. Eu non firmei, porque sei que ten un orixe oriental.

## X

(Compostela, 3-VI-64)

Querido Ricardo:

Coido que xa terás recibido o nº 4 do GRIAL. Polo menos xa acadamos o mesmo número que na primeira serie, i en certo xeito podemos confiar en que esta será moito máis longa.

Como nos movemos nuns límites cronolóxicos forzados, temos que dispoñer axiña o número 5. Sería ben que nos enviases a conferencia que deches en Pontevedra en col do P. Feixóo.

Si podo, o sábado irei a Lugo pra asistir á inauguración do Concurso-exposición de Pintura Galega.

¿Sabes que o Torrente veu destinado a Pontevedra? Xa alugou casa na vila do Filgueira.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

## XI

(Compostela, 15-VI-64)

Sr. D. Ricardo Carballo Calero

Lugo

Querido Ricardo:

Onte cando marchaches quedei matinando e matinando nas tuas xustificadas arelas de meirande sosego no traballo. Partindo da tua idea de revalidación da adxuntía, que consideras valedeira como solución inmediata, non dei nunha vía mellor pra intentalo que a do ilustre Filgueira. Entre totalas persoas asequíbeles, considero que é il quen está en mellores condicións de o xestionar con proveito. Pensa neso. A min non se me ocorre outro mellor.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón



## XII

(Fingoy, 31 agosto 1964)

Querido Ramón: En carta que me chegou de Paco, íste me di que por qué non te encárrego a ti de me percurar en Santiago a “Gramática” de García de Diego, pois il non dispón dela e presume dificultades pra outela. Como me dixeches que ti a tiñas, coido que, efectivamente, visto isto, será mellor que ma mandes.

De Montero non tiven noticias ate agora.

En setembro teréi que ir a Santiago pra que Sixto me vexa as articulacións.

Lembranzas e apertas.

Ricardo

## XIII

(Compostela, 1-IX-64)

Querido Ricardo:

Chamei a Moreno Báez por teléfono pra aclarar a información que il lle dera a Domingo en col da tua proposta. Falei coa dona, porque il tiña marchado a Madrid e non volta deica o día 11. Ela preguntoume si era algún asunto importante ou urxente, pra lle telefonar si era preciso. Espriqueille de que se trataba e díxome que ela nada sabía, pro que, en todo caso, ises problemas non se tratarían na Facultade antes do día 11. Eu sigo pensando que foi un erro de Moreno.

Axiña recibirás o GRIAL. Coido que resultou un número bó.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

Antes de levar esta carta ó correo recibín a tua. Xa che enviarei o libro que precisas.

## XIV

(Fingoy, 10 setembro 1964)

Querido Ramón:

Recibín a túa carta do 1, e tamén a Gramática de García de Diego. Montero Díaz apareceu por eiquí. Avisóume por telegrama sen indicar o momento da chegada. Vino xa de noite. Acompañábao o seu fillo. Ceóu e durmíu nun hotel, e á mañá seguinte conferenciamos. Marchouse denantes de xantar. Quedou en estar ao tanto do asunto dos adxuntos e me informar cando proceda.

Recibín o Grial. Aínda non puiden leelo. Supoño que o traballo inicial sería redactado orixinariamente en portugués. ¿É que non está permitido insertar textos nista lingua?

Pra un certo traballo convíñame comprobar unha referencia á versión galega da General Estoria, que non atopo eiquí. O P. Crespo cítaa pra a voz alomear, co senso de alumar, alumiar, alumear. Pero como resulta que hai un alomear co significado de nomear habería que consultar os pasaxes correspondentes pra ver si efectivamente neles trátase de lume e non de nome. Supoño que tes o libro. No glosario indícanse as páxinas correspondentes. Agradeceríache que ollases as frases pra ver a significación.

Unha forte aperta.

Ricardo

## XV

(Compostela, 21-IX-64)

Querido Ricardo:

Acabo de chegar de viaxe. Deixei a Isabel o encargo de abrir a correspondenza durante á miña ausencia e de cumprimentar as cousas urxentes que estivesen ó seu alcance. Tocante á tua carta do día 10 díxome

que che enviara a “General Estoria” por Antonio Rosón. Supoño que cha faría chegar.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón



Álvaro Cunqueiro e Otero Pedrayo



**1965**



## I

(Fingoy, 17 xaneiro 1965)

Querido Ramón:

Onte chamou por teléfono Ana María Mugica pra dar conta do resultado dos exames da nosa recomendada. Dixo que a aprobara en Química exercitando moita benevolencia, e que tamén fora posibre aprobala no exercicio escrito de reválida; pero que foi imposibre facelo no oral porque fallou nos tres grupos. Ate eiquí as manifestacións de aquela señora. Sinto que o éxito non fora completo.

Don Antonio Fernández está desexoso de que rapaces que rematen a súa carreira en Santiago traballen con becas da Fundación Penzol. Parécelle que persoas coma ti, que teñen contacto coa mocidade universitaria, poden se fixar nas persoas axeitadas i estimulalas a solicitar as becas. Encarregóume que cho faga saber.

Onte asistín a un xantar que se lle dou a Aníbal Otero. Foi organizado por Alonso Montero, quen me dixo que contaban conmigo entre os posibres comensás. Coido que se trataba de festexar o seu nomeamento de académico [correspondente]. Eu era o único numerario asistente. Houbo unhas trinta persoas, todas de Lugo, pois tiña carácter local. Segundo a moda actual, non faltaba o elemento femenino. Unhas seis mulleres debía haber alí, donas de catedráticos do círculo de Alonso e profesoras elas mesmas. Conocín, pois, ao lexicógrafo de Ribeira de Piquín, que estivo humán, cordial e afable.

Isto é todo, por hoxe.

Unha aperta.

Ricardo

## II

(Compostela, 20-I-65)

Benquerido Ricardo:

Recibín a tua carta. Agradezo moito a vosa intervención protectora a favor da miña sobriña. Foi a primeira i a única vez que lle percurei recomendación en toda a carreira, porque dende neniña alá na aldea sempre foi seria i estudosa. E percureilla únicamente pra D<sup>a</sup> Ana María Múgine<sup>140</sup> porque era a única [á] que ela lle temía. Agora témola eiquí pasando uns días con nós. Tamén ela vos agradece vivamente a vosa axuda, pois sabe que eu me valín de vós.

Eu alégrome moito desa vontade xenerosa de D. Antonio de que os rapaces que rematen a carreira en Santiago poidan aspirar a traballar con becas da Fundación Penzol. Como é natural, prestarei toda a miña atención a ise problema, pois é certo que convivo moi achegadamente cos universitarios e podo aproveitar esta circunstancia pra estimular ós posibles candidatos. Eso é ben interesante.

Algo ouvín decir, cando estiven ahí, de que o Alonso matinaba en homenaxear ó Aníbal Otero, pro non sabía nin a data nin o carácter do xantar, que xa vexo que foi máis ben local lugués. Eu alégrome, porque o Aníbal, que é un bó home, vive retraído e isolado i estas xornadas de convivencia cordial daranlle azos.

Onte estiven vendo un vello libro impreso eiquí en Santiago que é unha especie de album literario do Colexio Maior de Fonseca, no que figuran varias composicións galegas. Como eu tiña moita presa, non puíden facer máis que botarlle unha ollada rápida e arredalo, xunto con bastantes cousas máis, pra facer unha lista e mandarlla a Penzol. Como é case seguro que os mercará, xa te informarei con máis detalle. Si alí aparecen poemas ou poetas non incluídos no tomo II da Escolma, pode ser interesante que ti os deas a conocer.

---

<sup>140</sup> Decantámonos por Múgine aínda que a lectura non é clara. Tamén pode lerse Múgica.



Amostroume o Bouza a resposta do Rubén ó Saez, que está moi ben feita. Non sei onde a publicará, porque a polémica é tan persoal que encaixa mal en calquera revista.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

### III

(Compostela, 16-II-65)

Benquerido Ricardo:

Fun co Paco a Anadía e máis a Coimbra pra tratar co Lapa da posta en circulación da edición das “Cantigas de Escarnho e Maldicer”, que xa está lista. Quedou moi ben. O Lapa estaba emocionado co seu monumental libro, que pesa dous kilos e ten arredor de oitocentas páxinas. Oitocentas páxinas fina i escrupulosamente peneiradas pola mente paciente e sensíbel do noso gran amigo.

Agora acabo de recibir un telegrama do Machado da Rosa anunciándome que chega mañá, día 17, eiquí a Compostela. Tíñame dito, hai varios meses, que viría a Compostela e que quería xuntarse no Hostal cos seus amigos galegos, mostrando particular desexo de que, entre os amigos, figurase tamén “o Ricardo Carballo Calero, pra ter o pracer de conhece-lo persoalmente”. Eu non sei os días que demorará por eiquí, pro apresurome a te poñer en garda pra que esteñas preparado a emprender a roita xacobeá. O Machado seica vai cambiar de Wisconsin pra California, según me informou o Da Cal.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

## IV

(Compostela, 26 de abril de 1965)

Benquerido Ricardo:

Non teño máis remedio que che lembrar a promesa do comentario encol das “Cantigas de Escarnho” pra o Grial. Resulta que xa non podemos demorar máis a elaboración do número 8.

Por certo que está por eiquí o Lapa e onte, ó lle falar da homenaxe a Pimentel, decateime dunha cousa: que podemos publicar a interesante conferencia que ti pronunciaches naquil aito. Si a tes a man, mándama decontado. Coido comenente que se pubrique.

Xa comenzaron a chegar pezas de teatro pra o concurso diste ano. Contan que concurran tantas como o ano pasado.

Mira unha cousa: o Lapa interesouse moito polo poema de Araceli. Si ti me quixeras xestionar unha copia! En realidade case sería ben que me xestionaras copias dos dous poemas premiados das dúas irmás, porque a razón principal do interés do Lapa é o tratarse de raparigas novas que escriben poesía galega.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

## V

(Fingoy, 2 maio 1965)

Querido Ramón:

Non esquecía o noso acordo de que eu fixera unha nota pra Grial sobre a edición das Cantigas. Pero, demasiado atafegado pra levar conta dos prazos en que necesidades o orixinal e mesmo das datas en que a revista sai, andaba a leer con atención o enorme volume, a fin de escribir algo que fora resultado dunha consideración detida. Isto requeriría tempo

dabondo, porque actualmente estáo solicitado por mil angueiras. Temo que a túa carta deba ser interpretada no senso de que vos é xa urxente dispor da nota, e por iso cha mando, inda que non a puiden preparar como quixera.

Non sei se pensaches que o traballo sobre Pimentel que coidas comenente publicar, podería tamén se destinar ao próximo número da revista. Agora non podo enviarcho, porque dende logo non o teño feito. A conferencia foi preparada mediante un guión e foi desenrolada oralmente. Non a teño escrita. Materías pra un traballo que versase sobre o tema teño demasiados. Vin os papés de Pimentel, e toméi moitas notas. Elaborar todo iso levaríame moito tempo. Eu faríao con gosto, porque creo que aportaría novidades. Confío en que algún día sexa posibre. Pero rógoche que me digas se non é mellor renunciar polo de agora a tal empeño. Efeitivamente, o voso criterio é que urxe a redacción da Gramática. Éme imposibre facer as dúas cousas a un tempo. Xa teño detido o segundo tomo da literatura. ¿Non é o axeitado adicar á gramática todo o vagar dispoñible? ¿Ímola demorar máis? Inda dándolle prioridade non sei cándo a podería rematar. Coido que non me debo poñer a outra cousa nistas circunstancias, como non sexan pequenos traballos de urxente actualidade. Se remato a Gramática e a Literatura poderemos nos dar por contentos. Pero á miña idade e co traballado que ando, só concentrándome nisto podo ter algunha esperanza de levalo a cabo. A Del Riego seméllalle que a Gramática debía estar xa feita. I eu non sei cómo apurala, nin cómo mantela nun nivel decoroso en medio de tanta premura.

Verdade é que eu mesmo aumento as dificultades aceptando conferencias i encárgos que me consomen moito tempo, porque non sei improvisar e traballo co escrúpulo que me é necesario pra non cair no descreto. Pero isas actividades, ao que parez, son xulgadas utis, e véxome envolto nelas sen saber cómo. Din unha lección no Curso de Galego que ilustréi con recitados dos meus alumnos. Agora queren que na clausura represente toda “Pimpinela”. I eiquí me tes loitando cos rapaces, adaptando a obra ás necesidades do local, escribindo o papel dunha narradora que refira as esceas que non nos é posibre montar e citando a antigas alumnas pra que veñan a colaborar a fin de que as cousas saian o mellor posibre. Todo isto me rouba tempo, pero agora a xente fala do Grupo de Teatro

de Fingoy, e como tal cousa non é senón catro rapaces aos que teño que hipnotizar pra que non fiquen demasiado mal, véxome nun compromiso do que intento saír sen que todos fagamos o ridículo. Vou sacándome da manga, como un ilusionista, poetas e actores criados en Fingoy; e a xente os aplaude, e parez que o merecen. Obrigo a unha rapaza a facer uns versos, e gaña a fror natural; disfrazo a outra de Pimpinela, e o púbrico fica encantado. Algo supón isto pra o galeguismo, e inda que a miudo me arrepiño de me meter en tanto laberinto, e cicáis valoro escesivamente a eficacia do que pode ser ilusorio ou efímero, non sei resistir á tentación dun traballo tan ousado, que me dá unha ledicia que non acho no meu traballo persoal.

Pedínlle a Araceli<sup>141</sup> que me fixera as copias dos poemas pra o Lapa, pois anque eu debo ter nalgunha parte ises poemas, buscalos e copialos, por moi sinxelo que pareza, é cousa que non sei cando podería facer. ¡Teño fai tres días no meu poder o paquete das obras de teatro e inda non o abrín! O luns visitaráme Araceli pra que a ensaie o seu papel de narradora en “Pimpinela”, e supoño que me traxerá isas copias, que che mandaréi axiña.

Dirás que pra andar tan atafegado como me pinto, badúo demasiado; pero ten en conta que che escribo ás dúas da madrugada, e que un home necesita de cando en cando espilir ilusoriamente as súas cargas latricando sobre elas sin ton nin son cos amigos que sabe que recibirán con indulxencia as súas desasisadas ou estrafalarias lerias.

Apertas.

Ricardo

---

<sup>141</sup> Referencia a Araceli Herrero Figueroa, luguesa, catedrática de Lingua e Literatura da Escola Universitaria de Maxisterio de Lugo. É autora de diversos estudos literarios no ámbito galego, entre os que salientan os dedicados a Luís Pimentel.

## VI

(Compostela, 4 de maio de 1965)

Benquerido Ricardo:

Veño de recibir a tua carta e maila nota encol do libro de Lapa. Dende logo, eu estou completamente de acordo con todo o que dis na tua carta respecto da absoluta prioridade da Gramática a calquer outro traballo. En realidade eu sempre participéi dese criterio e si semella incongruente con il o feito de che pedir o traballo sobre Pimentel, a contradición non é máis que aparente porque eu partía do suposto de que tiveras a conferencia escrita, en cuio caso non había gran incoemente en aproveitala nesta ocasión para o GRIAL 8. Queda, naturalmente, pra cando seña oportuno.

Non sería eu quen che reprochase o tempo que “gastas” en preparar e mobilizar ás raparigas e máis ós rapces pra levar a cabo iniciativas de tipo cultural. Pola contra, coido que ise aspecto do teu labor e importantísimo, porque é fecunda semente pra o futuro. Con menos froito que ti, eu teño “perdido” moitos milleiros de horas en tarefas máis ou menos semellantes. Por eso sei moi ben a enorme importancia que eso ten. Tanto os Xogos Florás de Compostela, como a homenaxe a Pimentel, como a clausura do curso de galego coa representación de “Pimpinela” son cousas que merecen todo o tempo que se lles consagre. Entre a posta de “Pimpinela” e un retraso de un mes na aparición da Gramática, coido preferible o retraso da Gramática.

Iste ano, según me dixeron, hai gran concurrencia de pezas teatrás galegas. Sería estupendo que algunha delas fose boa. Inda que no ministerio retrasaron moito a autorización das Bases, a xente conócese que xa tiña as obras preparadas porque acudiron o mesmo.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

## VII<sup>142</sup>

(Fingoy, 4 maio 1965)

Querido Ramón:

Van ahí copias das tres poesías premiadas de Araceli, e unha da súa irmá Carmen, a que xulgo máis espontánea e graciosa na súa inxeleza.

Araceli fixo ises versos aos dezaséis anos, que son os que inda ten. Carmen escribiu isa poesía como exercicio na miña crase de Literatura o curso pasado, á idade de catorce anos.

Cordías saídos a Rodrigues Lapa.

Apertas.

Ricardo

## VIII

(Fingoy, 9 maio 1965)

Querido Ramón:

Non acho dados relativos ao endrezo do representante de “O Galo”, a quen lle escribo pra certas aclaracións. Inda que é posibre que a carta chegara ao seu destino sen máis precisións que as do sobre adxunto, perante o temor de que poida non ser así, considero máis seguro cha remesar co rogo de que a mandes ao seu destinatario, o que supoño doado pra ti.

Recibín a túa carta do 4. Supoño que se cruzaría cunha miña na que che incriúa os poemas das irmás Herrero.

Apertas.

Ricardo

---

<sup>142</sup> Nesta edición suprimimos os poemas aos que se fan referencia nesta carta.

## IX

(Fingoy, 17 setembro 1965)

Querido Ramón: Non sei se a istas alturas estarás enteirado ou non de que Moralejo<sup>143</sup> me ofrecéu o encárrago da cátedra de Lengua e Literatura Galegas. Celestino díxome que estiveras eiquí recentemente, e que entón nada sabías do asunto. A noticia é tan recente que hoxe aínda debe ter chegado a Santiago a miña resposta. Moralejo escúsase por non poder dispor de remuneración axeitada. Dime que podería adicar dous ou tres días seguidos á cátedra e continuar en Lugo o resto da semana, e que si acepto se esforzaría en percurar os medios de paliar as molestias, e quebranto económico que isto tería que me producir. Efeitivamente, íste sería moi grande; pero ¿cómo podería eu pensar en refuser? Así que contestéi afirmativamente. Se paso con éisito o concurso pra adxuntos de Instituto, que se celebrará en outono, me situaréi nunha posición modesta, pero que me permitiría respirar e vivir tranquilo. Pra min sería dabondo. Pero esta aproximación á cátedra supón demasiadas posibilidades dun labor gozoso e útil pra que retroceda ante o que tantas veces temos maxinado. É un forte risco, e un cambio económico desfavorable de moita gravidade; pero a esperanza de que así se reforcen as miñas posibilidades de gañar a cátedra obrígame a xogar isa carta. Só interesa moito que poda conservar como reserva a futura adxuntía, pois en caso de necesidade sería xa o meu único retiro. A iso sí que non pododo renunciar. Espero que poida ser agregado, se alguén se interesa por elo, á Universidade ou a algún Instituto de Santiago, ou Lugo. Supoño que haberá fórmulas pra istes casos; ou, polo menos, que poderéi pedir a escedencia sen que se me obrigue a un previo período de exercicio se o destino é lonxe, porque nise caso non me sería posible me ocupar da cátedra. En fin, teño que ver cómo arranxo o do Colexio. Unha

---

<sup>143</sup> Abelardo Moralejo Laso (Argujillo, Zamora, 1898-Santiago de Compostela, 1983). En 1927 era xa catedrático de Lingua e Literatura latinas da USC, onde se xubilou en 1968. Foi alumno en Madrid de Menéndez Pidal, e de Unamuno en Salamanca, en cuxa universidade cursou Filosofía e Letras, Integrouse no Seminario de Estudos Galegos e foi amigo de Otero Pedrayo. Publicou unha inxente cantidade de traballos en diversas áreas filolóxicas, entre eles destacan os estudos sobre o *Codex Calixtinus*, do que foi tradutor. Académico da RAG e colaborador do Instituto Padre Sarmiento, foi ademais decano da Facultade de Filosofía e Letras.

complicada tea de esperanzas e incertidumes, de ledicias e preocupacións de toda índole. Puxen ao corrente a Moralejo de todo isto, e veremos cómo actúa. Parez desexoso de dar facilidades. Tería que organizar a miña media residencia en Santiago, sobre o cal, naturalmente, non tiven aínda tempo de pensar nada. Moralejo fala de subvencionar os desprazamentos. Eu iréi por aí calquer día a conversar con el, se como agardo me escribe confirmando o acordo; e, por suposto, falaréi contigo longamente e requiriréi o teu consello pra unha serie de decisións relativas á posta en práctica de tantas novidades.

O retraso do Grial tenme preocupado. Xa sei que xurdíu a dificultade do traballo de López Nogueira; pero non sei se foron en definitiva e de qué xeito superadas as aprensións.

Unha forte aperta.

Ricardo

## X

(Madrid, 5 novembro, 1965)

Querido Ramón: Eiquí me tes aínda, sin saber cándoo poderéi abandonar ista inhospitalaria Babilonia, onde me [ilexible] nun ocio sen acougo a maior parte do tempo. Dispoñen as ordeanzas que os exercicios se verificaran no mes de outubro, pero o tribunal entende que con encentalos nise mes, pode prolongalos canto lle acomode. O 30 comparecimos, entregamos as memorias esixidas e inmediatamente se nos despedíu deica hoxe; e hoxe, feito o exercicio correspondente, se nos despedíu deica o día 9. Así que supoño que non ficaréi ceibe denantes do 10, pouco máis ou menos. As miñas noticias previas agoiraban un rapidísimo desenrolo dos acontecementos. Ao cabo, somos só sete concursantes pra iste tribunal. Pero na miña inxenuidade non prevín que os intereses do tribunal non coinciden cos dos reos. Pra istes, toda demora ocasiona gastos; pra aquil, toda demora determina ingresos.



Tan creído estaba de que regresaría axiña, que trouxen a María conmigo, e agora vémonos os dous eiquí sitiados, porque ir e volver entre cada exercicio resultaría máis gravoso de aturar. Coidaba que a partir de hoxe todo marcharía sen pausa, pero non sendo así teño que meditar se debo enviar a María a Lugo e ficar eu só, o que tamén plantearía graves problemas, pois atopamos moitas dificultades de aloxamento, e ficando eu só non podería continuar no que ao fin logramos, e dame noxo andar como o primeiro día percorrendo a vila e corte en demanda de albergue axeitado pra a miña humilde persoa. En fin, mal instalado e sentíndome alleo a todo o que me arrodea, aburado polo melancólico sentimento dos días só que fai tantos anos encetaba os cursillos que agora teño que rematar, esmorezo escoitando a pronuncia do enxebre pobo de Madrid, que non ten pra min ningún encanto.

Como tantas veces, o factor sorte parez que xoga a invitarme. En todas as oposicións hai un tema que constitúe o honor dos opositores. En lingua e literatura iste tema é Cervantes. Pois iste tema foi o que hoxe tiven que desenrolar durante unha hora, xa suporás con qué gañas.

Fáltannos un ou dous exercicios prácticos, que non sabemos ben en qué consisten. ¡Cánto tempo perdido! Eu xa non sei se son veciño de Lugo, de Santiago ou de Madrid. Hannos pagar ben cara a benevolencia que queiran ter con istas reliquias de outros tempos.

Lembranzas na túa casa e na de Domingo.

Teu.

Ricardo



**1977/1982**



# I

(5-III-77)

Benquerido Ricardo:

Esperamos que mañán, domingo, sairá nos xornáis este escrito noso. Como ves, cínquese exactamente aos termos do que falamos hai días. Coido que nono poderán refugar razoablemente todos aqueles que se identifiquen coa realidade galega e que, ao mesmo tempo, acepten a normalización constitucional democrática que se prepara. Agora fáltanos por ver a eficacia do noso chamamento, pero, en todo caso, nós facemos o que podemos para que se acade un entendemento.

Unha forte aperta de

Ramón

## **Por un pacto galego**

Sebastián Martínez-Risco  
Fermín Penzol  
Domingo García-Sabell  
Rafael Dieste  
Ricardo Carballo Calero  
Luis Seoane  
Valentín Paz Andrade  
Enrique Vidal Abascal  
Anxel Fole  
Ramón Piñeiro  
Marino Dónega  
Celestino Fernández de la Vega  
Lorenzo Varela  
Isaac Díaz Pardo  
Xenaro Mariñas del Valle

Eduardo Moreiras  
Andrés Fernández Albalat  
Manuel Gallego Jorroto  
Luz Pozo Garza  
Xosé Chao Rego  
Xaime García Lombardero  
Andrés Torres Queiruga  
Xosé M. López Nogueira  
Manuel Espiña Gamallo  
Ricardo Palmás  
Camilo G. Suárez-Llanos  
Xosé L. Franco Grande  
Carlos Casares  
Paco Martín

## **Chamada aos partidos políticos de Galicia**

Semella inminente a convocatoria electoral para unhas Cortes que, inevitablemente, funcionarán como constituintes, xa que a súa misión fundamental será a de discutir e aprobar unha Constitución. Mas como as normas constitucionais van regular os dereitos democráticos dos individuos e mais os dos pobos, a nós, galegos, atinguiránnos dobremente: como cidadáns e como pobo.

Ora, si os dereitos individuais de cada cidadán van contar nas futuras Cortes con defensores procedentes de todo o territorio español, os dereitos colectivos de cada pobo terán que ser defendidos polos representantes que este mesmo pobo elixa. Ninguén, a non ser os propios galegos, vai defender os dereitos de Galicia como pobo con personalidade nacional. Poderemos contar, e sin dúbida contaremos, co apoio dos verdadeiros demócratas non galegos, pero a defensa dos nosos dereitos é misión e responsabilidade nosa.

Estamos certos de que o sentimento desa responsabilidade colectiva sempre está vivo na maioría dos galegos, con independencia das súas diverxencias ideolóxicas ou da súa afiliación ou non afiliación partidaria. Con todo, nesta ocasión, excepcional por ser constituinte, compre que ese sentimento acade toda a plenitude da súa forza solidaria. Ao cabo, da eficacia da nosa participación na elaboración constitucional dependerán as posibilidades políticas que se lle abran a Galicia para o desenvolvemento interno, e para o recoñecemento externo da súa personalidade cultural, económica e social.

Movidos por esa preocupación, e desde a serenidade que nos pode dar o non estáremos implicados nas naturais tensións partidarias, queremos facer un chamamento fraternal aos partidos e mais ás personalidades que van percurar a representación democrática do pobo galego para que fagan por chegar a un entendemento que, sumando os esforzos de todos, facilite o millor resultado final conxunto. Coidamos que ese entendemento será posible si se limita a un pacto baseado exclusivamente na defensa dos dereitos do pobo galego, evitando a inclusión de outros puntos que poderían provocar diverxencias ideolóxicas.

Un pacto galego no que os seus firmantes se comprometan a defender os dereitos do noso pobo é posible e necesario. A defensa debería de se establecer en dous niveis: en primeiro lugar, defendendo a estrutura federal do Estado como fórmula idónea para que este poida asumir democráticamente a pluralidade da España real; en segundo lugar, e para o caso de que a fórmula federal non prosperase, a representación galega tería que reclamar para Galicia os mesmos dereitos autonómicos que se lles reconocesen ás outras nacionalidades. Ou sexa: en primeiro lugar, a defensa do Estado federal; en segundo lugar, a defensa da fórmula autonómica. No resto dos problemas a dilucidar nas Cortes, os representantes galegos poderían seguir a liña política dos seus partidos ou os dictados da súa conciencia.

Sería grave, por tremendamente irracional, que un pacto tan sinxelo non for posible entre os partidos e mais as personalidades que aspiran á representación da Galicia verdadeira. Todos debemos confiar -e nós confiamos firmemente- en que serán eles os mais interesados en dar este paso necesario a favor dos dereitos do noso pobo.

Galicia, marzal do 1977

## II

(Santiago de Compostela, 7 outubro 1982)

Querido amigo:

Recebin<sup>144</sup> a tua carta e o libro adjunto, que che agradezo como unha manifestación de deferencia. Canto á opinión que de min solicitas, se cadra en nome de un grupo de persoas, pois falas en plural, considero que o acto de pedir-ma é mera fórmula cortés, sen interese práctico. Por dúas razóns.

---

<sup>144</sup> O lector pode observar, na escrita desta carta, algúns trazos lusistas que, con posterioridade, asumiría plenamente Carballo Calero.

1ª. Se coñecedes os meus puntos de vista sobre a lingua, doadamente comprenderedes o que penso sobre as Normas Unificadas, pois sobra-vos aptitude para facer a oportuna comparación.

2ª. Dado que substancialmente son as persoas que redactaron as Normas as que van julgar as súas condicións para a oficialización, se non estou equivocado, está fora de toda probabilidade que un parecer contrario a aquelas poda inducir-vos a desfacer ou refacer o que vindes de consumir.

Asi que non tería sentido que eu me molestase en facer unha análise minuciosa de un texto que a todas luces non vai ser desbotado polos mesmos que o redactaron, ou os seus comitentes.

Sen embargo, como o teu acto revela cortesía perante min, non quero aparecer descortés refugando calquer resposta, aínda que non creía útil a que poda dar-che; e, por iso, direi-che o que penso en xeral do traballo que se fixo, sen descer a pormenores que non virían a conto, e nos que outros se ocuparán, verosimilmente.

Para min, ese texto é un informe sobre o estado actual do galego. Ese é o seu valor. Un valor informativo de carácter científico. Aínda que se pudesen formular observacións de detalle sobre a realidade de algúns dos feitos registados e sobre a interpretación de moitos –o que é inevitábel nesta clase de traballos–, este é un repositorio de datos dialectolóxicos que ten o interese de un ficheiro ou un atlas lingüístico que pretende abranguer na súa rede a sincronía actual.

Ora, os datos en bruto desta sincronía polo que se refere á fala, e en parte á escrita, han ser informados por un criterio de política lingüística se se quer construír unha normativa oficial do noso idioma.

Asi se fai, efectivamente, nese traballo. E aquí, ao meu xuízo, está o erro de orientación. Os tecnócratas que acumularon os datos e os despregaron perante os demais redactores, non superaron a súa limitación profesional, e, por falta de formación ajeitada, foron incapaces de comprender que o problema da normativización é un problema político, sobre todo dadas as circunstancias en que se acha o galego; polo que un dictame sobre a realidade dialectolóxica actual non pode por si só configurar as bases de unha ordenación lingüística. O noso idioma non vive, desde o século XV,



unha vida regular, e hai que lle aplicar unha terapéutica que restaure os tecidos danados, sen que podamos aceptar como normal unha realidade patolóxica, o que constituiría un erro que podería ter consecuencias irreparábeis. Os autores do texto son notários que dan fe de un aspecto da realidade lingüística; mais ao querer erigir en norma unha síntese desa realidade, non teñen en conta que o que foi o galego segundo a historia e o que sería conforme ao ideal que cabe formular neste mundo de hoje, tan competitivo e internacionalizado, exige ter en conta factores sociais e políticos invisíbeis á radioscopia técnica.

Os non tecnócratas que se reunían cos que o eran, estaban chamados a corrigir esas limitacións dos seus colegas, como depositarios da tradición sobre o ser do idioma, que Murguía definía no discurso fundacional da Academia en termos que, traducidos á terminoloxía moderna, coinciden cos da escola romanística hispánica, que configuran o galego como unha forma de iberorrománico occidental. O contacto cos seus codialectos é indispensable para que non sucumba á presión do castellano, de xeito que o seu isolamento non pode máis que favorecer a súa desaparición a prazo longo ou medio, ou -o que é o mesmo- a súa conversión nun dialecto do español central.

Creio, pois, que habería que acentuar aquela relación natural, sen perjuízo de manter todas as particularidades genuínas, algunhas perdidas noutros ámbitos do romance occidental, comezando por unha aproximación ortográfica, que sería un achegamento á nosa ortografía histórica, aínda que se admitisen algunhas innovacións posteriores á separación política. Se o romance central utiliza unha mesma ortografía para todas as súas variedades, aínda que haja, como é sabido, importantes diferencias nas falas, non hai que cantonalizar as solucións na área occidental.

Claro que todo isto tería de realizarse gradualmente, e as recuperacións ou reintegracións haberían de actuar a diversos niveis e segundo as condicións de tempo e espazo en que operasen. Mais as Normas Unificadas, ao declarar sepultas as formas históricas e potenciar as diferencias coa pola máis próspera do galego -o portugués padrón-, expulsan aos que chamamos reintegracionistas da vida legal do idioma, e poñen-lles diante dos ollos a infernal inscrición dantesca: deixade toda esperanza. Isto non

é prudencia nen realismo, senón pauliña e excomuñón. Outras normativas, aínda na súa excesiva permisividade e sincretismo, posibilitaban, sequer, a convivencia pluralista en espera de unha coincidencia natural, produto da libre competencia, que tampouco ten que ser unha coincidencia absoluta.

Mais estas Normas Unificadas, nas que a Academia admite ao Instituto como corpo colegislador –a pesar de que pola súa constitución e o seu funcionamento se trata de entes heterogéneos–, endurecen, desde a primeira páxina, a posición isolacionista, que nas Bases promovidas polo mesmo Instituto formulaba alternativas e incluía concesións que foron retiradas no texto recente.

Ausente de todo este proceso, e demasiado implicado en esforzos anteriores, julguei o mellor –e manteño este propósito– non participar en máis deliberacións –para as que tampouco fun pertinentemente convocado–; mais claro está que non podía excusar a miña resposta á tua carta, aínda crendo que o teu requerimento estaba ditado sómente por motivos de cortesía, xa que as circunstancias fan absolutamente inverosímil toda influencia do meu parecer.

Se alguén máis participa no meio en que te moves, dos sentimentos de consideración cara min que a tua carta revela, fai-no partícipe do meu agradecemento por esa deferencia; e recibe unha cordial aperta do teu amigo.

R. Carballo Calero



9 RECURSOS EN LIÑA E 224 PUBLICACIÓNS  
DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO  
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES  
1994-2015  
Santiago de Compostela

---

**RECURSOS EN LIÑA**

---

*Lingüística*

ARRECADA *Servizo de Terminoloxía Galega* (<http://www.cirp.es/rec2/arrecada.html>).  
 BILEGA: *Bibliografía Informatizada da Língua Galega* (<http://www.cirp.es/bdo/bil/>).  
 CODOLGA: *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (<http://balteira.cirp.es/codolga>).  
 CORGA: *Corpus de Referencia do Galego Actual* (<http://corpus.cirp.es/corgaxml>).  
 COTOVÍA: *Conversor texto-voz* (<http://www.gts.tsc.uvigo.es/cotovia/cotovia.gl.html>).  
 ES>GL: *Tradutor automático español-galego* (<http://www.xunta.es/tradutor/>).

*Literatura*

BIRMED: *Bibliografía de Referencia da Lírica Medieval Galego-Portuguesa* (<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=BIRMED>).  
 MEDDB: *Base de datos da Lírica profana galego-portuguesa* (<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p/=meddb2>).  
 DiTERLI: *Base de datos do Dicionario de termos literarios (letras A-D) (E-H)* (<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=DITERLI>).

---



---

**OBRAS IMPRESAS (I), EN DISQUETE (D), EN CD-ROM (CD) E/OU EN LIÑA (W)**

---

Medio	Título	Nº publ.
<i>Lingüística</i>		
I	<i>Repertorio bibliográfico da lingüística galega (desde os seus inicios ata 1994 inclusive)</i> . Francisco García Gondar (dir.) et alii.	11
I	<i>Euromosaic. Producción e reprodución dos grupos lingüísticos minoritarios da UE</i> . Peter Nelde, Miquel Strubell e Glyn Williams. [Mercedes Penoucos Castiñeiras (trad.)].	22
I, W	<i>Marco Europeo Común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación</i> .	115
I, W	<i>Niveis de competencia en lingua galega. Descrición de habilidades e de contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL)</i> . Elvira Fidalgo et alii.	132
I, W	<i>Bibliografía analítica da lingua galega (2004)</i> . Francisco García Gondar (dir.) et alii.	144
I, W	<i>Bibliografía analítica da lingua galega (2005 e complementos de 2004)</i> . Francisco García Gondar (dir.) e Silvana Castro García.	157

---

<i>Lingüística: Fraseoloxía</i>		
I, W	<i>Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía.</i>	30
I, W	<i>As imaxes da lingua rusa. Ensaíos históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía.</i> Valerii Mokienko. [Ekaterina Lossik (trad.)].	52
I, W	<i>Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas.</i> Valerii Mokienko. [Ekaterina Guerbek (trad.)].	53
I, W	<i>Aspectos teóricos da fraseoloxía.</i> Anatolij Baránov; Dmitrij Dobrovol'skij. [Fernando de Castro (trad.)]	172
I, W	<i>Refraneiro galego da vaca.</i> Pedro Benavente Jareño e Xesús Ferro Ruibal.	6
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 1. Fraseoloxía do mar na mariña luguesa.</i> Paco Rivas.	54
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 2. Refraneiro galego.</i> Xesús Taboada Chivite.	55
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 3. Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán, castelán-galego.</i> M <sup>a</sup> do Rosario Soto Arias.	84
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 4. Estudos e recadádivas.</i> VV. AA.	85
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 5. Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral.</i> Francisco Vázquez Saco.	86
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 6, 2004.</i>	107
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 7, 2005.</i>	118
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 8, 2006.</i>	129
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 9, 2007.</i>	146
I, W	<i>Fraseoloxía de Moscovo e outros materiais de tradición oral. Anexo 1, 2007 de Cadernos de fraseoloxía galega.</i> José Augusto Ventín Durán.	147
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 10, 2008.</i>	156
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 11, 2009.</i>	174
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 12, 2010.</i>	187
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 13, 2011.</i>	196
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 14, 2012.</i>	202
I	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 15, 2013.</i>	213
I	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 16, 2015</i>	220
<i>Lingüística: Terminoloxía</i>		
I+D	<i>Formulario notarial.</i> Victorino Gutiérrez Aller.	40
I+D	<i>Regulamentos municipais I.</i> Xoaquín Monteagudo Romero.	41
I	<i>Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos.</i> Fernando Lahuerta Mouríño e Francisco X. Vázquez Álvarez.	63
I, W	<i>Vocabulario multilingüe de acuicultura.</i> Fernando Lahuerta Mouríño, Francisco X. Vázquez Álvarez e Xosé L. Rodríguez Villanueva.	78
I, W	<i>Dicionario galego de televisión.</i> Edith Pazó Fernández.	117

I, W	<i>O nome e o símbolo dos elementos químicos.</i> M. R. Bermejo, A. M. González-Noya e M. Vázquez.	134
I, W	<i>Glosario de termos para a avaliación de linguas.</i> Alte.	154
I, W I	<i>Diccionario galego de recursos humanos.</i> Lucía Dans Álvarez de Sotomayor, Yolanda Maneiro Vázquez e Inés Veiga Mateos.	181
I, W	<i>Diccionario galego de Biología galego-castelán-inglés.</i> J. Gómez Márquez, A. M <sup>a</sup> Viñas Díaz e Manuel González González (coords.).	188
I, W	<i>Diccionario de alimentación e restauración.</i> Manuel González González (coord.)	199
<hr/>		
<i>Lingüística: Lexicografía</i>		
I, W	<i>Diccionario Italiano-Galego.</i> Isabel González (dir.) et alii.	64
I, W	<i>O libro das palabras (obra xornalística completa).</i> Constantino García. [Teresa Monteagudo Cabaleiro e María Carme García Arias (eds.)].	92
I, W	<i>Diccionario Galego-Latino clásico e moderno.</i> Xosé López Díaz.	178
<hr/>		
<i>Lingüística: Etnolingüística</i>		
I, W	<i>O libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacún.</i> Pedro Benavente Jareño, Xesús Ferro Ruibal.	180
<hr/>		
<i>Literatura e fontes medievais</i>		
I, W	<i>As Cantigas de Loor de Santa María.</i> Milagros Muíña, Fernando Magán Abelleira e M <sup>a</sup> Xesús Botana Villar.	106
I, W	<i>Cantigas de madre galego-portuguesas. Estudo de xéneros das cantigas líricas.</i> Paulo Roberto Sodré. [Antonio Augusto Domínguez Carregal e Marta López Macías (trads.)].	155
I, W	<i>Cantigas de Santa María, proposta de explotación didáctica.</i> Elvira Fidalgo e Milagros Muíña.	116
I	<i>Cantigas do mar de Vigo.</i> Antonio Fernández Guiadanes et alii.	35
I, W	<i>Carolina Michaëlis e o Cancioneiro de Ajuda, hoxe.</i> Mercedes Brea (coord.).	113
I	<i>Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani.</i> Elvira Fidalgo e Pilar Lorenzo Gradín (coords.).	4
I	<i>Livro de Tristán e Livro de Merlin. Estudio, edición, notas e glosario.</i> Pilar Lorenzo Gradín e José António Souto Cabo (eds.).	72
I	<i>Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica.</i> Mercedes Brea (coord.) et alii.	19
I, W	<i>O cancionero de Pero Meendiz de Fonseca.</i> Laura Tato Fontaiña.	148
I, W	<i>Orixes da Materia de Breaña (A Historia regum Britanniae e o pensamento europeo do século XII).</i> Santiago Gutiérrez García.	75
I	<i>Tratado de Albeitaria.</i> José Luís Pensado Tomé (ed.).	105
I, W	<i>Pola melhor dona de quantas fez Nostro Senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani.</i> Mercedes Brea (coord.)	165
I	<i>Guía para o estudo da lírica profana galego-portuguesa.</i> Marina Meléndez Cabo, Isabel Vega Vázquez e Esther Corral Díaz (coord.)	182

I, W	<i>Aproximacións ao estudo do vocabulario trobadoresco.</i> Mercedes Brea (coord.).	185
I	<i>O Cancioneiro de Pero Mafaldo. Edición crítica.</i> Lucía Eirín García, Manuel Ferreiro.	217
I	<i>Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa.</i> Luís Alonso Girgado (coord.).	39
I	<i>Antoloxía do conto neozelandés.</i> María Fe González Fernández (ed.).	58
I, R	<i>Diccionario de termos literarios. A-D.</i> Equipo Glifo. (Tamén recurso en rede).	38
I, R	<i>Diccionario de termos literarios. E-H.</i> Equipo Glifo. (Tamén recurso en rede).	81
I	<i>Informe de literatura 1995.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	14
I	<i>Informe de literatura 1996.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	25
I, CD	<i>Informe de literatura 1997 (o CD-ROM tamén inclúe os dous informes anteriores).</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	37
I, CD	<i>Informe de literatura 1998 (o CD-ROM tamén inclúe os tres informes anteriores).</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	48
I, CD	<i>Informe de literatura 1999 (o CD-ROM tamén inclúe os catro informes anteriores).</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	62
I, CD	<i>Informe de literatura 1995-2000.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	73
I, CD	<i>Informe de literatura 1995-2001.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	79
I, CD	<i>Informe de literatura 1995-2002.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	93
I, CD	<i>Informe de literatura 2003.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	109
I, CD	<i>Informe de literatura 2004.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	119
I, CD	<i>Informe de literatura 2005.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	135
I, CD	<i>Informe de literatura 2006.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	145
I, CD	<i>Informe de literatura 2007.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	159
I, CD	<i>Informe de literatura 2008.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	173
I, CD	<i>Informe de literatura 2009.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	179
I, CD	<i>Informe de literatura 2010.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	194
I, CD	<i>Informe de literatura 2011.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	203
I, CD	<i>Informe de literatura 2012.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	211
I, CD	<i>Informe de literatura 2013.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	218
I, CD	<i>Informe de literatura 2014.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	222
I	<i>Poética da novela de autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico.</i> M <sup>a</sup> de los Ángeles Rodríguez Fontela.	18
I	<i>Terra, mar e lume. Poesía de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia.</i> Úrsula Heinze de Lorenzo (intr., selección e trad.).	15
I, W	<i>Clave Orión. Números XII-XIII-XIV-XV.</i> Luz Pozo Garza (ed. e dir.)	164

*Literatura: Facsímiles*

I, W	<i>A Gaita Gallega (A Habana, 1885-1889)</i> . Luís Alonso Girgado et alii. (eds.) / 2ª ed.: 2006.	51, 122
I	<i>A saudade nos poetas gallegos. Ramón Cabanillas Enriquez e Eladio Rodríguez González</i> . [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	65
I+CD, W	<i>Aires d'a miña terra (Bos Aires, 1908-1909)</i> . Carmen Fariña Miranda (ed.).	97
I	<i>Airiños d'a miña terra (A Habana, 1909)</i> . María Cuquejo Enríquez (ed.).	112
I	<i>Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía (A Coruña, 1948 – Vigo, 1956)</i> . Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	8
I+CD, W	<i>Alma Gallega (Montevideo, 1919-1967)</i> . Luís Alonso Girgado e María Vilariño Suárez (eds.).	126
I, W	<i>Arazua (Montevideo, 1929-1930) / Raza Celta (Montevideo, 1934-1935)</i> . Luís Alonso Girgado e María Vilariño Suárez (eds.).	125
I	<i>Aturuxo. Revista de poesía e crítica (Ferrol, 1952-1960)</i> . Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	2
I	<i>Aturuxos. Ramón Armada Teixeira</i> . [Luís Alonso Girgado (ed.)].	77
I, W	<i>Bohemia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 25 de abril de 1915)</i> . Luís Alonso Girgado (intr.) e Marisa Moreda Leirado (ed.).	152
I, W	<i>Centro gallego (Montevideo, anos 1917-1918, números 1-13)</i> . Luís Alonso Girgado e María Cuquejo Enríquez (eds.).	108
I	<i>Cristal (Pontevedra, 1932-1933)</i> . Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	29
I, W	<i>Cultura Gallega (A Habana, 1936-1940) [Facsímile dos anos 1936-1937]</i> . Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	45
I	<i>Doutrina e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal. Vicente Risco</i> . [Afonso Vázquez-Monxardín Fernández (ed.)].	31
I+CD, W	<i>Eco de Galicia. (A Habana, 1917-1936) [Facsímile dos anos 1917-1918]</i> . María Lojo Abeijón (ed.).	96
CD, W	<i>El gallego. Periódico semanal. Órgano de los intereses de su nombre</i> . Manuel Quintáns Suárez e Marisa Moreda Leirado (eds.).	150
I, W	<i>Eufonía (Buenos Aires 1958-1959)</i> . Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Manuel Quintáns Suárez (eds.).	111
I, W	<i>Galicia. Revista do Centro Galego (Montevideo, 1929, número 151)</i> . María Cuquejo Enríquez (ed.).	114
I, W	<i>Galicia. Revista del Centro Gallego</i> . Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	130
I+CD, W	<i>Galicia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 1902-1930) [Facsímile dos anos 1904-1905]</i> . María Vilariño Suárez (ed., estudo e índices).	151
I+CD, W	<i>Galicia. Revista semanal ilustrada. (A Habana, 1902-1930) [Facsímile dos anos 1902-1903]</i> . Luís Alonso Girgado (ed.).	138
I+CD, W	<i>Galicia Moderna. Semanario de Intereses Generales (A Habana, 1885-1890)</i> . Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	76
CD, W	<i>Galicia Nueva (Montevideo, 1918)</i> . Luís Alonso Girgado (ed.).	124

I	<i>Galiza. (Mondoñedo 1930-1933).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	42
I	<i>Gelmírez. Hojas de otoño a primavera (Santiago de Compostela, 1945-1946).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	12
I	<i>La Alborada (A Habana, 1912).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	43
I	<i>La Noche. Suplemento del Sábado (Santiago de Compostela, 1949-1950).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	20
I, W	<i>La Primera Luz. Manuel Martínez Murguía.</i> [Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González (eds.)].	60
I	<i>La Tierra Gallega (A Habana 1894-1896).</i> Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.).	80
I	<i>La Tierra Gallega (A Habana, 1915).</i> Luís Alonso Girgado (ed.).	44
CD, W	<i>La Unión Gallega.</i> Manuel Quintáns Suárez (ed.).	133
I, W	<i>Mundo gallego. Revista de Galicia en América (Bos Aires, 1951-1952).</i> Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilarinho Suárez (eds.).	142
I	<i>Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña 'El Noroeste' (1918-1919).</i> Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.).	69
CD, W	<i>O Irmandiño. Órgao da Irmandade Galeguista do Uruguai.</i> Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	177
I	<i>Plumas e Letras en 'La Noche' (1946-1949).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	13
I	<i>Posío (Ourense, 1945-1946).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	9
I	<i>Posío, Arte y Letras (Ourense, 1951-1954).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	17
CD, W	<i>Prensa galega en Arxentina (1907-1963): Lar Galician / Alalá / Alborada / Alén Mar.</i> Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilarinho Suárez (eds.).	139
I	<i>Resol (Galicia 1932-1936), Bos Aires (1937-1938), Galicia (1990).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	28
I, W	<i>Saudade (Verba galega nas américas (México, D.F., 1942-1953).</i> Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilarinho Suárez (eds.)	149
I, W	<i>Suevia. (Bos Aires, 1913. Revista gallega regionalista) / (Bos Aires, 1916. Revista gallega).</i> Luís Alonso Girgado (intr.), Marisa Moreda Leirado e María Vilarinho Suárez (eds.).	140
I+CD, W	<i>Tapal.</i> Carmen Fariña Miranda (ed.).	88
I+CD, W	<i>Tierra Gallega: Seminario regional ilustrado (Montevideo, 1917-1918).</i> Carmen Fariña Miranda (ed.).	110
I, W	<i>Universitarios. Revista de la F.U.E. (Santiago de Compostela 1932-1933).</i> María Cuquejo Enríquez e Luís Alonso Girgado (eds.).	123
I, W	<i>Yunque. Periódico de vanguardia política.</i> Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilarinho Suárez (eds.).	137
CD, W	<i>Escolma de almanagues galegos (1865-1929) [Bos Aires - A Habana - Galicia].</i> Manuel Quintáns Suárez (ed.).	158



I, W	<i>1985. Almanaque gallego. F Lage e G. Díaz (dirs.)</i> [Manuel Quintáns Suárez, Alexandra Cilleiro Prieto, Élica Abal Santorum e Luís Alonso Girgado (eds.)]	160
I	<i>Lérez. Revista do centro pontevedrés de Bos Aires (1962)</i> . Luís Alonso Girgado (ed.).	161
CD, W	<i>Prensa galega da Arxentina (1935-1964)</i> . Luís Alonso Girgado, Élica Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	162
I, W	<i>Céltiga. Bos Aires (1924-1932). Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades</i> . Luís Alonso Girgado, Élica Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	163
I, W	<i>Soma de caridades por Álvaro Cunqueiro e unha carta a Luís Seoane por Santiago Montero Díaz</i> . Luís Cochón e Luís Alonso Girgado (eds.).	189
DVD	<i>Céltiga. 1925-1926</i> . Luís Alonso Girgado, Manuel Quintáns Suárez, Alexandra Cilleiro Prieto, Élica Abal Santorum e Lorena Domínguez Mallo (eds.)	206
<hr/>		
<i>Literatura: Narrativa e poesía recuperada</i>		
I	<i>A cruz de salgueiro. Xesús Rodríguez López</i> . [Manuel González e María González (eds.)].	23
I, W	<i>A obra narrativa en galego. Manuel Lugrís Freire</i> . [Modesto Hermida García e Xabier Campos Villar (eds.)]. / 2ª edic.: 2006.	57, 121
I	<i>Alira de Elfe, A Reina Loba e outros relatos. Manuel Lois Vázquez</i> . [Manuel López Vázquez (ed.)].	26
I	<i>As noites no fogar e outros textos. Ángel Vázquez Taboada</i> . [Anxo Tarrío Varela e Alexandra Cabaleiro Carro (eds.)].	70
I	<i>Baixo do alpendre e outros relatos. M. P. Amor Meilán</i> . [Mª Teresa Araujo García (ed.)].	27
I, W	<i>Contos do Turreiro. Avelino Rodríguez Villar</i> [Anxo X. Rajó Pazó (ed.)]	183
I	<i>Escolma. Manuel Martínez Murguía</i> . [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	61
I	<i>Escolma. Eladio Rodríguez González</i> . [Constantino García, Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.)].	68
I	<i>Folla Bricia. Poesía galega Completa. Xosé Crecente Vega</i> . [Ricardo Polín (ed.)].	82
I	<i>Gallegada e outros textos en prosa de Valentín Lamas Carvajal</i> . [Rafael Adán Rodríguez (ed.)].	102
I, W	<i>Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)</i> . [Modesto Hermida (coord.)].	101
I	<i>O vento segrel. Augusto Mª Casas</i> . [Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda (ed.)].	83
I, W	<i>Obra galega. Xosé Otero Espasandín</i> . [María Cuquejo Enríquez (ed.)].	128
I	<i>Obra galega. Xulio Sigüenza</i> . [Luís Alonso Girgado e Josefa Beloso Gómez (eds.)].	59
I, W	<i>Obra narrativa en galego. Amador Montenegro Saavedra</i> . [Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño González (ed., intr. e notas)].	141

I	<i>Obra narrativa en galego. Aurelio Ribalta y Copete.</i> [M <sup>a</sup> Eulalia Agrelo Costas (ed.)].	56
I	<i>Obra narrativa en galego. Heraclio Pérez Placer.</i> [Isabel Soto López (ed.)].	34
I	<i>Obra narrativa en galego. Uxío Carré Aldao.</i> [Modesto Hermida García e Mario Romero Triñanes (eds.)].	66
I	<i>Paja brava de El Viejo Pancho e outras obras. José A. Y Trelles.</i> [Gustavo San Román (ed.)].	32
I	<i>Relatos e outras prosas. Roque Pesqueira Crespo.</i> [M <sup>a</sup> Teresa Araújo García (ed.)].	71
I	<i>Salayos e outros poemas. Manuel Núñez González.</i> [Amelia Rodríguez Esteves (ed.)].	36
I	<i>Sulco e vento. Álvaro de las Casas.</i> [María Cuquejo Enríquez (ed.)].	95
I	<i>A obra narrativa en galego de Fortunato Cruces.</i> [M <sup>a</sup> Vanesa Solís Cortizas (ed.)]	204
I	<i>Poesía galega de Eloy Luís André.</i> [César Camoira Vega (ed.)]	212
I	<i>Daniel Pernas Nieto. Fala das Musas e outros poemas.</i> [Armando Requeixo (ed.)]	216
<hr/>		
	<i>Filosofía e ensaio</i>	
I	<i>A filosofía krausista en Galicia.</i> Ramón López Vázquez.	3
I	<i>Castelao humorista.</i> Siro López.	16
I, W	<i>Celestino Fernández de la Vega. Pensador do novo galeguismo.</i> Ramón López Vázquez.	143
I	<i>Ética xeral.</i> Ramón del Prado. Ramón López Vázquez.	49
I	<i>Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao.</i> Anxo González Fernández.	46
I	<i>Hamlet e a realidade cunqueirana.</i> Anxo González Fernández.	10
I	<i>Historia do pensamento antropolóxico en Galicia.</i> Alfredo Iglesias Diéguez.	50
I	<i>O Padre Feixoo, escolástico.</i> Ramón López Vázquez.	7
I	<i>O pensamento rexeneracionista de Eloy Luís André (Do europeísmo ó galeguismo).</i> Ramón López Vázquez.	21
I	<i>Suma da lóxica. Guillermo De Ockham.</i> [Xosé Calviño Pueyo (trad.)].	47
I	<i>Ramón Piñeiro: sobre a saudade e outros temas.</i> Luís Rey Núñez.	94
I	<i>Roberto Nóvoa Santos. (Nova interpretación antropolóxica).</i> Ramón López Vázquez.	99
I	<i>Domingo García-Sabell, fenomenólogo.</i> Ramón López Vázquez	205
<hr/>		
	<i>Cine</i>	
I	<i>Filmografía galega. Longametraxes de ficción.</i> Ángel Luís Hueso Montón e José M <sup>a</sup> Folgar de la Calle (coords.).	33
I	<i>Filmografía galega. Curtametraxes.</i> Ángel Luís Hueso Montón e José M <sup>a</sup> Folgar de la Calle (coords.).	74
<hr/>		

---

*Ramón Piñeiro e Cadernos Ramón Piñeiro*

I	<i>Lembranza de Ramón Piñeiro. Catro discursos.</i> VV. AA.	1
I	<i>Ramón Piñeiro (video-libro).</i> Carlos Casares Mouriño.	24
I	<i>Conversa con Ramón Piñeiro.</i> Manuel Rico Vereá.	87
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (I). Ramón Piñeiro: dúas lecturas.</i> Anxo González Fernández e Ramón López Vázquez.	89
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (II). Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas.</i> Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	90
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (III). Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro: unha contribución.</i> Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	91
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (IV). Ideas sobre a lingua galega na obra de Manuel Murguía.</i> José Ángel García López.	98
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (V). Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero.</i> Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Carmen Fariña Miranda (eds.).	100
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (VI). Idacio Lémico: Chronica (379 – 469).</i> Xoán Bernárdez Vilar.	103
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (VII). Antón e Ramón Villar Ponte. Unha irmandade alén do sangue.</i> Emilio Xosé Ínsua López.	104
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (VIII). Diálogos na néboa. Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra.</i> Manuel Forcadela.	120
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (IX). Sobre o humor de Cervantes no Quixote.</i> Siro López.	127
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (X). A pretensa nostalxia da autoridade (Unha interpretación parcelar d'O porco de pé de Vicente Risco).</i> Alba Martínez Teixeira.	136
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XI). Cartas a Filgueira Valverde e outros.</i> Luís Alonso Girgado, Élica Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	166
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XII). Cartas de Ramón Piñeiro a José Luis Pensado.</i> Luís Alonso Girgado, Élica Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	167
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XIII). Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo (1952-1971).</i> Luís Cochón e Miro Villar (ed., intr. e notas).	168
I, W	<i>Homenaxe a Ramón Piñeiro.</i> Alexandra Cilleiro Prieto e Élica Abal Santorum (eds.).	169
I, W	<i>Ramón Piñeiro. Letras Galegas 2009. Ramón Piñeiro na lembranza (catálogo).</i> Siro López.	170
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XIV). A casa! o val! a patria homilde! Celebración de Uxío Novoneyra (1930 –1999)</i>	175
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XV). Ramón Piñeiro: epistolario lugués.</i>	176
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XVI). I-en todo silencio preguntado. Celebración de Uxío Novoneyra II.</i> Luís Cochón, Luís Alonso Girgado, Alexandra Cilleiro Prieto e Élica Abal Santorum (eds.).	186

I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XVII. Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro.</i> Luís Alonso Girgado e outros.	190
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XVIII. Cartas de Ramón Cabanillas a Isidoro Millán en modo de antifona.</i> Luís Cochón.	191
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XIX. Homenaxe a Fernández Pérez-Barreiro Nolla.</i> Luís Alonso Girgado, Nicolás Vidal e Alexandra Cillero Prieto.	192
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XX. Álvaro Cunqueiro. Remuíño de prosas.</i> Luís Alonso Girgado, Luís Cochón, Lorena Domínguez Mallo.	195
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXI. Correspondencia habida entre Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez e Isidoro Millán González Pardo.</i> X. L. Cochón, Alejandra Cillero Prieto e Lorena Domínguez Mallo.	197
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXII. Correspondencia de Xosé Neira Vilas con Valentín Paz Andrade e Celso Emilio Ferreiro.</i> XXII. Xosé Neira Vilas (ed.)	198
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXIII. Saiban cantos estas cartas viren... Álvaro Cunqueiro e Alberto Casal (1955-1961).</i> Luís Cochón (introdución e edición).	200
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXIV. A luminosa mirada dos ollos Isaac. Isaac DíazPardo. Obra dispersa.</i> Edición e prólogo de Xosé Ramón Fandiño Veiga.	201
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXV. Roberto Vidal Bolaño. Escritos sobre teatro.</i> Xosé Luís Cochón Touriño (ed.) e Lorena Domínguez Mallo (col.)	207
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXVI. Rosalía na cobiza do lonxe.</i> VV.AA	209
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXVII. Cartas a Fermín Penzol.</i> Xosé Luís Cochón Touriño (ed.), Lorena Domínguez Mallo (col.) e Anastasio Iglesias Blanco (col.)	210
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXVIII. Cunqueiro, destinatario.</i> Xosé Luís Cochón Touriño (ed.), Lorena Domínguez Mallo (col.) e Anastasio Iglesias Blanco (col.)	214
	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXIX. Nimbos: cáliz fervendo!</i> VV.AA	215
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXX. Antonio Blanco Freijeiro. Isidoro Millán González-Pardo: cartas habidas (1953-1990).</i> Xosé Luís Cochón Touriño (ed.), Laura Mariño Taibo (col.)	219
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXXI. Filgueira Valverde. Homenaxe. Quixose con primor e feitura.</i> Xosé Luís Cochón Touriño e Laura Mariño Taibo (ed.).	221
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXXII. Epistolario Ramón Piñeiro – Xosé Neira Vilas.</i> Xosé Neira Vilas, Armando Requeixo e Dolores Vilavedra (textos introductorios).	223
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXXIII. Epistolario Ricardo Carballo Calero – Ramón Piñeiro.</i> Luís Alonso Girgado, Xosé Luís Cochón Touriño e Xurxo Martínez González (editores).	224
	Véxase tamén o apartado de Filosofía e Ensaio.	
<hr/>		
	<i>Outros</i>	
I	<i>Epistolario galego de Miguel de Unamuno.</i> Alexandre Rodríguez Guerra.	67
I	<i>Guía de alimentación.</i> Pedro Benavente Jareño.	5

I	<i>Redes e peixes. Saberes dun mariñeiro.</i> Xavier Rodríguez Vergara.	153
I, W	<i>Escritos sobre Federalismo e Galeguismo.</i> Aureliano Pereira. [Esther Martínez Eiras (trad.)].	131
I, W	<i>Máis aló da nación unificadora: en defensa do federalismo multinacional.</i> Alain Gagnon.	171
I, W	<i>A nacionalización do pasado irlandés (1845 – 1937).</i> Xavier R. Madrián	184
I, W	<i>A prensa galega de Cuba.</i> Xosé Neira Vilas	193
DVD	<i>Álvaro Cunqueiro (1911-1981).</i> Luís Alonso Girgado e Lorena Domínguez Mallo (Coord.)	208



*Epistolario*

*Ricardo Carballo Calero*

*Ramón Piñeiro*

*(Historial dun libro)*

saíu do prelo de Grafisant  
en Santiago de Compostela  
o 10 de decembro do 2015

NE QUID NIMIS

